RAÍGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

Agosto | Eost | Août 2026 nº 56

Galicia e Bretaña 2026
Percorrendo os camiños de Castelao II

Galiza ha Breizh e 2026
En ur vont gant hentoù Castelao II

Galicia y Bretaña 2026
Recorriendo los caminos de Castelao II

La Galice et la Bretagne 2026
En parcourant les chemins de Castelao II

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

DEPUTACIÓN OURENSE

CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO

índice



PARTE I
A LINGUA | *AR YEZH* | *EL IDIOMA* | *LA LANGUE*

A LINGUA GALEGA, UN MEDIO ÚTIL E VIVO DE COMUNICACIÓN | *LA LANGUE GALICIENNE, UN MOYEN UTILE ET VIVANT DE COMMUNICATION* | *LA LENGUA GALLEGA, UN MEDIO ÚTIL Y VIVO DE COMUNICACIÓN* — **Valentín García Gómez** — **páx. 7**

A LINGUA BRETOA NA ENCRUCILLADA | *AR BREZHONEG EN UR C'HROASKENT* | *LA LENGUA BRETONA EN LA ENCRUCIJADA* | *LA LANGUE BRETONNE A LA CROISEE DES CHEMINS* — **Rozenn Milin** — **páx. 8**

PARTE II
CASTELAO, GALICIA E BRETAÑA | *CASTELAO, GALIZA HA BREIZH* *CASTELAO, GALICIA Y BRETAÑA* | *CASTELAO, LA GALICE ET LA BRETAGNE* — **páx. 12**

CASTELAO E OURENSE | CASTELAO ET OURENSE | CASTELAO Y OURENSE — ***Afonso Vázquez-Monxardín Fernández*** — **páx. 19**

CASTELAO EN BRETAÑA (1929): INVESTIGACIÓN, IDENTIDADE E DIÁLOGO ATLÁNTICO ARREDOR DAS CRUCES DE PEDRA | *CASTELAO EN BRETAGNE (1929) : RECHERCHE, IDENTITÉ ET DIALOGUE ATLANTIQUE AUTOUR DES CROIX DE PIERRE* | *CASTELAO EN BRETAÑA (1929): INVESTIGACIÓN, IDENTIDAD Y DIÁLOGO ATLÁNTICO EN TORNO A LAS CRUCES DE PIEDRA* — ***Mª Ángeles Tilve Jar*** — **páx. 20**

NÓS E GWALARN: TRES FACTORES DE XEMELIDADE | *TEIR FARENN GEVELLEK ETRE NÓS HA GWALARN* | *NÓS Y GWALARN: TRES FACTORES DE GEMELIDAD* | *NÓS & GWALARN : TROIS FACTEURS DE GÉMELLITÉ* — ***Tristan-Enmanuel Ioarer*** — **páx. 56**

TRAS OS PASOS DE CASTELAO NA BRETAÑA | *WAR ROUDOÙ CASTELAO E BREIZH* | *TRAS LAS HUELLAS DE CASTELAO EN BRETAÑA* | *SUR LES PAS DE CASTELAO EN BRETAGNE* — ***Robert Neal Baxter Ford*** — **páx. 68**

PARTE III
A ICONOGRAFÍA RELIXIOSA NOS CAMIÑOS DE OURENSE
AR SKEUDENNAOUEG RELIJIEL HENTOÙ OURENSE
LA ICONOGRAFÍA RELIGIOSA EN LOS CAMINOS DE OURENSE
L'ICONOGRAPHIE RELIGIEUSE SUR LES CHEMINS D'OURENSE — **páx. 90**

ICONOGRAFÍA RELIXIOSA NAS «PEZAS DO MES» DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE | *ICONOGRAPHIE RELIGIEUSE DANS LES « PIÈCES DU MOIS » DU MUSÉE ARCHÉOLOGIQUE PROVINCIAL D'OURENSE* | *ICONOGRAFÍA RELIGIOSA EN LAS «PIEZAS DEL MES» DEL MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL DE OURENSE* — **María Belén Lorenzo - Ana María Veiga Romero** — **páx. 97**

AS PINTURAS MURAIS DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO. UN ESTUDO ICONOGRÁFICO | *LES PEINTURES MURALES DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO. UNE ÉTUDE ICONOGRAPHIQUE* | *LAS PINTURAS MURALES DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO. UN ESTUDIO ICONOGRÁFICO* — **Berta Varela Rodríguez** — **páx. 98**

OS CALVARIOS GALEGOS | *LES CALVAIRES GALICIENS* | *LOS CALVARIOS GALLEGOS* — **Clodio González Pérez** — **páx. 112**

índice

páx. 140

ANÁLISE ICONOGRÁFICA DAS ADVOCACIÓNS XACOBÍPETAS NO TRAMO QUE FAI O CAMIÑO A COMPOSTELA EN FORMA DE OITO DENDE OURENSE | *ANALYSE ICONOGRAPHIQUE DES VOCABLES JACOBÉENS DANS LE TRONÇON EN FORME DE HUIT QUE SUIT LE CHEMIN DE COMPOSTELLE DEPUIS OURENSE* | *ANÁLISIS ICONOGRÁFICO DE LAS ADVOCACIONES JACOBÍPETAS EN EL TRAMO EN FORMA DE OCHO QUE HACE EL CAMINO A COMPOSTELA DESDE OURENSE*

Francisco Xavier Limia Gardón

páx. 160

RECANTOS DO CAMIÑO DA PRATA. A MIRADA DE MARÍA | *RECOINS DU CHEMIN DE LA PLATA. LE REGARD DE MARÍA* | *RECOVECOS DEL CAMINO DE LA PLATA. LA MIRADA DE MARÍA*

Ángeles Álvarez Rodríguez

páx. 176

DEZ REPRESENTACIÓNS RELEVANTES DE SAN ROSENDO | *DIX REPRÉSENTATIONS SIGNIFICATIVES DE SAINT ROSEND* | *DIEZ REPRESENTACIONES RELEVANTES DE SAN ROSENDO*

Miguel Ángel González García

páx. 186

ARTE E DEVOCIÓN: ICONOGRAFÍA MARIANA NA COMARCA DO RIBEIRO | *ART ET DÉVOTION : ICONOGRAPHIE MARIANALE DANS LA RÉGION D'O RIBEIRO* | *ARTE Y DEVOCIÓN: ICONOGRAFÍA MARIANA EN LA COMARCA DE O RIBEIRO*

Ángel Domínguez López

páx. 203

PARTE IV

ACHEGAS SOBRE O PATRIMONIO BRETÓN | *AOZADENNOÙ DIWAR-BENN AR GLAD BREZHONEK* | *APORTACIONES SOBRE EL PATRIMONIO BRETÓN* | *APPORTS SUR LE PATRIMOINE BRETON*

páx. 204

O CALVARIO DE KILINENN | *KALVAR KILINENN* | *EL CALVARIO DE KILINENN* | *LE CALVAIRE DE KILINENN*

Daniel Kernalegenn

páx. 216

PANORÁMICA DO FONDO FOTOGRÁFICO JACQUES DE THÉZAC NO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN | *APERÇU DU FONDS PHOTOGRAPHIQUE JACQUES DE THEZAC AU MUSEE DEPARTEMENTAL BRETON* | *PANORÁMICA DEL FONDO FOTOGRÁFICO JACQUES DE THÉZAC EN EL MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN*

Sarah Le Berre

páx. 220

A INCANDESCENCIA BORDADA DOS TRAXES DE PLOARÉ | *L'INCANDESCENCE BRODEE DES COSTUMES DE PLOARÉ* | *LA INCANDESCENCIA BORDADA DE LOS TRAJES DE PLOARÉ*

Jean-Pierre Gonidec

páx. 230

OS «AMERICANOS» EN EN PONT-AVEN | *LES « AMERICAINS » A PONT-AVEN* | *LOS «AMERICANOS» EN PONT-AVEN*

Sophie Kervran

páx. 236

MORLAIX | *MORLAIX* | *MORLAIX*

Rose Faujour

páx. 250

POULDAVID, ¿PORTO DE EMBARQUE CARA A SANTIAGO DE COMPOSTELA? | *POULDAVID, PORT D'EMBARQUEMENT VERS SAINT JACQUES DE COMPOSTELLE ?* | *POULDAVID, ¿PUERTO DE EMBARQUE HACIA SANTIAGO DE COMPOSTELA?*

Françoise Jully

páx. 258

A IGREXA DE SAINT-JACQUES DE POULDAVID | *L'ÉGLISE SAINT-JACQUES DE POULDAVID* | *LA IGLESIA DE SAINT-JACQUES DE POULDAVID*

Michel Mazéas

páx. 272

O VAL DOS SANTOS. UNHA APOSTA TOLA POLA ETERNIDADE | *LA VALLÉE DES SAINTS. UN PARI FOU POUR L'ÉTERNITÉ* | *LA VALLÉE DES SAINTS. UNA APUESTA LOCA POR LA ETERNIDAD*

Sébastien Minguy

Galicia e Bretaña 2026
Percorrendo
os camiños de Castelao II

Galiza ha Breizh e 2026
En ur vont
gant hentoù Castelao II

Galicia y Bretaña 2026
Recorriendo
los caminos de Castelao II

La Galice et la Bretagne 2026
En parcourant
les chemins de Castelao II

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES

*Dirección	Renerezh*	Xulio Fernández Senra
*Secretaría	Sekretouriezh*	Fco. Javier Álvarez Campos
*Coordinación xeral en Francia	Kenurzhiadur e galleg*	Dominique Gérinard
*Colaboración especial	Kenlabour ispisial*	Ti ar Vro Kemper, Comité de Jumelage Quimper-Ourense, Association Bretonne des Amis de Saint-Jacques de Compostelle
*Agradecementos particulares	Trugarekaat ispisial*	Loïc Philippon, Roger Gadonna, Fco. Javier Baltar Tojo, Familia Conde Corbal
*Traducción ao bretón	troidigezh e brezhoneg*	Anna ar Beg
*Tradución ao francés	Troet e galleg*	Dominique Gérinard, Jean Paul Caudrec
*Tradución ao galego e castelán	Troet e galisianeg hag e kastilhaneg*	Mariló Fernández Senra, Salomé Fernández Senra
Icono Raigame (contraportada)	Tomás Vega Pato
Coordinación xeral	Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.
Edita	DEPUTACIÓN OURENSE
Deseño e Realización infográfica	Redeiras.net / disigna edenia
Impresión	Imprenta Deputación Provincial Ourense
Dep. Legal	OU - 75/95
I.S.S.N.	1136-3207

Todas aquelas persoas que teñan interese en publicar artigos ou traballos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME
Aptdo. 484
Tlf. e Fax 988 317 880
32080 - Ourense
ccpxaquinlorenzo@depourense.gal
www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuíta previa subscrición no correo electrónico anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

I

A lingua

Ar yezh

El idioma

La langue

A LINGUA EN 2050
A LINGUA EN 2050
IDEAS E ACCIÓNS PARA
O FUTURO DO GALEGO
CATRO VENTOS
EDITORA

castellano

A LINGUA GALEGA, UN MEDIO ÚTIL E VIVO DE COMUNICACIÓN

LA LANGUE GALICIENNE, UN MOYEN UTILE ET VIVANT DE COMMUNICATION

Traduction française: Dominique Gérinard

Valentín García Gómez
Secretario xeral da Lingua
Secrétaire général de la Langue

En 2021, publicouse *A lingua en 2050*, un libro no que 25 persoas reflexionamos sobre o futuro do galego, entre elas eu, que, mentres escribía as primeiras liñas daquel texto, axiña me decatei de dúas cousas. A primeira: de que hoxe, máis ca nunca, é moi difícil predicir o futuro, porque os cambios aos que asiste a nosa sociedade se producen a velocidade de vertixe e cunha contundencia tan inapelable que confunde. A segunda: a reflexión que se nos convidaba facer era plenamente acaída, porque a lingua de noso remanece en Galicia hogano, ao igual ca nos últimos mil anos, como un medio útil e vivo de comunicación para o que é lexítimo e realista pensar un futuro.

Así pois, antes de facermos calquera outra consideración, cómpre insistir na idea de que debemos ter os pés no chan e, polo tanto, ser conscientes de que vivimos un momento de cambios rápidos que esixen un esforzo de actualización permanente, case titánico. Levado isto ao campo da lingua, supón aceptar que o galego, como calquera outra variedade lingüística con vontade de proxectarse cara ao futuro, non pode quedar á marxe destes cambios, dado que suporía para el perder todo valor instrumental. É por esta razón pola que os maiores esforzos presentes en materia de promoción social da lingua galega estean dirixidos a adecuar o noso idioma aos novos usos e necesidades. Un exemplo disto, entre outros moitos aos que me podería referir nestas páxinas, é o Proxecto Nós, iniciativa de grande envergadura principiada en 2021 co propósito de xerar

En 2021, *A lingua* en 2050 a été publié, un livre dans lequel 25 personnes, parmi lesquelles moi-même, avons réfléchi à l'avenir du galicien. Alors que j'écrivais les premières lignes de ce texte, je me suis immédiatement rendu compte de deux choses. La première : qu'aujourd'hui, plus que jamais, il est très difficile de prévoir l'avenir, car les changements auxquels notre société assiste se produisent à une vitesse vertigineuse et avec une force si irréfutable qu'elle déconcerte. La seconde : que la réflexion à laquelle nous étions invités était pleinement pertinente, parce que notre langue demeure en Galice aujourd'hui, comme au cours des mille dernières années, un moyen utile et vivant de communication pour lequel il est légitime et réaliste d'envisager un avenir.

Ainsi donc, avant toute autre considération, il convient d'insister sur l'idée que nous devons garder les pieds sur terre et, par conséquent, être conscients que nous vivons une période de transformations rapides qui exigent un effort permanent d'actualisation, presque titanesque. Transposé au domaine de la langue, cela suppose d'accepter que le galicien, comme toute autre variété linguistique désireuse de se projeter dans l'avenir, ne peut rester en marge de ces changements, puisque cela reviendrait à perdre toute valeur instrumentale.

C'est pour cette raison que les plus grands efforts actuels en matière de promotion sociale de la langue galicienne

os recursos dixitais e lingüísticos necesarios para facilitar o desenvolvemento de aplicacións baseadas en intelixencia artificial e tecnoloxías da linguaxe, tales como asistentes de voz, tradutores automáticos e axentes de conversación en lingua galega.

Nesta mesma liña de propósitos enmárcase o proceso, neste momento en marcha, de actualización do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, cuxo fin non é outro que adaptar as accións recollidas neste documento de 2004 á realidade social, demográfica e lingüística actual.

En calquera caso, esta análise non sería realista —esixencia á que apelamos máis arriba— sen recoñecer que existen actualmente dous retos non pequenos, o referido á acollida lingüística e cultural dun número crecente de persoas foráneas e máis o que ten que ver co progresivo descenso da chamada transmisión interxeracional da lingua galega, que se dá entre a mocidade, especialmente a que fai a súa vida en contornas urbanas.

Estes dous retos están a marcar as liñas de actuación do Goberno Galego (así como das persoas, organizacións sociais e outras institucións que o acompañan nesta tarefa), centradas en estimular a transmisión da lingua galega dentro das familias, e en lograr que a xuventude, tanto foránea como autóctona, cuxa inmensa maioría sabe falala e escribila porque a estuda ou a estudou na escola, dea o paso de facer do galego unha das linguas de uso nas súas interaccións presenciais e en redes sociais, nas relacións familiares e nos contactos laborais.

Así pois, pódese afirmar que os tres últimos lustros consistiron en teimar en conseguir que o galego se introducise nos novos e mutantes escenarios que foron xurdindo, porque dese «estar no mundo hoxe» vai depender o seu futuro. No entanto, cómpre deixar patente que para que esta tarefa que nos ocupa teña éxito, debe conseguir tamén a implicación dunha cidadanía que estea disposta a participar do proxecto a través da súa actividade cotiá (familiar, empresarial, social).

Sendo sincero, estou convencido de que foi así se nos atemos aos datos, pois o galego é na actualidade a lingua oficial de España distinta do castelán máis empregada e co índice máis alto de coñecemento de lectoescritura; o idioma maioritario entre as persoas nadas no seu

sont orientés vers l'adaptation de notre langue aux nouveaux usages et besoins. Un exemple parmi tant d'autres auxquels je pourrais me référer dans ces pages est le Projet Nós, une initiative de grande envergure lancée en 2021 dans le but de générer les ressources numériques et linguistiques nécessaires pour faciliter le développement d'applications fondées sur l'intelligence artificielle et les technologies du langage, telles que les assistants vocaux, les traducteurs automatiques et les agents conversationnels en langue galicienne.

Dans cette même ligne d'objectifs s'inscrit le processus, actuellement en cours, de mise à jour du Plan général de normalisation de la langue galicienne, dont la finalité n'est autre que d'adapter les actions recueillies dans ce document de 2004 à la réalité sociale, démographique et linguistique actuelle.

Quoi qu'il en soit, cette analyse ne serait pas réaliste — exigence à laquelle nous faisions appel plus haut — sans reconnaître qu'il existe actuellement deux défis loin d'être mineurs : celui relatif à l'accueil linguistique et culturel d'un nombre croissant de personnes étrangères, et celui qui concerne le déclin progressif de ce que l'on appelle la transmission intergénérationnelle de la langue galicienne, particulièrement perceptible chez la jeunesse, notamment celle qui développe sa vie dans des environnements urbains.

Ces deux défis orientent les lignes d'action du Gouvernement galicien (ainsi que celles des personnes, des organisations sociales et des autres institutions qui l'accompagnent dans cette tâche), centrées sur la stimulation de la transmission de la langue galicienne au sein des familles, et sur la volonté d'amener la jeunesse, tant étrangère qu'autochtone, dont l'immense majorité sait la parler et l'écrire parce qu'elle l'étudie ou l'a étudiée à l'école, à franchir le pas consistant à faire du galicien l'une des langues d'usage dans ses interactions en présentiel et sur les réseaux sociaux, dans les relations familiales et dans les contacts professionnels.

Ainsi donc, on peut affirmer que les trois derniers lustres ont consisté à insister sur la nécessité de faire entrer le galicien dans les nouveaux scénarios changeants qui ont émergé, parce que c'est de cette « présence dans le monde d'aujourd'hui » que dépendra son avenir.



territorio; e a lingua de comunicación cotiá de 6 de cada 10 persoas residentes en Galicia.

Aínda que persisten problemas vellos e xorden outros novos, convén coincidirmos en que a lingua que foi o código de expresión das persoas que habitaron Galicia durante os mil últimos anos está en condicións de seguilo a ser durante os mil anos futuros grazas á vontade inquebrantable dos seus falantes.

Néanmoins, il convient de souligner que, pour que cette tâche qui nous occupe réussisse, elle doit également obtenir l'implication d'une citoyenneté disposée à participer au projet à travers son activité quotidienne (familiale, entrepreneuriale, sociale).

Pour être sincère, je suis convaincu qu'il en a été ainsi si l'on s'en tient aux données, puisque le galicien est actuellement la langue officielle d'Espagne autre que le castillan la plus employée et celle qui présente l'indice le plus élevé de connaissance de la lecture et de l'écriture ; la langue majoritaire parmi les personnes nées sur son territoire ; et la langue de communication quotidienne de 6 personnes sur 10 résidant en Galice.

Bien que d'anciens problèmes persistent et que de nouveaux surgissent, il convient de reconnaître que la langue qui fut le code d'expression des personnes ayant habité la Galice au cours des mille dernières années est en mesure de continuer à l'être pendant les mille prochaines années grâce à la volonté inébranlable de ses locuteurs.



castellano

français

A LINGUA BRETOA NA ENCRUCILLADA

AR BREZHONEG EN UR C'HROASHENT

Troidigezh e brezhoneg: Anna ar Beg

Rozenn Milin
Historiadora e socióloga
Istorianez ha sokiologez

En 1952, estímase que Bretaña contaba con 1.100.000 falantes de bretón. En 2024, un estudo do instituto TMO determina que só quedan 107.000 persoas capaces de falar bretón. É dicir, que o número de falantes reduciuse a unha décima parte no transcurso de 75 anos. E é moi probable que, dado que a maioría dos falantes son hoxe anciáns, o seu número caia a 50.000 dentro de 20 anos, ou incluso menos.

Como puido unha lingua que antano florecía declinar tan rapidamente? E que levou aos falantes a deixar de transmitir aos seus fillos a súa propia lingua materna, que lles fora herdada de xeración en xeración durante séculos?

Invócanse varios factores: a Primeira Guerra Mundial e os homes que regresaban do fronte falando francés, a aspiración ao ascenso social, o desexo das mulleres dos anos 50 de acceder á modernidade, etc. Todos estes argumentos conteñen unha parte de verdade, pero esquecen o esencial: a vontade do Estado de obrigar a toda a poboación a falar francés, e unicamente francés.

Esta vontade remóntase ao período do Terror (1793-1794), durante a Revolución. Entón preséntanse varios informes ao Comité de Salvación Pública, como o *Informe sobre a necesidade e os medios de aniquilar o patois e de universalizar o uso da lingua francesa* do Abade Grégoire, ou

E1952 e veze brasjedet e oa 1 100 000 a vrezhonegerien e Breizh. E 2024, hervez un enklask kaset da benn gant ensavadur TMO, ne chom nemet 107 000 den gouest da gomz brezhoneg. Da lavaret eo eo bet rannet dre zek niver ar vrezhonegerien e-korf 75 vloaz. Ha chañs bras zo e kouezho niver ar gomzerien da 50 000 bennak a-benn ugent vloaz, pe nebeutoc'h c'hoazh, pa'z eo darn vrasañ anezho tud kozh hiziv an deiz.

Penaos eo bet posupl d'ur yezh a oa ken bev gwechall mont war zigresk ken buan ? Ha petra en deus broudet ar vrezhonegerien da baouez da dreuzkas o yezh-vamm d'o bugale, ur yezh a oa bet treuzkaset a rummad da rummad abaoe kantvedoù ?

Meur a abeg a vez lakaet war-raok : Brezel-bed kentañ (1914-1918) hag ar soudarded distroet eus an talbenn o komz galleg, ar c'hoant da bignat er renk sokial, pe c'hoazh c'hoant merc'hed ar bloavezhioù 1950 da vont gant ar vodernelezh. Ul lodenn a wirionez zo en holl arguzennoù-se, met ankounac'haat a reont an dra pennañ : youl Stad Frañs da rediañ an holl dud da gomz galleg ha galleg hepken.

Ar youl-se a gaver he orin e mare an Terror (1793-1794), e-pad an Dispac'h Gall. Meur a zanevell a voe kinniget neuze d'ar Poellgor ar Surentez Foran, evel an *Danevell diwar-benn an ezhomm hag an doareoù da zistrujañ an*

o *Informe do Comité de Salvación Pública sobre os idiomas* do deputado Barère, por citar só os máis célebres. Moitos outros informes e decretos seguirán, consolidando a ideoloxía da lingua única concebida durante o período do Terror e aínda vixente hoxe.

Con todo, hai que agardar case un século máis para que esta vontade se traduza en feitos, grazas á escola, que se volve obrigatoria en 1882. A única lingua autorizada no recinto escolar é o francés, e a escola utilízase como unha ferramenta para "aniquilar" (ese era o termo empregado) todas as linguas territoriais de Francia. O bretón queda así excluído dos centros escolares, onde todos deben falar agora francés, e unicamente francés. Os alumnos son castigados, ás veces duramente, se son sorprendidos pronunciando unha palabra ou frase na súa lingua materna. Esta asimílase, por tanto, a un erro, e bretón rima desde entón con castigo.

Ademais, a lingua queda desacreditada e inferiorizada, porque ao non ensinarse perde utilidade nun mundo no que todo progreso pasa pola escrita. A modernidade fala unicamente francés, e só nesta lingua se pode escalar socialmente. Á medida que todos os membros do fogar aprenden a nova lingua, o bretón é abandonado e os pais novos deixan masivamente de transmitilo nos anos 1950 e 1960.

Tamén é na posguerra, cando comeza o declive da lingua bretoa, cando fai a súa primeira tímida aparición oficial nas escolas. En 1951 apróbase a lei Deixonne, que establece "todo mestre que o solicite poderá ser autorizado a dedicar, cada semana, unha hora a actividades supervisadas dirixidas á ensinanza de nocións elementais de lectura e escritura da fala local e ao estudo de textos seleccionados da literatura correspondente". Pero esta lei é tan minimalista que o ministro conclúe os debates con estas palabras: "o texto que nos presenta a Asemblea Nacional non comporta practicamente ningunha obrigación e por iso estimo que non representa ningún perigo". Baleira de todo compromiso, esta lei non podía, en efecto, frear o declive do bretón.

Finalmente, en 1977 a historia dá un xiro cando un grupo de pais crea, contra todo pronóstico, a primeira escola infantil en lingua bretoa en Lampaul-Ploudalmézeau, en Léon. O que entón parecía unha aventura descabellada desenvólvese cos anos ata converterse nunha rede completa de escolas, desde infantil ata bacharelato.

trefoedajoù ha da ledanaat implij ar galleg e pep lec'h gant an Aotrou Grégoire, pe c'hoazh an *Danevell diwar-benn an idiomoù* kinniget gant ar c'hannad Barère e anv ar Poellgor Surentez foran, evit menegiñ ar re vrudetañ hepken. Kalz danevelloù ha dekredoù all a zeuas war o lerc'h, hag a greñvaas ideologiezh ar yezh unel, savet e-pad mare an Terror hag a chom bev c'hoazh hiziv an deiz.

Ret eo koulskoude gortoz tost da gant vloaz ouzhpenn a-raok ma trofe ar youl-se da wir, a-drugarez d'ar skol deuet da vezañ ret e 1882. Galleg hepken a veze aotreet er skolioù implijet da ostilh evit « distruj » (setu ar ger implijet d'ar mare-se) holl yezhoù tiriadel Frañs.

Ar brezhoneg a voe neuze skarzhet eus ar skolioù, ma ranke an holl skolidi komz galleg ha galleg hepken. Kastizet e veze ar skolidi, lod anezho garv a-walc'h, ma vezent klevet o tistagañ pa na vefe ur ger pe ur frazenn bennak en o yezh-vamm. Evel-se e voe lakaet ar brezhoneg da vezañ ur fazi, ha dont a reas da vezañ kevatal ouzh kastiz.

Disteraet ha disprizet e voe ar yezh ivez. Ne veze ket desket er skol, ha dre-se e kollas he dalvoudegezh en ur bed ma tremene pep araokadenn dre ar skrivañ. Ar vodernelezh ne gomze nemet galleg, ha dre ar galleg hepken e c'halle an dud pignat er renkad sokial. Diwar neuze, pa veze gouest holl izili an tiegezh da gomz ar yezh nevez, e voe dilezet ar brezhoneg tamm-ha-tamm, hag e paouezas an darn vrasañ eus ar gerent yaouank da dreuzkas ar brezhoneg d'o bugale er bloavezhioù 1950 ha 1960.

En amzer goude ar brezel, pa oa kroget digresk ar brezhoneg, e voe degemeret ar yezh evit ar wech kentañ en un doare ofisiel, met dister, er skolioù. E 1951 e voe votet lezenn Deixonne, hag a zisklêrie :

« Pep kelenner a raio ar goulenn a c'hallo bezañ aotreet da reiñ un eurvezh bep sizhun da obererezhioù renet gouestlet da gelenn diazezoù al lenn hag ar skrivañ er yezh lec'hel, ha da studiadenn testennoù dibabet eus al lennegezh liammet outi. »

Met ken dister oa al lezenn-se ken e klozas ar ministr an tabutoù evel-henn :

« Ar skrid a ginnig deomp ar Vodadenn Vroadel n'en deus redi ebet, koulz lavaret, setu perak e kav din ne ginnig riskl ebet. »

Goullo a bep engouestl gwirion ne c'halle ket ar lezenn-se, anat eo, herzel ouzh digresk ar brezhoneg.



LA PROPAGATION DE L'OBJET DE LA HONTE

que la contrainte était nécessaire pour motiver les élèves : « j'étais un jeune instituteur, sorti de l'école normale, j'avais l'ambition de réussir et d'avoir de bons élèves, mais pour cela il fallait qu'ils parlent français ».

– plus tard encore, un informateur né en 1977, seul maître dans son école de brousse au début de la décennie 2000, a également utilisé le « symbole » quand il a démarré sa carrière d'enseignant.

Enfin, un frère casamançais né en 1967, nommé proviseur au collège catholique de la Petite côte à Joal, en pays sereer, a poursuivi avec conviction la méthode que ses prédécesseurs appliquaient avant lui. Lors de mon passage en 2017, toutes les classes de l'établissement étaient pourvues de leur os traversé d'un cordon, qui circulait d'élève en élève, et à la fin de chaque récréation, celui ou celle qui le détenait devait verser une amende.

« Symbole » en forme d'os d'animal porté autour du cou, toujours en usage dans un collège catholique, à Joal, en 2017.

Le frère proviseur[1] se flattait de ses bons résultats et montrait fièrement la jarre contenant tous les billets collectés :

« Celui qui revient avec l'os le matin doit donner 100 francs[2]. Le technicien de surface fait la tournée des 6 classes et collecte 600 francs chaque

1. Frère AC, né en 1967 en Casamance, proviseur du collège de la Petite côte à Joal.
2. 100 francs CFA : un peu plus de 15 centimes d'euros.

212

Páxina do libro *La honte et le châtiment* sobre as prácticas lingüísticas na escola en Senegal
Pajenn al levr* La honte et le châtiment *diwar-benn ar boazioù yezhel er skol e Senegal

Paralelamente créanse clases bilingües en centros públicos e católicos, e hoxe toda a oferta educativa en lingua bretoa acolle uns 20.000 alumnos. Esta cifra estancouse durante varios anos, e agora témese un retroceso. Os problemas son numerosos: dificultades financeiras da rede Diwan, que insiste en permanecer gratuíta e laica; esgotamento dos pais, que deben ser tamén activistas; escaseza de profesores; hostilidade dalgúns concellos, etc.

En 2021, o Parlamento adopta por ampla maioría a lei Molac, que debía resolver parte destes problemas. Pero esta lei é parcialmente censurada polo Consello Constitucional, baseándose no artigo 2 da Constitución francesa, que establece que "a lingua da República é o francés". Este apartado, engadido en 1992 por medo a un desbordamento do inglés en Francia con ocasión da integración europea, constitúe hoxe un obstáculo importante para calquera avance das linguas rexionais.

A-benn ar fin, e 1977, e kemmas tro an istor, pa grouas un nebeud kerent skolidi, daoust da bep tra, ar skol-vamm gentañ e brezhoneg e Lambaol-Gwitalmeze, e Bro-Leon. Ar pezh a seblante bezañ ur follentez d'ar mare-se a ziorroas bloaz goude bloaz betek bezañ ur rouedad klok a skolioù, eus ar skol-vamm betek ar vachelouriezh.

War-dro an hevelep mare e voe krouet klasoù divyezhek er skolioù publik hag er skolioù katolik. An holl hentadoù deskadurezh e brezhoneg a vod hiziv war-dro 20 000 skoliad. Chom a ra an niver-se hep kreskiñ abaoe meur a vloaz, ha bremañ ez eus aon da gaout e krogfe da vont war zigresk.

Niverus eo an diaesterioù : kudennoù arc'hant gant rouedad Diwan a fell dezhañ mirout ur c'helennadurezh digoust ha laik ; skuizhder ar gerent, a rank bezañ stourmerien war un dro ; diouer a gelennerien ; enebiezh a-berzh kumunioù zo ; ha kement zo...

Logo, en 2022, asínase entre o Estado e a Rexión un plan para as linguas que abarca de 2022 a 2027. Pero o Estado non cumpre coa súa firma e nada progresa. Por outra banda, o obxectivo anunciado é pasar de 20.000 a 30.000 nenos escolarizados en escolas bilingües ou Diwan. Este obxectivo parece pouco ambicioso, xa que supón aumentar só do 3 % ao 5 %, aproximadamente, a porcentaxe de nenos de Bretaña con acceso a ensinanza en bretón, polo menos parcialmente. Esta porcentaxe é obviamente demasiado baixa para que a lingua teña unha verdadeira oportunidade de revitalización, e as medidas previstas parecen coidados paliativos.

Hoxe atópanse, por tanto, na encrucillada. A escola utilizouse como ferramenta para facer desaparecer a lingua bretoa, agora debe ser a ferramenta para a súa revitalización mediante a ensinanza xeneralizada do bretón. Sen iso, a lingua converterase, a máis ou menos longo prazo, na lingua dun pequeno grupo duns poucos miles ou decenas de persoas que se aferren a ela, ou mesmo nunha lingua morta, como o latín, coñecida por uns poucos eruditos e estudada nas universidades.

As claves están en mans do Estado francés, que ten o poder de autorizar e financiar ás medidas necesarias. Pero a Rexión de Bretaña tamén ten un papel que desempeñar, golpeando sobre a mesa en París, como souberon facer outros en Francia. Se este impulso non se produce nos próximos anos, o número de falantes de bretón continuará descendendo inexorablemente.

E 2021 e voe degemeret al lezenn Molac gant ur muiañ-niver ledan-tre er Parlamant. Bez e tlefe al lezenn-se diskoulmañ ul lodenn eus an diaesterioù-se. Met un darn anezhi a voe nac'het gant ar C'huzul Bonreizh, en ur gemer harp war mellad 2 Bonreizh Frañs a lavar ez eo « ar galleg yezh ar Republik ». Ar rannbennad-se, ouzhpennet e 1992 gant aon rak ul liñvadenn eus ar saozneg e Frañs da geñver krouidigezh Europa, a zo bremañ unan eus ar skoilhoù pennañ a vir ar yezhoù rannvro da ziorren.

E 2022 e voe sinet etre ar Stad hag ar Rannvro ur steuñv evit ar yezhoù evit ar prantad 2022-2027. Met ne zouj ket ar Stad d'he sinadur ha netra ne ya war-raok. Ouzhpenn-se, ar pal embannet a oa tremen eus 20 000 da 30 000 a vugale skoliataet e skolioù divyezhek pe e Diwan. Ne seblant ket bezañ ur pal gwall youlek, rak talvezout a rafe tremen eus 3 % da 5 % nemetken eus bugale Breizh o defe tro da gaout ur c'helenn e brezhoneg, da nebeutañ evit ul lodenn eus o studioù. Anat eo ez eo re izel an dregantad-se evit reiñ d'ar yezh ur chañs wirion da vezañ adsavet, hag ar muzulioù rakwelet a zo heñveloc'h ouzh intentoù divec'hiañ eget ouzh ur politikerezh advevaat gwirion.

Setu ma'z omp hiziv e-kreiz ur c'hroashent. Ar skol a zo bet implijet evel un ostilh evit lakaat ar brezhoneg da vont da get ; dezhi bremañ da advevaat ar yezh dre ur c'helenn brezhoneg hollek. Panevet-se, abred pe diwezhat, e teuio ar yezh da vezañ yezh ur strolladig bihan un nebeud miliadoù pe dekadoù a viliadoù a dud hag a zalc'ho ganti, pe marteze zoken ur yezh varv, evel al latin, anavezet gant un nebeud gouizeion ha studiet er skolioù-meur.

An diskoulmoù-se zo e dalc'h Stad Frañs, hag he deus ar galloud da aotren ha da arc'hantaouiñ ar muzulioù ret. Met bez e rank Rannvro Breizh kemer perzh ivez en ur lakaat he mouezh da vezañ klevet e Pariz, evel m'o deus gouezet ober lod all e Frañs.

Ma n'eus ket eus ar seurt lamm er bloavezhioù da zont e kendalc'ho niver ar vrezhonegerien da zigreskiñ dibaouez, en un doare diremed.

Ar brezhoneg n'eo ket ur yezh hepken. Ur mod eo da welet ar bed, ur glad sevenadurel dibar, ur vouezh deuet betek ennomp dre ar c'hantvedoù. E zivoud a zo ul lodenn eus dazont Breizh hec'h-unan.

Ne chom ket mui kalz a amzer ken evit dibab an hent da heuliañ.


La honte
et le châtiment
Imposer le français :
Bretagne, France, Afrique
et autres territoires
L'une des plus grandes mutations qu'a connues la Basse-Bretagne au XXe siècle est le changement de langue. Jusqu'aux années 1950, un million de personnes parlaient le breton, qui se transmettait de génération en génération. Quelques décennies plus tard, il ne reste plus qu'une centaine de milliers de locuteurs et la langue est menacée de disparition, selon l'UNESCO. Comment une langue autrefois florissante a-t-elle pu décliner aussi vite ? Quel a été le rôle de l'État français ? Quelle a été la part de l'école, des punitions parfois violentes et des méthodes vexatoires comme celle du « symbole » ? D'autres régions de France, plusieurs pays européens, et même le Japon, ont connu des processus similaires. Là également, des langues dominantes ont été imposées au détriment des langues historiques et familiales des populations, souvent au prix de souffrances passées sous silence.
Le présent ouvrage tente de comprendre les enjeux et les conséquences de ces politiques en croisant les sources historiques et des centaines de témoignages collectés en Bretagne et en Afrique auprès des acteurs de cette tranche d'histoire peu connue du public français.
Née au bout du Finistère, dans une famille de paysans dont la langue principale était le breton, Rozenn Milin a effectué la majeure partie de sa carrière dans les médias, en France et à l'étranger. Par ailleurs historienne et sociologue, elle a mené un travail de recherche de près de dix ans sur la question du déclin des langues minoritaires en France et ailleurs dans le monde, à partir de sa propre expérience.
d'autre part
ISBN : 979-10-267-1268-8
9 791026 712688
Champ Vallon
Diffusion Harmonia Mundi
www.champ-vallon.com
25 €
Graphisme : Mily Cabrol. Dessin de couverture © Jean-Yves André

II

Castelao, Galicia e Bretaña

Castelao, Galiza ha Breizh

Castelao, Galicia y Bretaña

Castelao, La Galice et La Bretagne

Con motivo da inaguración do busto de Bóveda no Centro Ourensán, en 1947, Castelao estreou A Derradeira Lección do mestre

***À l'occasion de l'inauguration du buste de Bóveda au Centre Ourensan, en 1947, Castelao présenta pour la première fois* La Dernière Leçon du maître**

castellano

CASTELAO E OURENSE

CASTELAO ET OURENSE

Afonso Vázquez-Monxardín Fernández
Catedrático de Lingua Galega
Don Kelenner Galizeg

O 1 de marzo de 1934 Castelao escríbelle unha carta ao seu grande amigo Ramón Otero Pedrayo que, logo de preguntarlle polo remate das obras do balcón que lle deseñou para a súa casa de Trasalba, remata dicindo "¡Quen me dera poder irme para Ourense! Se lograra unha auxiliaría de debuxo xa estaba trasladándome. Estouche algo farto de Pontevedra. Lembranzas a todos, unha forte aperta do teu irmán".

Le 1er mars 1934, Castelao adresse une lettre à son grand ami Ramón Otero Pedrayo dans laquelle, après lui avoir demandé si les travaux du balcon qu'il avait dessiné pour sa maison de Trasalba étaient achevés, il conclut en disant : « Comme j'aimerais pouvoir partir pour Ourense ! Si j'obtenais un poste auxiliaire de dessin, je m'y installerais immédiatement. Je suis quelque peu las de Pontevedra. Mes souvenirs à tous, une forte étreinte de ton frère. »



Fragmento de Carta de Castelao a Ramón Otero Pedrayo onde lle manifesa a súa simpatía por Ourense, 1934
Extrait d'une lettre de Castelao à Ramón Otero Pedrayo dans laquelle il lui exprime sa sympathie pour Ourense, 1934

Por outra banda na súa grande obra *Sempre en Galiza* (1944), Castelao escribe: "Para Ganivet a clave da política hespañola debía ser o ennobrecimento das cibdades e a formación da polis autónoma, onde os cidadáns poideran vivir en familia,

D'autre part, dans sa grande œuvre *Sempre en Galiza* (1944), Castelao écrit : « Pour Ganivet, la clé de la politique espagnole devait être l'ennoblissement des villes et la formation de la police autonome, où les citoyens pourraient

quen sabe se paseando en mangas de camisa e filosofando baixo a dirección dun Aristóteles. ¡Que ben comprendo eu este anceio ao lembrarme de Ourense e Pontevedra!".

Estes e outros varios textos seus falan da importancia que, máis alá das hipérboles, Ourense tivo na súa traxectoria vital e humana, tema no que centraremos o artigo.

IDENTIDADE SOCIAL E EVOLUCIÓN PARALELA

Empezaremos matizando ideas dominantes sobre a procedencia e o enmarque social de Castelao que nolo aproximan ao do conxunto dos galeguistas ourensáns. Si. Non é tan simple como os que os de Ourense fosen, aproximadamente, señoritos fidalgos e el un simple rapaz de extracción popular. Non. Na altura en que se empezaron a tratar -digamos que na década de 1910- Castelao era un médico noviño, fillo dun mariñeiro que fora propietario dun barco e que emigrara a América ao pouco de casar cunha moza da vila, sobriña do gobernador militar. E como facía a maioría dos galegos con aspiracións de mellora social e ver mundo, digamos Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Basilio Álvarez, Eduardo Blanco Amor, marchou o proxenitor de Castelao a América desde onde chamou axiña á familia e de onde volvería con algúns cartos e ganas por participar na política. Fíxose alcade de Rianxo e exerceu en dúas etapas, primeiro entre 1907-09 e logo durante toda a ditadura de Primo de Rivera, 1923-30. Logrou, tamén, que o seu fillo estudase e acabase a carreira de medicina en Compostela, unha das alegrías máximas da súa vida.

E Castelao estudante goza de grande predicamento e éxito, alto, bo mozo, cun sedutor acento arxentino, guitarrista, tuno, e sobre todo "extraordinario y reconocido dibujante" como aparece definido nos comentarios sobre unha revista santiaguesa, *Chusma moza*, en 1908; e tamén como debuxante "conocidísimo" de V*ida Gallega* da que fai a primeira portada en xaneiro de 1909 no comezo da súa colaboración. Ao ano seguinte, colaborará no lanzamento do subtitulado "semanario conservador" de Rianxo, *El Barbero municipal* (1910-14) que apoiaba politicamente ao seu pai. Rapaz *dandy* de grande actividade social, namorou e acabou casando en 1912 con Virxinia Pereira, filla dun avogado da Estrada e de familia de tanto ascendente social que a súa voda foi recollida nas primeiras páxinas dos xornais galegos e da que hai tan prolixa información que mesmo inclúe os regalos de

vivre en famille, peut-être en se promenant en manches de chemise et en philosophant sous la direction d'un Aristote. Que je comprends bien cette aspiration lorsque je me souviens d'Ourense et de Pontevedra ! »

Ces textes, parmi beaucoup d'autres, témoignent de l'importance qu'Ourense eut dans sa trajectoire humaine et personnelle, au-delà même des hyperboles. C'est sur ce thème que nous centrerons le présent article.

IDENTITÉ SOCIALE ET ÉVOLUTION PARALLÈLE

Nous commencerons par nuancer certaines idées dominantes concernant les origines et le cadre social de Castelao, qui le rapprochent de l'ensemble des galicianistes d'Ourense. Oui. Les choses ne sont pas aussi simples que l'image selon laquelle ceux d'Ourense auraient été, approximativement, de jeunes gentilshommes issus de la petite noblesse, tandis que lui n'aurait été qu'un garçon d'extraction populaire. Non. À l'époque où ils commencèrent à se fréquenter — disons dans les années 1910 — Castelao était un jeune médecin, fils d'un marin qui avait été propriétaire d'un bateau et qui avait émigré en Amérique peu après son mariage avec une jeune femme de la ville, nièce du gouverneur militaire. Et, comme le faisaient la plupart des Galiciens aspirant à une amélioration sociale et désireux de découvrir le monde — pensons à Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Basilio Álvarez ou Eduardo Blanco Amor —, le père de Castelao partit pour l'Amérique, d'où il fit rapidement venir sa famille et d'où il revint avec quelques économies et l'envie de participer à la vie politique. Il devint maire de Rianxo et exerça cette fonction en deux périodes, d'abord entre 1907 et 1909, puis durant toute la dictature de Primo de Rivera, de 1923 à 1930. Il parvint également à faire étudier son fils jusqu'à l'obtention de son diplôme de médecine à Saint-Jacques-de-Compostelle, ce qui constitua l'une des plus grandes joies de sa vie.

Etudiant, Castelao jouissait d'une grande réputation et d'un vif succès : grand, séduisant, doté d'un charmant accent argentin, guitariste, membre de la tuna universitaire et surtout « dessinateur extraordinaire et reconnu », comme le définissent les commentaires consacrés en 1908 à une revue de Saint-Jacques, *Chusma moza* ; il est également présenté comme un dessinateur « très connu » de *Vida Gallega*, dont il réalise la première couverture en janvier 1909, au début de sa collaboration. L'année suivante, il participe au

voda de cada un dos convidados. Nese mesmo ano de 1912 fai o cartel da Festas do apóstolo en Santiago.

PRIMEIROS CONTACTOS CON OURENSE (1911-1916), ANTES DO GALEGUISMO

O seu primeiro contacto directo con Ourense ten lugar entre os días 2 e 5 de marzo de 1911 con motivo dunha parada da Tuna da Universidade de dous días en Ourense -con actuación no Teatro Principal o día 3 e visita ao Paraninfo do Instituto o día 4- no camiño de volta cara a Compostela logo de actuacións en Asturias e Astorga. A Ourense achégase a presidenta da tuna compostelá, Carmela Mosquera e o "Club Orensano" será a institución local que os acolla. Desta estancia fará Eduardo Blanco Amor unha emotiva descrición no seu libro de 1970, *Castelao. Notas periodísticas*, onde a súa memoria do acto do Teatro Principal coincide coa programación doutros desa mesma xira, máis tratados pola prensa e que levan como elemento común, a actuación de Castelao como caricaturista en directo para "reforzar" o programa de actos da tuna, á que ocasionalmente pertencía Castelao, a pesar de ter acabado os estudos había dous anos. Di Blanco Amor, falando dos tunos:

«Se destacó de entre ellos uno alto, delgado, desgarbado, con lentes. Sonreía con cierta sorna, jugaba a la timidez y llevaba el emblema de los que iban para médicos. Nos dijo que tocaba la guitarra pero más bien de "pega", para bulto, y que lo que hacía menos mal era dibujar y que se ofrecía por si alguna señorita... Hubo consultas oculares de palcos a butacas. Se decidió una rubia menudita después de haberse "resistido" lo que indispensablemente mandaba la urbanidad de la época. El "tuno" la observó, brevemente, volvió al escenario y movió el carboncillo sobre el caballete ya preparado... Lo volvió hacia el público en pocos segundos... Sonaron alegres los aplausos...»

Neste 1911 intensifica a relación con dous personaxes que se moven entre Ourense e Madrid, un o poeta Antonio Rey Soto e outro o xornalista Eugenio López Aydillo, director á sazón do xornal ourensán *El Miño*.

Para o primeiro, fai a portada de *Nido de áspides* e o cartel publicitario onde inclúe unha caricatura do crego da rúa da Paz. Co segundo, colaborará na súa revista *Mi Tierra*, da que saíron 3 números entre xullo e agosto, e tendo coincidido nela con Vicente Risco, nunha etapa onde este aínda renegaba explicitamente do galego como lingua para a expresión da literatura culta. En calquera caso, será o primeiro punto de encontro entrambos intelectuais no comezo da súas carreiras.

lancement de *El Barbero municipal* (1910-1914), sous-titré « hebdomadaire conservateur » de Rianxo, qui soutenait politiquement son père. Jeune dandy à l'intense vie sociale, il tomba amoureux puis épousa en 1912 Virginia Pereira, fille d'un avocat de A Estrada et issue d'une famille jouissant d'un tel prestige social que leur mariage fit l'objet d'articles dans les premières pages des journaux galiciens. Les informations publiées à cette occasion furent si détaillées qu'elles mentionnaient même les cadeaux de mariage offerts par chacun des invités. Cette même année 1912, il réalisa l'affiche des fêtes de l'Apôtre à Saint-Jacques-de-Compostelle.

PREMIERS CONTACTS AVEC OURENSE (1911-1916), AVANT LE GALICIANISME

Son premier contact direct avec Ourense eut lieu entre le 2 et le 5 mars 1911, à l'occasion d'une halte de deux jours de la Tuna universitaire à Ourense — avec une représentation au Teatro Principal le 3 mars et une visite au Paraninfo de l'Institut le 4 mars — sur le chemin du retour vers Saint-Jacques-de-Compostelle après des prestations dans les Asturies et à Astorga. La présidente de la Tuna compostellane, Carmela Mosquera, se rendit à Ourense, et le « Club Orensano » fut l'institution locale chargée de les accueillir. Eduardo Blanco Amor donnera plus tard une description émouvante de ce séjour dans son livre *Castelao. Notas periodísticas* (1970), où son souvenir de la représentation au Teatro Principal coïncide avec le programme d'autres étapes de cette même tournée, davantage couvertes par la presse. Un élément commun à ces spectacles était l'intervention de Castelao comme caricaturiste en direct afin de « renforcer » le programme des activités de la Tuna, à laquelle il appartenait occasionnellement malgré le fait qu'il eût terminé ses études depuis déjà deux ans. Blanco Amor écrit, à propos des étudiants de la Tuna :

« Se détacha parmi eux un homme grand, mince, dégingandé, portant des lunettes. Il souriait avec une certaine ironie, jouait de sa timidité et arborait l'emblème de ceux qui se destinaient à la médecine. Il nous dit qu'il jouait de la guitare, mais plutôt pour la forme, pour faire nombre, et que ce qu'il faisait le moins mal était le dessin, ajoutant qu'il se mettait à disposition au cas où quelque demoiselle… Des regards interrogateurs furent échangés entre les loges et les fauteuils. Une petite blonde se décida finalement, après avoir résisté juste ce qu'exigeait la bienséance de l'époque. Le "tuno" l'observa brièvement, retourna sur scène et fit courir le fusain sur le chevalet déjà

Castelao fixo a capa e a publicidade do libro de Rey Soto, *Nido de áspides*, 1911
Castelao réalisa la couverture et la publicité du livre de Rey Soto,* Nido de áspides, *en 1911

En Mi Tierra (Ourense, 1911) coincidiu Castelao con Risco e Antonio Rey Soto, entre outros
Dans* Mi Tierra *(Ourense, 1911), Castelao côtoya, entre autres, Risco et Antonio Rey Soto

Desde eses momentos, Castelao será obxecto de especial seguimento na presa local. Por exemplo, o día 22 de xuño dese 1911, sinala *La Región* a súa participación como debuxante e caricaturista, en concertos para recadar fondos para a construción da Virxe da Roca en Baiona, deseño de Antonio Palacios e cuxo remate non se fará efectivo ata 1930.

Pero o grande éxito inicial de Castelao en Ourense será en febreiro de 1912, tamén no Teatro Principal. Daquela, participa co Coro Aires da Miña Terra de Pontevedra nun festival para recadar cartos para a Liga antituberculosa, con sesións o domingo 11 e o luns 12 de febreiro. A súa actuación "pictórica" do primeiro día, é recollida por *La Región* ao día seguinte:

"Castelao, cuyo nombre es conocido en Galicia entera y aún fuera de ella, hizo varias caricaturas, arte en el cual habrá muy pocos que le superen, á juzgar por lo que el domingo presentó como prueba de su peregrino ingenio. Las

préparé… Quelques secondes plus tard, il tourna le dessin vers le public… De joyeux applaudissements retentirent… »

Au cours de cette année 1911, il intensifia ses relations avec deux personnalités partageant leur activité entre Ourense et Madrid : le poète Antonio Rey Soto et le journaliste Eugenio López Aydillo, alors directeur du journal ourensan *El Miño*. Pour le premier, il réalisa la couverture de *Nido de áspides* ainsi que l'affiche publicitaire où figurait une caricature du prêtre de la rue de la Paz. Avec le second, il collabora à la revue *Mi Tierra*, dont trois numéros parurent entre juillet et août. Il y côtoya Vicente Risco, à une époque où celui-ci rejetait encore explicitement le galicien comme langue d'expression de la littérature savante. Quoi qu'il en soit, cette revue constitua le premier point de rencontre entre les deux intellectuels au début de leurs carrières respectives.

À partir de ce moment, Castelao fit l'objet d'une attention particulière de la presse locale. Ainsi, le 22 juin 1911,

Primeiro artigo de Vicente Risco sobre Castelao no xornal La Región, 14 de febreiro de 1912

Premier article de Vicente Risco sur Castelao dans le journal La Región, 14 février 1912

Bosquexo de autocaricatura de 1912

Esquisse d'autocaricature de 1912

caricaturas del Rey, Canalejas, Montero Ríos, la Pardo Bazán y las de otros personajes, fueron admirablemente hechas en un momento. Caricaturizó también á algunos amigos suyos de esta localidad, entre ellos á los Sres. Risco (D. Vicente), Aydillo (D. Eugenio), Cheriguián, Brandón (D. Castor) y Berbén. La de este último sobre todo, y la del propio Castelao, fueron las que más gustaron".

Mentres que no segundo día, tamén sinalan que bailou cunha señorita ourensá e tamén debuxou:

«María Plá tuvo que bailar la muñeira con Castelao y este que hacer varias caricaturas a ruegos del público.»

O día 13, desta volta no Liceo de Ourense, Castelao pronunciará á noitiña, a famosa conferencia "Algo acerca de la caricatura", reeleborada varias veces e publicada en 1917, ao tempo que mostra unha selección da súa obra, na que sería a súa primeira exposición individual. Debía estar encantado co ambiente que o rodeaba, pois, segundo *La Región* do día 14:

La Región signale sa participation comme dessinateur et caricaturiste à des concerts organisés pour recueillir des fonds destinés à la construction de la Vierge du Rocher à Baiona, œuvre conçue par Antonio Palacios et dont l'achèvement n'interviendra qu'en 1930.

Mais le premier grand succès de Castelao à Ourense eut lieu en février 1912, également au Teatro Principal. Il participa alors avec le chœur *Aires da Miña Terra* de Pontevedra à un festival destiné à recueillir des fonds pour la Ligue antituberculeuse, avec des représentations le dimanche 11 et le lundi 12 février. Son intervention « picturale » du premier jour fut rapportée par *La Región* dès le lendemain :

« Castelao, dont le nom est connu dans toute la Galice et même au-delà, réalisa plusieurs caricatures, art dans lequel peu nombreux sont ceux qui peuvent le surpasser, à en juger par ce qu'il présenta dimanche comme preuve de son singulier talent. Les caricatures du Roi, de Canalejas, de Montero Ríos, de Pardo Bazán et d'autres

En 1911 ou 12 Castelao fixo este bosquexo do Santiago da Catedral de Ourense
En 1911 ou 1912, Castelao réalisa cette esquisse du Saint Jacques de la cathédrale d'Ourense

O Centro Ourensán, por inciativa de Rodolfo Prada, creou o selo editorial "As Burgas", para publicar por primeira vez o *Sempre en Galiza* en 1944 e a súa redición ampliada co libro IV, en 1961. E no Centro Ourensán estaban os bustos de Lamas Carvajal e de Alexandre Bóveda, e foi, precisamente, para a inauguración dese busto que se fixo, como telón de fondo, a reprodución en óleo do debuxo de "A derradeira lección do mestre", en 1945, que foi propiedade do Centro ata a súa confluencia cos outros provinciais, no Centro Galicia, o 25 de xullo de 1979.

No Centro Ourensán, o 5 de marzo de 1945, -estertores da II Guerra Mundial- houbo unha grande festa con motivo do cuarto aniversario da súa fundación e no medio da ilusión do futuro. Falaron o secretario do Centro, Valeriano Saco, os representantes do exilio e asociacionismo vasco, José María Lasarte; e catalán, Manuel Serra i Monet en

lesquels transitait l'ensemble de la collectivité galicienne. Troisièmement, l'appartement que lui avait mis gratuitement à disposition le mécène Manuel Puente se situait à seulement quelques pâtés de maisons plus au nord (Avenida Belgrano, 2605, 7e étage, appartement R). Enfin, le Centre Ourensan constituait le principal foyer d'impulsion du journal *Opinión Gallega* (1945-1965), héritier de *El Orensano* (1944-1945), organe d'expression et d'intervention des galicianistes argentins proches de Castelao et représentant officiellement le Centre Ourensan ainsi que le Centre Pontevedrés.

À l'initiative de Rodolfo Prada, le Centre Ourensan créa la maison d'édition « As Burgas » afin de publier pour la première fois *Sempre en Galiza* en 1944, puis son édition augmentée comprenant le Livre IV en 1961.

Dans les locaux du Centre se trouvaient également les bustes de Lamas Carvajal et d'Alexandre Bóveda. C'est précisément pour l'inauguration de ce dernier que fut réalisée, en guise de toile de fond, une reproduction à l'huile du dessin *A derradeira lección do mestre* (« La dernière leçon du maître »), en 1945. Cette œuvre demeura propriété du Centre jusqu'à la fusion des associations provinciales au sein du Centre Galicia, le 25 juillet 1979.

Le 5 mars 1945, alors que la Seconde Guerre mondiale touchait à sa fin, le Centre Ourensan célébra en grande pompe le quatrième anniversaire de sa fondation, dans une atmosphère d'espoir tournée vers l'avenir. Intervinrent notamment le secrétaire du Centre, Valeriano Saco, le représentant de l'exil et du mouvement associatif basque, José María Lasarte, ainsi que le représentant catalan Manuel Serra i Moret, tous favorables à une structuration fédérale de l'hypothétique future République espagnole que l'on espérait voir renaître après la fin du conflit mondial.

La cérémonie se conclut par un discours de Castelao centré sur Ourense, dont le journal *A Nosa Terra* du 36 mars 1945 reproduisit partiellement le contenu. En raison de son intérêt et de son lien étroit avec notre ville et notre province, nous le reproduisons ci-dessous :

« Castelao commença en déclarant qu'il parlerait sur deux registres : l'un humoristique, "afin d'apporter une note joyeuse à ce banquet galicien organisé dans cette chère terre argentine où les Galiciens se sentent à leur aise, au sein d'une communauté d'affection et de respect qui nous unit si intimement à ce pays et à ses enfants. L'autre registre sera celui de l'affirmation sereine de ce que représente Ourense

Castelao na biblioteca do Centro Ourensán de Buenos Aires en decembro de 1949. Foto de EBA
Castelao dans la bibliothèque du Centre Ourensan de Buenos Aires en décembre 1949. Photographie d'EBA

favor da estruturación federal da hipotética e futura república española recuperable despois da conclusión da Guerra Mundial. Concluíu o acto cun discurso de Castelao centrado en Ourense recollido parcialmente polo xornal *A Nosa Terra* do 36 de marzo de 1945 que polo seu interese e vinculación coa nosa cidade e provincia, reproducimos:

«Comezou dicindo Castelao que ía falar en dous tons: un humorístico, "para pór unha nota leda neste xantar galego, feito na benquerida terra arxentina na que os galegos nos atopamos a gusto nunha conxunción de afectos e respectos que tan intimamente nos vencellan a este país e aos seus fillos. O outro ton será de serena afirmación a prol do que Ourense representa no seo da Patria Galega e que este 'Centro Orensano' representa na nosa colectividade".

Cantou Castelao as excelencia do viño do Ribeiro, "Viño que fai soñar e fai poesía. Viño que acende e alumea o espírito e deixa o corpo san. Eu quixera brindar con aquel viño de cepas vellas, feito en cubas vellas, e sentir formiguexar na gorxas as agullas do caíño". E recordou que na terra de Ourense abondan os poetas, como o tiña demostrado, nunha curiosa estatística feita por Otero Pedrayo. "Foi sorprendente atopar

au sein de la Patrie galicienne et de ce que représente ce Centre Ourensan dans notre collectivité". »

Castelao célébra ensuite les vertus du vin du Ribeiro :

« Un vin qui fait rêver et inspire la poésie. Un vin qui enflamme et illumine l'esprit tout en laissant le corps sain. J'aimerais porter un toast avec ce vin issu de vieilles vignes, élevé dans de vieux tonneaux, et sentir dans ma gorge le frémissement des aiguilles du caíño. »

Il rappela également qu'Ourense était une terre de poètes, comme l'avait démontré une curieuse statistique établie par Otero Pedrayo :

« Il fut surprenant de découvrir, à une certaine époque, deux cent cinquante poètes dans la province d'Ourense et autant… de suspects. »

Les paroles de Castelao transportèrent les auditeurs au cœur de la réalité galicienne, comme si, d'un seul élan, ils avaient été conduits vers les plaines de A Limia ou les sommets de San Mamede et de Queixa. On voyait la vie paysanne et l'on ressentait l'harmonie de notre paysage. Les gens riaient, applaudissaient et se laissaient envahir par un vertige de bonheur.

nunha época douscentos cincuenta poetas na provincia de Ourense e outros tantos... sospeitosos".

As verbas de Castelao puxeron diante dos ouvintes a realidade galega, coma se dun pulo posen transportados ás chairas da Limia, ou ao curuto de San Mamede e de Queixa. Ollábase a vida campesiña e sentíase a harmonía da nosa paisaxe. A xente ría, aplaudía e deixábase roubar por un mareo de felicidade.

Unha ringleira de "Cousas" con ese inimitable ritintín, con aquela minucia de detalles, nos que prende a graza e alumea o xenio, tonificou de fina espiritualidade o acto e deulle categoría de comuñón coa Terra.

Despois, Castelao, pasou revista ás grandes figuras e aos grandes feitos históricos que dan rexa personalidade a Ourense na vida da Patria Galega. "Non en séculos, senón en milenios mídense no tempo a súa rexa actividade civil, a súa creación artística, o florecer en sacrificios exemplares do seu patriotismo heroico e indomable".

"Hai no pobo de Ourense -dixo Castelao- un fino don de xentes e unha especial tónica política, dotes que o levan a triunfar na súa vida de negocios e nas súas empresas colectivas.

Eiquí en Bos Aires, os ourensáns levantaron este Centro, que, dende o primeiro día converteuse no niño quente onde a galeguidade se acochou e cobrou pulos de proselitismo e senso para levar a cabo unha laboura patriótica de grande alento. Os seus catro anos de vida están acugulados de feitos transcendentes, de feitos que para decote ficarán rexistrados na historia do noso pobo. Dun pulo, o 'Centro Orensano', púxose á cabeza da colectividade galega, non só do Plata senón de toda América: A Irmandade Galega viviu no seu seo, os centros provinciais xurdiron ao seu exemplo, os grandes actos patrióticos saíron da súa iniciativa e contaron coa súa colaboración, esta cando non foron obra exclusiva del.

Pero hai feitos que eu me sinto na obriga de poñer de vulto dun xeito especial: a gratitude mándame facelo así: Eu fun recibido nesta casa, non só cos brazos abertos, senón con honores de persoeiro da Patria Galega. Honróuseme co título de Socio Honorario, e o Centro editou o meu libro 'SEMPRE EN GALIZA', que é o meirande servizo que puidera facérseme nestes intres tan únicos da vida e para o porvir da nosa Terra.

O 'Centro Orensano' é, certamente, pola súa intuición política, polo seu fino tacto social e pola súa fondura patriótica un fiel trasunto do pobo de Ourense.

Esta mesma colaboración pon á vista de todos que a laboura dos ourensáns transcende o marco provincial e inda vai máis alá dos lindeiros de Galiza e de toda a Península. Hoxe celebrarmos o IV aniversario do 'Centro Orensano'. Pero a colectividade galega está aquí representada na totalidade dos centros, Galeuzca aparece en pleno con persoeiros de Euzkadi

Une succession de « Cousas », avec leur inimitable tonalité ironique et leur minutie dans le détail, où s'allient la grâce et le génie, imprégna la cérémonie d'une spiritualité délicate et lui conféra la dimension d'une véritable communion avec la Terre.

Puis Castelao passa en revue les grandes figures et les grands événements historiques qui donnent à Ourense sa forte personnalité au sein de la Patrie galicienne.

« Ce n'est pas en siècles, mais en millénaires que se mesure son intense activité civique, sa création artistique et l'épanouissement, dans des sacrifices exemplaires, de son patriotisme héroïque et indomptable.

Il existe dans le peuple d'Ourense — disait Castelao — un remarquable sens des relations humaines et une tonalité politique particulière, qualités qui lui permettent de réussir dans ses affaires comme dans ses entreprises collectives.

Ici, à Buenos Aires, les Ourensans ont fondé ce Centre qui, dès le premier jour, est devenu le nid chaleureux où la galicianité s'est réfugiée et a trouvé l'élan nécessaire pour mener à bien une œuvre patriotique de grande envergure. Ses quatre années d'existence sont riches de faits transcendants qui demeureront à jamais inscrits dans l'histoire de notre peuple.

D'un seul élan, le Centre Ourensan s'est placé à la tête de la collectivité galicienne, non seulement dans le Río de la Plata mais dans toute l'Amérique. L'Irmandade Galega a vécu en son sein ; les centres provinciaux ont surgi à son exemple ; les grandes manifestations patriotiques sont nées de son initiative ou ont bénéficié de sa collaboration lorsqu'elles n'étaient pas son œuvre exclusive.

Mais certains faits méritent une mention particulière, et la gratitude m'oblige à les rappeler. J'ai été accueilli dans cette maison non seulement à bras ouverts, mais avec les honneurs dus à une personnalité de la Patrie galicienne. On m'a accordé le titre de membre honoraire et le Centre a publié mon livre *Sempre en Galiza*, ce qui constitue le plus grand service que l'on pouvait me rendre en ces moments si décisifs de ma vie et pour l'avenir de notre Terre.

Le Centre Ourensan est véritablement, par son intuition politique, son sens social raffiné et sa profondeur patriotique, un fidèle reflet du peuple d'Ourense.

Cette collaboration démontre également que l'action des Ourensans dépasse le cadre provincial et va même au-delà des frontières de la Galice et de toute la péninsule. Aujourd'hui nous célébrons le quatrième anniversaire du Centre Ourensan. Mais la collectivité galicienne est ici représentée dans l'ensemble de ses centres ; Galeuzca

Edicións "As Burgas" do Centro Ourensán de Buenos Aires, 1944
Éditions As Burgas du Centre Ourensan de Buenos Aires, 1944

e Cataluña ao lado do Consello de Galiza e, para que non falle nada do conxunto hispánico, está a Delegación do Centro Republicano Español e a presenza da prensa arxentina.

Esta celebración é, certamente, un acto afirmativo do novo impulso vital que Galeuzka trae á política peninsular e ao ideal hispánico. O 'Centro Orensano' naceu baixo ese sino de fondura histórica e de proxección humana cara ao porvir que xa alborexa. É esta, pois, a comuñón dos ourensáns coa Patria Galega, co hispanismo de Galeuzka e coa humanidade libre e xusta do mañá que todos desexamos".

Unha delirante ovación pechou o discurso e expresou a súa gratitude ao persoeiro máximo da Galiza inmorrente.»

OURENSE NAS DÚAS OBRAS DO SOLPOR DE CASTELAO: *SEMPRE EN GALIZA* E *AS CRUCES DE PEDRA*

Diciamos antes que o Centro Ourensán publicou en 1944 o *Sempre en Galiza*. Pero esta edición que viu o propia escritor, contiña o "Adro" e tres "Libros" ou recompilacións de textos fundidos de catro momentos. Na obra existen 12 referencias explícitas a Ourense, a maioría de tipo histórico, de tempos medievais e da Idade Moderna, pero tamén referencias aos pucherazos electorais nos tempos da II República, ou

est présente au complet avec des représentants d'Euzkadi et de Catalogne aux côtés du Conseil de Galice ; et, pour que rien ne manque à l'ensemble hispanique, sont également présents la délégation du Centre Républicain Espagnol ainsi que la presse argentine.

Cette célébration constitue véritablement un acte d'affirmation du nouvel élan vital que Galeuzca apporte à la politique péninsulaire et à l'idéal hispanique. Le Centre Ourensan est né sous ce signe de profondeur historique et de projection humaine vers l'avenir qui commence déjà à poindre. Telle est donc la communion des Ourensans avec la Patrie galicienne, avec l'hispanisme de Galeuzca et avec l'humanité libre et juste de demain que nous appelons tous de nos vœux. »

Une ovation délirante conclut le discours et exprima la gratitude de l'assistance envers la plus haute figure de la Galice immortelle.

OURENSE DANS LES DEUX ŒUVRES CRÉPUSCULAIRES DE CASTELAO : *SEMPRE EN GALIZA* ET *AS CRUCES DE PEDRA*

Nous avons indiqué précédemment que le Centre Ourensan publia en 1944 *Sempre en Galiza*. Toutefois,

á súa natureza ou ao viño do Ribeiro. Moitas a personaxes ourensáns que desfilan polas súas páxinas: o máis evocado, Alexandre Bóveda (14 mencións), seguido de Vicente Risco (8), Otero Pedrayo (4), e tamén, Antón Losada Diéguez, Valentín Lamas Carvajal, Basilio Álvarez, e incluso o economista Asdrúbal Ferreiro, que sería cargo relevante na dirección económica do estado franquista, xa desde 1940. O *Sempre en Galiza* foi un libro exento de fel entre os galegos, un espazo para o recoñecemento a todos os que achegaran no seu día, o seu esforzo construtor. Incluído Risco.

Pero haberá que agardar a 1961 en que se engada o libro IV no que concentra as súas reflexións entre 1947 e 1948, tralo seu paso polo goberno de José Giral e a súa volta á Arxentina, para ver a versión definitiva e completa do *Sempre en Galiza*. Ese libro IV, o da desilusión da situación política do momento, comeza enlazando un histórico discurso de Otero Pedrayo co que será logo o seu famoso discurso de despedida, *Alba de Gloria:*

«Hoxe é o día 25 de xullo do 1947. A miña imaxinación anda por Galiza, en festa de saudades, pero corporalmente aínda estou na Franza, dispois de perder eiquí un ano enteiro de imposibles afáns. E hoxe retornarei coa miña muller a Bos Aires, onde nos espera unha Galiza ideal, capaz de consolarnos de non poder morrer na Terra que nos dou a vida, na Patria que sempre está no noso corazón. Hoxe daremos un paso máis cara o fin...

Esta mañá espertei nun hotel de Marsella, no filo do amañecer. E entramentras os bruídos da cidade non rachan o silencio da noite, convertendo a morna alborada en sol ardente, púxenme a relembrar un discurso de Otero Pedraio, pronunciado nun teatro de Vigo, van alá dezaseis anos. Claro está que non me foi posible reconstruír as súas verbas, pero puiden gozar novamente daquela xubilosa evocación. E velaí como saíu da miña memoria: "Se no abrente deste día poidéramos voar sobor da nosa Terra...»

Exactamente, o inicio, punto por punto, do discurso *Alba de Gloria*, que foi o derradeiro pronunciado por Castelao 25 de xullo de 1948 e de cuxa edición, polo Centro Galego de Buenos Aires, se encargou o ourensán Eduardo Blanco Amor, en 1951.

Precisamente con Blanco Amor mantivera unha relación complicada. Os espazos de diverxencia foron sobre todo políticos desde a época da República e Blanco Amor nunca foi -nin pretendeu- ser do círculo máis próximo a Castelao. Aínda así, a súa admiración fará que sexa un dos valedores da súa memoria, un dos organizadores dos actos da colectividade ao seu redor -como a recepción a chegada de Francia

cette édition, revue par l'auteur lui-même, contenait le « Prologue » et trois « Livres », ou compilations de textes issus de quatre périodes distinctes. L'ouvrage comporte douze références explicites à Ourense. La plupart sont d'ordre historique et concernent le Moyen Âge ou l'Époque moderne ; d'autres évoquent les fraudes électorales durant la Seconde République, la nature de la province ou encore les vins du Ribeiro. De nombreuses personnalités ourensanes défilent dans ses pages : la plus fréquemment évoquée est Alexandre Bóveda (quatorze mentions), suivi de Vicente Risco (huit), Otero Pedrayo (quatre), ainsi que d'Antón Losada Diéguez, Valentín Lamas Carvajal, Basilio Álvarez et même de l'économiste Asdrúbal Ferreiro, qui occupa dès 1940 d'importantes responsabilités dans la direction économique de l'État franquiste. *Sempre en Galiza* fut un livre exempt d'amertume entre Galiciens, un espace de reconnaissance envers tous ceux qui avaient apporté leur contribution à la construction du pays, y compris Risco.

Il faudra toutefois attendre 1961, avec l'ajout du Livre IV — qui rassemble les réflexions de Castelao entre 1947 et 1948 après son passage dans le gouvernement de José Giral et son retour en Argentine — pour disposer de la version définitive et complète de *Sempre en Galiza*. Ce Livre IV, marqué par la désillusion politique du moment, s'ouvre en reliant un discours historique d'Otero Pedrayo à ce qui deviendra ensuite le célèbre discours d'adieu de Castelao, *Alba de Gloria* :

« Aujourd'hui, nous sommes le 25 juillet 1947. Mon imagination est en Galice, dans une fête de nostalgie, mais physiquement je me trouve encore en France, après avoir perdu ici une année entière en efforts impossibles. Aujourd'hui, je retournerai avec mon épouse à Buenos Aires, où nous attend une Galice idéale, capable de nous consoler de ne pouvoir mourir sur la Terre qui nous donna la vie, dans la Patrie qui demeure toujours dans notre cœur. Aujourd'hui, nous ferons un pas de plus vers la fin…

Ce matin, je me suis réveillé dans un hôtel de Marseille, à l'aube. Et tandis que les bruits de la ville n'avaient pas encore rompu le silence de la nuit, transformant la douce clarté du matin en soleil ardent, je me suis mis à évoquer un discours d'Otero Pedrayo prononcé dans un théâtre de Vigo il y a seize ans. Bien entendu, il ne m'a pas été possible d'en reconstituer les paroles exactes, mais j'ai pu revivre cette évocation jubilatoire. Et voici ce qui surgit de ma mémoire : "Si, à l'aube de ce jour, nous pouvions voler au-dessus de notre Terre…" »

Blanco Amor, a pesar dos moitos desencontros, foi un fiel defensor e publicista de Castelao
Blanco Amor, malgré de nombreux désaccords, fut un fidèle défenseur et promoteur de Castelao

en 1947. Tamén, nos meses finais da vida de Castelao, foi un dos artífices, xunto con Luís Seone, Rodolfo Prada e Manuel Puente e outros, do impulso final -a obra estaba case preparada desde 1926- para a publicación de *As cruces de Pedra na Galiza* por parte das Edicións Nós de Buenos Aires. Blanco Amor encárgase de facer a síntese que logo será traducida ao inglés, polo que o visita a miúdo na súa casa de Belgrano xa de enfermo, onde lle dá conta do progreso da súa enfermidade. Así nos títulos internos como "Texto, ilustracións e láminas de ALFONSO DANIEL RODRIGUEZ CASTELAO, Information-summary redaitouna EDUARDO BLANCO AMOR, tradúxoa G.HENNESSY."

Polo que respecta ao contido, aínda que a maioría das obras debuxadas e referenciadas sexan da zona costeira, tamén hai ampla presenza ourensá coñecida e debuxada directamente, ou ben a través de envíos no tempo do Seminario de Estudos Galegos, de colaboradores ourensáns, entre eles, Vicente Risco. Así, temos cruces de Santa Comba de Bande, San Pedro

Il s'agit exactement, point par point, du début du discours *Alba de Gloria*, ultime allocution prononcée par Castelao le 25 juillet 1948 et dont l'édition fut assurée par l'Ourensan Eduardo Blanco Amor pour le Centre galicien de Buenos Aires en 1951.

C'est précisément avec Blanco Amor que Castelao entretint une relation complexe. Les divergences furent surtout politiques depuis l'époque de la République et Blanco Amor ne fit jamais partie — ni ne prétendit faire partie — du cercle le plus proche de Castelao. Pourtant, son admiration fit de lui l'un des principaux défenseurs de sa mémoire et l'un des organisateurs des manifestations de la collectivité autour de sa personne, comme l'accueil réservé à son retour de France en 1947. De même, dans les derniers mois de la vie de Castelao, il fut l'un des artisans, aux côtés de Luís Seoane, Rodolfo Prada, Manuel Puente et d'autres, de l'impulsion finale — l'ouvrage étant pratiquement prêt depuis 1926 — en faveur de la publication de *As cruces de pedra na Galiza* par les Éditions Nós de Buenos Aires. Blanco Amor se chargea de rédiger le résumé qui serait ensuite traduit en anglais ; il rendait donc fréquemment visite à Castelao dans son appartement de Belgrano, alors qu'il était déjà malade, et recevait de lui des nouvelles de l'évolution de sa maladie. Ainsi le précisent les pages liminaires : « Texte, illustrations et planches de ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO ; Information-summary rédigé par EDUARDO BLANCO AMOR ; traduction de G. HENNESSY. »

En ce qui concerne le contenu, bien que la majorité des œuvres dessinées et mentionnées appartiennent à la zone côtière, la présence ourensane y est également importante, soit par des dessins réalisés directement, soit grâce aux documents envoyés à l'époque du Séminaire d'Études galiciennes par des collaborateurs ourensans, parmi lesquels Vicente Risco. On y trouve ainsi des croix de Santa Comba de Bande, de San Pedro de Rocas, de Santa María de Monterrei ; des tympans d'églises de Trasalba et de Feá ; des croix faîtières ou placées sur les toitures des églises de Santiago et de San Xoán de Ribadavia, de Gomariz, Esposende, Gustei, Sobrado de Trives, Oseira et Ramirás ; des bornes milliaires christianisées de Lobeira et Tamagos dans la vallée de Monterrei ; des croix sur les portes et portails de maisons à Bande, Lobeira et Grou ; des calvaires tels que ceux de Maside, Beade, O Polvorín et Seixalvo, ainsi qu'une photographie du calvaire de l'Alameda d'Ourense.

de Rocas, Santa María de Monterrei, tímpanos de Igrexas de Trasalba, Feá; cruces antefixas ou sobre años, de igrexas de Santiago e San Xoán de Ribadavia, de Gomariz, de Esposende, Gustei, Sobrado de Trives, Oseira, Ramirás; miliarios cristianizados de Lobeira e Tamagos no val de Monterrei, cruces nas portas e portalóns de casas de Bande, Lobeira, Grou; cruceiros como os de Maside, Beade, o Polvorín, Seixalvo e mesmo a fotografía do cruceiro da Alameda de Ourense.

ENCONTRO E DESPEDIDAS DE OTERO PEDRAYO

Sen dúbida unha das últimas grandes alegrías de Castelao foi o encontro con Ramón Otero Pedrayo no inverno austral de 1947 onde acudira o de Trasalba como personaxe convidado á celebración unitaria -Centro Gallego, Federación e centros locais- das Xornadas Patrióticas Galegas que desde entón se celebraron ata os anos 80 do século pasado. Desde o barco Campana no que volvía a Buenos Aires de París, derrotado, enfermo e canso, escribiulle o día 3 de agosto unha entrañable carta na que lle dicía:

«Eu levo moitas ganas de abrazarte a ti, pos xa non teño esperanza de ver nunca máis a nosa Terra, e abrazarte a ti é abrazar a Galicia. Este retorno a Bos Aires é definitivo. Vou cansado, incluso de vivir. Cansado de ver países diferentes. Ningún coma o noso. Estou vello. Virxinia deféndese mellor. En canto chegue xa che avisarei para que nos vexamos.»

E víronse con discreción. O mundo estaba cambiando e era moi precisa a discreción. Os furacáns das guerras española e mundial pasaran. Vivíase un proceso de "aceptación" internacional da realidade española e ningunha potencia quería máis problemas. Coa sentenza do xuízo de Nuremberg en outubro de 1946, e coa presentación do Plan Marshall para a reconstrución de Europa en 1947 quería darse por superada a conxuntura da II Guerra Mundial. Os cidadáns de España tiñan problemas de liberdade, pero o problema da liberdade en España deixaba de existir para as grandes potencias. Pero algo, tamén, estaba cambiando dentro. O xornal *La Noche* de Compostela parecía abrir unha pequena porta en 1946, igual que a actividade do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos cos seus *Cuadernos*, desde 1944. A BBC de Londres, comeza as súas emisións culturais en galego en abril de 1947, o libro *Cómaros Verdes*, sairá tamén nese verán. En xullo aprobárase en referendum por unha tan esmagadora como incontrolable maioría a Lei de Sucesión e a definición de España como "reino" e o título de "rey" para o sucesor de Franco e caracterizaba o país como

RENCONTRES ET ADIEUX AVEC OTERO PEDRAYO

Sans aucun doute, l'une des dernières grandes joies de Castelao fut sa rencontre avec Ramón Otero Pedrayo durant l'hiver austral de 1947, lorsque celui de Trasalba se rendit en Argentine comme invité des Journées patriotiques galiciennes organisées conjointement par le Centre galicien, la Fédération et les centres locaux, célébrations qui se poursuivirent jusqu'aux années 1980. Depuis le navire *Campana*, sur lequel il retournait à Buenos Aires après son séjour à Paris, vaincu, malade et fatigué, Castelao lui écrivit le 3 août une lettre émouvante :

« J'ai un immense désir de t'embrasser, car je n'ai plus l'espoir de revoir notre Terre, et t'embrasser, c'est embrasser la Galice. Ce retour à Buenos Aires est définitif. Je suis fatigué, même de vivre. Fatigué de voir des pays différents. Aucun n'est comparable au nôtre. Je suis vieux. Virginia se défend mieux. Dès mon arrivée, je te préviendrai afin que nous nous rencontrions. »

Et ils se virent avec discrétion. Le monde était en train de changer et cette discrétion était nécessaire. Les tempêtes de la guerre d'Espagne et de la Seconde Guerre mondiale étaient passées. Un processus d'« acceptation » internationale de la réalité espagnole était en cours et aucune puissance ne souhaitait davantage de complications. Après le jugement de Nuremberg en octobre 1946 et la présentation du Plan Marshall en 1947, on voulait considérer comme close la parenthèse de la guerre mondiale. Les citoyens espagnols continuaient à souffrir du manque de liberté, mais pour les grandes puissances la question de la liberté en Espagne cessait d'être prioritaire.

Cependant, quelque chose changeait également à l'intérieur du pays. Le journal *La Noche* de Saint-Jacques-de-Compostelle semblait ouvrir une petite brèche dès 1946, tout comme l'activité de l'Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos et de ses *Cuadernos* depuis 1944. La BBC de Londres commença ses émissions culturelles en langue galicienne en avril 1947 ; le livre *Cómaros Verdes* parut également cet été-là. En juillet avait été approuvée par référendum, à une majorité aussi écrasante qu'incontrôlable, la Loi de Succession qui définissait l'Espagne comme un « royaume » et attribuait le titre de « roi » au successeur de Franco, tout en caractérisant le pays comme un État catholique. À titre de « célébration », un modeste pardon politique fut également promulgué, sans grande portée.

un Estado Católico e, como "celebración" promulgouse un pequeno indulto político, sen maior transcendencia.

O caso é que por prudencia Otero, que estaba en Buenos Aires, non vai participar na recepción multitudinaria a Castelao no porto da cidade o día 20. Agardará ao día 21 en que se verán no Hotel Claridge. Chega Castelao acompañado de Virxinia e Manuel Puente. O texto de Otero, recollido no seu *Por os vieros da saudade*, 1952, sobre o encontro é emotivo:

«...nun Buenos Aires case baleiro de xente, chegou ó noso hotel Castelao con Virxinia, con moita e grave legría. Chegou con eles Manuel Puente. Era fonda a súa emoción. Coidábase con razón ser Puente o autor daquil encontro. Non nos tiñamos visto desde o San Xoán do 36.

Os vellos amigos, apertados e chorando xuntos, fomos dous nenos no colo amoroso da Nosa Terra Nai. Nenos, pobres e sinxelos nenos. Chorabamos polos mortiños, sen negar as bágoas ós arredados e fuxidos entre nós. E como nenos, rimos de seguido para caer en silencios longos.»

Non participarán en ningunha cea nin acto público os dous xuntos. Otero non irá, non pode, ao acto na memoria de Bóveda no teatro da Federación de Sociedades Galegas o 23 de agosto. Pero Castelao asistirá con suma discreción a unha das últimas conferencias que pronuncia Otero en Arxentina nesa viaxe, no Club Universitario Argentino, o 28 de agosto onde disertará sobre Compostela. Sinala, tamén na mesma obra Otero:

«Falando de Neira de Mosquera, de Pondal, o noso enxergar procuraba no fondo do salón a figura senlleira de Castelao. Estaba ao seu carón Pita Romero.»

Víronse e falaron varias veces. Sospeitamos que sobre todo de cuestións humanas pois eran tempos nos que o galeguismo do interior e de América lían a realidade de forma moi distinta. Se cadra Otero, a súa propia viaxe de ida e volta, podíase ler como as cousas cambiando.

En calquera caso, a despedida á penas una semana despois, o día 4 de setembro. Manuel Puente, cóntao así no monográfico de *A Nosa Terra* dedicado á memoria do rianxeiro:

«Despois de xantarmos no Automóbil Club, tiña eu a misión de levar a don Ramón e á súa señora ó porto para se embarcaren. Castelao non quixo sufrir o trance de ollar alonxarse o barco que levaría ó seu entrañable amigo, compañeiro de soños, compañeiro de anceios dunha Galiza ergueira. Fundíronse nunha aperta, inda máis longa que a do encontro... Castelao estaba collido polo tristeiro

Le fait est que, par prudence, Otero, qui se trouvait alors à Buenos Aires, ne participa pas à la réception multitudinaire organisée pour Castelao au port de la ville le 20 août. Il attendit le lendemain, le 21, pour le rencontrer à l'Hôtel Claridge. Castelao arriva accompagné de Virginia et de Manuel Puente. Le texte d'Otero, recueilli dans son ouvrage *Por os vieiros da saudade* (1952), à propos de cette rencontre, est particulièrement émouvant :

« …dans un Buenos Aires presque désert, Castelao arriva à notre hôtel avec Virginia, apportant avec lui une joie profonde et grave. Manuel Puente les accompagnait. Son émotion était immense. On considérait, à juste titre, que Puente était l'artisan de cette rencontre. Nous ne nous étions plus revus depuis la Saint-Jean de 1936.

Les vieux amis que nous étions, serrés l'un contre l'autre et pleurant ensemble, redevînmes deux enfants dans le giron affectueux de notre Terre-Mère. Des enfants, de pauvres et simples enfants. Nous pleurions nos morts, sans retenir nos larmes pour ceux qui étaient éloignés ou exilés parmi nous. Puis, comme des enfants, nous nous mîmes à rire aussitôt après, avant de retomber dans de longs silences. »

Ils ne participèrent ensemble à aucun dîner ni à aucune manifestation publique. Otero n'assista pas — il ne le pouvait pas — à l'hommage rendu à Alexandre Bóveda au théâtre de la Fédération des Sociétés Galiciennes le 23 août. En revanche, Castelao assista avec la plus grande discrétion à l'une des dernières conférences qu'Otero prononça en Argentine lors de ce voyage, au Club Universitaire Argentin, le 28 août, consacrée à Compostelle. Otero écrit également dans le même ouvrage :

« Tandis que nous évoquions Neira de Mosquera et Pondal, notre regard cherchait au fond de la salle la silhouette incomparable de Castelao. À ses côtés se trouvait Pita Romero. »

Ils se virent et s'entretinrent à plusieurs reprises. Il est probable que leurs conversations portèrent avant tout sur des questions humaines, car c'étaient des temps où le galéguisme de l'intérieur et celui de l'émigration interprétaient la réalité de manière très différente. Peut-être même que le propre voyage d'aller-retour d'Otero pouvait être lu comme le signe que les choses étaient en train de changer.

Quoi qu'il en soit, la séparation survint à peine une semaine plus tard, le 4 septembre. Manuel Puente la raconte ainsi dans le numéro monographique de *A Nosa Terra* consacré à la mémoire de l'écrivain de Rianxo :

presentimento, e díxolle a don Ramón: "Despedímonos con iste abrazo que será o derradeiro..." Nos ollos dun e doutro choutaron quentes bágoas.

Don Ramón e a súa dona, a rubir no meu coche para se iren ao porto [...] E o noso inmorrente Castelao, collido do brazo da súa fiel dona Virxinia, a camiñar cangado co pesadume daquela despedida.»

Otero, atafegado aínda por aquela despedida escríbelle desde o barco no que volve, o Cabo de hornos, contándolle da oferta do Centro Gallego para que dirixa unha magna *Historia de Galicia*, e dille "Xa sabes que para a vellez se as cousas se puxeran de outro xeito, tés sempre un refuxio e un amor en Trasalba; é decir tendes, viva eu, ou non viva". Neste "refuxio" Otero colgará a augada que lle regalara Castelao nese encontro, *O souto dos gatos.*

Pero nunha misiva deses días de barco dirixida á súa nai, coméntalle de Castelao: "No ha perdido el humor, pero cree que le enterrarán en B.A. Es donde mejor está porque le quieren y cuidan mucho".

Como ben sabemos, non se volveron ver. As noticias da futura enfermidade á altura xa de 1949, eran constantes, e houbo a intención de facilitar a súa volta polo que Filgueira Valverde, o mellor posicionado para xestionala, pide consello a Otero:

«Escribeume o José Ramón [Ben Cho Shey] falando de que, por todo, conviría que o pobre Daniel non morrese lonxe e pedindo se faga algo. Eu estou disposto a escribir alá e acó a quen cumpra. Mais, denantes de facelo, penso se el quererá que se faga. Dígamo. Coido que a pouco que se fixera sería doado.»

O 14 de xuño, contéstalle a propósito das novas noticias que chegan do empeoramento:

«Sobor da volta ¿quen dá unha absoluta garantía? Alá vai superiormente atendido. Eiquí... veríamos. Logo hai que comezar polo principio: a vontade do doente. A cousa é grave. Non sabería que aconsellar. Eu, con tod'a dor, no canto de il, non viña...»

Pero o amigo Otero fai mencións específicas de Castelao en público. O 25 de xullo na misa por Rosalía, a misa dos galeguistas, tomou a palabra en San Domingos de Bonaval e cóntalle á nai "y le recordé, pidiendo a los fieles un oración por su salud". Esa mesma noite, ás nove, desde o Hotel Compostela, Perfecto López, chegado de Buenos Aires, establece unha comunicación telefónica para que falen Otero e Castelao que está no seu domicilio da Av. Belgrano. A

« Après avoir déjeuné à l'Automobile Club, j'avais pour mission de conduire Don Ramón et son épouse au port afin qu'ils embarquent. Castelao ne voulut pas subir l'épreuve de voir s'éloigner le navire qui emportait son ami le plus cher, compagnon de rêves et compagnon d'espérance pour une Galice debout. Ils s'étreignirent dans une accolade encore plus longue que celle de leurs retrouvailles… Castelao était saisi par un sombre pressentiment et dit à Don Ramón : "Nous prenons congé avec cette étreinte qui sera la dernière…" Dans les yeux de l'un et de l'autre jaillirent des larmes brûlantes.

Don Ramón et son épouse montèrent dans ma voiture pour rejoindre le port […] Quant à notre immortel Castelao, appuyé au bras de sa fidèle Virginia, il s'éloignait lentement, accablé par le poids de cet adieu. »

Encore bouleversé par cette séparation, Otero lui écrivit depuis le navire qui le ramenait en Espagne, le *Cabo de Hornos*, pour lui parler de la proposition du Centre Galicien de diriger une monumentale *Histoire de la Galice*. Il ajoutait :

« Tu sais bien que, pour ta vieillesse, si les choses venaient à tourner autrement, tu auras toujours un refuge et une affection à Trasalba ; c'est-à-dire que vous les aurez, que je sois encore vivant ou non. »

Dans ce « refuge », Otero accrocha l'aquarelle que Castelao lui avait offerte lors de leur rencontre : *O souto dos gatos*. Dans une lettre adressée à sa mère durant cette traversée, il écrivait à propos de Castelao :

« Il n'a rien perdu de son humour, mais il pense qu'il sera enterré à Buenos Aires. C'est là qu'il est le mieux, parce qu'on l'aime beaucoup et qu'on prend grand soin de lui. »

Comme nous le savons, ils ne se revirent jamais. Dès 1949, les nouvelles concernant l'aggravation de la maladie de Castelao devenaient constantes et certains envisagèrent de faciliter son retour en Galice. C'est pourquoi Filgueira Valverde, qui semblait le mieux placé pour entreprendre les démarches nécessaires, demanda conseil à Otero :

« José Ramón [Ben Cho Shey] m'a écrit en disant que, tout bien considéré, il conviendrait que le pauvre Daniel ne mourût pas loin de sa terre et en demandant que l'on fasse quelque chose. Je suis disposé à écrire ici et là où il faudra. Mais avant cela, je me demande s'il souhaiterait réellement que l'on agisse ainsi. Faites-le-moi savoir. Je pense qu'avec un minimum d'efforts cela serait possible. »



***O Souto dos gatos*, regalo de Castelao a Otero en 1947**
O Souto dos gatos*, *cadeau de Castelao à Otero en 1947

dificultade das liñas da época, unidos á emocións e dificultades de saúde, fan dicir a Otero nunha carta á nai que:

«Ayer a las 9 de la noche, día del Apostol, tuve una de las mayores alegrías de mi vida al oír la voz de Daniel por el teléfono del Hotel Compostela desde donde llamamos Perfecto Pérez [en realidade López], un buen amigo de Daniel y yo. Poco oímos pero lo suficiente. 'Estou ben, moi ben' y 'estou emozoado' fueron sus palabras, las oidas, con otras de recuerdos para todos.»

Desde Buenos Aires, conta Rodolfo Prada esa ocasión, no especial de *A Nosa Terra* citado, baixo o título de "Agardou falar coa Terra", pois el estaba acompañando a Castelao no seu domicilio:

«E polo atardecer tivo Castelao a emocionante sorpresa dun chamado telefónico desde Santiago de Compostela. Uns fieis amigos e irmáns nos sentimentos patrióticos quixeron saúdalo desde a propia capital espiritual da nosa Terra na diada da nosa Patria...! Era a primeira vez que Castelao

Le 14 juin, Otero lui répondit à propos des nouvelles alarmantes qui leur parvenaient :

« Quant au retour, qui peut en garantir absolument le succès ? Là-bas, il bénéficie des meilleurs soins. Ici… nous verrions. Et puis il faut commencer par le commencement : la volonté du malade. La situation est grave. Je ne saurais que conseiller. Moi, avec toute la douleur du monde, à sa place, je ne reviendrais pas… »

Cependant, Otero continua à évoquer publiquement Castelao. Le 25 juillet, lors de la messe en l'honneur de Rosalía — la messe des galéguistes — à San Domingos de Bonaval, il prit la parole et écrivit ensuite à sa mère :

« et je l'ai évoqué, demandant aux fidèles une prière pour sa santé ».

Le même soir, à neuf heures, depuis l'Hôtel Compostela, Perfecto López, arrivé de Buenos Aires, établit une communication téléphonique entre Otero et Castelao, qui se

falaba coa Galiza desde o ano 1936! O corazón bateulle forte e nos ollos acuguláronse quentes bágoas. Poucas horas despois tronzóuselle a súa voz...! E xa ficou ca intensa afonía que lle durou ata a súa morte. ¡A súa voz estivo enteira agardando a se despedir da sagra Patria, denantes de se esvaer para sempre!»

Otero segue recibindo noticias de Castelao, cada vez con menos frecuencia pois pouco bo teñen que dicir os amigos comúns. E Otero terao moi presente na súa actividade pública nestes momentos finais da vida de Castelao, el xa reposto na cátedra do Instituto desde 1948.

O día 11 de novembro de 1949, nos actos ao redor da figura de Valentín Lamas Carvajal que se celebran en Ourense, citarao en dúas ocasións. O común amigo de Otero e Castelao, Eleuterio González Salgado -con quen o rianxeiro compartira micrófonos nas primeiras emisións da radio en Galicia, en Compostela, 1933- coméntalle nunha carta a Ramón Villar Ponte o 5 de decembro de 1949 o sucedido tanto no acto da Real Academia Galega no Teatro Avenida pola mañá, como no Xardín do Posío pola tarde na inauguración do monumento a Lamas:

«Ramón, como sempre, formidábel na presentación de Filgueira, valente no inesquecible discurso do Avenida, coa lembranza de Daniel arrincando a máis formidable ovación dun auditorio emocionado. Tanto así, que provocou unha reacción dos de en fronte, o que se manifestou pola tarde, no xardín, fronte á efixie do poeta e despois do outro discurso de Ramón, na nosa lingua, no medio dunha considerable multitude.

Que xesto formidábel o deste pobo, alí xunto, apertando os beizos, con máis indignación que indiferenza, sen mans erguidas cando nos quixeron arrastrar polo medo a seguir o canto do himno da traxedia, facéndolles coro as chamadas autoridades! Desde entón coido que podemos ter fe no porvir.»

O nome de Castelao, pois, provocaba en 1949 "a máis formidable ovación dun auditorio emocionado" e move a xente á simpatía. Estábanse gañando as marxes.

MORTE E LEMBRANZAS

Cando morre Castelao, o día 5 de xaneiro de 1950 no medio dunha colectividade conmocionada aínda que non sorprendida, prodúcese o problema da organización do enterro e dos actos fúnebres. Eduardo Blanco Amor é o encargado dos

trouvait alors à son domicile de l'avenue Belgrano. Les difficultés des lignes téléphoniques de l'époque, ajoutées à l'émotion et à l'état de santé de Castelao, amenèrent Otero à écrire à sa mère :

« Hier soir, à neuf heures, jour de l'Apôtre, j'ai connu l'une des plus grandes joies de ma vie en entendant la voix de Daniel au téléphone de l'Hôtel Compostela, d'où nous appelions avec Perfecto Pérez [en réalité López], un bon ami de Daniel et le mien. Nous avons peu entendu, mais suffisamment. "Je vais bien, très bien" et "je suis ému" furent les paroles que nous avons perçues, accompagnées d'autres souvenirs pour tous. »

Depuis Buenos Aires, Rodolfo Prada raconte cet épisode dans le numéro spécial de *A Nosa Terra* déjà cité, sous le titre *Il attendit de parler à sa Terre*, puisqu'il accompagnait alors Castelao à son domicile :

« Et, au crépuscule, Castelao eut l'émouvante surprise de recevoir un appel téléphonique depuis Saint-Jacques-de-Compostelle. De fidèles amis et frères dans les sentiments patriotiques avaient voulu le saluer depuis la propre capitale spirituelle de notre Terre, en ce jour de la Patrie galicienne… C'était la première fois que Castelao parlait avec la Galice depuis 1936 ! Son cœur battit avec force et ses yeux se remplirent de larmes brûlantes. Quelques heures plus tard, sa voix se brisa… Et il demeura atteint de cette intense aphonie qui ne le quitta plus jusqu'à sa mort. Sa voix était restée intacte pour pouvoir prendre congé de la Patrie sacrée avant de s'éteindre à jamais ! »

Otero continua de recevoir des nouvelles de Castelao, de plus en plus rares, car leurs amis communs avaient peu de bonnes nouvelles à transmettre. Pourtant, il garda Castelao constamment présent à l'esprit dans son activité publique durant ces derniers moments de sa vie, alors qu'il avait retrouvé sa chaire à l'Institut depuis 1948.

Le 11 novembre 1949, lors des cérémonies organisées à Ourense autour de la figure de Valentín Lamas Carvajal, il le cita à deux reprises. Leur ami commun, Eleuterio González Salgado — qui avait partagé avec Castelao les microphones des premières émissions radiophoniques de Galice, à Compostelle, en 1933 — rapporta à Ramón Villar Ponte, dans une lettre datée du 5 décembre 1949, ce qui s'était produit tant lors de la séance de la Real Academia Galega au Théâtre Avenida dans la matinée que dans les jardins du Posío l'après-midi, lors de l'inauguration du monument à Lamas :

En 1949 nos actos do centenario do nacemento de Lamas Carvajal, Otero evocou a un enfermo Castelao en público
En 1949, lors des célébrations du centenaire de la naissance de Lamas Carvajal, Otero évoqua publiquement un Castelao malad

discursos unitarios en nome da colectividade e de mestre de cerimonias na organización do enterro polas rúas porteñas.

Nesa altura, prodúcese unha amigable tira-puxa entre o Centro Gallego e o Centro Ourensán. Un o lugar das atencións sanitarias e de máxima afiliación de galegos, e outro o lugar que era, de feito, a súa casa intelectual en Buenos Aires. Os lugares onde morreu e onde viviu. E ambos desexaban facer nas súas sedes as honras fúnebres. Rodolfo Prada cóntalle a Otero Pedrayo nunha carta prolixa e emotiva, de 20 de febreiro, as horas finais de paixón, morte de Castelao e o sucedido na organización dos actos, "Foi choio delicado e difícil", relata Rodolfo Prada, que, por outra banda, é o que ten que resolver e propiciar unha organización de compromiso. O lugar de partida e de velorio será o Centro Gallego, pero:

«Na programación das honras déuselle ao benemérito Centro Ourensán distincións coma estas: a súa coroa floral tivo o lugar de preferencia no velorio; o seu presidente, o primeiro na lista de presidentes das principais entidades galegas para levar o ataúde; ao saír para o enterro, levar a pulso o ataúde ata a porta do súa sede social, deterse alí uns intres para recibir a ho-

« Ramón, comme toujours, fut remarquable dans sa présentation de Filgueira, courageux dans son inoubliable discours à l'Avenida ; l'évocation de Daniel arracha l'ovation la plus impressionnante d'un auditoire profondément ému. À tel point qu'elle provoqua une réaction du camp adverse, qui se manifesta plus tard dans le jardin, devant l'effigie du poète, après le second discours de Ramón, prononcé dans notre langue, au milieu d'une foule considérable.

Quel geste admirable de ce peuple réuni là, serrant les lèvres, animé davantage par l'indignation que par l'indifférence, refusant de lever la main lorsque l'on voulut nous entraîner par la peur à suivre le chant de l'hymne de la tragédie, repris en chœur par les prétendues autorités ! Depuis ce jour, je crois que nous pouvons avoir foi dans l'avenir. »

Le nom de Castelao provoquait donc encore, en 1949, « l'ovation la plus impressionnante d'un auditoire profondément ému » et suscitait la sympathie populaire. Les marges étaient en train d'être conquises.

menaxe dos ourensáns que consistiu nunha verbas en galego do secretario do Centro Ourensán e nunha chuvia de flores que desde os balcóns deixaron caer as mulleres que os enchían...»

A LEMBRANZA DE CASTELAO EN OURENSE

Sen dúbida, un dos lugares da promoción da memoria de Castelao despois do seu pasamento, foi Ourense. A continuidade na cidade dos tres esteos principais da revista *Nós* e dun grupo de colaboradores e epígonos será clave. Florentino Cuevillas vivirá ata 1958, Vicente Risco, ata 1962 e Otero Pedrayo, ata 1976. Eleuterio González Salgado, "Leuter", ata 1977, Xosé Ramón Fernández-Oxea, ata mediados os oitenta que enfermou. Todos eles formaron un grupo fluído de actividade galeguista nos anos corenta e cincuenta sen parangón en Galicia. E a memoria de Castelao era un dos seus eixos vitais.

Os ourensáns, impulsores do programa das emisións galegas da BBC de Londres, case exclusivos, nas súas fases iniciais, promoven un programa especial sobre a morte de Castelao. Emitirase para o mundo por onda corta, na noite do luns 13 de marzo de 1950 e contará cun evocador texto de Otero Pedrayo titulado "Castelao a conciencia de todos feita home", onde repasa a súa amizade, o compromiso ético co país de Castelao e a vocación e declara o seu compromiso coa súa memoria: "Non pode morrer. Toda figuranza do pasamento fai sufrir a ista viva ilusión de Castelao que levo dentro de min". Xa antes, o día 28 de xaneiro dese 1950 publicará no suplemento do sábado de *La Noche*, un artigo titulado "A casiña de Rianxo", evocador da súa visita á casa de Castelao, onde se encontrou coas irmás de Castelao poucos días despois do seu pasamento.

A evocación de Castelao, por outra parte, pechará tamén o repaso polas amizades defuntas -39- que compoñen o grande retábulo, a grande galería de semblanzas humanas e sentimentais dos personaxes que fixeron moito polo país, contida no fermoso *Libro dos amigos*, publicado en 1952.

Pero tamén, á parte desas intervencións iniciais, temos tamén a súa participación na memoria de Castelao con motivo, primeiro da dedicatoria do día das Letras Galegas, en 1964 e logo en innúmeras ocasións. Por exemplo, na conferencia inaugural do Museo Carlos Maside de Sada, "A miña amizade con Castelao", dita o 18 de setembro de 1971. Tamén froito deste vínculo de irmandade, é unha das

MORT ET SOUVENIRS

Lorsque Castelao mourut le 5 janvier 1950, au sein d'une collectivité profondément bouleversée, quoique nullement surprise par l'issue annoncée, se posa immédiatement la question de l'organisation des funérailles et des cérémonies d'hommage. Eduardo Blanco Amor fut chargé des discours unitaires au nom de la collectivité galicienne ainsi que de la maîtrise de cérémonie pour l'organisation du cortège funèbre à travers les rues de Buenos Aires.

À ce moment-là se produisit une amicale rivalité entre le Centre Galicien et le Centre d'Ourense. Le premier était le principal lieu d'assistance sanitaire et l'institution regroupant le plus grand nombre de Galiciens ; le second était, de fait, la véritable maison intellectuelle de Castelao à Buenos Aires. L'un représentait le lieu où il était mort, l'autre celui où il avait vécu. Tous deux souhaitaient accueillir les honneurs funèbres dans leurs locaux. Dans une longue et émouvante lettre adressée à Ramón Otero Pedrayo le 20 février, Rodolfo Prada relate les dernières heures de la passion et de la mort de Castelao ainsi que les difficultés liées à l'organisation des cérémonies. « Ce fut une tâche délicate et difficile », écrit-il. Prada dut trouver et mettre en œuvre une solution de compromis. Le départ du cortège et la veillée funèbre eurent lieu au Centre Galicien, mais :

decena), as ideas antifrancesas de Hemon, se as ten, non se reflicten en Gwalarn: a súa obstinación lévao a traballar na construción dunha literatura nacional. Para iso, escolle as obras traducidas en Gwalarn segundo o seu propio criterio e selecciona aquelas nas que atopa unha superación.

Quero poñer na miña propia lingua cada un dos escritos estranxeiros que me agradan. Lin durante toda a miña vida, sen orde nin regra, obras mestras de todos os países. Quizais sexa a beleza a que me atrae e non mire suficientemente o interior. Non son filósofo. Nin político. Pero creo que sempre hai no amor inspirado, e que despois alimentamos en nós mediante unha obra literaria ou artística, algo máis ca o abraio ante a forma exterior, máis ca a sorpresa ante a perfección e a beleza dunha serie de imaxes[42].

Don Quijote de la Mancha. Editorial Planeta, S.A., 2005

D. Quijote de la Mancha. Editorial Planeta, S.A., 2005

Fronte a Vicente Risco, que consideraba que a obra de Cervantes reflectía "a planicie do espírito castelán", Roparz Hemon analiza, desmiúza e disocia os distintos xéneros literarios propostos por Cervantes e expresa o seu desinterese. Apenas pode percibirse niso certo desdén:

«Lin e relín o Don Quixote de Cervantes. Sen ningunha emoción. Lin e relín as súas Novelas exemplares [1613]. Emocionado esta vez. [...] Non puiden ler integramente ningunha das súas obras de teatro. Salvo El Rufián Dichoso. A miúdo préstase moi pouca atención ao teatro de Cervantes[43].»

Er c'hontrol da Risco (n'eus ket kalz skridoù politikel e *Nós*, un dek bennak anezho hepken), ne verzher ket mennozhioù enep-gall Hemon (ma 'z eus anezho) e *Gwalarn* : e stourm a gas anezhañ da labourat evit sevel ul lennegezh vroadel. Evit en ober e tibab an oberennoù troet e *Gwalarn* hervez e spered-barn dezhañ e-unan ha dibab a ra ar re ma kav enno ur "mont dreist''.

Kement skrid estren a vourran ennañ a fell din lakaat em yez. Lenn a ris a-hed va buhez, hep urz na reiz, pennoberoù a bep bro. Marteze ez eo gant ar gened on hoalet, ha ne sellan ket tost a-walc'h ouz an diabarz. Prederour n'on ket. Na politiker. Krediñ a ran avat ez eus atav er garantez enaouet, ha maget da c'houde en hor c'hreiz, gant un oberenn lennegel pe arzel, muioc'h eget estlamm ouz ar stummdiavaez, muioc'h eget bam ouzh parfeted ha kaerder ur steudad skeudennoù.[42]

E skoaz eus Vicente Risco a gave dezhañ e tiskoueze oberenn Cervantes "divlaz ar spered kastilhan'' e soñj da Roparz Hemon eo gwell dielfennañ, dibluskenniñ, ha ret disheñvelaat ar rummadoù lennegel kinniget gant Cervantes kenetrezo, a-raok ezteurel e chom digas outo. A-boan ma weler dismegañs amañ :

« Lennet, adlennet em eus *Don Kic'hote* Cervantes. Difrom-tre. Lennet, adlennet em eus e *Varvailhoù a-Skouer Vat* [1613]. Fromet en dro-mañ. [...] N'am eus gellet lenn hini ebet eus e beziou-c'hoari. Nemet *El Rufian Dichoso*. Re alies e reer nebeud a stad eus c'hoariva Cervantes.[43] »

42. *A superación*, prefacio á tradución de *El Rufián Dichoso*, *Gwalarn*, n.os 148-149, pp. 236-237, maio de 1942.

43. Ibíd.

42. Ar "mont dreist'', *rakskrid da droidigezh* El Rufian Dichoso, *Gwalarn*, n°148-9, p.236-7, Mae 1942

43. Ibid.

Ao igual que Risco, Roparz Hemon é consciente da existencia dunha comunidade propia, distinta da gran entidade estatal englobante, e de que esta comunidade debe rexeitar a unificación e a uniformidade que se lle impoñen. Ambos operan un desprazamento desde o cultural cara á ideoloxía nacionalista e a intención cívica, posto que en ambos os casos se trata (de maneiras diferentes, certamente) de crear as condicións para unha conciencia da identidade céltica. As dúas lóxicas proceden mediante a identificación cun conxunto nacional nacente, destinado a formar parte dun colectivo máis amplo, que reúna outras nacións análogas (célticas, esperantistas, europeas, etc.).

Vicente Risco. Debuxo de Conde Corbal.
ARQUIVOS RAIGAME
Vicente Risco, tresadenn gant Conde Corbal
[DIELLOÙ RAIGAME]

Da heul Risco, Roparz Hemon a zo emskiant ez eus eus ur gumuniezh distag, disheñvelmat diouzh an unvez-stadel vras en-dro dezhi, hag e rank ar gumuniezh-se nac'h an unvaniezh a zo tonket dezhi. Labourat a reont o daou dre ur riskladur eus ar sevenadur d'an ideologiezh vroadelour ha d'ar c'hoant keodedel pa vez anv en daou zegouezh (e doareoù disheñvel, anat) da lakaat diwanañ en o lennerien emskiant un identelezh keltiek. Tennañ a ra an div boelloniezh da anavezout un hollad broadel nevez-c'hanet, lakaet da gemer perzh en ur c'henstroll brasoc'h, broadoù all damheñvel ennañ (keltiek, esperantek, europat, h.a.).

O TRÁNSITO DO ELITISMO URBANO Á INTEGRACIÓN DAS MASAS POPULARES

Por último, un terceiro factor de xemelidade vincula as iniciativas de Nós e Gwalarn, a saber, a vontade de ampliar o que desde as súas orixes eran movementos de intelectuais urbanos cara a masas populares máis amplas. Tanto Nós como Gwalarn son revistas nacidas nun contorno urbano e creadas por intelectuais eruditos procedentes da burguesía cidadá que propoñen un cambio de paradigma na visión da identidade que as anima.

Resulta que, para que esta valorización da identidade sexa efectiva, debe ser coñecida e aceptada pola poboación e polos falantes, na súa maioría rurais. Polo tanto, aínda que o galeguismo sexa de orixe urbana, debe vincularse á ideoloxía ruralista. Para Vicente Risco, a Galicia auténtica é a da lingua, as tradicións e o respecto dedicado ao medio natural como marco de vida de mariñeiros e campesiños, sede do xenio cultural. Para o ourensán que erixiu en dogma a procura das orixes e a pureza dun retorno á natureza, o "O Enxebrismo" (enxe-

TREMEN EUS BEGENN-KÊR DA ENFRAMMAÑ TUD AR BOBL

Evit echuiñ, un trede parenn gevellek a liamm embannadurioù *Nós* ha *Gwalarn*, da lavarout eo ar youl o deus da ledanaat, ar pezh a oa adalek o orin, luskadoù tud desket eus kêr da dud ar bobl. *Nós* evel *Gwalarn* a zo kelaouennoù anezho, bet ganet e metoù kêr ha bet krouet gant lennerien ouiziek, orinoù bourc'hiz-kêr dezho a ginnig ur c'hemm paradigm en doare da sellout ouzh o identelezhioù.

Evit ma vo talvoudekaet an identelezh-mañ e rank bezañ anavezet ha degemeret al labourioù-se gant an dud o-unan ha gant an dud a ra gant ar yezh, tud a-ziwar ar maez peurvuiañ. Ret eo neuze, daoust d'ar galizegezh bezañ a orin eus ar c'hêrioù, liammañ anezhi ouzh ideologiezh ar maezioù. Evit Vicente Risco ez eo Galiza wirion hini ar yezh, an hengounioù hag an doujañs gouestlet d'ar metoù naturel evel endro bevañ ar vartoloded, ar beizanted, sez an ijin sevenadurel. Evit paotr Ourense, en deus lakaet da bennwirionez klask an orinoù ha glanded un distro d'an natur, d'an "*Enxebrismo*",

bre, puro) implica tamén que o seu plantexamento fose comprendido polo pobo, e non unicamente por un feixe de intelectuais. Ademais, dado que a identidade galega estaba orixinalmente fundada arredor do mundo rural, non resulta sorprendente que Risco se esforzase para que o seu labor de refundición nacionalista da identidade galega fose coñecido e aceptado pola poboación galega. Porén, cando Risco expón esta vontade de dirixirse á poboación galega, admite de bo grado que a masa por si soa, sen unha elite, non podería desenvolver unha conciencia nacional:

«Este movemento [o nacionalismo] raramente se produce na masa do pobo. A masa é sempre neutra e inerte, e vai alí onde se a conduce [...] as masas modernas, mesmo entre nós, están todas mistificadas. Os movementos nacionalistas, como todos os movementos políticos e culturais, prodúcense sempre nunha elite espiritual.[44]»

Como resposta, M. Beiras García oponse a esta idea, argumentando que dirixirse á multitude diluiría e debilitaría o traballo de toma de conciencia nacional e o conxunto do plantexamento galeguista:

«A masa aumentaría e a esencia do galeguismo debilitaríase nesta aluviada de xente e o núcleo puro debería procurar un novo fogar para recomezar o seu apostolado[45].»

Inspírase entón, nas súas lecturas irlandesas, en referencias neste sentido, podendo o *enxebrismo* estar tamén moi vinculado a un retorno á natureza (James Stephens) e ao panteísmo (George Russel), por exemplo. Posto que o seu proxecto non pode limitarse ao rexeitamento da cultura ibérica dominante, o seu idealismo debe estenderse ao pobo para corresponder, por non dicir converterse, nunha verdade popular. Así, a variedade dos temas abordados pola revista testemuña certa proximidade coa vida cotiá da poboación rural galega: temas relacionados coa natureza, a vida diaria, temas dirixidos á multitude. Como recomenda ademais Anton Villar Ponte[46], obrígase a propoñer temas tan xerais como populares para que cheguen a ser universais: a saudade (tema tratado co apoio de J. Nunez Bua[47] e Placido

44. *A Nosa Terra*, 1-II-1931 (V. Risco, *A ideoloxía do nacionalismo exposta esquematicamente*).

45. *A Nosa Terra*, 18-IX-1933.

46. Antón Villar Ponte (1881-1936), colaborador de *Nós*, *A Nosa Terra* e outras revistas galeguistas.

47. *Nós*, n.º 62, p. 34, 1929.

(*enxebre,* glan) e talvez ivez e vefe komprenet e oberezh gant ar bobl, n'eo ket gant un dornadig lenneien hepken. Ouzhpenn-se, pa oa diazezet da gentañ identelezh Galiza en-dro d'ar bed diwar ar maez, n'eo ket souezh e fellfe da Risco e vefe anavezet ha degemeret gant ar bobl c'halizat e labour adreizhañ an identelezh c'halizat en un doare broadelour. Koulskoude, pa ziskouez Risco ar c'hoant-se da vont e darempred gant ar bobl c'halizat, e c'houlez a-walc'h ne c'hallfe ket an dud izel hepken, hep begenn ebet, adperc'hennañ an emskiant broadel :

« Ral-tre eo e savfe ar seurt luskad [ar vroadelouriezh] diwar tolzennadoù tud ar bobl. Neptu ha dinerzh e chom an tolzennadoù tud, bepred, hag ez eont d'al lec'h ma heñcher anezho [...] an tolzadoù modern, du-mañ zoken, a zo touellus. An emsavioù broadelour, evel an holl emsavioù politikel ha sevenadurel, a c'hoarvez bepred en ur vegenn speredel.[44] »

Evel evit respont, e sav an aotrou Beiras Garcia a-enep d'ar mennozh-se, o soñjal e vefe disteraet ha gwanaet al labour emskiantañ ar vro hag hollad an hent war-zu ar gallegoouriezh :

« Asambles gant kresk an tolzennadoù-tud e savfe diskar da anien ar c'hallegoouriezh en ur veskailhez a ved, ar galonenn c'hlan a rankfe klask un oaled all evit kregiñ en-dro gant hec'h abostolerezh.[45] »

Awenet e oa bet neuze, gant lennadennoù Bro-Iwerzhon, gant daveoù a zafe war-zu ar spered-se, o c'houzout e c'hellfe an *enxebrismo* bezañ stag-tre ouzh un distro d'an natur (James Stephens) ha d'an hollzoueegezh (George Russel), da skouer. Dre ma ne c'helle ket e raktres chom stag ouzh nac'hadenn ar sevenadur iberek trec'h hepken, e ranke e uhelvennadoù astenn betek ar bobl a-benn klotañ, ma n'eo ket evit dont da vezañ, ur wirionez bobl. Drese e tiskouezer liested an temoù, a vez lakaet ar gaoz warno er gelaouenn, bezañ tost a-walc'h ouzh buhez pemdez poblañs Galiza war ar maez : temoù tro-dro d'an natur, d'ar vuhez pemdez, temoù a denn d'an tolzennoù-tud a-benn ar fin. Ali gant Anton Villar Ponte[46], strivañ a ra da ginnig temoù ken hollek ha ken poblek all evit ma

44. *A Nosa Terra*, I-IH-1931 (V. Risco, *A ideoloxia do nacionalismo exposto en esquema*)

45. *A Nosa Terra*, 18-IX-1933

46. Anton Villar Ponte [1881-1936], unan eus kenskriderien *Nós*, *A Nosa Terra* ha kelaouennoù gallegoour all.

R. Castro[48]), as paisaxes[49], os megalitos, a viaxe[50], a norte[51], etc. Risco propón igualmente un programa para o estudo do patrimonio literario popular galego, Ensaio d'un Programe pr'o Estudo da Literature Popular Galega[52]. Todo se pon en práctica para que cada persoa poida apropiarse desta valorización de Galicia, dentro dunha iniciativa que reivindica a universalidade:

«Nós é un intento logrado de dar á vida cultural galega un valor universal[53].»

Roparz Hemon enfróntase igualmente á mesma cuestión e a apertura do plantexamento gwalarnista á maioría da poboación bretonófona constitúe un verdadeiro desafío, xa que Gwalarn se dirixe nun primeiro momento a unha elite e desexa axiña poder ser lida polo maior número posible de falantes de bretón. A lingua bretoa é, certamente, unha lingua historicamente maioritaria no medio rural, pero pragmaticamente: como conciliar unha conciencia nacional que, polo momento, só atinxe a un feixe de intelectuais da pequena burguesía urbana con uns falantes que tenden cada vez máis cara a sentimentos de vergoña pola súa lingua e de inferioridade pola súa cultura? Sen responder completamente a esta cuestión, sinalemos que GWALARN[54] propón, por unha banda, adaptar

Antón Vilar Ponte. ARQUIVOS RAIGAME
Antón Vilar Ponte [DIELLOÙ RAIGAME]

teufent da vezañ hollvedel : ar *saudade* (war harp labourioù J. Nunez Bua[47] ha Placido R. Castro[48]), an ardremez[49], ar meurvein, ar beajoù[50], ar marv[51], h.a. Kinnig a ra Risco ivez ur programm evit studiañ glad lennegel pobl Galiza, *Ensaio d'un Programe pr'o Estudo da Literature Popular Galega*[52]. Pep tra 'zo lakaet e pleustr evit ma c'hallo pep hini perc'hennañ an talvoudekaat-se eus Galiza, en ur gest soñjet evit bezañ hollvedel :

Un taol-arnodiñ deuet da bennvad eo *Nós* evit a-sell ouzh reiñ un dalvoudegezh hollvedel da vuhez sevenadurel Galiza.[53]

Diouzh e du e rank ivez Roparz Hemon taliñ ouzh an hevelep kudenn hag ur sapre dae eo evit ar walarnerien, pa embannont da gentañ holl evit an uhelidi, ledanaat ha gallout bezañ lennet gant ar muiañ ar gwellañ a vrezhonegerien. Re wir eo, a-fed istor dreist-holl eo ar brezhoneg yezh an dud diwar ar maez. En un doare pleustrek avat ; penaos unvaniñ un emskiant vroadel ha ne sell ket, betek en, nemet ouzh un dornadig lenneien, bourc'hizien kêr anezho, gant brezhonegerien o sachañ muioc'h mui war-zu santadoù mezh o yezh hag izelded pe dister o sevenadur ? Hep respont d'ar goulenn-se penn-da-benn, e verzher e kinnig

48. *A saudade e a arte nos pobos célticos*, 1929.

49. Sobre este tema coinciden practicamente todos os colaboradores: Risco, Murguía, Vicetto, Castelao e, por suposto, Pedrayo, xeógrafo.

50. *Nós*, n.º 26, p. 10, 1926, *A lenda de Armenteira*.

51. *Nós*, n.º 87, p. 42, 1931, *O culto aos mortos*.

52. *Nós*, n.º 56, pp. 142-155, 1928.

53. Basilio Losada Castro, *Os galegos: A literatura galega – A xeración Nós*, p. 281.

54. Aquí faise referencia ao movemento literario máis ca á revista *Gwalarn* en si mesma.

47. *Nós*, n°62, p.34, 1929

48. *La Saudade Y El Arte En Los Pueblos Celticos*, 1929

49. Sevel a ra a-du hag a-unan ar braz eus kenskriderien ar gelaouenn war an dachenn-se : Risco, Murguía, Vicetto, Castelao hag an douaronour Pedrayo, anat.

50. *Nós* n°26, p.10, 1926, *A Lenda De Armenteira*

51. *Nós*, n°87, p.42, 1931, *O Culto Os Mortos*

52. *Nós*, n°56, p.142-55, 1928

53. Basii lo Losada Castro, *Los Galegos : La Literatura Gallega* - La generacion *Nós*- p.281

a súa lingua e, por outra, diversificar as súas publicacións para corresponder mellor aos distintos públicos aos que desexa chegar.

Roparz Hemon traballa na creación de diversas ferramentas lingüísticas, entre as cales crea un brezoneg eeun / bretón simple, composto por 1.047 palabras necesarias para o uso da lingua e a partir do cal compón e difunde numerosas obras novelescas adaptadas a un público novo, como Ar c'horf dindan treid va zad-kozh / O corpo baixo os pés do meu avó. Esta simplificación da lingua presenta a dobre vantaxe[55] de tranquilizar o público lector bretonófono respecto da súa comprensión e, polo tanto, incitalo a ler máis ao resultar a lectura máis doada; ademais, permite a Gwalarn perder menos lectores que, ao atoparse diante dunha materia demasiado ardua, estarían tentados de abandonar a lingua bretoa.

A partir de 1928, outras publicacións veñen reforzar a edición de Gwalarn para corresponder mellor á variedade dos públicos lectores. Ademais da Levraoueg Gwalarn / Biblioteca de Gwalarn (que reúne fascículos monotemáticos por obra), citemos Brezoneg ar vugale / O bretón dos nenos a partir de 1928 (unha edición destinada ás escolas), Nord-Okcidento, que xa citamos e que aparece o mesmo ano (dez números en esperanto que inclúen traducións ao irlandés e ao galés), a revista trimestral Kornôg / Oeste entre 1928 e 1930 (unha revista das Artes da Bretaña dirixida por René-Yves Creston en colaboración cos Seiz Breur), o Kannadig Gwalarn / Boletín de Gwalarn a partir de 1932 (unha revista nunha lingua moi accesible) e, por último, Sterenn / Estrela Polar durante todo o ano 1941 (mensual proposto por Roparz Hemon). Sinalemos tamén a creación de dúas editoriais próximas a Gwalarn: Skrid ha Skeudenn / Escrito e Ilustrado de 1934 a 1947 (dirixida por Youenn Drezen e o editor Florentin Goinard) e Skridoù Breizh / Escritos da Bretaña de 1941 a 1957 (dirixida polo mesmo Florentin Goinard).

Como pode observarse, as respostas achegadas por Nós e Gwalarn á cuestión da integración das masas populares na iniciativa de valorización nacional son moi diferentes. Hai que ter en conta, ademais, que ambas as revistas foron bruscamente interrompidas na súa empresa, Nós xa en 1936, é dicir, oito anos antes ca Gwalarn; polo tanto, analizamos dous proxectos inacabados, e que as situacións lingüísticas (a vitalidade da lingua, a oposición gobernamental, por exemplo) tamén difiren entre Galicia e a Bretaña.

55. Trátase aquí do movemento literario, más que soio da revista Gwalarn.

GWALARN[54] azasaat e yezh diouzh un tu, ha, liesaat an doareoù embann evit klotañ gwelloc'h gant an dud a fell dezhañ tizhout, diouzh un tu all.

Strivañ a ra Roparz Hemon da sevel binviji yezhel liesstumm, krouiñ a ra en o zouez ur *brezoneg eeun*, ur c'heriaoueg 1 047 ger hollret evit ober gant ar yezh ha diwarni e sav hag e skign un toullad romantoù azasaet d'an dud yaouank pe d'an deskidi evel da skouer *Ar c'horf dindan treid va zad-kozh*. Gant stumm eeunaet hor yezh[55] e c'haller lakaat al lennerien vrezhonek da gompren anezhi, ha, diwar neuze, broudañ anezho da lenn muioc'h peogwir eo aesoc'h, ha dre-se e c'hall *Gwalarn* koll nebeutoc'h a lennerien o defe klasket dilezel ar yezh, pa vijent bet lakaet e-tal ouzh un danvez faeüs betek re.

Diwar 1928 e teuas kelaouennoù all da greñvaat kelaouenn *Gwalarn* evit klotañ gwelloc'h gant liesseurted al lennerien. Ouzhpenn da *Levraoueg Gwalarn* (o strollañ al levrennigoù untemek dre oberenn), menegomp *Brezoneg ar vugale* adalek 1928 (un embannadur evit ar skolioù), *Nord-Okcidento,* bet menneget ganeomp c'hoazh ha krouet an hevelep bloaz (dek niverenn en esperanteg, troidigezhioù diwar an iwerzhoneg hag ar c'hembraeg enno), an trimizieg *Kornôg,* etre 1928 ha 1930 bepred (ur gelaouenn arzoù Breizh renet gant Reun Kreston asambles gant ar *Seiz Breur*), *Kannadig Gwalarn* adalek 1932 (ur gelaouenn en ur yezh hegompren) hep ankouaat *Sterenn* evit ar bloavezh 1941 a-bezh (kelaouenn vizieg kinniget gant Roparz Hemon). Menegomp ivez e oa bet krouet daou di-embann tost ouzh *Gwalarn* : *Skrid ha Skeudenn* a embannas etre 1934 ha 1947 (renet gant Youenn Drezen hag an embanner Florentin Goinard) ha *Skridoù Breizh* etre 1941 ha 1957 (renet gant an hevelep Florentin Goinard).

Ur stadad eo, disheñvel-mat eo ar respontoù degaset gant *Nós* diouzh re *Walarn* evit a sell ouzh enframm tolzadoù ar bobl er pal da dalvoudekaat ar vro. Ret eo, a-hent-all, derc'hel e kont ivez e oa bet harzet an div gelaouenn en o embregadennoù : *Nós* ken abred ha 1936, da lavarout eo eizh vloaz a-raok *Gwalarn*, dielfennañ a reomp amañ daou raktres diechu eta, ha disheñvel ivez o c'henarroudoù yezh (buhezegezh ar yezh, enebiezh ar gouarnamant, da skouer) etre Galiza ha Breizh.

54. Anv a zo amañ eus al luskad lennegel, muioc'h eget ar gelaouenn *Gwalarn* hec'h unan.

55. Digresket kalite yezh lennegel an oberennoù ablamour da-se, splann.

A MODO DE APERTURA

A confrontación das dúas revistas Nós e Gwalarn permítenos constatar que os proxectos de identificación nacional de Risco e Hemon son moi diferentes: a edificación dunha identidade nacional galega arredor dos mitos célticos dentro do marco dunha comunidade atlántica desexada por Risco, e a construción dunha literatura nacional bretoa arredor de referencias literarias mundiais, integrando un desexo de relacións entre nacións a diferentes escalas: céltica, esperantista, europea e mundial, para Hemon. Probablemente falsos xemelgos, pero xemelgos ao fin e ao cabo, Nós e Gwalarn aparecen máis próximos do que parece a primeira vista, aínda que só sexa por estes tres factores comúns: as construcións, máis ou menos logradas, de modelos monolingües, nacionalistas e que aspiran a integrar as masas populares.

E DOARE UN DIGORADUR

Pa geñverier an div gelaouenn *Nós ha Gwalarn* e c'hellomp merzhout pegen disheñvel eo raktresoù an anavezout broadel evit Risco hag Hemon : sevel un identelezh vroadel c'halizat en-dro d'ar mojennoù keltiek e framm ur gumuniezh atlantel c'hoantaet gant Risco diouzh un tu, pe, sevel ul lennegezh vroadel vrezhonek, en-dro da zaveoù lennegel ar bed, enni ur c'hoant da gaout darempredoù etre broadoù disheñvel o liveoù : keltiek, esperantek, europat, bedel, evit Hemon.

Moarvat ez int falsgevelled, gevelled ez int avat, tostoc'h-tostañ m'eo deuet da vezañ *Nós* ha *Gwalarn* eget na greded d'ar c'hentañ sell, paneve nemet dre an teir farenn-se, boutin dezho o div : meizadennoù (disoc'het pe get) patromoù unyezhek, broadelour hag a fell dezho enframmañ tolzadoù ar bobl enno.

Unha das portadas de Nós
[© HTTPS://HISTORIADEGALICIA.GAL/]
Keinadur* Nós, *ur skouer
[© HTTPS://HISTORIADEGALICIA.GAL/]

[Abaixo] **Portadas dos números 3, 4 e 7 de NÓS.** ARQUIVOS RAIGAME
***Keinadurioù* Nós, *niverennoù* 3, 4 *ha* 7**
[DIELLOÙ RAIGAME]



BREVE BIBLIOGRAFÍA

Castro Xavier, Juana Jesus de., Le Galicianisme et l'EMSAV entre 1850 et 1945. In: Annales de Bretagne et des pays de l'Ouest. Tome 94, numéro 3, 1987, pp. 325-45

Choplin Cédric et coll., La littérature en langue bretonne des origines à nos jours, Les Montagnes Noires, 2024

Cloarec Fulup, Le Celtisme dans « Nos », revue galicienne *[1920-1936]*, mémoire de maîtrise espagnol, Dir. Bernard Gonidec, Rennes 2, 1969

Denez Gwendal & Hupel Erwan, An Attempt to Renew Breton Literature, Proceedings of the Harvard Celtic Colloquium, Vol. 29, Harvard, 2009, pp. 70-80

Domingues Caroline, Les voies de l'identité galicienne : des médias à l'ibérisme, Cahiers de civilisation espagnole contemporaine [En liña], Especial 4, 2024, (en liña 11/05/24, consultado o / consulté 08/03/26) https://doi.org/10.4000/11uwm

Hupel Erwan, Gwalarn - Histoire d'un mouvement littéraire en Bretagne, tese de doutoramento / thèse de doctorat, Rennes, U.H.B., 2010.

Maria Lopo, L'imaginaire celtique en Galice : littérature et identité, in Bévant Y., Denis G., Le Bihan H., Cultures, langues et imaginaires de l'arc atlantique, TIR-CRBC, 2010, p. 39-47

Novo Olga, A la recherche du rêve celte : voyages de Galiciens en Bretagne, in Le celtisme et l'interceltisme aujourd'hui - Actes du colloque de Lorient (11-12/10/2010), TIR-CRBC, 2012, pp. 207-15

(Apud) Novo Olga, Castelao no bosque de cruceiros. A viaxe a Bretaña de 1929, Moenia, n.º 16, 2011, p. 21.

Omnès Robert, La Galice : une Bretagne ibérique, in Etudes sur la Bretagne et les pays celtiques : mélanges offerts à Yves Le Gallo, Brest, Centre de Recherche Bretonne et Celtique, 1987.

Taldir Jaffrennou (François), Les "Gallegos" d'Espagne, in An Oaled, n.º 25-27, t. 5, 1929, pp. 698-701.

Valiente Fernández Alicia, La recepción de la cultura portuguesa en la revista Nós, Revista de Filología Románica n.º 24, 2008, pp. 251-262

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, La Bretagne et la revue Nós, Raigame n.º 52, 2025, pp. 10-31

Villares Ramón (coll.), As olladas dos bretóns sobre Galicia (1966-2016), Galicia-Bretaña. Olladas comparadas, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2020, pp. 15-36.

LEVRLENNADUR BERR :

Castro Xavier, Juana Jesus de., *Le Galicianisme et l'EMSAV entre 1850 et 1945*. In: Annales de Bretagne et des pays de l'Ouest. Tome 94, numéro 3, 1987, pp. 325-45

Choplin Cédric et coll., *La littérature en langue bretonne des origines à nos jours*, Les Montagnes Noires, 2024

Cloarec Fulup, *Le Celtisme dans « Nos », revue galicienne [1920-1936]*, mémoire de maîtrise espagnol, Dir. Bernard Gonidec, Rennes 2, 1969

Denez Gwendal & Hupel Erwan, *An Attempt to Renew Breton Literature*, Proceedings of the Harvard Celtic Colloquium, Vol. 29, Harvard, 2009, pp.70-80

Domingues Caroline, *Les voies de l'identité galicienne : des médias à l'ibérisme*, Cahiers de civilisation espagnole contemporaine [En ligne], Spécial 4, 2024, (en ligne 11/05/24, consulté 08/03/26) https://doi.org/10.4000/11uwm

Hupel Erwan, *Gwalarn - Histoire d'un mouvement littéraire en Bretagne*, thèse de doctorat, Rennes, U.H.B., 2010.

Maria Lopo, *L'imaginaire celtique en Galice : littérature et identité,* in Bévant Y., Denis G., Le Bihan H., Cultures, langues et imaginaires de l'arc altnatique, TIR-CRBC, 2010, p.39-47

Novo Olga, *A la recherche du rêve celte : voyages de Galiciens en Bretagne*, in Le celtisme et l'interceltisme aujourd'hui - Actes du colloque de Lorient (11-12/10/2010), TIR-CRBC, 2012, pp.207-15

(Apud) Novo Olga, *Castelao no bosque de cruceiros. A viaxe a Bretaña de 1929*, Moenia, n°16, 2011, p. 21.

Omnès Robert, *La Galice : une Bretagne ibérique*, in Etudes sur la Bretagne et les pays celtiques : mélanges offerts à Yves Le Gallo, Brest, Centre de Recherche Bretonne et Celtique, 1987.

Taldir Jaffrennou (François), *Les "Gallegos" d'Espagne,* in An Oaled, n°25-27, t.5, 1929, pp. 698-701.

Valiente Fernández Alicia, *La recepción de la cultura portuguesa en la revista Nós,* Revista de Filología Románica n°24, 2008, pp.251-262

Vázquez-Monxardín Fernández, Afonso, *La Bretagne et la revue Nós*, Raigame n°52, 2025, pp.10-31

Villares Ramón (coll.), *As olladas dos bretóns sobre Galicia (1966-2016)*, Galicia-Bretaña. Olladas comparadas, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2020, pp. 15-36.

castellano

français

TRAS OS PASOS DE CASTELAO NA BRETAÑA

WAR ROUDOÙ CASTELAO E BREIZH

Robert Neal Baxter Ford

Ed. Asociación Breizh Galiza, 2026

Embannet gant Asociación Breizh-Galiza, 2026

Este libro, ricamente ilustrado con fotografías orixinais cedidas gratuitamente por moitas amigas e amigos da Bretaña e da Galiza, insírese de cheo dentro do elenco de actividades organizadas pola Asociación Breizh Galiza desde a súa creación en 2023 e que teñen por obxectivo difundir a cultura da Bretaña na Galiza e estreitar os lazos entre os nosos dous pobos irmáns. Bo exemplo diso é a participación desde a Galiza na *Redadeg*, carreira a prol da lingua bretoa, en paralelo co apoio organizado desde a Bretaña a prol do galego con motivo do Día das Letras Galegas. Ao igual que a anterior publicación de *Brezhoneg, lingua celta da Bretaña*, a primeira gramática dunha lingua celta en galego da man do mesmo autor, así como os *festoù-deiz* (foliadas diúrnas) que organiza a Asociación, este novo libro contou co apoio da Rexión Bretaña.

Máis especificamente, o libro nace cun duplo propósito, dirixido á vez ao público galego e ao público bretón, razón pola cal está redactado integramente na tres linguas; galego, bretón e francés.

Por un lado, pretende contribuír a dar a coñecer a personaxe chave de Castelao na Bretaña, destacando a súa querenza pola Bretaña, e en cuxo ideario a similitude entre as cruces de pedras da Bretaña e da Galiza, como expresión máxima da arte popular que alicerza a cultura de ambos pobos, formaría un elo inquebrantábel que se mantería ao longo da súa vida, desde a súa visita a Bretaña que daría pé á

Al levr-mañ, ennañ luc'hskeudennoù diembann a-leizh bet roet evit mann gant kalz a vignon.ez.ed eus Breizh ha Galiza, a gav e blas e-touez an oberoù all kaset da-benn gant ar Gevredigezh Breizh-Galiza abaoe ma oa bet krouet e 2023, ganti da bal brudañ sevenadur Breizh e Galiza ha kreñvaat al liammoù etre hon div bobl gar. Ur skouer vat eus al labour-se eo ar fed m'eo bet kemeret perzh er Redadeg e Galiza, kenkoulz hag ar c'hengred e Breizh gant ar galizeg da-geñver Devezh ar Yezh. Dres evel ar wezh kent ma oa bet embannet al levr *Brezhoneg, lingua celta da Bretaña*, yezhadur kentañ ur yezh keltiek e galizeg savet gant an hevelep den, hep ankounac'haat ar festoù-deiz aozet gant ar Gevredigezh, e c'hellez al levr-mañ dont er-maez a-drugarez da sikour Rannvro Breizh.

Savet eo bet al levr-mañ gantañ daou bal pennañ, da lâret eo talvezout koulz d'al lennerion.ezed e Breizh hag are re e Galiza. Setu perak eo teiryezhek penn-da-benn, e galizeg, brezhoneg ha galleg.

Diouzh un tu e fell dezañ brudañ Castelao, arzour, skrivagner ha politikour a-bouez-kenañ e Galiza, e Breizh, o lakaat war wel ar garantez a vage ouzh Breizh. Hervezañ, an heñvelderioù etre ar c'hroazioù-maen a gaver e Breizh hag a re e Galiza a dalvez da linenn-stur o liammañ anezhe an eil ouzh eben. Evitañ e vanas bev al liamm didorr kenetreze o-div a-hed e vuhez adalek an dro a reas e Breizh,

Abadía de Beaupozh. FOTO: SILVIA CASTRO
Abati Boporzh. FOTO : SILVIA CASTRO

magnifica obra mestra *As cruces de pedra na Bretaña* que viu a luz en 1930 e que culminaría na publicación póstuma da súa derradeira obra, *As cruces de pedra na Galiza* en 1950. Así, non se debe entender este estudio como unha obra de importancia menor dentro do conxunto da obra de Castelao, senón como un elemento permanentemente subxacente e mesmo fulcral, tal e como o expresou nas súas propias palabras: "Dende fai bastantes anos veño recollendo materiales para un próisimo libro en col dos cruceiros galegos, cavilando sempre nun lonxano estudo comparativo das cruces de pedra dos Fisterres, que virá cando se coñezan ben por separado. Non se podería falar dos nosos cruceiros sen ter visitado primeiramente a Bretaña, e alá fun."

Neste empeño urxente de divulgar este egrexio personaxe galego axúdanos a achegarnos á figura de Castelao o texto do profesor de filosofía e historiador estradense, Xoán Carlos Garrido, que leva por título *Desde a fin do mundo até un mundo sen fin*, que abre coas seguintes palabras cuxa importancia non pasa desapercibida: "Castelao asumiu a análise dos cruceiros como unha obriga militante inserida dentro da división do traballo que no proxecto colectivo do nacionalismo e concretamente no Seminarios de Estudos Galegos, tiña por obxectivo coñecer, divulgar e poñer en valor o noso."

savet gantañ a-benn neuze e oberenn veurdezus *As cruces de pedra na Bretaña* a deuas er-maez e 1930, betek e oberenn diwezhañ *As cruces de pedra na Galiza* embannet e 1950 goude ma oa aet d'anaon. Neuze, ne dleer ket sellout ouzh ar studiadenn-mañ evel un oberenn a-eil renk e-korf oberenn hollek Castelao, met kentoc'h evel un elfenn a-bouez-kenañ, ur fulenn a o skediñ drezi-holl, evel ma skrivas eñ e-unan : « Abaoe un toullad bloavezhioù on bet o tastum dafar evit ul levr en dazont diwar-benn kalvarioù Galiza, o prederiañ bepred war ur studiadenn pelloc'h o keñveriañ ar c'hroazioù-maen a gaver e Pennoù ar Bed, hag a c'hellin kas da-benn pa teuin a-benn d'o anavezout mat pep hini diouzh e du. N'heller ket komz diwarbenn hon c'hroazioù-ni hep bezañ gweladennet Breizh da-gentañ, ha neuze ec'h in di ».

Evit kompren gwelloc'h doare-soñjal ar Galizad dibar-se e kaver el levr-mañ ur pennadig-skrid savet gant Xoán Carlos Garrido, kelenner war ar brederouriezh hag istorour eus A Estrada, gantañ da ditl *Castelao: adalek fin ar bed betek ur bed hep fin*. Digeriñ a ra gant ar gerioù a-bouez-kenañ-mañ: « Evit Castelao e oa dielfennadur ar c'hroazioù-maen un dlead stourm, ul lodenn eus al labour personel a ranke kas da benn hini pe hini e diabarzh raktres a-stroll ar vroadelouriezh en he fezh, ha resisoc'h e-barzh

Rescatar do esquecemento esta obra, desde hai décadas esgotada e inaccesíbel ao público, resulta ser unha tarefa imprescindíbel para entender Castelao desde todas as vertentes da súa obra sen parangón, á vez polifacética e internamente coherente, que verte desde a política até a literaria e a gráfica, pasando, como neste caso, por unha escrupulosidade técnica que nada ten que envexar á etnografía moderna. De feito, cabe destacar que é grazas a esta súa obra rica en detalles que sabemos dalgúns pormenores que xa ficaron borrados co paso do tempo, como a policromía dalgúns megálitos como o menhir cristianizado de Sant-Uzeg (Saint-Uzec) duns 7 metros de alto en Pleuveur-Bodoù (Pleumeur-Bodou), ou mesmo dalgunhas cruces xa desaparecidas da súa localización orixinal. Todo froito do inxente esforzo que debía supor recorrer a Bretaña durante semanas a pé en compañía de Virxinia Pereira á altura de finais dos anos 20 do século pasado. Trátase, pois, dun legado que non se debe subestimar e que merecía máis que a pena sacar da escuridade onde ficara enterrada durante tanto tempo.

Menhir de Sant-Uzeg. FOTO: ISABELLE KERDUDO
Kalvar Sant-Uzeg. FOTO : ISABELLE KERDUDO

Polo outro lado, o libro permite dar cumprida resposta ás repetidas demandas de galegas e galegos ante a perspectiva de planificaren unha inminente viaxe á Bretaña, motivo que explica un formato intencionalmente axeitado para o levar no peto ao percorrer o país. Deste xeito, preséntase brevemente a Bretaña e a súa división en diferentes 'países' tradicionais (coincidentes cos históricos bisbados) co afán de permitir coñecer a esencia da Bretaña como nación de seu, de xeito turístico, mais sen caer na trampa de a presentar como 'rexión celta de Francia'.

Para atender estes necesidades tan diversas mais asemade complementarias, o libro divídese en dúas partes diferenciadas. Na primeira delas, recompílanse de xeito sistemático todos os debuxos de Castelao tal e como figuraban

framm Bodad ar Studioù Galizek, gantañ da bal kompren, skignañ ha talvoudekaat ar studioù diwar-benn kement tra a denn d'ar vro ha d'ar vroad ».

Chomet e oa bet diembann al levr-mañ abaoe dekvedoù siwazh, diviet ha diaestre e gaout da lenn. Ret bras e oa neuze e reiñ d'anaout adarre evit gallout kompren Castelao en un doare hollek o derc'hel kont eus pep tu eus e labour krouiñ ken liesdoare-all, koulz war tachenn ar politikerezh ha war hini al lennegezh pe c'hoazh al livañ hag an tresañ hag, ez-resis evit a sell ouzh al levr-mañ, an aked teknikel a-live gant an denoniezh skiantel a-vremañ. Ret eo anzav ivez eo a-drugarez da binvidigezh ar munudoù pizh a weler en oberenn-mañ e ouzer stumm orin elfenn pe elfenn, aet da get abaoe gant red an amzer, evel, da skouer, liesliverezh meurvein zo evel hini ar peulvan kristenaet graet Kalvar Sant-Uzeg anezhañ e Pleuveur-Bodoù, war-dro seizh metrad uhelder dezhañ, pe c'hoazh lod all bet cheñchet plas dezhe abaoe. Setu talvoudegezh ar striv divent e ranke bezañ evit Castelao beajiñ dre Vreizh war-droad e-pad sizhunvezhioù e kompagnunezh e wreg, Virxinia Pereira, er bloavezhioù 1920. Ul legad talvoudus an hini eo neuze na ranker ket ispriziañ hag a oa dav e dennañ er-maez eus an deñvalijenn guzh e-lec'h ma oa bet sebeliet abaoe keit-all.

Diouzh an tu all e klask al levr-mañ reiñ respont d'ar goulennoù savet ken alies all gant Galiziz a fell dezhe rakprientiñ ur veaj da Vreizh en dazont. Setu perak e oa bet dibabet a-ratozh ar stumm hedoug resis-mañ, ijinet evit gallout e gas en un doare aes a lec'h da lec'h er c'hodell pa vezer o foetañ bro. Kinnig a ra berr-haberr Breizh hag ar broioù hengounel, gantañ da bal reiñ tro d'an douristed.ezed a C'haliza da anaout Breizh evel m'emañ e gwirionez, ur vroad penn-kil-ha-troad anezhi, ha n'eo ket « korn-bro keltiek ar Frañs ».

na obra orixinal, organizados segundo a localización xeográfica de cada cruceiro, agrupados por 'países' e localidades. Especifícanse tamén as características de cada elemento, indicando a época á cal pertence, xunto coa súa tipoloxía segunda a estabelecida polo propio Castelao (cruceiro, cruz, megálito...), especificando se se trata dunha vista de conxunto ou, en ocasións, dun detalle parcial. Aprovéitase para recuperar e dar prioridade a toponimia endóxena do país en lingua bretoa, xunto coas formas máis coñecidas en francés. Compleméntase, finalmente, cunha serie de explicacións ou lendas complementarias a maiores verbo dalgunhas das cruces.

A segunda parte do libro confórmaa unha especie de guía turística e cultural e convida a descubrir a Bretaña moderna a través das lentes de Castelao.

Tal e como acontece coas cruces de pedra da Galiza, no caso bretón tamén se achan concentradas en determinadas zonas do país, concretamente na parte occidental da Baixa Bretaña, sen se repertoriar ningunha no libro de Castelo na parte máis oriental da Alta Bretaña. No entanto, co afán de facer descubrir a Bretaña histórica no seu conxunto, o libro amplía o alcance da obra orixinal para abranguer os actuais cinco departamentos. Inclúese así tamén a parte que albergou a sede do antigo Ducado da Bretaña, amputada durante o goberno colaboracionista francés de Vichy e que continúa así aínda hoxe malia as repetidas demandas populares a favor da reunificación.

Proponse, pois, un circuíto básico ao redor da Bretaña que se podería acurtar ou prolongar segundo as posibilidades de cada quen, que pasa por nove cidades e vilas de singular interese, partindo en bucle desde a antiga capital, Naoned (Nantes), no sueste, para terminar volvendo pola actual capital administrativa da Rexión, Roazhon (Rennes), pasando por Gwened (Vannes), Kemper (Quimper), Kastellin (Châteaulin), Brest, Montroulez (Morlaix), Lannuon (Lannion) e Gwengamp (Guingamp). Ilústrase o percorrido cun magnífico mapa elaborado ex profeso por Diego Núñez que facilita a visualización gráfica do percorrido, xunto coa localización relativa das cruces de pedra recollidas na obra de Castelao.

Cada unha das nove paradas vén acompañada dunha fotografía contemporánea, xunto cun breve texto explicativo que xira ao redor de catro elementos principais: *Que ver*, onde se recollen os principais atractivos (edificios senllei-

Evit gallout respont d'an ezhommoù ken liesseurt met kempoell-se emañ rannet al levr e div lodenn disheñvel. El lodenn gentañ e kaver ur roll klok eus holl dresadennoù Castelao dres evel en oberenn orin, renket hervez lec'hiadur pep kroaz pe galvar ha kenstrollet dre vroioù ha dre lec'hioù. Resisaat a ra war un dro perzhioù pep elfenn, en ur verkañ ar marevezh hag ar stumm fizikel (kroaz, kalvar, peulvan, h.a.) hervez ar reizhiad implijet gant Castelao e-unan, en ur spisaat hag-eñ e kaver en dresadenn-mañ'n-dresadenn ur sell hollek pe, a-wezhioù, ur munud darnel nemetken. Lakaat a ra splann war-wel ivez lec'hanvadurezh orin ar vro e brezhoneg a-raok ar stummoù anavezetañ e galleg. Klokaet eo bet gant un nebeut displegadurioù ha mojennoù ouzhpenn o tennañ da groaz pe groaz.

Un doare dornlevr touristel ha sevenadurel war un dro eo eil lodenn al levr, kinniget enni danvez evit dizoloiñ Breizh a-vremañ dre selloù Castelao a-gent.

Dres evel ma c'hoarvez gant ar c'hroazioù-maen e Galiza, e Breizh e vezont kavet stank pe stankoc'h e lec'hioù resis zo eus ar vro, dreist-holl e Breizh-Izel, hag abalamour da se ne vez kavet roud ebet anezhe e levr Castelao e Breizh-Uhel. Koulskoude, gant ar c'hoant da lakaat an dud da dizoloiñ Breizh istorel en he fezh eo bet ledanaet tachenn an oberenn orin evit derc'hel kont eus ar pemp departamant a-vremañ. Evel-se e vez kouviet al lennerion.ezed da weladenniñ hen gêrbenn dugelezh Breizh, didroc'het da vare gouarnamant kenlabourer gall Vichy ha manet disrannet diouzh peurrest ar vro dibaoe daoust da c'houlennoù groñs ar bobl a sav a-du gant an adunanidigezh.

Kinniget e vez neuze ur veaj en-dro da bevar c'horn Breizh a c'hallfe bezañ berraet pe ledanaet hervez c'hoantoù pep hini, o tremen dre nav c'hêr pe gêriadenn a-bouez, o loc'hañ eus ar gêr-benn gozh, Naoned, er c'hreisteiz, hag oc'h achuiñ en ur zistreiñ dre gêr-benn velestradurel ar Rannvro a-vremañ, Roazhon, o tremen en ur c'helc'h bras dre Gwened, Kemper, Kastellin, Brest, Montroulez, Lannuon ha Gwengamp. Evit lakaat sklaeroc'h war-wel an hent ha lec'hiañ pep kêr e Breizh e kaver ivez ur gartenn gaer savet a-ratozh gant Diego Núñez, merket warni lec'hiadur pep kroaz-vaen treset gant Castelao en e oberenn.

Evit pep hini eus an nav ehanlec'h e vez kinniget ul luc'hskeudenn a-vremañ hag un destennig verr aozet e peder rann bennañ, d.l.e: *Da welet*, o sevel roll al lec'hioù pennañ a dalvez ar boan anaout (savadurioù dibar, kas-



ros, castelos...); *Lecer*, onde se indican actividades de interese (festivais, mercados semanais...), museos e outros lugares que se poden visitar ou andainas que se poden realizar a pé, etc.; *Outras Visitas*, onde se recomendan outras vilas e lugares de interese no arredores; e as cruces de pedra de Castelao que se poden apreciar nas proximidades de ser o caso.

En definitiva, o libro ofrece de xeito moi conciso e á vez completo unha visión da importancia da obra orixinal de Castelao e unha proposta para coñecer de primeira man o país bretón que Castelao percorreu ha xa case un século, para reforzar o vínculo histórico e que segue a unir as fisterras das nosas dúas nacións irmáns para alén do atlántico.

telloù, h.a.) ; *Dudi*, ma vez komz eus darvoudoù dedennus (gouelioù, marc'hadoù sizhuniek, h.a.), mirdioù ha lec›hioù all a c'heller gweladenniñ pe c'hoazh troioù-bale, h.a.; *Da weladenniñ ivez*, ma vez kinniget kêrioù ha lec'hioù deurus en trowardroioù ; ha kroazioù mein Castelao a c'haller gwelet nepell seul wezh ma vez tu.

E berr gomzoù, al levr-mañ a ginnig ur sell berr-ha-berr met ha klok war un dro war oberenn orin Castelao evit kompren he zalvoudegezh en ur ginnig anaout Breizh evel m'emañ hiziv war-eeun o vont war roudoù Castelao dre an hentoù bet treuzet gantañ tost d'ur c'hantved zo, evit kreñvaat al liammoù istorel a gendalc'h c'hoazh da unaniñ Pennoù ar Bed hon div vroad-ni a bep tu d'ar Meurvor Atlantel.

III

A iconografía relixiosa nos Camiños de Ourense

Ar skeudennaoueg relijiel Hentoù Ourense

La iconografía religiosa en los Caminos de Ourense

L'iconographie religieuse sur les Chemins d'Ourense


25 ANOS
250
PEZAS DO MES
MUSEO ARQUEOLÓXICO
PROVINCIAL DE OURENSE
XUNTA
DE GALICIA

castellano

ICONOGRAFÍA RELIXIOSA NAS «PEZAS DO MES» DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

ICONOGRAPHIE RELIGIEUSE DANS LES « PIÈCES DU MOIS » DU MUSÉE ARCHÉOLOGIQUE PROVINCIAL D'OURENSE

Traduction française: Dominique Gérinard

museo.arqueoloxico.provincial.ourense@xunta.gal

María Belén Lorenzo Rumbao
Ana María Veiga Romero
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Entre as actividades orientadas á difusión dos fondos de museos e arquivos está a coñecida como «peza do mes», que ten como finalidade achegar á cidadanía os seus bens máis significativos da exposición permanente, así como tamén aqueles que están nas salas de depósito e que deste modo se exhiben para a súa divulgación, contemplación e goce.

A súa mostra pública é o final dun longo proceso no cal o obxecto é estudado, pode que sometido a intervencións de conservación ou restauración, a análises e métodos de datación, etc. É dicir, trátase dunha vía para dar a coñecer tanto bens singulares e relevantes en si mesmos como os innovadores procedementos e tratamentos aplicados sobre eles.

Na selección da «peza do mes» confluén factores diversos, dende os resultados de investigacións desenvolvidas no propio museo ata contribucións de profesionais externos que, xa sexa no transcurso do seus propios proxectos, xa sexa a proposta do museo, achegan novas perspectivas de interese para a colección, para a propia peza ou mesmo para unha época, período ou xacemento.

En consecuencia, esta actividade constitúe unha oportunidade privilexiada para difundir o coñecemento xerado arredor das coleccións, nun proceso no que interveñen en todo caso diversas áreas do museo: dende o

Parmi les activités destinées à la diffusion des fonds des musées et des archives figure celle dite de la « pièce du mois », dont l'objectif est de rapprocher les citoyens des biens les plus significatifs de l'exposition permanente, ainsi que de ceux conservés dans les réserves, qui sont ainsi présentés au public pour leur divulgation, leur contemplation et leur appréciation.

Sa présentation publique constitue l'aboutissement d'un long processus au cours duquel l'objet est étudié, éventuellement soumis à des interventions de conservation ou de restauration, à des analyses et à des méthodes de datation, etc. Il s'agit, en somme, d'un moyen de faire connaître tant des biens singuliers et remarquables en eux-mêmes que les procédés et traitements innovants qui leur sont appliqués.

La sélection de la « pièce du mois » résulte de la convergence de divers facteurs, depuis les résultats des recherches menées au sein même du musée jusqu'aux contributions de professionnels externes qui, soit dans le cadre de leurs propres projets, soit à la demande du musée, apportent de nouvelles perspectives d'intérêt pour la collection, pour la pièce elle-même ou encore pour une époque, une période ou un site.

En conséquence, cette activité constitue une occasion privilégiée de diffuser les connaissances générées

laboratorio de restauración á biblioteca pasando pola documentación e investigación.

Ao final, a peza é exposta acompañada da información necesaria para que os cidadáns coñezan de forma científica, estética e didáctica o resultado dos traballos desenvolvidos. Esta posta a disposición pública complétase coa edición dun díptico de carácter divulgativo, en formato impreso e dixital, así como cunha breve explicación dirixida aos visitantes un día de cada mes.

Pois ben, o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense vén mantendo a actividade da «peza do mes» desde o ano 1999. Neste tempo, máis de 280 pezas foron catalogadas e documentadas por especialistas, e o texto de cada unha delas está accesible na páxina Web do museo https://musarqourense.xunta.gal/gl/difusion/peza-do-mes. Delas, cerca do 12% son iconografías de carácter relixioso. Destas eliximos agora trece, entre elas dúas imaxes de Santiago: unha talla en madeira policromada e outra en acibeche.

Non debe sorprender a presenza de imaxes relixiosas neste museo, pois a colección inicial nace no século XIX ao abeiro dos procesos desamortizadores e polo seu carácter provincial foi incorporando pezas das belas artes e das artes decorativas.

As obras seleccionadas nesta ocasión entendemos constitúen unha boa representación dos bens deste tipo presentes na colección á par que son testemuña da variedade e interese da mesma.

En efecto, no seu conxunto abranguen desde o século X ata o XVIII; polo tipo de ingreso unhas proceden das desamortizacións do século XIX, outras son doazón de particulares e unha delas encontrada nunha escavación arqueolóxica. Pola súa parte, o elenco de talleres do que proceden é así mesmo representativo da colección: Juan de Angés, Juan de Juni, Jaques de París, obradoiros de Limoges, Martínez de Montánchez ou Mateo de Prado.

BENS SELECCIONADOS

Presentamos aquí unha mostra representativa da iconografía relixiosa difundida a través das máis de

autour des collections, dans un processus auquel participent, dans tous les cas, différents services du musée : du laboratoire de restauration à la bibliothèque, en passant par les départements de documentation et de recherche.

Au terme de ce processus, la pièce est exposée accompagnée des informations nécessaires afin que les visiteurs puissent en connaître, de manière scientifique, esthétique et didactique, les résultats des travaux réalisés. Cette mise à disposition du public est complétée par l'édition d'un dépliant à caractère divulgatif, en format imprimé et numérique, ainsi que par une brève présentation destinée aux visiteurs un jour par mois.

Ainsi, le Musée Archéologique Provincial d'Ourense maintient l'activité de la « pièce du mois » depuis 1999. Durant cette période, plus de 280 pièces ont été cataloguées et documentées par des spécialistes, et le texte correspondant à chacune d'elles est accessible sur le site Web du musée https://musarqourense.xunta.gal/gl/difusion/peza-do-mes. Parmi celles-ci, près de 12 % relèvent d'une iconographie à caractère religieux. Nous en avons sélectionné ici treize, parmi lesquelles figurent deux images de saint Jacques : une sculpture en bois polychrome et une autre en jais.

La présence d'images religieuses dans ce musée ne doit pas surprendre, car la collection initiale est née au XIXe siècle dans le contexte des processus de désamortisation, et, en raison de son caractère provincial, elle a progressivement intégré des pièces relevant des beaux-arts et des arts décoratifs.

Les œuvres sélectionnées à cette occasion constituent, selon nous, une bonne représentation de ce type de biens présents dans la collection, tout en témoignant de sa variété et de son intérêt.

En effet, dans leur ensemble, elles couvrent une période allant du Xe au XVIIIe siècle ; quant à leur mode d'entrée dans les collections, certaines proviennent des désamortisations du XIXe siècle, d'autres sont des dons de particuliers, et l'une d'entre elles est issue d'une fouille archéologique. Par ailleurs, l'éventail des ateliers dont elles proviennent est également représentatif de la collection : Juan de Angés, Juan de Juni, Jaques de París, ateliers de Limoges, Martínez de Montánchez ou Mateo de Prado.

duascentas «pezas do mes» que leva dado a coñecer o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Relevo da Adoración dos Reis Magos

Fins do século X
Granito
58 × 53,5 × 25,5 cm
San Xoán de Camba, Castro Caldelas, Ourense
Núm. inv. CE000175

O mosteiro de San Xoán de Camba está documentado desde o ano 963, cando o seu fundador, o bispo Diego, fai entrega do mesmo e das súas posesións á sé asturicense. En 1897, o bispo de Astorga doa ao museo os únicos restos conservados: unha xanela xeminada con arcos de ferradura e dous relevos figurados.

Un deles representa unha escena de discutida interpretación. O outro, o presente, reproduce a pasaxe da Adoración dos Magos, reducido ás figuras esenciais: a Virxe entronizada co Neno e os tres Reis ofrecendo presentes. A posición xenuflexa dun deles supón unha novidade iconográfica que terá continuidade posterior. A súa labra é tosca, con rostros apenas definidos por incisións e formas redondeadas. A composición segue modelos paleocristiáns e marca a transición cara ao románico pleno polo seu volume acusado e a superación da talla a bisel.

Nosa Señora do Refuxio

Último terzo do século XII
Madeira policromada
70 x 23 cm
Compostilla, Ponferrada, León
Núm. inv. CE000286

O tema da Virxe co Neno é un dos máis importantes da escultura relixiosa medieval. Dentro desta tradición románica destaca o modelo coñecido como *Sede Sapientiae*, no que María aparece sentada nun trono, hierática e frontal, sostendo o Neno e mostrándoo ao mundo como Salvador.

Nosa Señora do Refuxio é un claro exemplo desta espiritualidade: solemne e serena, toma o seu nome do seu lugar de procedencia, capela de refuxio e oración, e paso obrigado para os peregrinos que debían cruzar os ríos Sil e Boeza camiño de Compostela, ao seu paso polo Bierzo.

Realizada en madeira e tea, mantén excepcionalmente a súa policromía orixinal, aplicada mediante temple ao ovo e pigmentos minerais naturais, o que permite analizar con detalle os criterios cromáticos do románico. As cores vivas —vermellas, azuis e douradas— reforzan a sacralidade da figura e a súa función litúrxica.

BIENS SÉLECTIONNÉS

Nous présentons ici un échantillon représentatif de l'iconographie religieuse diffusée à travers les plus de deux cents « pièces du mois » que le Musée Archéologique Provincial d'Ourense a fait connaître jusqu'à présent.

Relief de l'Adoration des Mages

Fin du Xe siècle
Granite
58 × 53,5 × 25,5 cm
San Xoán de Camba, Castro Caldelas, Ourense
N° inv. CE000175

Le monastère de San Xoán de Camba est attesté dès l'an 963, lorsque son fondateur, l'évêque Diego, en fait don, avec ses possessions, au siège d'Astorga. En 1897, l'évêque d'Astorga donna au musée les seuls vestiges conservés : une fenêtre géminée à arcs en fer à cheval et deux reliefs figurés.

L'un d'eux représente une scène d'interprétation discutée. L'autre, celui-ci, reproduit l'épisode de l'Adoration des Mages, réduit aux figures essentielles : la Vierge trônant avec l'Enfant et les trois Rois offrant des présents. La position à genoux de l'un d'eux constitue une nouveauté iconographique qui connaîtra une postérité. La taille est fruste, avec des visages à peine définis par des incisions et des formes arrondies. La composition suit des modèles paléochrétiens et marque la transition vers le plein roman par son volume accusé et le dépassement de la taille en biseau.

Cristo esmaltado

Séculos XII-XIII
Cobre esmaltado
14,3 x 8,5 cm
Razamonde, Cenlle, Ourense
Núm. inv. CE000701

Este pequeno Cristo crucificado, tradicionalmente adscrito aos obradoiros de Limoxes, foi posiblemente feito para unha cruz de altar. Realizado en esmalte *champlevé* aparece triunfante, vivo e coroado, segundo unha iconografía xa consolidada no século V. Esta visión de Cristo como Rei de Reis acadou a súa madurez iconográfica no románico, que o representa sobre a cruz con catro cravos, vestido cunha túnica talar ou *perizonium*. É o Cristo de Cluny, o que conduce as Cruzadas e o que protexe o Camiño.

Entre os séculos XII e XIII, Limoxes consolidouse como un importante centro produtor de esmalte escavado, arredor da igrexa de San Marcial, que abasteceu a toda Europa con producións en serie. A técnica, baseada na aplicación de pasta vítrea coloreada sobre ocos practicados no metal,

Notre-Dame du Refuge

Dernier tiers du XIIe siècle
Bois polychrome
70 × 23 cm
Compostilla, Ponferrada, León
N° inv. CE000286

Le thème de la Vierge à l'Enfant est l'un des plus importants de la sculpture religieuse médiévale. Dans cette tradition romane se distingue le modèle connu sous le nom de *Sedes Sapientiae*, dans lequel Marie apparaît assise sur un trône, hiératique et frontale, tenant l'Enfant et le montrant au monde comme Sauveur.

Notre-Dame du Refuge constitue un exemple clair de cette spiritualité : solennelle et sereine, elle tire son nom de son lieu d'origine, une chapelle de refuge et de prière, passage obligé pour les pèlerins qui devaient traverser les rivières Sil et Boeza en route vers Compostelle, à travers le Bierzo.

Réalisée en bois et en toile, elle conserve exceptionnellement sa polychromie d'origine, appliquée à la détrempe à l'œuf avec des pigments minéraux naturels, ce qui permet d'analyser en détail les critères chromatiques du roman. Les couleurs vives — rouges, bleus et ors — renforcent la sacralité de la figure et sa fonction liturgique.

Christ émaillé

XIIe-XIIIe siècles
Cuivre émaillé
14,3 × 8,5 cm
Razamonde, Cenlle, Ourense
N° inv. CE000701

Ce petit Christ crucifié, traditionnellement attribué aux ateliers de Limoges, fut probablement réalisé pour une croix d'autel. Exécuté en émail champlevé, il apparaît triomphant, vivant et couronné, selon une iconographie déjà établie au Ve siècle. Cette vision du Christ comme Roi des Rois atteint sa maturité iconographique à l'époque romane, qui le représente sur la croix avec quatre clous, vêtu d'une tunique talaire ou *perizonium*. C'est le Christ de Cluny, celui qui guide les Croisades et protège le Chemin.

Entre les XIIe et XIIIe siècles, Limoges s'impose comme un important centre de production d'émaux champlevés, autour de l'église de Saint-Martial, alimentant toute l'Europe en productions en série. La technique, fondée sur l'application de pâte vitreuse colorée dans des cavités creusées dans le métal, atteint à l'époque romane son apogée, permettant la réalisation de pièces somptueuses à moindre coût.

alcanzou no románico o seu máximo esplendor, permitindo elaborar pezas suntuosas a un custo inferior.

Virxe Gloriosa

Segunda metade do século XIV
Marfil
8 x 5 cm
Núm. inv. CE000380

Placa de marfil pertencente a un tríptico, realizada probablemente en talleres franceses, na que se representa a figura da Virxe Gloriosa co Neno, rodeada de anxos turiferarios. María, en actitude rexia e maternal, divide o espazo baixo unha arcada gótica. O marfil está finamente tallado, o que se reflicte nun minucioso tratamento dos pregues da roupaxe e na delicadeza dos rostros, o que evidencia a pericia do taller e a intención de conferir á obra un carácter devocional. A escena combina solemnidade e tenrura, características da devoción mariana tardogótica e do gusto dunha nova sociedade máis refinada e palaciana, na que María se mostra humana e próxima.

De acordo coa clasificación proposta por Koechlin, esta placa inscríbese dentro do grupo das *Madonnas* en Maxestade con acompañamento anxelical e arcadas complexas, caracterizado pola presenza de anxos en actitude de servizo litúrxico.

Vierge Glorieuse

Seconde moitié du XIVe siècle
Ivoire
8 × 5 cm
N° inv. CE000380

Plaque d'ivoire appartenant à un triptyque, réalisée probablement dans des ateliers français, représentant la Vierge Glorieuse à l'Enfant, entourée d'anges thuriféraires. Marie, dans une attitude à la fois royale et maternelle, organise l'espace sous une arcature gothique. L'ivoire est finement sculpté, ce qui se traduit par un traitement minutieux des plis des vêtements et la délicatesse des visages, révélant la maîtrise de l'atelier et la volonté de conférer à l'œuvre un caractère dévotionnel. La scène conjugue solennité et tendresse, caractéristiques de la dévotion mariale du gothique tardif et du goût d'une société nouvelle, plus raffinée et palatiale, dans laquelle Marie apparaît humaine et proche.

Selon la classification proposée par Koechlin, cette plaque s'inscrit dans le groupe des Madones en majesté avec accompagnement angélique et arcatures complexes, caractérisé par la présence d'anges en attitude de service liturgique.

Santiago Peregrino

Séculos XIV-XVI
Acibeche
3,2 × 1,6 × 0,7 cm
As Burgas, Ourense
Núm. inv. DX0900/5

Nas Burgas de Ourense, importante enclave termal xa en época romana, apareceu esta pequena peza, cunha perforación que indica que foi ensartada, probablemente nun rosario. A súa presenza nunha antiga calzada medieval revela o paso de peregrinos que atopaban nestas augas descanso e curación.

A figura de Santiago como peregrino converteuse a partir da Idade Media nun dos símbolos máis recoñecibles do Camiño, sendo guía espiritual dos camiñantes. O apóstolo represéntase cunha longa túnica, zurrón cruzado ao peito, bordón na man e a cuncha de vieira no sombreiro.

Arredor deste universo xacobeo floreceu en Compostela a artesanía do acibeche, un lignito negro ao que se lle atribuían propiedades protectoras. Coa chegada masiva de peregrinos, os talleres especializáronse na elaboración de amuletos, medallas e rosarios que conxugan relixiosidade e crenzas populares.

Saint Jacques pèlerin

XIVe-XVIe siècles
Jais
3,2 × 1,6 × 0,7 cm
As Burgas, Ourense
N° inv. DX0900/5

À As Burgas d'Ourense, important site thermal dès l'époque romaine, fut découverte cette petite pièce, percée pour être enfilée, probablement dans un chapelet. Sa présence sur une ancienne voie médiévale révèle le passage de pèlerins qui trouvaient dans ces eaux repos et guérison.

La figure de saint Jacques comme pèlerin devient, à partir du Moyen Âge, l'un des symboles les plus reconnaissables du Chemin, en tant que guide spirituel des marcheurs. L'apôtre est représenté avec une longue tunique, une besace en bandoulière, un bourdon à la main et la coquille Saint-Jacques sur le chapeau.

Autour de cet univers jacquaire s'épanouit à Compostelle l'artisanat du jais, un lignite noir auquel on attribuait des propriétés protectrices. Avec l'arrivée massive de pèlerins, les ateliers se spécialisèrent dans la fabrication d'amulettes, médailles et chapelets mêlant religiosité et croyances populaires.

Panneau de triptyque

Jaques de París. « Maître de Sobrado »
Milieu du XVIe siècle
Bois doré et polychrome
41,5 × 17,5 × 2 cm
N° inv. CE000669

Durant une grande partie du XVIe siècle, la sculpture à Ourense fut dominée par des artistes étrangers, parmi lesquels le « Maître de Sobrado ». Lié au cercle de Juni, il put se former à León avant de s'établir en Galice, où il développa une intense activité, notamment à Ourense.

Le présent panneau appartenait probablement à un oratoire privé. Sur l'avers figure un relief de la Vierge des Douleurs, debout sur le Golgotha, les mains en prière, sous un arc créant un effet de profondeur. Son corps adopte un violent contrapposto maniériste, très caractéristique du sculpteur. Le visage, aux yeux emplis de larmes, exprime un fort pathétisme.

Au revers, la scène peinte de l'Annonciation contraste par son minutieux détail. Marie est représentée dans une riche chambre avec dais et tentures. Le soin apporté aux tissus confère une grande vraisemblance à la scène, qui associe dévotion et vie quotidienne dans une œuvre d'un grand raffinement.

Porta de tríptico

Jaques de París. «Mestre de Sobrado»

Mediados do século XVI

Madeira estufada e policromada

41,5 × 17,5 × 2 cm

Núm. inv. CE000669

Durante boa parte do XVI, a escultura ourensá estivo dominada por artistas estranxeiros, entre eles o chamado «Mestre de Sobrado». Vinculado ao círculo de Juni, puido formarse en León antes de establecerse en Galicia, onde desenvolveu unha intensa actividade, especialmente en Ourense.

A presente táboa pertencía probablemente a un oratorio privado. No anverso presenta un relevo coa Dolorosa, de pé sobre o Gólgota, coas mans en oración, baixo un arco que crea sensación de profundidade. O seu corpo adopta un violento contraposto manierista, moi característico do escultor. O rostro, cos ollos cheos de bágoas, transmite un forte patetismo.

No reverso, a escena pintada da Anunciación contrasta polo seu detallismo. María sitúase nun rico dormitorio con dosel e cortinados. A coidada representación dos tecidos achega verosimilitude á escena, que combina devoción e vida cotiá nunha obra de grande refinamento.

Notre-Dame de la Conception

Juan de Juni (1506-1577)

Vers 1577

Bois polychrome

127 × 50 × 37 cm

Ancien couvent de San Francisco, Ourense

N° inv. CE000285

Dans la seconde moitié du XVIe siècle, Ourense constitue le principal foyer de la Renaissance galicienne, grâce à des artistes étrangers qui introduisent un nouveau langage sculptural. Parmi eux se distingue Juan de Juni, sculpteur d'origine française, actif en Castille, dont l'influence maniériste atteint la Galice à travers des disciples comme le « Maître de Sobrado », Jaques de París, ainsi que par des œuvres directes de grande qualité. Cette Immaculée en est un exemple manifeste, mentionnée dans son testament de 1577 comme commande d'Inés Pérez de Belmonte.

Elle représente la Vierge debout, tenant un livre ouvert dans la main gauche ; dans la droite, elle porterait le lys, symbole de pureté. La sculpture se distingue par son mouvement hélicoïdal caractéristique,

Nosa Señora da Concepción

Juan de Juni (1506-1577)

Ca. 1577

Madeira policromada

127 x 50 x 37 cm

Antigo Convento de San Francisco, Ourense

Núm. inv. CE000285

Na segunda metade do século XVI Ourense é o principal núcleo do Renacemento galego, grazas a artistas estranxeiros que introducen unha nova linguaxe escultórica. Entre eles destaca Juan de Juni, escultor de orixe francesa, activo en Castela, cuxo influxo manierista chega a Galicia a través de discípulos como o «Mestre de Sobrado», Jaques de París, e por obras directas de gran calidade. Claro exemplo é esta Inmaculada, documentada no seu testamento de 1577 como encargo de Inés Pérez de Belmonte.

Presenta á Virxe de pé, co libro aberto na man esquerda; na dereita portaría o ramo de azucenas, símbolo de pureza. A talla destaca polo característico movemento helicoidal, cunha perna profundamente avanzada sobre a media lúa e a serpe. As roupaxes envólvena en ampulosas masas de pregues redondeados que reflicten a serenidade expresiva da etapa final de Juni, potenciada por unha policromía que reforza a naturalidade desta excelente obra.

San Diego de Alcalá

Atribuíble a Juan de Angés, O Mozo, ou ao seu círculo

1589-1597

Madeira estufada e policromada

83 × 30 × 16 cm

Antiga igrexa de San Francisco, Ourense

Núm. inv. CE003631

Constitúe un exemplo temperán da rápida difusión acadada pola iconografía do santo franciscano tras a súa canonización en 1588, que o representa en actitude de recoller o hábito co pan milagrosamente convertido en flores, símbolo da súa caridade.

A atribución da obra vincúlase á actividade documentada de Juan de Angés na catedral de Ourense, en consonancia co auxe artístico ourensán do século XVI. Angés era de orixe leonesa e formouse no ambiente artístico de Castela, o que explica a súa sólida base técnica e a influencia do estilo de grandes mestres como Juan de Juni.

A imaxe presenta un lixeiro contraposto, moi manierista, con trazos anatómicos definidos. Sobresae a súa policromía orixinal, un refinado estufado de motivos vexetais, enriquecido con grotescos e *putti* nas orladuras. Exemplifica a influencia decisiva da escola castelá na imaxinería sacra da época.

avec une jambe fortement avancée sur le croissant de lune et le serpent. Les draperies l'enveloppent en masses amples de plis arrondis, traduisant la sérénité expressive de la dernière période de Juni, renforcée par une polychromie qui accentue le naturalisme de cette œuvre remarquable.

Saint Diego d'Alcalá

Attribuable à Juan de Angés le Jeune ou à son entourage

1589-1597

Bois doré et polychrome

83 × 30 × 16 cm

Ancienne église de San Francisco, Ourense

N° inv. CE003631

Il s'agit d'un exemple précoce de la rapide diffusion de l'iconographie du saint franciscain après sa canonisation en 1588, le représentant recueillant son habit avec le pain miraculeusement transformé en fleurs, symbole de sa charité.

L'attribution de l'œuvre est liée à l'activité documentée de Juan de Angés dans la cathédrale

Táboa coa Adoración dos pastores

Alonso Martínez de Montánchez (activo entre 1594 e 1615)

1605-1608

Madeira de nogueira branca

61 × 50 cm

Mosteiro de Santa María, Montederramo, Ourense

Núm. inv. DX0449

É unha das pezas máis fermosas do coro de Montederramo, un dos conxuntos escultóricos máis complexos do Renacemento galego, cun amplo programa iconográfico centrado na Redención.

O seu autor, de orixe portuguesa, é unha figura clave do manierismo ecléctico en Galicia, cun obradoiro que deixou obras de grande calidade.

A escena representa o Nacemento nunha corte sinxela: o Neno, centro simbólico, espido sobre o presebe, María axeonllada, San Xosé de pé cunha candea, e dous pastores inclinados en adoración; un anxo sobrevoa a escena cunha filacteria, como enlace visual entre ceo e terra. O boi e o asno asoman apenas as súas cabezas, seguindo as recomendacións do Concilio de Trento.

A composición, equilibrada, transmite serenidade e recollemento e aínda que conserva un certo arcaísmo, o tratamento dos panos e as figuras estilizadas crean un ritmo visual dinámico que preludia o Barroco.

d'Ourense, en lien avec l'essor artistique de la ville au XVIe siècle. D'origine léonaise, Angés se forma dans le milieu artistique castillan, ce qui explique sa solide formation technique et l'influence de grands maîtres comme Juan de Juni.

L'image présente un léger contrapposto, très maniériste, avec des traits anatomiques définis. Sa polychromie originale se distingue particulièrement : un délicat estofado à motifs végétaux, enrichi de grotesques et de putti dans les bordures. Elle illustre l'influence décisive de l'école castillane dans l'imagerie sacrée de l'époque.

Panneau avec l'Adoration des bergers

Alonso Martínez de Montánchez (actif entre 1594 et 1615)

1605-1608

Bois de noyer blanc

61 × 50 cm

Monastère de Santa María, Montederramo, Ourense

N° inv. DX0449

Il s'agit de l'une des pièces les plus remarquables du chœur de Montederramo, l'un des ensembles sculpturaux les plus complexes de la Renaissance galicienne, avec un vaste programme iconographique centré sur la Rédemption.

Son auteur, d'origine portugaise, est une figure clé du maniérisme éclectique en Galice, à la tête d'un atelier qui produisit des œuvres de grande qualité.

La scène représente la Nativité dans un cadre simple : l'Enfant, centre symbolique, nu sur la mangeoire ; Marie agenouillée ; saint Joseph debout tenant une chandelle ; deux bergers inclinés en adoration ; un ange survole la scène avec un phylactère, servant de lien visuel entre ciel et terre. Le bœuf et l'âne apparaissent à peine, conformément aux recommandations du concile de Trente.

La composition, équilibrée, transmet sérénité et recueillement ; bien qu'elle conserve un certain archaïsme, le traitement des drapés et les figures élancées créent un rythme visuel dynamique annonçant le Baroque.

Relief du Mariage de la Vierge

Attribuable à Mateo de Prado

Milieu du XVIIe siècle

Bois polychrome

Relevo dos Desposorios da Virxe

Atribuible a Mateo de Prado

Mediados do século XVII

Madeira policromada

64 × 73 cm

Mosteiro de Santa María, Montederramo, Ourense

Núm. inv. CE000636

Esta táboa narra o matrimonio de María e Xosé, un tema recollido nos evanxeos apócrifos e logo popularizado por *A Lenda Dourada*, no que Xosé é elixido tras o milagroso florecemento da súa vara. A composición céntrase no sumo sacerdote, cos esposos a ambos lados rodeados polos demais pretendentes e as compañeiras de María. Malia as mutilacións sufridas, a peza destaca pola calidade técnica das figuras, as mans delicadas, as cabezas expresivas, o canon esvelto e o dinamismo das vestimentas ricamente policromadas.

Polo seu estilo e procedencia atribúese a Mateo de Prado, escultor fundamental na implantación do barroco galego, quen traballou en Montederramo xunto a Bernardo Cabrera e difundiu a linguaxe naturalista enchida de emoción aprendida con Gregorio Fernández en Valladolid.

64 × 73 cm

Monastère de Santa María, Montederramo, Ourense

N° inv. CE000636

Ce panneau représente le mariage de Marie et Joseph, thème issu des évangiles apocryphes puis popularisé par la *Légende dorée*, où Joseph est choisi après le miracle de la floraison de sa verge. La composition se concentre sur le grand prêtre, avec les époux de part et d'autre, entourés des autres prétendants et des compagnes de Marie. Malgré les mutilations subies, la pièce se distingue par la qualité technique des figures, les mains délicates, les visages expressifs, le canon élancé et le dynamisme des vêtements richement polychromés.

Par son style et son origine, elle est attribuée à Mateo de Prado, sculpteur fondamental dans l'implantation du baroque galicien, qui travailla à Montederramo aux côtés de Bernardo Cabrera et diffusa le langage naturaliste et expressif appris auprès de Gregorio Fernández à Valladolid.

Virxe de Trapani

Primeiro cuarto do século XVIII
Alabastro policromado
32 × 12 × 13 cm
Núm. inv. DX0154

Esta talla ingresou no museo o 22 de febreiro de 1999 como depósito da Xunta de Galicia, en concepto de dación. Iconograficamente, é unha copia tardía da imaxe realizada por Nino Pisano no segundo terzo do século XIV e venerada actualmente no convento da Annunziata, na cidade siciliana de Trapani.

A peza, de pequeno formato e destinada ao culto privado, revela a pervivencia da tradición devocional siciliana no ámbito mediterráneo, especialmente nas zonas costeiras, onde gozou dun notable fervor entre os mariñeiros. A imaxe, de delicada talla e superficie puída, manifesta unha refinada sensibilidade barroca no tratamento dos pregues e na suave inclinación do rostro. O Neno, sostido con graza serena, reforza a composición vertical e etérea, sensación que se ve acentuada polo translúcido do alabastro e o dourado floral da súa policromía orixinal.

Vierge de Trapani

Premier quart du XVIIIe siècle
Albâtre polychrome
32 × 12 × 13 cm
N° inv. DX0154

Cette sculpture entra au musée le 22 février 1999 comme dépôt de la Xunta de Galicia, à titre de dation. Du point de vue iconographique, il s'agit d'une copie tardive de l'image réalisée par Nino Pisano au deuxième tiers du XIVe siècle et actuellement vénérée au couvent de l'Annunziata, dans la ville sicilienne de Trapani.

La pièce, de petit format et destinée à un culte privé, témoigne de la permanence de la tradition dévotionnelle sicilienne dans l'aire méditerranéenne, en particulier dans les zones côtières, où elle connut une grande ferveur parmi les marins. L'image, finement sculptée et à la surface polie, révèle une sensibilité baroque raffinée dans le traitement des plis et la douce inclinaison du visage. L'Enfant, tenu avec une grâce sereine, renforce la composition verticale et éthérée, accentuée par la translucidité de l'albâtre et les dorures florales de sa polychromie d'origine.

Saint Jacques pèlerin

Seconde moitié du XVIIIe siècle
Bois polychrome
78 × 44 × 31 cm
Antas de Ulla, Lugo
N° inv. CE003822

La représentation de saint Jacques en pèlerin apparaît en France au XIIe siècle et se diffuse rapidement dans toute l'Europe. Son apogée artistique est atteint au début du XVe siècle en Bourgogne, notamment avec les sculptures réalisées par Claus Sluter pour la chartreuse de Champmol à Dijon.

Ce type iconographique connaît un grand succès en Galice et semble se formaliser dans la sculpture baroque réalisée par Pedro del Campo en 1694 pour la Porte Sainte de la basilique de Compostelle, modèle pour de nombreux sculpteurs et artisans.

Héritière de cette tradition et du goût rococo de l'œuvre de José Gambino, cette sculpture issue d'un atelier populaire en offre un exemple. Comme il est d'usage, le saint porte tunique, manteau et pèlerine ornée de coquilles, ainsi que bourdon, chapeau, livre et besace. Son visage, aux carnations lisses et aux grands yeux brillants, exprime la joie du pèlerin en route vers Compostelle.

Santiago Peregrino

Segunda metade do século XVIII
Madeira policromada
78 x 44 x 31 cm
Antas de Ulla, Lugo
Núm. inv. CE003822

A representación de Santiago como peregrino xorde en Francia no século XII e difúndese rapidamente por toda Europa. A súa cima artística acadouse a comezos do século XV en Borgoña, especialmente coas esculturas realizadas por Claus Sluter para a Cartuxa de Champmol, en Dijon.

Este tipo iconográfico conta cunha gran aceptación en Galicia, e parece formalizarse na escultura barroca que realiza Pedro del Campo en 1694 para a Porta Santa da basílica compostelá, prototipo para moitos escultores ou simples artesáns.

Debedora desta tradición e do gusto rococó da obra de José Gambino é esta talla de obradoiro popular. Como é común, viste túnica, manto e esclavina con vieiras e porta bordón, sombreiro, libro e bolsa. O seu rostro, de carnacións puídas e ollos grandes e cristalinos transmite a alegría do camiñante cara a Compostela.

Vierge du Carmel

1763-1764
Bois polychrome
94 × 33 × 46 cm
Alongos, Toén, Ourense
N° inv. CE003936/1

Elle provient de la chapelle de la Casa Grande de Alongos, fondée par la famille Martínez Feijoo, demeure où naquit le prêtre humaniste Juan Antonio Saco y Arce, auteur de la première grammaire galicienne publiée en 1868.

La statue présidait un retable décoré de rocailles et d'estipites, qui abritait également les sculptures de saint Antoine, saint Roch et saint Joseph avec l'Enfant.

La Vierge répond pleinement à l'esthétique rococo par son dynamisme et sa polychromie fastueuse. Elle est représentée couronnée, vêtue de l'habit brun portant le blason de l'ordre du Carmel. À l'origine, elle tenait l'Enfant et offrait de la main droite le scapulaire, symbole de protection lié à la tradition de l'apparition à saint Simon Stock en 1251. La figure adopte une pose gracieuse, avec une flexion marquée des jambes, reposant sur un trône de nuées et de chérubins qui renforce sa dimension céleste.

Virxe do Carme

1763-1764
Madeira policromada
94 × 33 × 46 cm
Alongos, Toén, Ourense
Núm. inv. CE003936/1

Procede da capela da Casa Grande de Alongos, fundada pola familia Martínez Feijoo, casa na que nacería o presbítero humanista Juan Antonio Saco y Arce, autor da primeira gramática galega, publicada en 1868.

A imaxe presidía un retablo decorado con rocallas e estípites, que acollía tamén as tallas de santo Antonio, san Roque e san Xosé co Neno.

A Virxe responde plenamente á estética rococó polo seu dinamismo e fastosa policromía. Represéntase coroada, vestindo o hábito pardo co escudo da Orde do Carme. Orixinalmente sostería o Neno e coa man dereita ofrece o escapulario, símbolo de protección, ligado á tradición da aparición a san Simón Stock en 1251. A figura adopta unha pose airosa, cunha marcada flexión das pernas, e asenta sobre un trono de nubes e querubíns, que reforza a súa dimensión celestial.

A MODO DE COMENTARIO FINAL

Tal vez sorprenda que tratándose do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense se presenten trece bens pertencentes ás Belas Artes. Por iso non está de máis lembrar que este museo nace como froito dos procesos desamortizadores do século XIX; isto é, para recibir as obras de arte incautadas ás ordes relixiosas, moitas delas pinturas, esculturas, gravados, etc. que deron lugar á creación de numerosos museos de ámbito provincial nos que acollelos. Este foi o caso de Ourense, onde o organismo encargado da reunión, inventario e conservación dos bens con esta procedencia, a Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, cumpriu co obxectivo e creou en 1845 un Museo de Pinturas que é a orixe da actual institución museal ourensá. Museo que co tempo foi reforzando a súa colección arqueolóxica, ata ser hoxe un museo cunha importante colección de Arqueoloxía.

Como consecuencia desta transformación, os bens non arqueolóxicos foron cedendo peso na colección e sobre todo na exposición permanente. Razón pola que optamos nesta oportunidade por dar a coñecer unha selección que poida dar unha idea dunha parte destes fondos, a través de trece pezas representativas da iconografía relixiosa e que nos lembran a orixe do actual Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

EN GUISE DE COMMENTAIRE FINAL

Il peut sembler surprenant que, s'agissant du Musée Archéologique Provincial d'Ourense, treize biens relevant des beaux-arts soient présentés. Il convient donc de rappeler que ce musée naît des processus de désamortisation du XIXe siècle, c'est-à-dire pour accueillir les œuvres d'art saisies aux ordres religieux, parmi lesquelles de nombreuses peintures, sculptures, gravures, etc., à l'origine de la création de nombreux musées provinciaux destinés à les conserver. Ce fut le cas à Ourense, où l'organisme chargé de la collecte, de l'inventaire et de la conservation de ces biens, la Commission provinciale des Monuments d'Ourense, remplit sa mission en créant en 1845 un Musée de Peintures, à l'origine de l'actuelle institution muséale d'Ourense. Musée qui, avec le temps, a renforcé sa collection archéologique, au point d'être aujourd'hui un musée doté d'un important fonds d'archéologie.

À la suite de cette évolution, les biens non archéologiques ont progressivement perdu du poids dans la collection, et surtout dans l'exposition permanente. C'est pourquoi nous avons choisi, à cette occasion, de présenter une sélection permettant de donner une idée d'une partie de ces fonds, à travers treize pièces représentatives de l'iconographie religieuse, qui rappellent l'origine du Musée Archéologique Provincial d'Ourense.

BIBLIOGRAFÍA / BIBLIOGRAPHIE

Rodríguez González, Xulio; Rodríguez González, Avelino; Gallego Blanco, Araceli (Coords.): *25 Anos. 250 pezas do Mes*. Ourense. Xunta de Galicia. Museo Arqueolóxico provincial de Ourense. 2024.

Plano xeral do interior de Santa María de Nogueira de Miño
Vue d'ensemble de l'intérieur de Santa María de Nogueira de Miño

castellano

AS PINTURAS MURAIS DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO. UN ESTUDO ICONOGRÁFICO

LES PEINTURES MURALES DE SANTA MARÍA DE NOGUEIRA DE MIÑO. UNE ÉTUDE ICONOGRAPHIQUE

Traduction française: Dominique Gérinard

Fotos: Rosa Sálamo Otero

Berta Varela Rodríguez
Historiadora de Arte
Historienne de l'art

A igrexa de Santa María de Nogueira de Miño pertence á localidade lucense de Chantada, situada dentro da demarcación da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, que foi declarada no ano 2018 como Ben de Interese Cultural como parte deste conxunto.

En canto á arquitectura, Nogueira de Miño ten unha planta sinxela cunha única nave e cabeceira rectangular, á súa vez, cóbrese cunha teitume a dúas augas, e ten a orientación habitual, cara ao leste. A fábrica é románica tardía con tendencia ao gótico, datada do século XIII, mentres que a fachada occidental foi refeita no século XVIII (González, 2018: 919-922) en estilo barroco, neste momento tamén se engade a torre campanario; ademais, no muro norte ábrense dúas novas dependencias: a sancristía e unha capela.

Neste pequeno estudo abordaremos as pinturas ao fresco que cobren as paredes do interior de Santa María de Nogueira de Miño e aclararemos a iconografía que amosan as escenas representadas. Estas pinturas mostran claramente a evolución do estilo tardogótico, que representa os derradeiros vestixios da pintura gótica, cara un estilo plenamente renacentista.

As paredes e a bóveda de canón do templo de Nogueira de Miño están cubertos con multitude de escenas, todas son de estilo tardogótico e teñen unha temática común: a "Paixón de Cristo", unha das temáticas máis representadas

L'église de Santa María de Nogueira de Miño appartient à la localité lucquoise de Chantada, située dans la délimitation du paysage culturel de la Ribeira Sacra, qui a été déclaré en 2018 Bien d'Intérêt Culturel comme partie de cet ensemble.

En ce qui concerne l'architecture, Nogueira de Miño présente un plan simple avec une seule nef et un chevet rectangulaire ; elle est couverte d'une toiture à deux versants et présente l'orientation habituelle vers l'est. L'édifice est de style roman tardif avec une tendance au gothique, daté du XIIIe siècle, tandis que la façade occidentale fut refaite au XVIIIe siècle (González, 2018 : 919-922) dans un style baroque ; à ce moment-là, la tour-clocher fut également ajoutée ; de plus, dans le mur nord furent ouvertes deux nouvelles dépendances : la sacristie et une chapelle.

Dans cette petite étude, nous aborderons les fresques qui couvrent les murs de l'intérieur de Santa María de Nogueira de Miño et nous éclaircirons l'iconographie que présentent les scènes représentées. Ces peintures montrent clairement l'évolution du style gothique tardif, qui représente les derniers vestiges de la peinture gothique, vers un style pleinement renaissance

Les murs et la voûte en berceau du temple de Nogueira de Miño sont couverts d'une multitude de scènes ; toutes sont de style gothique tardif et ont une thématique commune : la

Vista xeral do tramo suroeste do presbiterio de Nogueira, onde se representa de maneira conxunta o *Rezo no Getsemaní* e o *Prendemento de Cristo*

Vue générale du tronçon sud-ouest du presbytère de Nogueira, où sont représentées conjointement la Prière au Jardin de Gethsémani et l'Arrestation du Christ

nas igrexas da contorna. Para abordar a explicación destas escenas de forma máis didáctica farémolo seguindo a orde cronolóxica que se referencia na Biblia.

No tramo occidental do muro sur, preséntanse dúas escenas: a *Oración no horto de Getsemaní* e o *Prendemento de Cristo*. Na arte pictórica tardogótica, estes dous episodios bíblicos represéntanse unidos como un só moi frecuentemente (Cajigal, 2017:12); mais, en Nogueira represéntanse no mesmo espazo, pero separados.

Na parte esquerda presentase a *Oración no horto de Getsemaní*, onde se amosa como a Cristo se lle aparece un anxo para entregarlle a cruz do martirio, mentres, os apóstolos Santiago, Pedro e Xoán durmen. Todas as personaxes están nimbadas e axeonlladas en actitude de rezo. A figura de Cristo destaca, posto que viste unha túnica vermella, un dos seus distintivos iconográficos e, por ter unha posición máis prominente. Diante del alzase o Santo Grial, en alusión á Última Cea. Toda a escena está rodeada por valados vexetal, a modo de delimitación visual do episodio.

« Passion du Christ », l'un des thèmes les plus représentés dans les églises de l'environnement. Afin d'aborder l'explication de ces scènes de manière plus didactique, nous le ferons en suivant l'ordre chronologique tel qu'il est recueilli dans la Bible.

Dans le tronçon occidental du mur sud se présentent deux scènes : *la Prière au jardin de Gethsémani et l'Arrestation du Christ*. Dans l'art pictural gothique tardif, ces deux épisodes bibliques sont très fréquemment représentés unis comme un seul (Cajigal, 2017 : 12) ; cependant, à Nogueira, ils sont représentés dans le même espace, mais séparés.

Dans la partie gauche se présente la *Prière au jardin de Gethsémani*, où l'on montre comment un ange apparaît au Christ pour lui remettre la croix du martyre, tandis que les apôtres Jacques, Pierre et Jean dorment. Tous les personnages sont nimbés et agenouillés en attitude de prière. La figure du Christ se distingue, puisqu'il porte une tunique rouge, l'un de ses signes iconographiques distinctifs, et par le fait d'occuper une position plus proéminente. Devant lui s'élève le Saint Graal, en allusion à la Dernière

Vista xeral do Tramo noroeste do presbiterio de Nogueira, onde se representa na capa superior a *Flaxelación* e a *santa Catalina*, e na capa inferior unha segunda *Flaxelación*

Vue générale du tronçon nord-ouest du presbytère de Nogueira, où se disposent, dans le registre supérieur, la Flagellation avec sainte Catherine, et dans l'inférieur, une seconde scène de la Flagellation

Neste mesmo tramo, pero na metade occidental preséntase o *Prendemento de Cristo*. O eixe desta escena, marcando o centro da composición, é Cristo e aparece formando parte de varias escenas a un mesmo tempo, sen respectar o tempo e o espazo de cada un dos episodios, a esta forma de representación pictórica denomínaselle narración sinóptica.

Nesta escena, Cristo recibe o bico de Xudas mentres lle devolve a orella de Malco, representado como unha figura pequena que se agarra a el. Tras eles aparece san Pedro, portando a espada. O arresto complétase coa figura dun soldado con armadura seguido por outros dous homes que conforman a turba.

Estes episodios do Prendemento preséntanse de forma simultánea, sen respectar a liña cronolóxica nin o espazo real. Este anacronismo é un recurso narrativo para economizar o espazo pictórico e concentrar todas as claves iconográficas, facilitando así que o espectador identifique e comprenda a escena axiña

No tramo esquerdo do muro norte, distínguense dúas capas pictóricas malia o seu deterioro pola apertura do vano da

Cène. Toute la scène est entourée de clôtures végétales, comme une délimitation visuelle de l'épisode.

Dans ce même tronçon, mais dans sa moitié occidentale, se présente l'Arrestation du Christ. L'axe de cette scène, marquant le centre de la composition, est le Christ, et il apparaît en faisant partie de plusieurs scènes en même temps, sans respecter le temps ni l'espace de chacun des épisodes ; cette forme de représentation picturale est appelée narration synoptique.

Dans cette scène, le Christ reçoit le baiser de Judas tout en rendant l'oreille à Malchus, représenté comme une petite figure qui s'agrippe à lui. Derrière eux apparaît saint Pierre, portant l'épée. L'arrestation est complétée par la figure d'un soldat en armure suivi de deux autres hommes qui composent la foule.

Ces épisodes de l'Arrestation se présentent de manière simultanée, sans respecter la ligne chronologique ni l'espace réel. Cet anachronisme est une ressource narrative

sancristía. A capa superior e máis extensa, situada no extremo occidental xunto ao arco triunfal, contén a representación da *Flaxelación de Cristo*.

No centro, Cristo aparece atado á columna da flaxelación dentro dun encadre vermello de influencia clásica que recrea o pazo de Pilatos. Viste unicamente o "perizonium". Flanquéano dous soldados con vestimentas castrenses golpéano con flaxelos; destaca o da dereita pola súa vestimenta semellante ás do norte de Europa baixo-medieval (Cajigal, 2017: 10), mostra da influencia flamenca constante na obra. Na parte inferior, un deteriorado epígrafe en letra gótica conserva a inscrición "A obra de todo [...]", posible firma do mestre do taller.

Sobre o lintel da sancristía asoma un fragmento dunha capa pictórica inferior que tamén representaba a *Flaxelación*, da que só se conserva unha man alzando un flaxelo. A repetición do tema nunha nova capa no mesmo espazo reafirma a importancia deste episodio dentro do programa iconográfico.

No extremo oriental deste mesmo tramo apréciase unha figura feminina sedente baixo un arco de medio punto. Vístese con roupas ricas, leva o cabelo medio recollido e toucado coa coroa da virxindade (Carmona, 2020: 74), ademais do nimbo. É moi posible que se trate dunha representación de santa Catalina de Alexandría, posto que ao seu carón recoñécese o fragmento da roda do seu martirio (Vorágine, 1982: 765-774).

A representación do *Camiño ao Gólgota*, atópase no tramo dereito do muro norte, xunto ao testeiro de presbiterio. A escena está integrada por tres personaxes de entre as que destaca a de Cristo, no centro do plano pictórico. Identifícase claramente pola túnica vermella, polo nimbo e, evidentemente, por estar portando a Vera Cruz a costas. Simón de Cirene axúdao agarrando a cruz polo seu brazo maior. Cristo está amarrado cunha corda da que tira a terceira figura, que está case totalmente oculta polo retablo maior.

Na parede oposta, é dicir, no tramo oriental do muro sur, había, no seu momento, un ciclo pictórico. Así e con todo estas capas pictóricas puideron haber quedaron ilexibles cando no século XVIII (González, 2018: 922) abriron a xanela que ilumina a zona do altar[1]. Hoxe, só se pode observar parte do marco pictórico que rodeaba o episodio.

1. Cando colocaron o retablo inevitablemente taparon a venta que hai no testeiro, e quedaron sen luz natural directa no presbiterio, razón pola cal tiveron que abrir o novo vano do muro sur.

visant à économiser l'espace pictural et à concentrer toutes les clés iconographiques, permettant ainsi au spectateur d'identifier et de comprendre rapidement la scène.

Dans le tronçon gauche du mur nord on distingue deux couches picturales malgré leur détérioration due à l'ouverture de la baie de la sacristie. La couche supérieure et la plus étendue, située à l'extrémité occidentale près de l'arc triomphal, contient la représentation de la *Flagellation du Christ*.

Au centre, le Christ apparaît attaché à la colonne de la flagellation dans un encadrement rouge d'influence classique qui recrée le palais de Pilate. Il ne porte que le « perizonium ». Il est flanqué de deux soldats en vêtements militaires qui le frappent avec des flagelles ; celui de droite se distingue par son habillement semblable à ceux du nord de l'Europe à la fin du Moyen Âge (Cajigal, 2017 : 10), témoignage de l'influence flamande constante dans l'œuvre. Dans la partie inférieure, un épigraphe détérioré en lettres gothiques conserve l'inscription « A obra de todo […] », possible signature du maître de l'atelier.

Au-dessus du linteau de la sacristie apparaît un fragment d'une couche picturale inférieure qui représentait également la *Flagellation*, dont seule une main levant un flouet est conservée. La répétition du thème dans une nouvelle couche dans le même espace réaffirme l'importance de cet épisode dans le programme iconographique.

À l'extrémité orientale de ce même tronçon, on observe une figure féminine assise sous un arc en plein cintre. Elle porte des vêtements riches, a les cheveux à demi relevés et est coiffée de la couronne de la virginité (Carmona, 2020 : 74), en plus du nimbe. Il est très probable qu'il s'agisse d'une représentation de sainte Catherine d'Alexandrie, puisque l'on reconnaît à ses côtés le fragment de la roue de son martyre (Vorágine, 1982 : 765-774).

La représentation du *Chemin du Golgotha* se trouve dans le tronçon droit du mur nord, près du chevet du presbytère. La scène est composée de trois personnages, parmi lesquels se distingue le Christ au centre du plan pictural. Il est clairement identifiable par la tunique rouge, le nimbe et, évidemment, par le fait de porter la Vraie Croix sur ses épaules. Simon de Cyrène l'aide en soutenant la croix par son bras principal. Le Christ est attaché avec une corde tirée par la troisième figure, qui est presque totalement cachée par le retable majeur.

Vista xeral do Tramo B do presbiterio de Nogueira, onde se representa o *Camiño ao Gólgota*
Vue générale du tronçon B du presbytère de Nogueira, où est représenté le Chemin du Golgotha

O testeiro está completamente cuberto por un espléndido retablo rococó realizado no ano 1783. Este retablo ocultou os restos dos frescos orixinais. Na actualidade, só sobreviven vestixios deteriorados de dita composición, onde se distinguen, segundo Cajigal Vera catro personaxes. No centro álzase un Pantocrátor, flanqueado por dúas figuras: posiblemente a Virxe e San Xoán Evanxelista, mentres na parte superior da composición sitúase un anxo trompeteiro (Cajigal, 2017:16), iconografía inequívoca do Xuízo Final. O feito de que un Xuízo Final culminase o presbiterio acada maior xustificación se se ten en consideración a efixie de santa Catalina, quen se representa entre os principais avogados auxiliadores que asisten no Xuízo Final.

O presbiterio cóbrese cunha bóveda de canón de dous tramos, decorada con diversas capas pictóricas superpostas e fusionadas. Presenta un panel axadrezado en tons negros, grises e brancos; este recurso actúa como separación espacial entre o programa iconográfico dos muros e o da bóveda, reafirmando a súa independencia narrativa.

Sur le mur opposé, c'est-à-dire dans le tronçon oriental du mur sud, existait à un moment donné un cycle pictural. Cependant, ces couches ont pu devenir illisibles lorsque, au XVIIIe siècle (González, 2018 : 922), la fenêtre qui éclaire la zone de l'autel fut ouverte[1]. Aujourd'hui, seule une partie du cadre pictural qui entourait l'épisode peut être observée.

Le chevet est entièrement couvert par un splendide retable rococo réalisé en 1783. Ce retable a dissimulé les restes des fresques originales. Actuellement, seuls subsistent des vestiges détériorés de cette composition, où l'on distingue, selon Cajigal Vera, quatre personnages. Au centre s'élève un Pantocrator, flanqué de deux figures: probablement la Vierge et saint Jean l'Évangéliste, tandis que dans la partie supérieure de la composition se situe un ange trompettiste (Cajigal, 2017 : 16), iconographie sans équivoque du Jugement dernier. Le fait qu'un Jugement dernier couronne le presbytère acquiert une justification plus grande si l'on prend en considération l'effigie de sainte Catherine, qui est représentée parmi les principaux intercesseurs auxiliaires assistant au Jugement dernier.

1. Lorsque le retable fut installé, il obstrua inévitablement la fenêtre située dans le mur de chevet, laissant le presbytère sans lumière naturelle directe ; c'est pourquoi il fallut ouvrir une nouvelle baie dans le mur sud.

Vista xeral da bóveda do presbiterio de Nogueira, onde se representa a *Bóveda celeste* en conxunto cos *Ventos Cardinais* e os *Tetramorfos*
Vue générale de la voûte du presbytère de Nogueira, où se déploie la Voûte céleste avec les Vents cardinaux et les Tétramorphes

Na zona central da bóveda preséntasenos o que se denomina *Bóveda Celeste*, no tramo occidental apréciase a lúa e no oriental o sol. A lúa represéntase en dúas das fases: a lúa chea, de cor gris e con face humana; e logo perfílase en amarelo unha segunda lúa na fase crecente.

Rodeando á lúa obsérvanse catro "tondi"[2] que representan os ventos cardinais con riscos masculinos soprando teatralmente. Sobre os rostros conservan epígrafes en letra gótica bastarda, sendo unicamente lexibles os nomes de Meriodón e Oriente no extremo leste. Os "tondi", enmarcados en coroas, posiblemente, de loureiro, beben directamente da iconografía clásica tanto na súa composición como na forma de representación.

No seguinte tramo da bóveda, as pinturas aparecen parcialmente cubertas polo retablo, aínda que se distingue o sol da Bóveda Celeste no centro con trazos faciais dourados. Ao seu redor dispoñense catro "tondi" con coroas de loureiro que conteñen os Tetramorfos. O león alado de san

2. Un "tondo" (en plural "tondi") refírese a unha pintura ou baixorrelevo en formato circular (De Gregorio, 2010: 297).

Le presbytère est couvert par une voûte en berceau à deux travées, décorée de diverses couches picturales superposées et fusionnées. Elle présente un panneau en damier aux tons noirs, gris et blancs ; cette ressource agit comme une séparation spatiale entre le programme iconographique des murs et celui de la voûte, réaffirmant son indépendance narrative.

Dans la zone centrale de la voûte se présente ce que l'on appelle la Voûte céleste ; dans la travée occidentale on distingue la lune et dans l'orientale le soleil. La lune est représentée dans deux de ses phases : la pleine lune, de couleur grise et avec un visage humain ; puis une seconde lune en phase croissante est esquissée en jaune.

Autour de la lune, on observe quatre « tondi »[2] qui représentent les vents cardinaux avec des traits masculins soufflant de manière théâtrale. Au-dessus des visages subsistent des épigraphes en lettre gothique bâtarde, seuls les noms de Meriodón et Oriente étant lisibles à l'extrémité

2. Un « tondo » (au pluriel « tondi ») désigne une peinture ou un bas-relief de format circulaire (De Gregorio, 2010 : 297).

Vista xeral do testeiro da nave de Nogueira
Vue générale du chevet de la nef de Nogueira

Marcos (noroeste) é o único ben conservado; o boi de san Lucas sitúase no sector suroeste, mentres que o home alado de san Mateo (sur) e o aguia de san Xoán (norte) permanecen ocultos ao oriente pola estrutura barroca.

A bóveda presenta unha capa pictórica inferior fusionada coa capa dos "tondi". Esta capa conten decoración de fondo formada por motivos vexetais e xeométricos realizados coa técnica do estarcido en cores vermellas e azuis. No centro do intradorso do arco triunfal destaca o anagrama de Cristo (IHS) cunha caligrafía imprecisa de cor vermella.

Con todo, debemos ter claro que tanto a iconografía da bóveda celeste como a dos Tetramorfos está inequivocamente relacionada coa representación do Xuízo Final. A composición desta bóveda celeste presenta similitudes con outras, como a da "claustra nova" da catedral de Ourense, ou a de San Pedro de Bembibre (García, 1999: 70; Cajigal, 2017: 17).

Os programas pictóricos continúan no testeiro e na nave mediante diversas escenas. O conxunto estrutúrase baixo un marco pictórico de influencia clásica que se superpón á propia arquitectura do templo.

Como o anterior de Bueu, quen primeiro deu a coñecer este monumental calvario tamén foi Castelao, que o debuxou e inseriu a ilustración no libro *As cruces de pedra na Galiza*, que malia rematalo antes da guerra civil de 1936-39, non se publica en Buenos Aires ata 1950[8].

8. Castelao, 1950: 173, 175.

également semblables. La seule différence des fûts est que celui du centre est plus élevé ; ils imitent des troncs d'arbres émondés dont ressortent les départs des branches. Enfin, les croix sont simples avec la partie supérieure presque égale aux bras (crux immissa ou latine).

On ne dispose d'aucune donnée sur l'auteur, sinon qu'il fut sculpté vers l'année 1681, lorsque le curé fit réaliser un chemin de croix depuis son manoir de la Cruz, au lieu d'O Valado, jusqu'au temple paroissial.

Beade

Le calvaire de Santa María de Beade fait partie d'un bel ensemble architectural situé au cœur du Ribeiro, sur la rive du fleuve Avia, célèbre depuis l'Antiquité pour son excellent vin. Partagent le même espace la chapelle de San Roque, qui existait déjà en 1719, l'église paroissiale romane avec de multiples réformes et ajouts postérieurs, et les vestiges de la maison priorale de l'ordre de Malte ou de Saint-Jean de Jérusalem.

Comme le précédent de Bueu, celui qui fit connaître ce calvaire monumental fut également Castelao, qui le dessina et inséra l'illustration dans le livre *As cruces de pedra na Galiza*, qui, bien qu'achevé avant la guerre civile de 1936-39, ne fut publié à Buenos Aires qu'en 1950[8].

Calvario de Beade: Dimas, Xesús e Xestas
Calvaire de Beade : Dimas, Jésus et Gestas

Para acceder ao calvario cómpre subir oito chanzos, os centrais tirando a semicirculares. A cruz máis monumental é a central, máis moderna que as laterais, moi posiblemente do século XIX. O fuste é de sección octogonal con catro lados máis estreitos; o capitel de escaso volume, se se compara cos outros dous, cun querubín con ás en cada lado, e os brazos da cruz de sección cadrada. Tanto a imaxe de Cristo, na fronte, como a da Virxe do envés son moi estilizadas.

As dos delincuentes son máis antigas, cos fustes de sección circular e os capiteis de estilo corintio con volutas angulares e follas de acanto e no medio de cada lado unha rosácea tetrapétala. Dá a impresión que as cruces son patibularias, pero non é así, pois o esteo sobresae por enriba dos brazos da cruz, que case queda oculta polas cabezas dos reos e dos traveseiros, estes ladeados coa parte alta a Cristo. Teñen os brazos amarrados con cordas ao traveseiro, e tamén as pernas máis arriba dos nocellos. Dimas está completo, pero a Xestas fáltalle a perna dereita. Como é tradicional, o primeiro olla cara a Cristo e o segundo dálle as costas.

Carece de inscrición, e nos libros parroquias dos séculos XVII e XVIII non aparece esta obra, aínda que si outras de menos importancia. A única referencia é a capela de San Roque, que poden datar da mesma época, que xa existía en 1719. Seguro que non é dos anos que gobernou a freguesía

Pour accéder au calvaire, il faut monter huit marches, les centrales tendant vers une forme semi-circulaire. La croix la plus monumentale est la centrale, plus moderne que les latérales, très probablement du XIXe siècle. Le fût est de section octogonale avec quatre côtés plus étroits ; le chapiteau, de faible volume comparé aux deux autres, présente un chérubin ailé sur chaque face, et les bras de la croix sont de section carrée. Tant l'image du Christ à l'avers que celle de la Vierge au revers sont très stylisées.

Les images des délinquants sont plus anciennes, avec des fûts de section circulaire et des chapiteaux de style corinthien à volutes angulaires et feuilles d'acanthe, avec au centre de chaque face une rosace tétrapétale. On a l'impression que les croix sont patibulaires, mais ce n'est pas le cas, car le fût dépasse au-dessus des bras de la croix, qui reste presque cachée par les têtes des condamnés et par les traverses, celles-ci inclinées avec la partie supérieure vers le Christ. Ils ont les bras attachés avec des cordes à la traverse, ainsi que les jambes au-dessus des chevilles. Dimas est complet, mais il manque à Gestas la jambe droite. Comme il est traditionnel, le premier regarde vers le Christ et le second lui tourne le dos.

Il ne porte aucune inscription, et dans les livres paroissiaux des XVIIe et XVIIIe siècles cette œuvre n'apparaît

O calvario de Beade entre viñas, a capela de San Roque e ao fondo o campo da festa e a torre da igrexa
Le calvaire de Beade entre les vignes, la chapelle de San Roque et, au fond, le champ de la fête et la tour de l'église

o párroco Antonio Panduro, entre 1756 e 1775, que deixou constancia no *Libro de fábrica* de todo canto fixo, algunhas obras de moita menos importancia, como que mandou pintar o retablo da capela de San Roque en 1775[9].

O calvario de Beade, tal como chegou a día de hoxe é, sen dúbida, unha obra construída en dúas épocas, en particular as tres cruces: as dos ladróns poden situarse na primeira metade do século XVIII, sempre antes de 1756 en que se fai cargo da parroquia Antonio Panduro. Posterior é a cruz do centro, agás o baseamento e o pedestal, moi probablemente do século XIX.

Castro Barbudo

O calvario érguese no medio do adro e cemiterio da freguesía de Santa María de Castro Barbudo, do concello pontevedrés de Pontecaldelas. Mantense no emprazamento orixinal de cando se labrou en 1883, pois a pesar que algún párroco quíxoo trasladar para un monte situado pola parte de arriba do templo, desistiu ante a negativa dos veciños.

É o calvario máis monumental de Galicia, que labra na segunda metade do século XIX o escultor Manuel González Perdiz, natural da parroquia de Covelo, concello da Lama (1833-1905), autor de varios cruceiros situados principalmente nas provincias de Pontevedra e Ourense, así como tamén panteóns, petos de ánimas, fontes, etc. Entre os cruceiros anteriores a este calvario, sobresaen o da Torre - Padrenda

9. Arquivo Histórico Diocesano, Ourense: *Santa María de Beade: Libro II de fábrica, ano 1775.*

pas, bien que d'autres de moindre importance y figurent. La seule référence est la chapelle de San Roque, qui peut dater de la même époque et existait déjà en 1719. Il est certain qu'il ne date pas des années où le curé Antonio Panduro dirigea la paroisse, entre 1756 et 1775, car lui consigna dans le *Livre de fabrique* tout ce qu'il fit, y compris des travaux de bien moindre importance, comme le fait d'avoir fait peindre le retable de la chapelle de San Roque en 1775[9].

Le calvaire de Beade, tel qu'il est parvenu jusqu'à aujourd'hui, est sans aucun doute une œuvre construite en deux périodes, en particulier les trois croix : celles des larrons peuvent être situées dans la première moitié du XVIIIe siècle, voire avant, toujours avant 1756, date à laquelle Antonio Panduro prit en charge la paroisse. La croix centrale est postérieure, à l'exception du soubassement et du piédestal, très probablement du XIXe siècle.

Castro Barbudo

Le calvaire s'élève au milieu du parvis et du cimetière de la paroisse de Santa María de Castro Barbudo, dans la commune pontevedraise de Pontecaldelas. Il se maintient à son emplacement d'origine depuis sa réalisation en 1883, car bien qu'un curé ait voulu le déplacer vers un mont situé au-dessus du temple, il y renonça face au refus des habitants.

C'est le calvaire le plus monumental de Galice, sculpté dans la seconde moitié du XIXe siècle par le sculpteur

O calvario de Castro Barbudo
Le calvaire de Castro Barbudo

(1860), Carballedo – Pontecaldelas (1860), Ribadetea - Ponteareas (1879), Cenlle – Cenlle (1877) e Tabagón – O Rosal (1879), e dos posteriores, Xende – A Lama (1885) e Gaxate – A Lama (1892). O seu nome figura xunto co do párroco e do administrador na base da cruz central, así como tamén a data.

Os fustes son cilíndricos, agás o do medio que empeza de sección cadrada con decoración refundida, pasa a octogonal e, por último a parte superior a cilíndrica. O do medio é máis alto que os laterais, e as tres cruces son latinas.

Xesús Cristo está acompañado dun anxo á súa dereita cun cáliz para coller o sangue da ferida do costado, co *perizonium* anoado á dereita.

Máis curiosas son as representacións dos ladróns. A Dimas, o da dereita de Cristo, cólleno polos brazos dous anxos situados sobre o traveseiro da cruz para levalo ao ceo, mentres que Xestas ten enrolado ás pernas un dragón ou serpe alada que turra cara abaixo para metelo no inferno.

Manuel González Perdiz, originaire de la paroisse de Covelo, commune de A Lama (1833-1905), auteur de plusieurs cruceros situés principalement dans les provinces de Pontevedra et Ourense, ainsi que de panthéons, de *petos de ánimas*, de fontaines, etc. Parmi les cruceros antérieurs à ce calvaire, se distinguent ceux de A Torre - Padrenda (1860), Carballedo – Pontecaldelas (1860), Ribadetea - Ponteareas (1879), Cenlle – Cenlle (1877) et Tabagón – O Rosal (1879), et parmi les postérieurs, Xende – A Lama (1885) et Gaxate – A Lama (1892). Son nom figure avec celui du curé et de l'administrateur à la base de la croix centrale, ainsi que la date.

Les fûts sont cylindriques, sauf celui du centre qui commence par une section carrée avec décoration en relief, passe à une section octogonale et, enfin, à une section cylindrique dans sa partie supérieure. Celui du centre est plus élevé que les latéraux, et les trois croix sont latines.

Jésus-Christ est accompagné d'un ange à sa droite tenant un calice pour recueillir le sang de la blessure du flanc, avec le *périzonium* noué à droite.

Plus curieuses sont les représentations des larrons. Dimas, à la droite du Christ, est saisi par les bras par deux anges placés sur la traverse de la croix pour l'emporter au ciel, tandis que Gestas a les jambes enlacées par un dragon ou un serpent ailé qui tire vers le bas pour l'entraîner en enfer.

En outre, il comporte d'autres images : saint Joseph et saint Jean-Baptiste sur des socles au niveau du fût central, et dans la partie supérieure, derrière celle du Christ, la Vierge au Rosaire.

CONCLUSION

Les calvaires les plus abondants en Galice sont ceux de croix simples, sans statue, et ceux qui ne présentent qu'une représentation iconographique sur la croix centrale, le Christ à l'avers et la Vierge au revers, le plus souvent sous l'invocation de la Vierge des Douleurs ou de la Cinquième Douleur avec le Fils mort dans ses bras.

Ceux qui comportent la représentation des deux larrons sont très rares, se distinguant parmi les anciens ceux de Bueu, Beade et Castro Barbudo.

Calvario de Castro Barbudo: Dimas, Xesús e Xestas
Calvaire de Castro Barbudo : Dimas, Jésus et Gestas

Ademais tamén ten outras imaxes: San Xosé e San Xoán Bautista sobre peañas no fuste central, e na parte superior, por detrás da de Cristo, a Virxe do Rosario.

CONCLUSIÓN

Os calvarios máis abundantes de Galicia son os de cruces lisas, sen imaxes, e os que non teñen máis que representación iconográfica na cruz central, Cristo na fronte e a Virxe no envés, esta maiormente baixo a advocación da Dolorosa ou Quinta Angustia co Fillo morto nos brazos.

Os que contan coa representación dos dous ladróns son moi escasos, sobresaíndo entre os antigos o de Bueu, Beade e Castro Barbudo.

BIBLIOGRAFÍA

CASTELAO, (1950): *As cruces de pedra na Galiza*. Buenos Aires: Ed. Nós.

ESTÉVEZ CASTRO, J. Mª., (1996): *Reconocer Bueu*. Pontevedra: Deputación Provincial de Pontevedra.

FABRICIO, J. A., (1703): *Codex apocryphus Novi Testamenti, collectus, castigatus, testimoniisque, censuris & animadversionibus illustratus: Evangelium quod vulgo tribuitur S. Nicodemo, et in pluribus codd. MSS. inscribitur Acta Pilati de Passione et Resurrectione JesuChristi…* Hamburgo.

GONZÁLEZ PÉREZ, C., (2016): "Os calvarios galegos: Bueu, Beade e Castro Barbudo", *Actas do VII Congreso Galego de Cruceiros*. Mos: Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas.

GONZÁLEZ PÉREZ, C., (2017): "Os viacrucis da cidade de Santiago de Compostela", *VIII Congreso galego de cruceiros*, San Paio de Narla, 19-20, novembro, 2016, Lugo.

SABATIER, P., (1751): *Bibliorum sacrorum Latinae. Versiones Antiquae, Vetus Italica, cum Vulgata Latina, cum Textu Graeco comparatur*, III. París.

SAMPEDRO FERNÁNDEZ, A., (2010): "*Calvarios do Condado e A Paradanta", Actas do II Congreso Galego sobre "Cruceiros e cruces de pedra",* Mos: Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas.

Foto aérea do Mosteiro de Oseira
Vue aérienne du monastère d'Oseira

castellano

ANÁLISE ICONOGRÁFICA DAS ADVOCACIÓNS XACOBÍPETAS NO TRAMO QUE FAI O CAMIÑO A COMPOSTELA EN FORMA DE OITO DENDE OURENSE

Fotos: Xosé Dalama Moure

ANALYSE ICONOGRAPHIQUE DES VOCABLES JACOBÉENS DANS LE TRONÇON EN FORME DE HUIT QUE SUIT LE CHEMIN DE COMPOSTELLE DEPUIS OURENSE

Traduction française: Jean Paul Caudrec

Francisco Xavier Limia Gardón

Ph. Dr. pola USC, profesor, escritor e comisario de exposicións.
Cofundador da Fraternidad Internacional del Camino de Santiago (FICS),
e socio fundador en 1992 da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS).

Ph. Dr. de l'USC, professeur, écrivain et commissaire d'expositions.
Co-fondateur de la Fraternité Internationale du Chemin de Saint Jacques (FICS), et membre fondateur en 1992 de l'Association Galicienne des Amis du Chemin de Saint Jacques (AGACS).

Aproximámonos ao antigo burgo de orixe romana, Ourense, capital provincial e sede episcopal, gran cidade do sur de Galicia. Vimos polo Camiño de Santiago desde Xunqueira de Ambía con bo ánimo tras o abrazo salutífero ao carballo de Padroso, pois o polígono industrial e o arrabalde de entrada farán cambiar o noso camiñar logo de atravesar pequenas vilas e pobos, en campo aberto e plena natureza. Entramos ao modo tradicional ao centro histórico antigo co límite onde se fixo o xardín do Posío, onde se achaba a antiga porta,[1] e pasamos diante da renacentista fachada do hospital dos santos Cosme e Damián cos patróns na clave do arco de entrada. Cara o O., a gran igrexa da Trindade, coas súas torres cilíndricas, pois naceu extra muros. Por unha rúa de orixe decimonónico ao O. do mencionado xardín, pasamos diante da súa entrada, tras cruzar unha pequena praza. Pecha o seu adro alto muro con monumental portada que foi a do demolido hospital de s. Roque,[2] que leva no intradorso interior do tímpano a Piedade, advocación iconográfica que reflicte a dor da Nai ante a morte

1. Rúa Prieto Nespereira en cuxo inicio estivo a Porta da Aira, reconstruída por Antonio Martínez de Araque, 1616-1617.

2. Consérvase no asilo dá Barreira a estatua da décimo octava centuria do seu patrón cal peregrino, acompañado do neno e o can con pan na boca. Leva roupa de peregrino, e vieiras na esclavina, mais perdeu a do chapeu.

Nous nous approchons de l'ancien bourg d'origine romaine, Ourense, capitale provinciale et siège épiscopal, grande ville du sud de la Galice. Nous arrivons par le Chemin de Saint-Jacques depuis Xunqueira de Ambía avec entrain après l'étreinte salutaire au chêne de Padroso, que la zone industrielle et le faubourg d'entrée transformeront dans notre marche après avoir traversé de petites villes et villages, en pleine campagne et en pleine nature. Si nous entrons de manière traditionnelle dans le vieux centre historique qui délimitait le jardin du Posío, là où se trouvait l'ancienne porte[1], nous passerons devant la façade Renaissance de l'hôpital des saints Côme et Damien avec ses patrons à la clé de l'arc d'entrée. Vers l'Ouest se trouve la grande église de la Trinité, avec ses tours cylindriques, car elle est née hors les murs. Par une rue d'origine du XIXe siècle à l'Ouest du jardin mentionné, nous passons devant son entrée, après avoir traversé une petite place. Son atrium est fermé par un haut mur avec un portail monumental qui fut celui de l'hôpital démoli de Saint-Roch[2], qui

1. Rue Prieto Nespereira, à l'origine de laquelle se trouvait la Porta da Aira, reconstruite par Antonio Martínez de Araque, 1616-1617

2. On conserve à l'asile da Barreira la statue du XVIIIe siècle de son patron en pèlerin, accompagné de l'enfant et du chien avec du pain dans la bouche. Il porte des vêtements de pèlerin, des coquilles sur la pèlerine, mais a perdu celle du chapeau.

Ourense. Cruceiro do adro da igrexa da Trindade
Ourense. Croix de pierre (cruceiro) du parvis de l'église de la Trinité

Ourense. Santa María Nai no retablo maior da igrexa
Ourense. Sainte Marie Mère dans le retable majeur de l'église

do Fillo, e entre as tallas da igrexa un s. Roque vestido de peregrino, santo avogoso contra peste.[3]

I. NA SÉ E A SÚA CONTORNA

Nas inmediacións da catedral, está santa María Nai, obra barroca reedificada *a cimentis* a fins do primeiro terzo do século XVIII polo bispo Siuri. No seu solar levantouse a primeira igrexa cristiá, que o bispo Ederonio refunda no século XII; mais na fachada o comitente eclesiástico decidiu que

porte dans l'intrados intérieur du tympan la Piété, invocation iconographique qui reflète la douleur de la Mère face à la mort du Fils, et parmi les sculptures de l'église un Saint Roch en habit jacobéen, saint avocat contre la peste[3].

3. Na última aproximación a este percorrido en oito que nos marcamos desde Ourense abordamos o tema da *charitas* cristiá, a acollida e hospitalidade, e cos hospitais, e albergues, *strictu sensu*. Alí verase como a abadía da Trindade tivo o seu peso específico con pegadas do paso de peregrinos.

3. Dans la dernière approche de ce parcours en huit que nous avons tracé depuis Ourense, nous abordons la question de la *charitas* chrétienne, de l'accueil et de l'hospitalité, ainsi que des hôpitaux et auberges, *stricto sensu*. On y verra comment l'abbaye de la Trinité eut un poids spécifique important avec des traces du passage des pèlerins.

o arquitecto engadise do templo anterior columnas e capiteis prerrománicos suevo-visigóticos.[4] Sirva este contexto para aquilatar a súa importancia como primeira sé, que ten polo S. o noutrora pazo episcopal, notabilísima casa forte con claustro Románico e torre angular.[5] No retablo principal ten a talla da Virxe co Neno no seu trono-cátedra, obra renacentista que oculta ás miradas, no seu respaldo, a Fuxida a Exipto, descritivo relevo de camiño e... peregrinación. Está policromado. Fíxose unha copia recente da escultura, mais non o inclúe.[6] Ten interese o retablo S. do cruceiro, de estilo Rococó e un só corpo, con temática relacionada cos improperios ou atributos da Paixón -cravos, teaza, martelo, dados, e coroa de espiñas coa columna inserida-, presidido por unha talla da Piedade axeonllada cunha espada atravesando o seu costado, que sostén o corpo do seu fillo Xesús morto, conxunto de notable canon. Vai nun fornelo con espellos enmarcados nas paredes, e sobre el nunha rocalla exterior superior, ten sobre un gran corazón unha cruz e a inscrición "*CHA/RITAS*". Atribúese a José Salvador Carmona,[7] obra encargada pola confraría das Dores. Na base, hai unha boa talla de Cristo articulado en nicho con cristal, obra para a liturxia de Semana Santa. É un retablo evocador da dor e sufrimento, nunca lonxe do peregrino, cos seus pés con chagas, e as tribulacións persoais, como o relevo aludido da cátedra.

Xa dentro da Sé, ante todo, a estatua medieval de Santiago que, durante séculos, daba a benvida aos peregrinos ante o púlpito da Epístola, á beira da capela maior. Desde decembro de 1857 está diante do parteluz do pórtico do Paraíso, nun notable plinto fronte ás portas do O. Sedente e policromada, suxeita unha espada metálica entre os xeonllos apuntando ao chan, cálzase con finas botas sen policromía xa, desgastada polas mans que, en xesto de petición e acción de grazas adoitan pousarse neles. Os pés esmagan o maligno animal baixo do coxín.[8]

4. A inscrición consérvase no exterior da cabeceira.

5. É museo arqueolóxico e de belas artes provincial que, aínda que de orixe decimonónico (1845), os seus fondos movéronse por diversos edificios da cidade, situándose aquí definitivamente con titularidade estatal tras a compra do edificio en 1951. Pechou por obras en 2002, aínda inconclusas.

6. A súa confraría, que data de 1305, encargouna a uns artistas portugueses sendo entregada en 2011. A cátedra reproduce só os relevos colaterais, cos temas da Anunciación e a Visitación. É a que se quita en procesión, caso da que se fai tras a Semana Santa.

7. Seguidor de Luís (1708-1767), o seu tío, un grande do oficio, quen tivo amplo taller en Madrid, desde o que saían encargos tanto para o foco madrileño como diocese castelás, ou a de Ourense. De José hai outras dúas obras na parroquial de sta. María de Astariz, Castrelo de Miño/Ourense, talladas en Madrid, en 1775.

8. Coincide coa elección do bispo José Ávila (1857-1866), que entra a comezos de 1858, Ano Santo Xacobeo.

Ourense. Retablo da Piedade, en Santa María Nai
Ourense. Retable de la Pietà à Sainte Marie Mère

I. DANS LA CATHÉDRALE ET SES ENVIRONS

À proximité de la cathédrale se trouve Sainte Marie Nai, œuvre baroque reconstruite a *cimentis* à la fin du premier tiers du XVIIIe siècle par l'évêque Siuri. Sur son emplacement fut élevée la première église chrétienne, refondée au Moyen Âge par l'évêque Ederonio, au XIIe siècle ; mais sur la façade, le commanditaire ecclésiastique décida que l'architecte inclurait des colonnes et des chapiteaux préromans suevo-wisigothiques[4] du temple antérieur. Ce contexte suffit à mesurer son importance comme première cathédrale, qui possède au sud l'ancien palais épiscopal, remarquable

4. L'inscription est conservée à l'extérieur du chevet.

Ourense. S. Roque do retablo, no testeiro S. do cruceiro da catedral
Ourense. Saint Roch du retable dans le chevet sud du transept de la cathédrale

Aquí no Paraíso, con pórtico similar ao compostelán, e algo posterior, áchase como é usual, Santiago entre os apóstolos. Vai descalzo, e sostén un rolo coa inscrición «SANCTII IACOBUS APTS», tendo a Xoán, seu irmán, á beira, nas estatuas-columna do lado da Epístola. O bordón curto en tau, fala da súa dependencia da Sé santiaguesa. Vai adornado con tea vermella entrecruzada tres veces, deixando ver vieiras na madeira, tea que conclúe anoada e flocos, nunha coidadosa disposición que fala.

É este espazo aos pés da basílica-catedral, de singular relevancia e simbolismo para o bispo e cabido, por celebrarse aquí

maison forte avec cloître roman et tour d'angle[5]. Dans le retable principal se trouve la sculpture de la Vierge à l'Enfant sur son trône-chaire, œuvre Renaissance qui cache aux regards, dans son dossier, la Fuite en Égypte, relief descriptif de chemin et… pèlerinage. Elle est polychrome. Une copie récente de la sculpture a été réalisée, mais ne l'inclut pas[6]. Le retable sud du transept, de style rococo et à un seul corps, présente un intérêt particulier, avec une thématique liée aux instruments ou attributs de la Passion – clous, tenailles, marteau, dés et couronne d'épines avec colonne insérée –, présidé par une sculpture de la Pietà grenouillée avec une épée traversant son flanc, qui soutient le corps de son fils Jésus mort, ensemble de proportions remarquables. Elle se trouve dans une niche entourée de miroirs encadrés, au-dessus de laquelle figure, dans une rocaille extérieure supérieure, un grand cœur avec une croix et l'inscription « CHA/RITAS ». Elle est attribuée à José Salvador Carmona[7], œuvre commandée par la confrérie des Douleurs. À la base, se trouve une belle sculpture du Christ articulé dans une niche vitrée, œuvre dévotionnelle pour la liturgie de la Semaine Sainte. Le retable évoque la douleur et la souffrance, jamais éloignées du pèlerin, avec ses pieds blessés et les tribulations personnelles, comme le relief mentionné de la chaire.

Déjà à l'intérieur de la cathédrale, avant tout, la statue médiévale de Saint Jacques qui, pendant des siècles, accueillait les pèlerins devant la chaire de l'Épître, à côté de la chapelle majeure. Depuis décembre 1857, elle se trouve devant le trumeau du portail du Paradis, sur un remarquable socle face aux portes occidentales. Assis et polychrome, il tient une épée métallique entre les genoux pointée vers le sol, chaussé de fines bottes sans polychromie désormais, usées par les mains qui, en geste de demande et d'action de grâce, se posent sur elles. Les pieds écrasent un animal maléfique sur un coussin moelleux[8].

5. Il s'agit du musée archéologique et des beaux-arts provincial qui, bien que d'origine du XIXe siècle (1845), vit ses collections passer par divers édifices de la ville, s'installant ici définitivement sous titularité étatique après l'achat du bâtiment en 1951. Il ferma pour travaux en 2002, encore inachevés.

6. Sa confrérie, qui date de 1305, la commanda au Portugal et elle fut livrée en 2011. La chaire ne reproduit que les reliefs latéraux, avec les thèmes de l'Annonciation et de la Visitation. C'est celle qui est portée en procession, comme celle qui a lieu après la Semaine Sainte.

7. Disciple de Luís (1708-1767), son oncle, un grand du métier, qui possédait un vaste atelier à Madrid, d'où partaient des commandes tant pour le centre madrilène que pour les diocèses castillans ou celui d'Ourense. De José, il existe deux autres œuvres dans la paroissiale de Sainte Marie d'Astariz, Castrelo de Miño/Ourense, sculptées à Madrid en 1775.

8. Cela coïncide avec l'élection de l'évêque José Ávila (1857-1866), qui entre en fonction au début de 1858, Année Sainte jacobéenne.

Descanso da Fuxida a Exipto e vista de Ourense. Relevo-base do retablo da Virxe de Belén, no pórtico do Paraíso da catedral de Ourense

Repos pendant la fuite en Égypte et vue d'Ourense. Relief de base du retable de la Vierge de Bethléem sur le portail du Paradis de la cathédrale d'Ourense

reunións nas que asinaban actas importantes. Ten tres portas ao exterior en correspondencia coas do pórtico, que seguen ás naves interiores, un adro onde houbo que facer unha reforma urxente e ampla, a mediados do século XVI, no SO. do edificio, que provocou a desaparición do tímpano e o cambio da bóveda orixinal por outra de crucería estrelada con grandes claves, empresa que trazou e dirixiu o gran mestre Rodrigo Gil de Hontañón. De entón, época renacentista, é a estrutura pétrea que alberga o retablo Barroco da Virxe co Neno na cátedra, tenra escultura chamada de Belén, medieval gótica. Debaixo, no banco do altar, hai un moi interesante relevo do descanso na Fuxida a Exipto, con María aleitando ao Niño, e Xosé co burrico á beira, *ante portas* dunha cidade murada con edificios relixiosos: é Ourense, en vista aérea. Na parede N., s. Cristovo, pintura ao fresco, presente como en tantas catedrais na súa escena usual, a do xigante cruzando un río con Cristo neno, de onde o seu nome, portador de Cristo. Popular durante séculos, foi suprimido por fabuloso do catálogo de santos.

Curioso, mais sumamente significativo que a catedral, tendo esta coidada estrutura de portas e iconografía, ao modo usual, carecese de acceso occidental: pois as portas daban a un breve balcón con balaustres cara á estreita Rúa dás Tendas, un paralelo á basílica compostelá dos primeiros tempos.[9] Fai poucas décadas, decidiuse darlle entrada

9. Que tampouco tiña. Pola multitude de peregrinos buscouse solución, aínda que esta non chegou ata o Barroco.

Ici, au Paradis, avec un portail semblable à celui de Compostelle et quelque peu postérieur, se trouve naturellement Saint Jacques parmi les apôtres. Il est pieds nus, tient un rouleau avec l'inscription « SANCTII IACOBUS APTS », et se trouve avec son frère Jean dans les statues-colonnes du côté de l'Épître. Le bourdon court en tau évoque sa dépendance du siège compostellan. Il est orné d'un tissu rouge entrecroisé trois fois, laissant voir des coquilles Saint-Jacques dans le bois, tissu qui se termine noué avec des franges, disposition parlante et soignée.

Cet espace au pied de la basilique-cathédrale est d'une importance et d'un symbolisme singuliers pour l'évêque et le chapitre, car on y tenait des réunions au cours desquelles étaient signés des actes importants. Il possède des portes vers l'extérieur correspondant à celles du portail, suivant les trois nefs intérieures, sorte d'atrium ecclésial où il fallut entreprendre une réforme urgente et importante, au milieu du XVIe siècle, dans le sud-ouest de l'édifice, qui provoqua la disparition du tympan et le remplacement de la voûte originale par une autre à croisées d'ogives étoilées avec de grandes clés, entreprise conçue et dirigée par le maître Rodrigo Gil de Hontañón. De cette époque, Renaissance, date la structure en pierre qui abrite le retable baroque de la Vierge à l'Enfant en chaire, tendre sculpture appelée de Bethléem, sculpture médiévale gothique. En dessous, dans la prédelle de l'autel, se trouve un relief très intéressant du

Cristo dos Desamparados. Capela do deambulatorio da catedral de Ourense
Christ des Désemparés. Chapelle du déambulatoire de la cathédrale d'Ourense

facendo escaleira tras despexar de casas o frontis, nacendo así unha pequena praza.[10] Desapareceu así este *unicum* catedralicio.

Tras tratar aquela estatua de Santiago no Paraíso, pórtico marabilloso e recentemente restaurado no súa policromía, debemos desandar o camiño e regresar ao testeiro S., polo que entramos, pois á beira da porta, áchase entre o santos s. Roque, destacada talla da autoría de Francisco de Moure, ca. 1598. Leva no á frontal do seu chapeu de viaxeiro, a vieira de peregrino que loce cal insignia. Áchase nun dos fornelos do corpo baixo, a carón de s. Sebastián, e no corpo superior, do moble litúrxico, s. Eloi. É un significado retablo de estilo Barroco atribuíble ao gran mestre de arquitectura e escultura Francisco de Castro e Canseco, fins XVII-

10. O arquitecto Francisco Pons fixo escalinata recta con dúas mesetas, 1975-1981, ata a nova praza de s. Martiño, transcendente acción realizada sendo bispo Ángel Temiño, sendo alcaldes Ricardo Martín, Miguel Riestra, Celso Vázquez-Gulías e José Luís López.

repos lors de la Fuite en Égypte **(5)** : Marie allaite l'Enfant, et Joseph avec l'âne à côté, *devant les portes* d'une ville murée avec des édifices religieux : c'est Ourense, en vue aérienne. Sur le mur nord, Saint Christophe, peinture à fresque, présent comme dans tant de cathédrales dans sa scène habituelle, celle du géant traversant une rivière avec l'Enfant Jésus, d'où son nom, porteur du Christ. Populaire pendant des siècles, il a été supprimé du catalogue des saints pour son caractère fabuleux.

Curieuse, mais extrêmement significative, cette cathédrale qui, disposant de cette structure soignée de portes et d'iconographie, selon le mode habituel, ne possédait pas d'accès occidental : ses portes donnaient sur un petit balcon à balustres vers l'étroite Rúa das Tendas[9], parallèle à la basilique compostellane à ses débuts. Il y a quelques décennies, on décida de lui donner une nouvelle valeur en construisant un escalier après avoir dégagé de maisons la façade, créant ainsi une petite place[10]. Ce caractère ***cathédral unique*** disparut ainsi.

Après avoir traité cette statue de Saint Jacques au Paradis, portail merveilleux et récemment restauré dans sa polychromie, nous devons rebrousser chemin et revenir au chevet sud par lequel nous sommes entrés, car à côté de la porte se trouve parmi les saints Saint Roch, sculpture remarquable attribuée à Francisco de Moure datée vers 1598. Sur l'aile frontale de son chapeau de voyage figure la coquille du pèlerin qu'il arbore comme insigne. Elle se trouve dans l'une des deux niches du corps inférieur avec Saint Sébastien, et dans le corps supérieur du meuble liturgique, Saint Éloi. Il s'agit d'un retable significatif de style baroque attribuable au grand maître d'architecture et de sculpture Francisco de Castro y Canseco, fin XVIIe-début XVIIIe siècle, commande de trois confréries. Les sculptures inférieures font *pendant* et leur présence témoigne de leur relation avec le chemin. Il en est de même avec la présence de deux sculptures médiévales exceptionnelles du Christ en croix. La plus ancienne est celle dite des Délaissés, replacée dans le nouveau déambulatoire construit dans la première moitié du XVIIe siècle, décision qui multiplia les chapelles funéraires nobiliaires et les donations correspondantes. Ainsi, dans la petite

9. Qui n'en disposait pas non plus. Face à la multitude de pèlerins, on chercha une solution, mais celle-ci n'arriva qu'au début du Baroque.

10. Sa structure s'inspire du retable médiéval en pierre de l'ancien monastère bénédictin de Saint Estevo de Rivas de Sil/Nogueira de Ramuín, en forme de pont avec des pentes inclinées.

primeiros anos do XVIII, encargo de tres confrarías. As tallas inferiores fan *pendent* e a súa presenza fala da súa relación co camiño. Iso é así tamén coa presenza de dúas excepcionais tallas medievais de Cristo na cruz. A máis antiga é o chamado dos Desamparados, recolocado no novo deambulatorio construído na primeira metade do século XVII, decisión que multiplicou as capelas funerarias nobiliarias e as conseguintes dádivas. Así na pequena capela anexa á da Asunción aberta para as tumbas dos Argiz, na parede do testeiro, directamente, áchase, coas tallas de pequeno canon da Piedade e s. Juan evanxelista aos lados. É de catro cravos, estatua-columna hierática na que se representa vivo e coroado, con pano de pureza máis longo por detrás, o que descobre os seus xeonllos con chagas, todo en madeira, e sobre unha cruz de cuarteirón.[11] É unha obra espléndida do Románico, datada a comezos do século XIII. E seguindo a xirola en dirección oposta ás agullas do reloxo, pasamos diante da talla do arcanxo Rafael no retablo da capela de santa Isabel ou dos Arrojo. Protector dos viaxeiros, porta alto bordón.

Ao final, a porta lateral da grandiosa e singular capela privilexiada do Santo Cristo na cruz, nas inmediacións do cruceiro N., lado polo que se accede por ampla porta pechada por reixas con boetas-piares petitorios con vieiras. Aquí estivo ao principio cando o bispo Vasco Pérez Mariño (1332/1343) trouxo a talla de vestir dende Fisterra, A Coruña, no primeiro terzo do século XIV, quen quixo ser enterrado diante, en grandiosa tumba do outro lado do cruceiro. A imaxe é polimatérica e articulada, para conferirlle naturalismo verista de aparencia cadavérica, e leva cabeleira postiza con coroa de espiñas. De tres cravos, cóbrese por longa falta vermella bordada en ouro con flocos ata os nocellos. Protexíano senllas portas coas imaxes de María orante, e s. Xoán apóstolo e evanxelista, coas mans entrecruzadas en súplica, todo do Gótico. A fins do século XVI, colocouse baixo o arco oposto da capela de estilo renacentista que se abriu escavando cara a de o E. No profundo intradorso seguen ditas portas agora embutidas. Baltasar Porreño, autor coetáneo, dá conta como é "*un crucifijo devotísimo y es una de las estaciones que los peregrinos que van a Santiago en Galicia hacen*".[12] E xa, finalmente, dende 1674 séguese

11. Unha cruz similar ten o Cristo da monumental tumba 'do bispo descoñecido' da capela maior, ca. 1320, mais o seu corpo represéntase natural. É importante a achega de Sara Carreño López, A imaxe escultórica do Crucificado en Galicia no século XIV, tese doutoral, USC, 2020.

12. PORREÑO, B. (1578), primeira parte histórico-descritiva do Reino de Galicia, 13-189, 366-375, e introdución de Eduardo Pardo de Guevara e Valdés.



Cristo da capela do Santo Cristo. Catedral de Ourense
Christ de la chapelle du Saint Christ. Cathédrale d'Ourense

chapelle annexe à celle de l'Assomption ouverte pour les tombes des Argiz, sur le mur du chevet, directement, elle se trouve, avec les petites sculptures de la *Piétà* et de Saint Jean évangéliste de part et d'autre. Elle comporte quatre clous, statue-colonne hiératique où il est représenté vivant et couronné, avec un perizonium plus long à l'arrière, découvrant ses genoux blessés, le tout en bois, sur une croix à branches[11]. C'est une œuvre splendide du roman, datée du début du XIIIe siècle. Et en suivant le déambulatoire dans le sens inverse des aiguilles d'une

11. L'architecte Francisco Pons réalisa un escalier droit avec deux paliers, 1975-1981, menant à la nouvelle petite place de Saint Martiño, action décisive réalisée sous l'épiscopat d'Ángel Temiño, alors que les maires étaient Ricardo Martín, Miguel Riestra, Celso Vázquez-Gulías et José Luís López.

Santiago sedente. Museo catedral de Ourense
Saint Jacques assis. Musée de la cathédrale d'Ourense

escavando para construír a súa capela ao modo Barroco con retablo de dobre altar cuberto por baldaquino baixo cúpula sobre pechinas e lanterna, con xirola que os rodea. A capela resultante dispón así finalmente dunha nave, que é o corpo do cincocentos, con cabeceira do seiscentos que semella unha gruta sacra, magno exemplo no que o crucificado é a verdadeira luz -que os dous espellos colaterais só reflíctena-, e ao mesmo tempo expresión do adagio "*per crucen ad lucem*", amosado no espazo coa luz que entra débilmente pola lanterna, efecto buscado. Destaquemos antes de saír o busto da Virxe Dolorosa do trasaltar, con rostro en súplica e mans entrecruzadas, obra finisecular do século XVII, quizais de Tomás de Sierra, e sobre ela o Cristo do perdón, talla que remite ao momento posterior á flaxelación, axeonllado sobre o mundo, con Adán e Eva a ambos os dous lados da árbore, obra adquirida en 1711. E nunha das cadeiras do antigo coro de nogueira de Diego de Solís e Juan de Angés, 1580-1590, a carón da porta lateral, espléndida figura do apóstolo, descalzo, con bordón e libro.

montre, nous passons devant la sculpture de l'archange Raphaël dans le retable de la chapelle Sainte Isabelle ou des Arrojo. Protecteur des voyageurs, il porte un haut bourdon.

À la fin, la porte latérale de la grandiose et singulière chapelle privilégiée du Saint Christ en croix, à proximité du transept nord, où se trouve la large porte fermée par des grilles avec des piliers votifs ornés de coquilles. C'est ici qu'elle se trouvait à l'origine lorsque l'évêque Vasco Pérez Mariño (1332/1343) apporta la sculpture de vêtement depuis Fisterra, ***La Corogne***, dans le premier tiers du XIVe siècle, lui qui voulut être enterré devant elle, dans une tombe grandiose de l'autre côté du transept. L'image est polymatérielle et articulée, afin de lui conférer un naturalisme vériste d'apparence cadavérique, et elle porte une chevelure postiche avec couronne d'épines. À trois clous, elle est couverte d'une longue jupe rouge brodée d'or avec des franges jusqu'aux chevilles. Elle était protégée par deux portes avec les images de Marie en prière et de Saint Jean apôtre et évangéliste, les mains entrecroisées en supplication, le tout gothique. À la fin du XVIe siècle, elle fut placée sous l'arc opposé de la chapelle de style Renaissance ouverte en creusant vers l'est. Dans le profond intrados subsistent ces portes désormais encastrées. Baltasar Porreño, auteur contemporain, rapporte qu'il s'agit « *d'un crucifix très dévot et l'une des stations que les pèlerins allant à Saint-Jacques en Galice accomplissent* »[12]. Et enfin, à partir de 1674, on continua à creuser pour construire sa chapelle de style baroque avec un retable à double autel couvert par un baldaquin sous coupole sur pendentifs et lanterne, avec un déambulatoire qui l'entoure. La chapelle résultante dispose ainsi d'une nef – le corps du XVIe siècle – avec un chevet du XVIIe, ressemblant à une grotte sacrée, exemple magistral où le crucifié est la véritable lumière – que les deux miroirs latéraux ne font que refléter – et en même temps expression de l'adage « *per crucem ad lucem* », exprimé dans l'espace par la lumière qui entre faiblement par la lanterne, effet recherché. Signalons avant de sortir le buste de la Vierge des Douleurs dans le rétro-chœur, au visage en supplication et aux mains entrecroisées, œuvre de la fin du XVIIe siècle, peut-être de Tomás de Sierra, et au-dessus le Christ du pardon,

12. Une croix similaire possède le Christ de la monumentale tombe « de l'évêque inconnu » de la chapelle majeure, vers 1320, mais son corps est représenté de manière naturelle. L'apport de Sara Carreño López est important, *La imagen escultórica del Crucificado en Galicia en el siglo XIV*, thèse doctorale, USC, 2020.

Antes de deixar a Sé unha ollada xacobea interesada ao museo catedralicio, sito no brazo N. da nave, na inconclusa *claustra* nova, obra do Gótico. En escultura hai tres notables tallas xacobeas. A primeira, das gubias de Francisco de Moure para a parroquial de sta. María de Pixeiros, 1599-1600, terras de peregrinación da comarca natural da Limia. O artista, un dos grandes do primeiro Barroco no Antigo Reino de Galicia, configúrao con iconografía dobre, de apóstolo pola nudez dos seus pés, levando o libro, polas súas epístolas, e ampla túnica; mais o seu chapeu de viaxe e vísea frontal atravesada por dous bordóns en aspa como peregrino compostelán. Outra é o monumental Santiago sedente en gran cátedra de cabezal curvilíneo cos brazos en cruz e pés dianteiros en garra,[13] apoiando os pés nun coxín. Cobre peito e ombreiros con esclavina entre aberta con senllas cunchas de vieira cos bordóns en aspa, unha obra de doces trazos faciais que será de mediados do século XVIII, e no estilo de José Gambino, un dos últimos grandes do Rococó galego.[14] É plausible relacionala coa igrexa do convento franciscano da cidade, cuxas obras foron dispersadas cando tivo que ser abandonado coa desamortización decimonónica e a exclaustración. Tamén desta centuria, e procedencia similar, Virxe co Neno. Vístese como viaxeira nobiliaria e peregrina, con esclavina curta che de vieiras -cadro diante-, bordón con cabaza, rostro aniñado con cabelo curto, cubríndose cun chapeu tricornio, obrigatorio desde 1766.[15]

No campo da ourivaría, destaco a cruz procesional de acibeche delicadamente dourada, de cuarteirón rematada en bólas, obra extraordinaria do Gótico, de 1497 polo menos, e obradoiro leonés, terra do camiño. Utilizábase nas exequias dos cóengos. Leva na parte superior do varal a Santiago, entre outros apóstolos, diante da torre central e cupulinos aos lados, todos con ameas, con xanelas saeteiras con arcos apuntados tan pechados que semellan túmidos, entre columnas rectas e estrías helicoides. O apóstolo porta un estoxo oco en forma de tubo, que puido conter un rolo, ao que sinala expresamente a súa man destra que suxeita o bordón, todo

13. LIMIA GARDÓN (1993), 86. Ante estes pés dianteiros da cátedra debe traerse a colación o famoso ebanista inglés do século XVIII Thomas Chippendale, estilo que fixo fortuna, divulgándose amplamente.

14. Ponderada atribución estilística, similar a unha obra da catedral de Compostela. Na destra desprega un rolo-papiro similar aos profetas dos pórticos do Paraíso e da Gloria, estilo Románico. Leva inscrición.

15. Empeño do novo rei Borbón Carlos III desde a súa chegada en 1759, buscando cambios, sendo moi controvertido o da indumentaria que obrigaba a recortar capas e chapeus, o que motivou o motín de Esquilache. É significado o seu retrato como cazador, Goya, ca. 1786, museo do Prado, Madrid. Hai outra imaxe similar á comentada en Xunqueira de Ambía, vila do Camiño, nun retablo da nave da ex-colexiata.

sculpture renvoyant au moment postérieur à la flagellation, agenouillé sur le monde, avec Adam et Ève de part et d'autre de l'arbre, acquise en 1711. Et sur l'un des sièges de l'ancien chœur en noyer, de Diego de Solís et Juan de Angés, 1580-1590, à côté de la porte latérale, splendide figure de l'apôtre, pieds nus, avec bourdon et livre.

Avant de quitter la cathédrale, jetons un regard jacobéen intéressé vers le musée cathédral, situé dans le bras nord de la nef, dans la *claustra* nova inachevée, œuvre gothique. En sculpture, il y a trois remarquables figures jacobéennes. La première, issue des gouges de Francisco de Moure pour la paroissiale de Sainte Marie de Pixeiros, 1599-1600, terres de pèlerinage de la région naturelle de *du Lima* . L'artiste, l'un des grands du premier baroque dans l'ancien royaume de Galice, le configure avec une double iconographie : d'apôtre par la nudité de ses pieds, portant le livre pour ses épîtres et une large tunique ; mais aussi de pèlerin compostellan par son chapeau de voyage et la coquille frontale traversée par deux bourdons en sautoir. Une autre est le monumental Saint Jacques assis sur une grande chaire à dossier curviligne avec les accoudoirs en croix et pieds antérieurs en griffe[13], reposant les pieds sur un coussin. Il couvre poitrine et épaules d'une pèlerine semi-ouverte avec deux coquilles et bourdons en sautoir, œuvre aux traits doux qui date du milieu du XVIIIe siècle, dans le style de José Gambino, l'un des derniers grands du rococo galicien[14]. Il est plausible de la relier à l'église du couvent franciscain de la ville, dont les œuvres furent dispersées lors de la désamortisation du XIXe siècle et de l'exclaustration. De ce même siècle, et de provenance similaire, une Vierge à l'Enfant. Vêtue comme une noble voyageuse et pèlerine, avec une courte pèlerine bordée de coquilles – quatre à l'avant –, bourdon avec gourde, visage juvénile aux cheveux courts, se couvrant d'un chapeau tricorne, obligatoire depuis 1766.[15]

13. PORREÑO, B. (1578), première partie historico-descriptive du Royaume de Galice, 13-189, 366-375, et introduction d'Eduardo Pardo de Guevara y Valdés.

14. LIMIA GARDÓN (1993), 86. Devant ces pieds antérieurs de la chaire, il convient de mentionner le célèbre ébéniste anglais du XVIIIe siècle Thomas Chippendale, dont le style fit fortune et se diffusa largement.

15. Attribution stylistique pondérée, similaire à une œuvre de la cathédrale de Compostelle. Dans la main droite, il déploie un rouleau-papyrus semblable à ceux des prophètes des portails du Paradis et de la Gloire, de style roman. Il porte une inscription.

Ourense. Retablo do Pilar e Santiago. Testeiro N. do cruceiro da catedral
Ourense. Retable du Pilar et de Saint Jacques. Chevet nord du transept de la cathédrale

moi explícito. Leva chapeu con vieira frontal. Entre as pezas de frontal de altar, dos talleres de Limoges, época do bispo Alfonso (1174-1213), quen consagrou a catedral, cuxa figura en relevo identifícase pola inscrición "S·IAC/OBE". Sostén entre as mans un libro pechado. No tesouro catedralicio, ademais, represéntase a súa efixie nas cruces procesionais de Isidro de Montanos para Santiago de Zorelle, Maceda, 1649; e Parada de Amoeiro, de Francisco Santos, 1690, sita no tramo S. do camiño a Cea. Na capela das Nieves, alén da nave, tamén se inclúe no sagrario catedralicio realizado tras o concilio vaticano II, obra de talleres Granda, Madrid. Vai entre os apóstolos de pé, cabeza virada e nimbada, vieiras nos ombreiros, báculo-bastón en tau, cabaza e cartela, ao modo do pórtico do Paraíso. Leva pés descalzos.[16]

16. A súa estrutura inspírase no retablo medieval de pedra do ex-mosteiro bieito de santo Estevo de Ribas de Sil / Nogueira de Ramuín, con forma de ponte con rasantes en pendente

Dans le domaine de l'orfèvrerie, je souligne la croix processionnelle en jais délicatement dorée, à lobes terminés par des boules, œuvre extraordinaire du Gothique, datant au moins de 1497, issue d'un atelier léonais, terre du chemin. Elle était utilisée lors des obsèques des chanoines. Elle porte, dans la partie supérieure du fût, Saint Jacques parmi d'autres apôtres, devant la tour centrale et de petits dômes latéraux, tous crénelés, avec des fenêtres en meurtrière aux arcs brisés si fermés qu'ils paraissent tumides, entre des colonnes droites et des stries hélicoïdales. L'apôtre porte un étui creux en forme de tube, qui a pu contenir un rouleau, qu'il désigne expressément de sa main droite tenant le bourdon, le tout très explicite. Il porte un chapeau avec coquille frontale. Parmi les pièces de devant d'autel, issues des ateliers de Limoges, à l'époque de l'évêque Alfonso (1174-1213), qui consacra la cathédrale, sa figure en relief est identifiée par l'inscription « S·IAC/OBE ». Il tient entre ses mains un livre fermé. Dans le trésor de la cathédrale, en outre, son effigie apparaît dans les croix processionnelles d'Isidro de Montanos pour Santiago de Zorelle, Maceda, 1649 ; et de Parada de Amoeiro, de Francisco Santos, 1690, située sur le tronçon sud du chemin vers Cea. Dans la chapelle des Neiges, de l'autre côté de la nef, il est également inclus dans le tabernacle cathédral réalisé après le concile Vatican II, œuvre des ateliers Granda, Madrid. Il se tient parmi les apôtres, debout, tête tournée et nimbée, coquilles sur les épaules, bâton-bourdon en tau, calebasse et cartouche, à la manière du portail du Paradis. Il a les pieds nus.[16]

Ese día o milagre foi que o rosetón, mentras soaba a música, derretíase polo templo en mil cores: verdes, rosas, vermellos, violetas, amarelos... tomaba mil formas de derretemento: círculos, lóbulos, triángulos... tracería máxica que se licuou primeiro na pilastra esquerda próxima ó altar, seguiu pola ábsida central, percorrendo as pedras cara o pilar da dereita... avanzando, avanzando... subindo, subindo... ata fuxir nas alturas do teito, con forma de barco, do santuario. O sol avanzaba mirando o ocaso.

A vidreira bailaba como unha abelaíña tola, embriagada de si mesma. Bébeda pola música, polas cores, polo atardecer. A danza durou unha hora, o que durou a actuación.

La professeure d'histoire leur avait dit qu'au début, les civilisations primitives sacrifiaient des enfants immaculés et des vierges innocentes pour satisfaire les caprices des dieux. Inadmissible ! criait María sans voix.

Peu à peu, les enfants et les jeunes filles furent épargnés, et l'on sacrifia des agneaux sans tache à la place des nourrissons et des jeunes femmes, eux aussi purs. Tout aussi insupportable ! hurlait María pour elle-même.

Toute cette histoire de l'agneau laissait en suspens bien des questions, parmi lesquelles : pourquoi saint Jean-Baptiste, sainte Agnès, sainte Geneviève et saint Pascal Baylón avaient-ils pour attribut un agneau ? Martyre ? Sacrifice ? Innocence ?

Même les bergers apparaissent avec des brebis, adorant l'Enfant dans la crèche de Bethléem.

Quel poids immense portent les agneaux ! Quel martyre !

LE RÊVE DE MARÍA, UNE ENFANT ÉBLOUIE. LE ROSE DE SANTA MARIÑA

Chaque été, María avait une ou deux (ou plus) crises d'émerveillement chaque fois que les musiciens s'installaient dans l'église pour donner des concerts. Elle rendait folle tante Pilar avec l'heure. À huit heures précises du soir ! Que personne n'oublie !

Ce 12 août fut spécial. La sphère du monde n'était qu'un seul et unique soleil. Le four de la sainte fondait à 36° à l'ombre (s'il y avait de l'ombre). Ouf !

Ce jour-là, le miracle fut que la rosace, pendant que la musique résonnait, se répandait en mille couleurs dans le temple : verts, roses, rouges, violets, jaunes… elle prenait mille formes de fusion : cercles, lobes, triangles… une tracerie magique qui se liquéfia d'abord sur le pilastre gauche près de l'autel, poursuivit vers l'abside centrale, parcourant les pierres jusqu'au pilier de droite… avançant, avançant… montant, montant… jusqu'à fuir dans les hauteurs du plafond, en forme de bateau, du sanctuaire. Le soleil avançait en regardant vers le couchant.

Le vitrail dansait comme un papillon de nuit affolé, ivre de lui-même. Ivre de musique, illuminé de couleurs, saisi par le crépuscule. La danse dura une heure, le temps du concert.

Nas pedras, danzaron con frenesí a luz tamizada de Deus, a rosa mística da Virxe María, o círculo da perfección do universo.

Este ballet foi o culpable do trance de María que acurrucada nun recuncho do sagrado escoitou voces. Berraban por ela. Vaia, ho!

"Aquí estou!"

Era xa noite. Quedara pechada na igrexa.

"Maríaaaa!"

As voces soaban cheas de angustia.

Canto tempo pasara?

Tiña que poñer coto a tanto soño.

Rosace de la façade de l'église de Sta. Mariña de Augas Santas

O DEBEZO DE MARÍA, UN NOME INCOMPLETO. A FONTE DE SANTA MARIÑA

Que nome tan fermoso!

Era un 18 de xullo do ano 139 d.c. cando Santa Mariña foi decapitada. Un intento de exterminio definitivo despois de mil torturas e suplicios sufridos, entre eles o de mergullala no estanque que está ó lado das tres ábsidas, para que confesase en público a renuncia a súa fe cristiana. Xa antes intentaran fulminala meténdoa viva nun forno. Sempre a salvou a gran crenza que profesaba. No caso do forno, foi San Pedro quen a liberou sacándoa pola chimenea e enfriándoa posteriormente. Un milagre!

Todo isto pensaba María, mellor dito, preparaba María para unha exposición que tiña que facer na escola.

Os romanos estaban tontos ou que? Calculaban acabar coa benaventurada unha vez decapitada? Non comprendían que era invencible? Así lles foi a estes panocos! Coa decapitación da santa, naceu un culto infinito. Estes romanos! Quen non quere unha taza come sete (María parou en seco. Isto igual no o pode dicir así. Vai pensalo mellor).

Sur les pierres dansèrent avec frénésie la lumière tamisée de Dieu, la rose mystique de la Vierge Marie, le cercle de la perfection de l'univers.

Ce ballet fut à l'origine de la transe de María qui, blottie dans un coin du sacré, entendit des voix. On l'appelait. Tiens donc !

« Me voici ! »

Il faisait déjà nuit. Elle était restée enfermée dans l'église.

« Maríaaa ! »

Les voix résonnaient pleines d'angoisse.

Combien de temps s'était écoulé ?

Il fallait mettre un frein à tant de rêveries.

Fontaine de la Sainte à Sta. Mariña de Augas Santas Santas

LE DÉSIR DE MARÍA, UN NOM INCOMPLET. LA FONTAINE DE SANTA MARIÑA

Quel nom magnifique !

C'était un 18 juillet de l'an 139 apr. J.-C. que Sainte Mariña fut décapitée. Une tentative d'extermination définitive après mille tortures et supplices subis, parmi lesquels celui de la plonger dans l'étang situé à côté des trois absides, afin qu'elle renonce publiquement à sa foi chrétienne. On avait déjà tenté de la faire périr en la jetant vivante dans un four. Toujours, la grande foi qu'elle professait la sauva. Dans le cas du four, ce fut saint Pierre qui la libéra en la faisant sortir par la cheminée et en la refroidissant ensuite. Un miracle !

Tout cela, María y pensait — ou plutôt, elle le préparait pour un exposé qu'elle devait faire à l'école.

Les Romains étaient-ils stupides ou quoi ? Croyaient-ils en finir avec la bienheureuse en la décapitant ? Ne comprenaient-ils pas qu'elle était invincible ? Voilà bien ce qui leur arriva à ces nigauds ! Avec la décapitation de la sainte naquit un culte infini. Ces Romains ! Qui n'en veut pas une tasse en boit sept (María s'arrêta net. Cela, peut-être, elle ne peut pas le dire ainsi. Elle va y réfléchir davantage).

La tête de Sainte Mariña rebondit trois fois. À chacun des endroits jaillit une source dont les eaux alimentent les trois jets de la fontaine actuelle, construite au XIXe siècle.

Les eaux saintes…

María réfléchit et réfléchit encore, car quelque chose ne s'emboîte pas bien et elle ne sait pas comment l'expliquer. Les livres disent que la victime fut décapitée à l'endroit exact d'un puits situé à l'intérieur du manoir d'été de l'évêque, et non à la fontaine. Peut-être la tête rebondit-elle trois fois depuis ce puits, entraînant l'eau jusqu'à l'endroit où se trouve aujourd'hui le bassin.

A cabeza de Santa Mariña rebotou tres veces. En cada un dos sitios naceu un manancial cuxas augas recollen os tres canos da fonte actual que foi construída no século XIX.

As augas santas...

María matina e matina porque hai algo que non encaixa ben e non sabe como explicalo. Os libros din que a interfecta foi decapitada no lugar exacto dun pozo que hai dentro do pazo de verán do bispo, que non na fonte. Igual a cabeza rebotou tres veces dende ese pozo e foi levando a auga ata onde hoxe está a pila.

Augas santas...

A María gustáballe aquela cor 'azulina' (termo usado por moitos da zona) dos laterais da fontana, tamén admiraba a Santa, pero sobre todo debecía polo nome, MARIÑA. María, é un apelativo incompleto.

« Très souvent, les retables des âmes sont couronnés, simples ou ornés. » *Castelao*

O MEDO DE MARÍA, UNHA NENA ASUSTADIZA. PETO E CRUCEIRO DE ARMEA

Para unha nena, é moito!

Atoparme cun cruceiro en si mesmo, xa me dá medo. Se ademais ten un peto de ánimas, xa nin o quero pensar. O peor é que o meu medo multiplícase por dez mil, que son, máis ou menos, os cruceiros que hai por Galicia adiante.

Menos mal que están en encrucilladas de vellos camiños que non transitamos os pequechos, afortunadamente.

Un cruceiro serve para tantas cousas... calquera delas causa certo arrepío.

Din que protexen ós peregrinos do Camiño de Santiago, da Santa Compaña especialmente. Se así é, as imaxes que

Eaux saintes…

María aimait cette couleur « azuline » (terme employé par beaucoup dans la région) des côtés de la fontaine ; elle admirait aussi la Sainte, mais surtout elle soupirait pour le nom, MARIÑA. María est un nom incomplet.

LA PEUR DE MARÍA, UNE ENFANT CRAINTIVE. PETO ET CALVAIRE D'ARMEA

Pour une enfant, c'est beaucoup !

Rencontrer un calvaire en soi me fait déjà peur. Si en plus il comporte un peto des âmes, je ne préfère même pas y penser. Le pire, c'est que ma peur se multiplie par dix

se me veñen á cabeza fanme tremer: as almas en pena percorrendo camiños, case par a par cos romeiros!

O cruceiro de Armea seguro que era dos de espantar a Estadea. Ou tamén dos de santificar lugares pagáns, que en terras de Santa Mariña, os romanos deberon sementar dabondo maneiras de vida e crenzas pouco santas.

O meu avó Luis díxome que os cruceiros de Allariz levantáronse para afastar a peste. Así se entende que estiveran nas entradas da vila (digo entradas porque hoxe consérvanse catro dos sete que houbo. Sete portas tivo a muralla).

Cando os historiadores afirman que son expresións de fe para pedir perdón, acéndese menos a miña imaxinación, agás que me entre a curiosidade de coñecer o gran pecado que conduce a ofrecer un cruceiro como expiación. Pero direi que me encantan as historias daqueles outros (os menos) que son un recordatorio de acontecementos sociais tráxicos. As calamidades aluméanme o morbo.

Este peto e cruceiro de Armea enchen o lugar de misterio e superstición. Son tan sinxelos! A fornela sen os relevos de almas queimándose, a cruz sen a piedade, e a crucifixón representada por unha solitaria cabeza ladeada na pedra que aínda dá máis mágoa. Austeridade total.

A hucha dos cartos aberta.

Serían as ánimas, elas mesmas, as que recollían as esmolas?

Que medo!

O BAILE DE MARÍA, UNHA NENA ALUCINADA O CRUCEIRO DE SANTA ÁGUEDA DE SEIXALBO

Quen se move tanto nesta noite de viruxe?

Estou no coche da tía Pilar que subiu á casa da querida amiga Carmen. Avanzan as sombras da noite. Agora chisco un ollo, agora o outro, por veces, porque vexo (e non vexo) a unha bailarina con tutú e sombreiro (sombreiro? Si, con sombreiro), na punta dunha rocha. Ó fondo a capela de Santa Águeda de Xeixalbo.

mille, qui sont, plus ou moins, le nombre de calvaires qu'il y a dans toute la Galice.

Heureusement qu'ils se trouvent à des carrefours de vieux chemins que nous, la petite troupe, n'empruntons pas, par chance.

Un calvaire sert à tant de choses… et chacune d'elles provoque un certain frisson.

On dit qu'ils protègent les pèlerins du chemin de Saint-Jacques, surtout de la Santa Compaña. Si c'est ainsi, les images qui me viennent à l'esprit me font trembler : les âmes en peine parcourant les chemins, presque côte à côte avec les pèlerins !

Le calvaire d'Armea était sûrement de ceux qui chassent l'Estadea. Ou bien de ceux qui sanctifient des lieux païens, car dans les terres de Santa Mariña, les Romains ont dû semer abondamment des formes de vie et de croyances peu saintes.

Mon grand-père Luís m'a dit que les calvaires d'Allariz furent érigés pour éloigner la peste. On comprend ainsi qu'ils se trouvent aux entrées de la ville (je dis entrées parce qu'aujourd'hui on en conserve quatre sur les sept qu'il y eut. La muraille avait sept portes).

Lorsque les historiens affirment qu'ils sont des expressions de foi pour demander pardon, mon imagination s'enflamme, sauf si la curiosité me prend de connaître le grand péché qui conduit à offrir un calvaire comme expiation. Mais je dirai que j'adore les histoires de ceux (les moins nombreux) qui rappellent des événements sociaux tragiques. Les calamités éveillent le morbide avec une intensité inouïe.

Ce peto et ce calvaire d'Armea emplissent le lieu de mystère et de superstition. Ils sont si simples ! L'urne sans les reliefs d'âmes brûlant, la croix sans la pietà, et la crucifixion représentée par une tête solitaire penchée dans la pierre, qui inspire encore plus de pitié. Une austérité totale.

La boîte à aumônes est ouverte.

Serait-ce les âmes elles-mêmes qui recueillaient les offrandes ?

Quelle peur !



« Dans la figure de la Pietà qui apparaît au revers de nombreuses croix galiciennes, la taille du Fils est plus petite que celle de la Mère, et cette apparente anomalie obéit à des raisons d'ordre matériel et moral. » *Castelao*

LA DANSE DE MARÍA, UNE ENFANT HALLUCINÉE LE CALVAIRE DE SAINTE AGATHE DE SEIXALBO

Qui bouge autant dans cette nuit glaciale ?

Je suis dans la voiture de tante Pilar, qui est montée chez sa chère amie Carmen. Les ombres de la nuit avancent. Tantôt je cligne d'un œil, tantôt de l'autre, par moments, car je vois (et ne vois pas) une danseuse en tutu et chapeau (un chapeau ? Oui, avec un chapeau), au sommet d'un rocher. Au fond, la chapelle de Sainte Agathe de Seixalbo.

Et elle danse… danse… encore et encore…

On ne voit personne. Il fait froid. Les maisons se sont repliées à l'intérieur, autour des cheminées. Je suis toujours dans la voiture de tante Pilar, qui tarde tant à faire cette course qu'elle disait devoir accomplir. Et… une enfant seule parmi les ombres peut devenir délirante. J'inspecte les alentours… oui, je vois la danseuse presque toucher l'atrium de l'ermitage.

Et elle danse… danse… sans fin…

Elle porte un corsage aux plis à demi libres (c'est-à-dire sans marquage, sans repassage), serré par deux galons, l'un en haut, autour du cou, et l'autre arrivant à la taille. Tout est si étroit sur la poitrine que cela ressemble au fût d'une colonne (le fût, je l'ai appris à l'école).

Et elle s'agite… s'agite… encore et encore…

E danza... que te danzarás...

Non a ve ninguén. Vai frío. As casas están recollidas no seu interior a carón das chimeneas. Sigo no coche da tía Pilar, que moito tarda a condenada en facer ese recado dixo que tiña encomendado. E... unha nena soa entre sombras pode ser delirante. Inspecciono o entorno...si que vexo a danzarina case tocando o adro da ermida.

E baila..., baila..., que te bailarás.

Que vois-je ! Le tutu étendu sur le sol ! Elle vient de faire un grand écart. Je ne distingue pas bien où sont les jambes de ma danseuse, mais je vois la jupe répandue sur le rocher, couvrant toute la pierre. Quelle beauté ! S'il ne faisait pas nuit et si le gel n'était pas si mordant, je sortirais de la voiture.

Elle se relève ! Comme elle s'élève sur la pointe des pieds ! Les bras au-delà de la tête, s'étirant en forme de croix vers le ciel.

Et elle tourne… tourne… sans fin…

Leva un corpiño con pregues medio libres (ou sexa, sen marcar, sen pasar o ferro) cinguidos por dúas cenefas, unha arriba, arredor do pescozo, e outra chegando á cintura. Todo tan apretadiño ó peito que parece o fuste dunha columna (o do fuste, xa o aprendín na escola).

E buliga..., buliga..., que te buligarás.

Que vexo! O tutú esparexido polo chan! Acaba de facer un Split. Non oteo ben onde están as pernas da miña bailaora, pero si que distingo a saia esparramada polo chan, cubrindo todo o que abarca o penediño. Que beleza! Se non fose de noite nin xeara como está xeando, sairía do coche.

Ergeuse! Como se eleva sobre a punta dos pés! Os brazos máis alá da cabeza, estirándose en forma de cruz cara o ceo.

E xira..., e xira..., que te xirarás.

Voltea tanto que vexo pasar moitas caras en sucesión: un cristo crucificado, unha virxe doente... (a cara dun Cristo? a dunha Virxe? A ver se acouga un pouco para comprobalo). Que leva colgado da cenefa da cintura? Un neno? Un neno espido? Será o neno Deus? Non distingo ben... Tanto baile...

E vira..., vira..., que te virarás...

Levo escoitando dende que cheguei 'El lago de los cisnes'. Entra Sigfrido namorado de Odette, cisne branco que camela ó aire. Amor eterno roto por malvados feiticeiros.

Xa vén a tía Pilar co recado feito. Oh! Desapareceu Odette! Que vexo? Un cruceiro? Un cruceiro custodiando un dos pasos ó recinto sagrado.

Os cisnes negros avanzan na noite.

A CHARLA DE MARÍA, UNHA NENA CONTADORA, A FONTE NOVA DE SEIXALVO

Unha auga santa ... unha auga endemoniada...

Que non Pepín, que non, que non che conto mentira. A un amigo nunca lle mentiría. Son algo resabida, pero nunca mentireira. Que che digo que en Xeixalbo hai unha fonte que ten como pía unha desas sepulturas pri-

Elle tourne tant que je vois passer de nombreux visages en succession : un Christ crucifié, une Vierge douloureuse… (le visage d'un Christ ? celui d'une Vierge ? Voyons si elle s'arrête un peu pour le vérifier). Que porte-t-elle suspendu à la bande de la taille ? un enfant ? un enfant nu ? serait-ce l'Enfant-Dieu ? Je ne distingue pas bien… tant de danse…

Et elle vire… vire… sans cesse…

Depuis que je suis arrivée, j'entends Le Lac des cygnes. Voici Siegfried, amoureux d'Odette, cygne blanc qui séduit l'air lui-même. Amour éternel brisé par de maléfiques enchanteurs.

Voilà ma tante Pilar qui revient, sa course accomplie. Oh ! Odette a disparu ! Que vois-je ? Un calvaire ? Un calvaire gardant l'un des passages de l'enceinte sacrée.

Les cygnes noirs avancent dans la nuit.

LA CONVERSATION DE MARÍA, UNE ENFANT NARRATRICE. LA FONTAINE NOUVELLE DE SEIXALBO

Une eau sainte… une eau diabolique…

Mais non, Pepín, non, je ne te raconte pas de mensonges. Je ne mentirais jamais à un ami. Je suis un peu maligne, mais jamais menteuse. Je te dis qu'à Seixalbo il y a une fontaine dont le bassin est l'une de ces sépultures primitives qu'on appelle sarcophage anthropomorphe. Cela donne des frissons de penser qu'il a abrité, à un moment de l'histoire, le sommeil d'un mort.

Comment je sais qu'on l'appelle ainsi ? Eh bien… avantages d'être une petite savante ! Ceux qui vivent en niais passent à côté de la moitié du monde.

Et je te dis encore plus : le jet d'eau sort sous une pierre qui porte une croix. Une autre pierre attire l'attention : elle porte la marque du tailleur qui travailla à l'église romane du village, celle de Saint Blaise. C'est une fontaine sainte, il n'y a aucun doute (ça, je le dis moi-même). Elle se trouve sur l'ancien Chemin Royal et sur le Chemin de la Plata. Tu vois, Pepín, tout converge. Moi, j'aime beaucoup ce dicton qui dit que tous les chemins mènent à Rome.

Comment je sais pour les marques de tailleur ? Ce que je t'ai dit… le profit que je tire de ma grande curiosité.

mitivas que lle chaman sartego antropomórfico. Dá moito canguelo pensar que acubillou, nalgún momento da historia, o sono dun morto.

Que como sei que lle chaman así? Pois... ventaxas de ser sabichona! Os que vivides apanfilados perdédevos medio mundo.

E dígoche máis, o cano da auga sae de debaixo dunha pedra que ten unha cruz. Chama a atención outra pedra que leva a marca do canteiro que traballou na igrexa románica do pobo, a de San Breixo. É unha fonte santa, non hai dúbida (isto de santa, estouno a dicir eu pola miña conta). Está ubicada no antigo Camiño Real e no Camiño da Prata. Xa ves, Pepín, todo converxe. A min gústame moito aquil dito de que todos os camiños levan a Roma.

Que como sei o das marcas do canteiro? O que che dixen..., proveito que saco da miña moita curiosidade.

Pero escoita, hai unha lenda relacionada co manancial. Seica morreu un home caendo dende o campanario parroquial cando foi descuberto roubando no santuario. Como era un ladrón sacrílego, non quixeron enterralo no sagrado e fixérono aquí, na Fonte Nova, que de nova non ten nada, hai documentos do século XIII que xa falaban dela.

Que ti non cres nas lendas? Pois... alá ti. Eu, si.

Ten coidado, pois din que estas augas son moi pesadas, por efecto do morto enterrado alí. Din que para desfacer o engrolo das augas no corpo, despois de beber, hai que camiñar.

Unha fonte moi apta para peregrinos, sen dúbida algunha.

Fonte Nova. Seixalbo. La première référence écrite à cette fontaine date du 27 octobre 1223. Sous une pierre en forme de linteau portant une croix gravée, l'eau s'écoule jusqu'à un sarcophage médiéval réemployé comme bassin

Mais écoute, il y a une légende liée à la source. Il paraît qu'un homme mourut en tombant du clocher paroissial lorsqu'on le surprit en train de voler dans le sanctuaire. Comme c'était un voleur sacrilège, on ne voulut pas l'enterrer en terre sacrée et on le fit ici, à la Fontaine Nouvelle, qui de nouvelle n'a rien, puisqu'il existe des documents du XIIIe siècle qui en parlent déjà.

Tu ne crois pas aux légendes ? Eh bien… libre à toi. Moi, si.

Fais attention, car on dit que ces eaux sont très lourdes, à cause du mort enterré là. On dit que, pour dissoudre la lourdeur de ces eaux dans le corps, après en avoir bu, il faut marcher.

Une fontaine tout à fait adaptée aux pèlerins, sans aucun doute.

A NEGATIVA DE MARÍA, UNHA NENA MOI TEIMUDA. A CRUZ INSCRITA NUN CÍRCULO. CEMITERIO DE SEIXALVO

A que vén tanta insistencia se xa está todo dito?

Profe, non me pida isto porque eu non penso falar sobre as cruces inscritas nun círculo. E non se enfade, teño as miñas razóns.

Cruces celtas..., chámeas como queira, pero a min non me pilla neste traballo. Claro que me gusta o nome, señorita. Claro que me fascina ese anel que rodea os brazos da cruz (latina ou grega). A cruz e o círculo como signos irmáns, como as estrelas e o sol, a noite e o día, a morte e a vida. Aínda así, non quero. Todo agocha unha explicación.

Cruces celto-británicas... Xa! Non me tente dicíndome que no paganismo tamén recibían o nome de cruz solar por esa roda que na mitoloxía nórdica relaciónábase co sol e co deus Odín. O círculo é o seu cuño de orixe, a matriz xeradora. Culto heliolátrico... Gústame moito esta palabra, profe, pero négome. Hai motivos suficientes.

LE REFUS DE MARÍA, UNE ENFANT TRÈS TÊTUE. LA CROIX INSCRITE DANS UN CERCLE. CIMETIÈRE DE SEIXALBO

Pourquoi tant d'insistance si tout a déjà été dit ?

Madame, ne me demandez pas cela, car je n'ai pas l'intention de parler des croix inscrites dans un cercle. Et ne vous fâchez pas, j'ai mes raisons.

Croix celtiques… appelez-les comme vous voulez, mais moi, je ne tomberai pas dans ce travail. Bien sûr que j'aime ce nom, mademoiselle. Bien sûr que cet anneau qui entoure les bras de la croix (latine ou grecque) me fascine. La croix et le cercle comme des signes frères, comme les étoiles et le soleil, la nuit et le jour, la mort et la vie. Malgré cela, je ne veux pas. Tout cache une explication.

Croix celto-britanniques… Ah bon ! Ne tentez pas de me séduire en me disant que, dans le paganisme, elles recevaient aussi le nom de croix solaire à cause de cette roue que la mythologie nordique reliait au soleil et au dieu Odin. Le cercle est leur sceau d'origine, la matrice génératrice. Culte d'héliolâtrie… J'aime beaucoup ce mot, madame, mais je refuse. Les raisons ne manquent pas.

Croix chrétienne… Je sais, parce que la catéchiste me l'a dit, qu'elle symbolise d'un côté la foi, l'éternité et le divin, mais qu'elle marque aussi le lien avec les cycles solaires de la nature (printemps, été, automne et hiver). C'est une manière de christianiser le païen. Une croix conjure toujours de vieux démons et des lutins opiniâtres. Malgré tout, je rejette la proposition. Les prétextes ne manquent pas.

Gravures cruciformes… N'insistez pas. Bien sûr ! L'habitude de sculpter des croix dans la pierre remonte à l'Antiquité, aux pétroglyphes, aux croix et aux cercles solaires. Vous n'allez pas m'apprendre cela, moi qui me promène toujours dans les montagnes. Cercles concentriques, roues crucifères, labyrinthes, serpents… figures appartenant à d'anciennes idolâtries. Mais je persiste dans mon refus. Je n'en manque pas de raisons.

La croix du cimetière de Seixalbo… Ah ! voilà qu'on précise. Un couronnement au-dessus du portail pour protéger les âmes des défunts, rien de moins. En plus de tout ce qui a été dit, cette croix possède trois boules qui signifient la Sainte

Cruz cristiá... Sei, porque mo dixo a catequista, que por un lado simboliza a fe, a eternidade e o divino, pero tamén marca a conexión cos ciclos solares da natureza (primavera, verán, outono e inverno). É unha maneira de cristianizar o pagano. Unha cruz sempre conxura vellos demos e teimudos trasnos. Con todo, rechazo a proposta. Pretextos existen dabondo.

Grabados cruciformes... Non siga. Claro! O costume de esculpir cruces nas pedras arranca na antigüidade, nos petroglifos, cruces e círculos solares. Que me vai dicir a min que ando sempre polos montes. Círculos concéntricos, rodas crucíferas, laberintos, serpes... figuras pertencentes a antigas idolatrías. Mais, persisto no meu non. Móbil non me falta.

A cruz pefixa do cemiterio de Xeixalbo... Vaia! Xa imos concretando. Remate enriba do portalón para protexer as almas dos difuntos, nada máis e nada menos. A maiores de todo o dito, esta cruz ten tres bolas que significan a Santísima Trinidade. A totalidade. Non obstante, dígolle que non! Vai quedar apampada cando lle diga a causa da miña negativa.

Por que non acepto? Gran pregunta! Gran resposta: porque todo está dito por Castelao no seu traballo 'As cruces de Galiza'. Que podo engadir eu? Nada. Xa falei de máis. Xa moito latricou ó respecto o meu avó, a medio silencio, en moitas tardiñas. Eu calo.

Xa sabía que ante Castelao había que rendirse. Grazas.

« Aujourd'hui encore, les croix de cimetière conservent des réminiscences du cercle (...) et remarque comment la croix et le cercle ne peuvent vivre séparés, bien qu'ils se contredisent symboliquement. La croix anthropomorphe se recueille dans le disque solaire, comme les âmes des mystiques se recueillent en Dieu. » *Castelao*

Trinité. La totalité. Malgré cela, je vous dis non. Vous resterez bouche bée quand je vous dirai la cause de mon refus.

Pourquoi je n'accepte pas ? Grande question ! Grande réponse : parce que tout est déjà dit par Castelao dans son œuvre As cruces de Galiza. Que pourrais-je ajouter, moi ? Rien. J'ai déjà trop parlé. Mon grand-père en a déjà beaucoup discouru à demi-mot, au fil de nombreux crépuscules. Moi, je me tais.

Je savais bien qu'il fallait s'incliner devant Castelao. Merci.

S. Rosendo no retablo maior da catedral de Mondoñedo
Saint Rosendo dans le retable majeur de la cathédrale de Mondoñedo

castellano

DEZ REPRESENTACIÓNS RELEVANTES DE SAN ROSENDO

DIX REPRÉSENTATIONS SIGNIFICATIVES DE SAINT ROSEND

Traduction française: Dominique Gérinard

Miguel Ángel González García
Arquiveiro Diocesano de Ourense
Archiviste diocésain d'Ourense

A figura de San Rosendo goza dunha iconografía moi ampla, aínda que os seus espazos teñan xeografías concretas: Celanova e Mondoñedo, como lugares máis importantes da súa biografía, son tamén os que concentran un maior número de representacións, que non faltan en moitos outros lugares de Galicia, en espazos monásticos da orde beneditina, e tampouco é infrecuente a súa presenza no norte de Portugal, en igrexas e mosteiros relacionados con el.

O catálogo que realicei[1] hai anos alcanza preto de 200 representacións de todo tipo e valor. Creo que facer unha selección das dez que me parecen máis representativas non é, sen dúbida, tarefa doada, pois moitas outras merecerían atención, pero tamén é un xeito suficiente de ofrecer unha síntese abarcable dunha iconografía tan rica.

SAN ROSENDO

Só unhas pinceladas biográficas que subliñen a importancia histórica do personaxe[2] Rosendo (São Miguel do Couto, Santo Tirso, 26 de novembro de 907 – Celanova, 1 de marzo de 977).

1. GONZÁLEZ GARCÍA, Miguel Ángel, San Rosendo de Mondoñedo e Celanova. Notas e catálogo dunha iconografía viva. Facendo memoria de San Rosendo, Mondoñedo, 2007, pp. 229-344.

2. Existe unha rica bibliografía sobre o tema; sen dúbida, unha das biografías máis valiosas é a de PÉREZ LÓPEZ, Segundo L., San Rosendo e Mondoñedo. Razóns dun Centenario (907-2007), Mondoñedo, 2006.

La figure de Saint Rosend bénéficie d'une iconographie très vaste, bien que ses espaces soient liés à des géographies précises : Celanova et Mondoñedo, lieux les plus importants de sa biographie, concentrent également le plus grand nombre de représentations, lesquelles ne manquent pas non plus dans de nombreux autres endroits de Galice, dans des espaces monastiques de l'ordre bénédictin et, dans le nord du Portugal, sa présence n'est pas rare dans les églises et monastères qui lui sont liés. Le catalogue que j'ai réalisé[1] il y a quelques années atteint près de 200 représentations de toutes sortes et de toutes valeurs. Je crois que faire une sélection des dix qui me semblent les plus représentatives n'est sans doute pas facile, car beaucoup d'autres méritent également l'attention, mais c'est aussi une manière suffisante d'offrir une synthèse accessible d'une iconographie si riche.

SAINT ROSEND

Quelques traits biographiques seulement, afin de souligner l'importance historique du personnage[2] : Rosend (São Miguel do Couto, Santo Tirso, 26 novembre 907 – Celanova, 1er mars 977). Il fut abbé et fondateur de plusieurs monastères, dont celui de Celanova, évêque de Mondoñedo et une figure politique de grande importance dans la Galice du Xe siècle, vice-roi du roi asturo-léonais Fruela II. Le roi Sanche Ier le Gros le nomma

Foi abade e fundador de varios mosteiros, entre eles o de Celanova, bispo de Mondoñedo e unha figura política de grande importancia na Galicia do século X, exercendo como vicerrei do rei asturleonés Fruela II. O rei Sancho I o Craso nomeouno administrador da diocese de Iria–Santiago de Compostela, cargo que desempeñou ata o envelenamento do rei en Castrelo de Miño (Ourense). A partir dese momento retirouse definitivamente ao seu mosteiro de Celanova, onde permaneceu ata o final dos seus días.

Faleceu o 1 de marzo de 977 en Celanova e foi soterrado na igrexa do mosteiro. En 1172 foi canonizado polo papa Alexandre III e a súa santidade foi confirmada en 1196 polo papa Celestino III.

SELECCIÓN ICONOGRÁFICA

As razóns que motivan esta selección son diversas: as representacións máis emblemáticas, aquelas que resultan iconograficamente curiosas e as que posúen maior calidade artística, sendo ao tempo representativas das distintas artes. Proceden de diferentes xeografías e de diversas cronoloxías, incluíndo entre elas a última incorporación ao catálogo de San Rosendo e, por tanto, aínda inédita nos estudos sobre a materia.

Para quen teña maior interese ou para aqueles que poidan enriquecer con novas investigacións este capítulo da vida de San Rosendo, remito á bibliografía citada, coa certeza de que aínda é posible incorporar obras que subliñen a indubidable importancia e a vixencia deste santo do século X.

VALLADOLID. TABOLEIRO DO CORO DE SAN BENITO EL REAL DE VALLADOLID

Hoxe no Museo Nacional de Escultura. Procedente do mosteiro de San Benito el Real de Valladolid, onde se celebraban os Capítulos Xerais da Congregación Beneditina, a sillería coral foi encargada en 1525 ao escultor Andrés de Nájera e colaboradores. Cada casa monástica pagaba a cadeira que ocuparía o seu abade nos Capítulos.

Na cadeira correspondente ao mosteiro de Celanova representouse a San Rosendo, de pé, con mitra e báculo. Coroando a cadeira figura o escudo celanovés. A identificación do personaxe aclárase mediante a inscrición situada na parte inferior: «S. Rosendus Celanobe». Aparece de pé, de

administrateur du diocèse d'Iria-Santiago de Compostelle, fonction qu'il exerça jusqu'à l'empoisonnement du roi à Castrelo de Miño (Ourense). À partir de ce moment, il se retira définitivement dans son monastère de Celanova, où il demeura jusqu'à la fin de ses jours. Il mourut le 1er mars 977 à Celanova et fut enseveli dans l'église du monastère. En 1172, il fut canonisé par le pape Alexandre III. Sa sainteté fut confirmée en 1196 par le pape Célestin III.

SÉLECTION ICONOGRAPHIQUE

Les raisons qui motivent cette sélection sont diverses : les représentations les plus emblématiques, celles qui sont iconographiquement curieuses et celles qui possèdent la plus grande qualité artistique, tout en étant représentatives de tous les arts. Issues de diverses géographies et de différentes chronologies, ces représentations incluent également la dernière intégrée au catalogue de Saint Rosend et encore inédite dans les études sur le sujet. Pour ceux qui portent un intérêt particulier ou qui pourraient enrichir ce chapitre de la vie de Saint Rosend par de nouvelles recherches, je renvoie à la bibliographie citée, étant certain qu'il est encore possible d'y intégrer des œuvres soulignant l'importance indéniable et l'actualité de ce saint du Xe siècle, dont l'intérêt demeure permanent.

VALLADOLID. PANNEAU DU CHŒUR DE SAN BENITO EL REAL DE VALLADOLID

Aujourd'hui conservé au Musée national de Sculpture. Provenant du monastère de San Benito el Real de Valladolid, où se tenaient les Chapitres généraux de la Congrégation bénédictine, les stalles du chœur furent commandées en 1525 au sculpteur Andrés de Nájera et à ses collaborateurs. Chaque maison monastique paya le siège que son abbé occuperait lors des Chapitres. Sur le siège correspondant au monastère de Celanova fut représenté Saint Rosend, debout, avec mitre et crosse. Le siège est couronné par les armoiries de Celanova. L'identification du personnage est précisée dans chaque cas par l'inscription figurant au pied : « S. Rosendus Celanobe » dans celui-ci. Debout, jeune, au visage imberbe, portant la mitre et une chape qu'il retient élégamment de la main gauche, laquelle tient également la crosse, tandis que de la main droite il bénit. L'ensemble est exécuté avec une indéniable maîtrise. Réalisé entre 1525

aspecto xuvenil, rostro lampiño, con mitra e capa pluvial que recolle elegantemente coa man esquerda, coa que tamén sostén o báculo, mentres coa dereita bendí. Todo está traballado cunha mestría indubidable.

Realizouse entre os anos 1525 e 1529 e atribúese, con sólidos argumentos, a Andrés de Nájera como tracista, sendo Guillén de Holanda o seu principal entallador[3]. Ademais desta sillería coral, San Rosendo figura nas das catedrais de Ourense, Santiago e Tui —esta última de Castro Canseco— e nas dos mosteiros de Celanova e San Pedro de Montes, no Bierzo.

CELANOVA. SAN ROSENDO BATALLADOR

No remate do magnífico retablo maior da igrexa de Celanova, onde podemos sumar moitas outras representacións do santo, retablo debido a Francisco de Castro Canseco e realizado arredor do ano 1697, dentro dun barroco potente e monumental, atopamos unha iconografía rara e curiosa, que por iso mesmo merece ser destacada: a representación de San Rosendo con capisaios episcopais, cabalgando un cabalo castaño, figurado como loitador contra mouros e normandos.

3. GONZÁLEZ GARCÍA, M. A., «San Rosendo na sillería coral de San Benito o Real de Valladolid», Faro de Ourense, 14 de marzo de 1989.

et 1529, il est, pour des raisons fondées, attribué à Andrés de Nájera comme concepteur[3], Guillén de Hollande en étant le principal sculpteur. Outre ces stalles, il figure également dans celles des cathédrales d'Ourense, de Saint-Jacques-de-Compostelle et de Tui, ainsi que dans celles de Castro Canseco et des monastères de Celanova et de San Pedro de Montes, dans le Bierzo.

CELANOVA. SAINT ROSEND GUERRIER

Au sommet du magnifique retable majeur de l'église de Celanova, où l'on peut ajouter de nombreuses autres représentations du saint, retable dû à Francisco de Castro Canseco et réalisé vers 1697 dans un style baroque puissant et monumental, apparaît une iconographie rare et curieuse, raison pour laquelle elle est ici mise en avant : la représentation de Saint Rosend portant des vêtements épiscopaux et monté sur un cheval brun, figuré comme combattant contre les Maures et les Normands, faisant partie d'un programme de quatre saints guerriers avec Saint Jacques, Saint Millán et Saint Ferdinand, ce qui s'inscrit parfaitement dans la mentalité triomphaliste du baroque. Dans un seul autre cas, l'iconographie rosendienne traduit cette facette militaire de Rosend : la remarquable sculpture de Santo Tirso (Portugal), sur la place devant l'hôtel de

Forma parte dun programa de catro santos batalladores xunto con Santiago, San Millán e San Fernando, perfectamente inserido na mentalidade triunfalista do barroco. Só noutro caso a iconografía rosendiana reflicte esta faceta militar: a notable escultura de Santo Tirso (Portugal), situada na praza diante do concello, en bronce, que representa a San Rosendo de pé, xuvenil e cheo de forza, metade bispo-monxe e metade soldado. É obra da escultora Irene Vilar e realizouse con motivo do milenario da súa morte en 1977.

OURENSE. ESTATUA-RELICARIO DE PRATA

No Museo da Catedral[4]. Obra dun ourive salmantino anónimo, datada en 1756, en prata repuxada parcialmente sobredourada. Mide 98 × 32 × 23 cm.

O escaso número de estatuas-relicario de prata no contexto galego —agás as da catedral compostelá— aumenta o valor desta obra de ourivería, que representa o santo de pé, nunha postura elegante, con hábitos pontificais. Perdeuse o peitoral que sen dúbida tivo, como manifesta o oco onde se encaixaba, e que nunha urna acristalada, á altura do embigo, conserva unha reliquia do santo.

A imaxe dispónse sobre unha rica peaña de prata que amosa nas súas caras o escudo do mosteiro e a efixie do Salvador, titular daquela casa monástica. O punzón de Salamanca acredita a obra como procedente dalgún dos afamados obradoiros da capital castelá, sen que polo momento sexa posible precisar a autoría. A marca do fiel contraste Ignacio Montero, coa data de 1756, permite unha cronoloxía indubidable.

Todo se resolve coa mellor elegancia dun barroco que aproveita unha técnica

4. CARRO OTERO, J., «Estudo anatomo-antropolóxico», en DÍAZ Y DÍAZ, M., Ordoño de Celanova: vida e milagres de San Rosendo, A Coruña, 1990. CHAMOSO LAMAS, M., «Catálogo do Museo da Catedral de Ourense», BCMOR, XVIII, Ourense, 1954-1956. GONZÁLEZ GARCÍA, M. A., «Obras procedentes do mosteiro de Celanova no Museo da Catedral de Ourense», Onde o mundo se chama Celanova, 14 (1992), pp. 28-29. IDEM, «As reliquias de San Rosendo e San Torcuato da Catedral de Ourense», en Actas do 1º Ciclo S. Rosendo e o Século X, Santo Tirso, 1994.

ville, en bronze, représentant Saint Rosend debout, jeune et plein de force, moitié évêque-moine et moitié soldat. Elle est l'œuvre de la sculptrice Irene Vilar. Elle fut réalisée à l'occasion du millénaire de sa mort en 1977.

OURÉNSE. STATUE-RELIQUAIRE EN ARGENT

Au musée de la cathédrale[4]. D'un orfèvre anonyme de Salamanque, datée de 1756, en argent repoussé, en partie doré. Elle mesure 98 x 32 x 23 cm. Le faible nombre de statues-reliquaires en argent dans le contexte galicien, à l'exception des reliquaires de la cathédrale compostellane, augmente la valeur de cette œuvre d'orfèvrerie objectivement précieuse, qui représente le saint debout dans une posture élégante, vêtu d'habits pontificaux. Le pectoral qu'il possédait sans doute a disparu, comme l'indique l'emplacement où il était fixé, tandis qu'une teca vitrée, à hauteur du nombril, conserve une relique du saint. La figure repose sur un riche socle d'argent qui présente sur ses faces les armoiries du monastère et l'effigie du Sauveur, titulaire de cette maison monastique. Le poinçon de Salamanque atteste qu'il s'agit d'une œuvre issue de l'un des prestigieux ateliers de la capitale castillane, qu'il n'est pas encore possible de préciser. Juan Manuel Sanz, dont d'autres œuvres sont documentées à Ourense, ainsi que la marque du contrôleur Ignacio Montero portant la date de 1756, permettent d'en établir une chronologie certaine. L'ensemble se résout avec l'élégance propre à un baroque qui met à profit une technique raffinée pour produire une image à fort impact, imposant sa présence et son attrait dévotionnel. Après avoir été saisie en 1820 avec le reste de l'argenterie de Celanova, elle fut sauvée d'une probable fonte par l'évêque d'Ourense, D. Dámaso Iglesias, qui l'acheta pour 24 onces d'or. Elle retourna au monastère en 1825 grâce à l'achat personnel d'un moine et, après l'exclaustration définitive, passa entre les mains

depurada para lograr unha imaxe de grande impacto e atractivo devocional. Tras ser requisada en 1820 xunto coa demais prata de Celanova, salvouna dunha segura fundición o bispo de Ourense, don Dámaso Iglesias, que a mercou por 24 onzas de ouro. Regresou ao mosteiro en 1825 e, tras a exclaustración definitiva, pasou a mans do derradeiro abade, don Bonifacio Ruiz, quen en febreiro de 1848 a entregou á Catedral, onde se conserva desde entón no Museo.

MONDOÑEDO. CATEDRAL, RETABLO MAIOR

Na rúa lateral esquerda, facendo pendant con San Martiño Dumiense. O retablo, contratado en 1769, foi deseñado por José Francisco Terán[5], mestre polifacético da catedral de Astorga que traballou tamén nas de Lugo e Mondoñedo, e realizado por tres escultores: José de Castro, de Mondoñedo, e os lucenses Agustín Baamonde e Juan Riobó. A policromía e o dourado correron a cargo de Terán.

A delicada talla de San Rosendo represéntao de idade xuvenil, de pé, con capa pluvial, mitra e báculo, en actitude de bendicir, o chamado medio pontifical, cun movemento elegante logrado mediante un moderado contraposto e uns pregues do vestiario acertadamente dispostos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SAN MARTIÑO PINARIO

No interior da igrexa, na fornela dereita próxima á entrada. Impresionante imaxe de San Rosendo en madeira pintada

5. GONZÁLEZ GARCÍA, Miguel Ángel, «José Francisco Terán, arquitecto polifacético da Catedral de Astorga no século XVIII», Astorica, nº 30, Astorga, 2011, pp. 95-132.

du dernier abbé, D. Bonifacio Ruiz, qui, en février 1848, la remit à la cathédrale dont il était chanoine. Elle y est conservée depuis lors, au musée.

MONDOÑEDO. CATHÉDRALE. RETABLE MAJEUR

Dans la travée latérale gauche, en pendant avec Saint Martin de Dumio. Le retable, commandé en 1769, fut conçu par José Francisco Terán[5], maître polyvalent de la cathédrale d'Astorga, qui travailla également à Lugo et à Mondoñedo, et exécuté par trois sculpteurs : José de Castro, de Mondoñedo, et deux artistes de Lugo, Agustín Baamonde et Juan Riobó. La polychromie et la dorure furent réalisées par Terán. La sculpture, très délicate, de Saint Rosend jeune, représenté debout, avec chape, mitre et crosse, en attitude de bénédiction — ce que l'on appelait « en demi-pontifical » — se distingue par l'élégant mouvement de la figure obtenu grâce à un contraposto modéré et à une disposition judicieuse des plis des vêtements.

SANTIAGO DE COMPOSTELA. SAN MARTÍN PINARIO

À l'intérieur de l'église, dans la niche de droite près de l'entrée. Impressionnante image de Saint Rosend en bois peint en blanc imitant le marbre ; nous sommes aux portes du néoclassicisme. De grandes dimensions et clairement inspirée d'œuvres du Bernin, en particulier le Longin du Vatican. Il est représenté en moine, portant la coule aux larges plis. Œuvre du sculpteur José Ferreiro. Documentée par le professeur Otero Túñez, elle

de branco, imitando mármore, ás portas do neoclasicismo, de grandes dimensións e claramente inspirada en obras de Bernini, concretamente no Longinos do Vaticano.

Represéntase como monxe, coa cogulla de amplos pregues. É obra do escultor José Ferreiro, documentada polo profesor Otero Túñez e realizada no ano 1779.

Nesta ocasión San Rosendo viste a cogulla, sostén o báculo coa man esquerda, mentres a dereita repousa elegantemente sobre o peito, e a mitra dispóñese aos pés. San Martiño Pinario[6], a máis importante casa beneditina de Galicia, representou a San Rosendo como figura salientable da orde neste espazo privilexiado e tamén nun taboleiro do coro de Mateo de Prado.

José Ferreiro Suárez (1738–1830) é un dos escultores máis importantes da Galicia do século XVIII e comezos do XIX, marcando a transición do rococó ao neoclasicismo.

CELANOVA. LENZO DE GREGORIO FERRO

Na sancristía de Celanova consérvanse, felizmente restaurados, unha serie de lenzos que representan individualmente membros da familia de San Rosendo. Neste, aparece

6. OTERO TUÑEZ, R., O escultor Ferreiro, Santiago, 1957, p. 7; «¿Benito Silveira ou José Ferreiro?», Cuadernos de Estudios Gallegos, VIII, 24, Santiago de Compostela, 1953, pp. 57-64.

aurait été réalisée en 1779. En cette occasion, Saint Rosend porte la coule, tient la crosse de la main gauche, tandis que la droite est élégamment posée sur la poitrine, et la mitre est placée à ses pieds[6]. San Martín Pinario, la plus importante maison bénédictine de Galice, représenta Saint Rosend comme une figure éminente de l'Ordre dans cet espace privilégié, ainsi que sur un panneau du chœur de Mateo de Prado. José Ferreiro Suárez (1738–1830) est l'un des sculpteurs les plus importants de la Galice du XVIIIe siècle et du début du XIXe siècle. Son œuvre marque la transition du style rococo au néoclassicisme. Formé avec son beau-père José Gambino à Saint-Jacques, il reçut d'importantes commandes pour des églises de Galice.

CELANOVA. TOILE DE GREGORIO FERRO

Dans la sacristie de Celanova sont conservées, heureusement restaurées, une série de toiles représentant individuellement des membres de la famille de Saint Rosend. Celle-ci le montre dans un intérieur, près d'une fenêtre ouvrant sur un paysage, vêtu d'ornements épiscopaux (chape brodée de fleurs selon la mode du XVIIIe siècle), avec la mitre posée sur une table, dans une attitude comme alanguie, informelle, peu solennelle. La main gauche repose sur un livre placé sur une table basse, dont le chant porte l'inscription « SAN ROSENDO » servant d'identification ; les autres membres de sa famille sont également représentés dans des attitudes éloignées des poses solennelles habituelles de la portraiture. L'ensemble compose une sorte de galerie familiale. Ce sont des œuvres de la fin du XVIIIe siècle, dues au peintre académique galicien Gregorio Ferro Requeixo, et d'une grande qualité dans le cadre du nombre limité d'œuvres picturales du patrimoine d'Ourense. Ferro naquit dans la paroisse de Santa María de Lamas, dans la commune de Boqueixón, près de Saint-Jacques-de-Compostelle, où il commença ses études, puis poursuivit à l'Académie de San Fernando, dont il devint directeur général. Disciple de Mengs, qu'il suivit dans ses œuvres toujours estimées, il mourut à Madrid en 1812. Il est évident que les moines de Celanova, en passant cette commande, recherchèrent le prestige d'un peintre de grande valeur. C'est pourquoi cette représentation de Saint Rosend. Nous ne connaissons pas la date exacte de la commande, mais elle serait proche et antérieure à 1799, année où le même artiste réalisa le dessin d'une gravure de notre saint, également de grande qualité.

nun interior, preto dunha ventá que deixa ver unha paisaxe, vestido con paramentos episcopais —capa pluvial bordada con flores segundo a moda do século XVIII—, coa mitra sobre unha mesa e nunha actitude relaxada e pouco solemne.

A man esquerda repousa sobre un libro depositado nunha mesa baixa, no canto do cal figura escrito SAN ROSENDO, como identificación. Os membros da súa familia tamén aparecen en actitudes afastadas das poses solemnes habituais da retratística, conformando unha especie de galería familiar.

Son obras de finais do século XVIII, do pintor académico galego Gregorio Ferro Requeixo, de grande calidade dentro do escaso número de obras pictóricas do patrimonio ourensán.

FERROL. DOMUS ECCLESIAE

Na capela episcopal consérvase un lenzo con San Rosendo, óleo encargado polo bispo Jacinto Argaya en 1965 ao pintor valenciano Eustaquio Segrelles. É unha das representacións máis afortunadas do santo.

Aparece de pé, con vestimentas episcopais supostamente de tipoloxía medieval, nunha actitude de contemplación do sobrenatural. A luz, cuxo tratamento é un dos grandes acertos de Segrelles, subliña o clima espiritual da obra. A amizade entre o pintor e o bispo Argaya, ambos valencianos, motivou este encargo.

CELANOVA. MONUMENTO CONMEMORATIVO DO MILENARIO DA MORTE DE SAN ROSENDO

Situado á entrada da vila polo camiño de Bande. Encargado e realizado en 1978 con motivo do milenario

FERROL. DOMUS ECCLESIAE

Dans la chapelle épiscopale est conservée une œuvre représentant Saint Rosend, huile sur toile commandée en 1965 par l'évêque Jacinto Argaya au peintre valencien Eustaquio Segrelles. Il s'agit de l'une des représentations les plus réussies du saint. Celui-ci est figuré debout, revêtu d'ornements épiscopaux, supposément de typologie médiévale qu'il aurait pu porter, dans une attitude de contemplation d'une réalité surnaturelle. La lumière, dont le traitement constitue l'un des plus grands succès de Segrelles, souligne le climat spirituel de la toile. Eustaquio Segrelles del Pilar (Albaida, Valence, 14 janvier 1936 – Valence, 9 août 2025) fut peintre, sculpteur et illustrateur. Il fit ses études à la Real Academia de Bellas Artes de San Carlos et à l'Académie de Peinture Vicente Barreira, à Valence (1950-1954). Son amitié avec l'évêque Argaya de Mondoñedo-Ferrol, également valencien, motiva cette commande.

CELANOVA. MONUMENT COMMÉMORATIF DU MILLÉNAIRE DE LA MORT DE SAINT ROSEND

Situé à l'entrée de la localité en venant de Bande. Commandé et réalisé en 1978 pour commémorer le millénaire de la mort de Rosend (878). En bronze, il est figuré comme évêque avec mitre et crosse, mais éloigné des conventions figuratives. Il s'agit peut-être de l'une des œuvres les plus abouties et les plus renommées du sculpteur lucense, établi à Ourense, Manuel García Vázquez, « Buciños » (Buciños, Carballedo, Lugo, 1938). Élève de l'École des Beaux-Arts de San Fernando, il obtint son diplôme en 1962. Il résida à Madrid jusqu'à son installation à Ourense, où il reçut d'importantes commandes de toutes sortes, parmi lesquelles cette image créative et presque transparente de Saint Rosend. Le sculpteur accorde un

da morte de Rosendo. En bronce, represéntase como bispo con mitra e báculo, mais afastado dos convencionalismos figurativos.

É quizais unha das obras máis logradas e recoñecidas do escultor lucense afincado en Ourense Manuel García Vázquez, «Buciños», quen puxo especial interese no tratamento da cabeza, chea dunha intensa forza expresiva que traduce con acerto o carácter de San Rosendo, vestido con ornamentos nos que o bronce adquire aparencia téxtil.

OURENSE. PRAZA DE SAN ROSENDO

Escultura pública sobre pedestal de pedra. Obra en pedra que representa o santo como bispo, cunha man erguida na que amosa unha cruz. É obra do escultor ourensán Xosé Cid, realizada en 1985 froito do encargo e da devoción de Ángel Martínez, "Anxo", quen se converteu nun apaixonado apóstolo de San Rosendo.

Xosé Cid Menor, escultor autodidacta, emprega principalmente granito, madeira e barro, incorporando posteriormente o bronce. A súa obra é de carácter figurativo, aínda que nalgúns casos deriva cara a formas abstractas. Ao longo da súa extensa traxectoria realizou numerosos monumentos públicos, entre eles varios dedicados a San Rosendo.

intérêt particulier au traitement de la tête, empreinte d'une force intense qui traduit avec justesse le caractère de Saint Rosend, vêtu d'ornements dans lesquels le bronze prend l'apparence d'un matériau textile.

OURENSE. PLACE DE SAINT ROSEND

Sculpture publique. Sur un piédestal de pierre. Œuvre en pierre représentant le saint comme évêque, une main levée tenant une croix. Œuvre du sculpteur d'Ourense Xosé Cid, réalisée en 1985 à la suite de la commande et de la dévotion d'Ángel Martínez « Anxo », qui devint un ardent apôtre de Saint Rosend, suscitant plusieurs commandes d'images confiées à Xosé Cid, lequel accepta par la suite d'autres commandes du même type, ce qui en fait le sculpteur de Saint Rosend. Xosé Cid Menor, né à Santa Cruz da Rabeda (San Ciprián de Viñas), Ourense, le 4 août 1946, est de formation autodidacte. Il utilise principalement des matériaux tels que le granit, le bois et l'argile, puis, à partir des années 1990, commence à travailler le bronze. Sa sculpture est de caractère figuratif, tant dans l'aspect technique que dans l'iconographie, glissant parfois vers des formes abstraites. Au cours de sa longue carrière, il a réalisé de nombreux monuments publics, parmi lesquels ceux dédiés à Saint Rosend.

CATEDRAL DE OURENSE. VIDREIRA DO PÓRTICO DO PARAÍSO

A última representación de San Rosendo é a incluída na vidreira do Pórtico do Paraíso, da que fun impulsor e quen determinou a iconografía representada. Pola súa importancia e pola relación persoal de don Serafín Marqués con Celanova e co santo, non podía faltar a figura de San Rosendo.

A execución foi posible grazas á xenerosidade de don Serafín Marqués Gil[7], que foi un sacerdote exemplar e, como deán da catedral de Ourense, un dos máis salientables de toda a súa historia, polas súas cualidades humanas e sacerdotais. Tamén dependeu de min facer o encargo da vidreira, que tivo dificultades frecuentes cos técnicos do patrimonio, ao técnico vidreiro burgalés Enrique Barrio, quen realizou vidreiras de recoñecido valor en moitas catedrais de España. Felizmente, púidose colocar esta indubidable riqueza para a catedral en agosto de 2024 e foi inaugurada en 2025, e alí queda xa a figura xuvenil e estilizada do noso santo, representado como bispo e identificado no nimbo co seu nome S. RUDESINDUS. Con mitra e báculo, cuxa voluta reproduce o báculo de marfil conservado no Museo da Catedral e atribuído ao noso Santo, por formar parte do chamado tesouro de San Rosendo, aínda que quizais só o sexa por ter sido colocado no seu sepulcro no século XII. Na outra man leva un escudo cunha torre e un león, como defensor que foi do reino. Enrique Barrio Solórzano nace o 3 de novembro de 1964 en Burgos; entre os anos 1978 e 1981 recibe clases de debuxo na Academia Provincial de Debuxo en Burgos co pintor Jesús del Olmo. E continúa a súa formación en diversas institucións, entre elas, en 2005, a Escola da Real Fábrica de Cristais da Granxa, en Segovia. Membro da Asociación Internacional para o Estudo da Historia do Vidro, é autor de numerosas obras en catedrais e outros espazos que o acreditan como un dos máis prestixiosos e creativos vidreiros contemporáneos.

7. GONZÁLEZ GARCÍA, Miguel Ángel Serafín Marqués, un canónigo poeta con alma de mecenas FARO DE VIGO, Vigo 24 enero 2021

OURENSE. CATHÉDRALE, VITRAIL DU PÓRTICO DO PARAÍSO

La dernière représentation de Saint Rosend est celle intégrée dans le vitrail du Pórtico do Paraíso, dont j'ai été l'initiateur et celui qui, en son temps, en a déterminé l'iconographie, parmi laquelle elle figure. En raison de son importance et aussi de la relation personnelle de don Serafín Marqués avec Celanova et le saint, la figure de Saint Rosend ne pouvait manquer. Sa réalisation est due à la générosité de don Serafín Marqués Gil[7], prêtre exemplaire et, en tant que doyen de la cathédrale d'Ourense, l'un des plus remarquables de toute son histoire, par ses qualités humaines et sacerdotales. Il m'incomba également de passer la commande du vitrail, non sans difficultés fréquentes avec les techniciens du patrimoine, auprès du maître-verrier de Burgos Enrique Barrio, auteur de vitraux de grande valeur dans de nombreuses cathédrales d'Espagne. Heureusement, cet apport indéniable pour la cathédrale put être installé en août 2024 et inauguré en 2025. On y voit désormais la figure juvénile et élancée de notre saint, représenté comme évêque et identifié dans le nimbe par son nom « S. RUDESINDUS ». Il porte mitre et crosse, dont la volute reproduit celle de la crosse en ivoire conservée au musée de la cathédrale et attribuée à notre saint, car faisant partie du trésor dit de Saint Rosend, bien qu'elle ne le soit peut-être que pour avoir été déposée dans son tombeau au XIIe siècle. Dans l'autre main, il tient un écu avec une tour et un lion, en tant que défenseur du royaume. Enrique Barrio Solórzano, né le 3 novembre 1964 à Burgos, reçut entre 1978 et 1981 des cours de dessin à l'Académie provinciale de dessin de Burgos avec le peintre Jesús del Olmo. Il poursuivit sa formation dans diverses institutions, notamment en 2005 à l'École de la Real Fábrica de Cristales de La Granja (Ségovie). Membre de l'Association internationale pour l'étude de l'histoire du verre, il est l'auteur de nombreuses œuvres dans des cathédrales et autres espaces, ce qui le consacre comme l'un des maîtres-verriers contemporains les plus prestigieux et créatifs.

Virxe do Socorro. San Mamede de Puga. Toén
Vierge du Secours. San Mamede de Puga. Toén

castellano

ARTE E DEVOCIÓN: ICONOGRAFÍA MARIANA NA COMARCA DO RIBEIRO

ART ET DÉVOTION : ICONOGRAPHIE MARIANALE DANS LA RÉGION D'O RIBEIRO

Traduction française: Dominique Gérinard

Ángel Domínguez López
Universidade de Vigo. Dpto. de Historia, Arte e Xeografía
Université de Vigo. Département d'Histoire, d'Art et de Géographie

INTRODUCIÓN

Cara o oeste da provincia de Ourense, no curso medio do río Miño, atópanse as terras que conforman a comarca do Ribeiro, desdibuxando unha paisaxe condicionada polos cauces fluviais dos tres ríos que a atravesan; o Miño, o Avia e o Arnoia. Á beira dos seus cauces aséntanse os principais núcleos de poboación, beneficiándose dun clima benigno e duns chans fértiles. Este territorio queda delimitado ó norte pola comarca do Carballiño, ó sur pola de Terras de Celanova, polo leste bate ca comarca ourensá, e polo oeste xa demarca coa provincia de Pontevedra. A vila de maior interese é a de Ribadavia ó ser considerada centro comarcal.

O aproveitamento das surxencias termais que manan a carón destes ríos, son un importante motor económico para O Ribeiro, sendo o referente o gran hotel balneario de Laias. Sen embargo tampouco podemos esquecernos da Vila Termal de Arnoia, Cortegada, Prexigueiro ou Berán.

Non cabe dúbida que a historia do Ribeiro, está vencellada á cultura do viño; as favorables condicións climáticas, e uns solos idóneos para o cultivo da vide, fixeron deste produto dende hai moitos séculos, a principal fonte de riqueza da comarca. Xa dende a época romana se ten coñecemento do desenvolvemento deste cultivo na zona, pero será a partires da Idade Media cando se testemuñe a súa calidade e reputación, boa proba disto é o feito de que os monxes

INTRODUCTION

À l'ouest de la province d'Ourense, dans le cours moyen du fleuve Miño, s'étendent les terres qui composent la comarque d'O Ribeiro, dessinant un paysage façonné par les cours fluviaux des trois rivières qui la traversent : le Miño, l'Avia et l'Arnoia. Sur les rives de ces cours d'eau s'implantent les principaux noyaux de population, bénéficiant d'un climat doux et de sols fertiles. Ce territoire est délimité au nord par la région d'O Carballiño, au sud par celle de Terras de Celanova, à l'est par la region d'Ourense, et à l'ouest par la province de Pontevedra. La localité la plus importante est Ribadavia, considérée comme le centre comarcal.

L'exploitation des sources thermales qui jaillissent à proximité de ces rivières constitue un moteur économique majeur pour O Ribeiro, dont le principal référent est le grand hôtel thermal de Laias. Cependant, il ne faut pas oublier non plus la station thermale d'Arnoia, ainsi que Cortegada, Prexigueiro ou Berán.

Il ne fait aucun doute que l'histoire d'O Ribeiro est étroitement liée à la culture du vin ; les conditions climatiques favorables et des sols propices à la culture de la vigne ont fait de ce produit, depuis des siècles, la principale source de richesse de la région. Dès l'époque romaine, on a connaissance du développement de cette culture dans la région,

do mosteiro de San Clodio, distribuían os seus caldos por algunhas das principais casas señoriais tanto de España como de Portugal. A sona e a calidade destes viños, fixo que a Denominación de Orixe Ribeiro fose a primeira recoñecida de Galicia, e unha das máis antigas en España. Á beira da vila de Ribadavia, na casa reitoral de Santo André de Camporredondo, atópase o Museo do Viño de Galicia, unha arquitectura que acolle no seu interior a bagaxe para comprender a historia vitivinícola non soamente desta zona, senón do conxunto da Comunidade Autónoma.

A riqueza producida por este sector, reverteu na configuración arquitectónica dos núcleos de asentamento da comarca, xerando unha abundancia monumental tanto de carácter civil coma relixiosa; mosteiros, conventos, igrexas, capelas, pontes, ou a inxente cantidade de pazos e casas señoriais que se alzan por estas terras, son boa proba disto.

As xentes do Ribeiro, coma na meirande parte de parroquias ourensáns, espertaron un especial fervor cara as **Advocacións Marianas**, a figura de **Xesuscristo** e os diferentes ciclos do seu nacemento, infancia e paixón, así como o vasto **Santoral** do que o pobo confiaba obter favores tanto temporais como espirituais.

Cruceiros, petos de ánimas, pero especialmente os templos, concentran unha rica e variada iconografía relixiosa. Nas igrexas parroquiais e numerosas capelas espalladas por este territorio, non é infrecuente atopar no exterior representacións de carácter relixioso, especialmente en fornelas da fachada principal, que xeralmente dan acubillo á advocación da parroquia. Pero tamén as arquitecturas románicas, concentran frecuentemente iconografía e simboloxía relixiosa nos seus canzorros.

No interior dos edificios, é onde se produce a maior concentración de representacións, espalladas polos seus retablos, coros, órganos, andas, caixoneiras, asociadas a sepulcros, baldaquinos, pías bautismais, en petos limosneiros, en pinturas murais ou lenzos, e mesmo plasmadas nos diversos obxectos litúrxicos, especialmente nas cruces procesionais.

A meirande parte da iconografía emprega como soporte as madeiras nobres, especialmente o nogal, non sendo infrecuente tampouco a pedra, metais máis ou menos nobres, teas, ou mesmo outros materiais de uso máis inusitado; tal é o caso do acibeche, ou o marfil entre outros.

mais c'est à partir du Moyen Âge que sa qualité et sa réputation sont attestées ; en témoigne le fait que les moines du monastère de San Clodio distribuaient leurs vins à certaines des principales maisons seigneuriales d'Espagne et du Portugal. La renommée et la qualité de ces vins ont conduit à ce que la Denominación de Origen Ribeiro soit la première reconnue en Galice et l'une des plus anciennes d'Espagne. À proximité de la ville de Ribadavia, dans la maison rectorale de Santo André de Camporredondo, se trouve le Musée du Vin de Galice, un édifice qui conserve en son sein les éléments nécessaires à la compréhension de l'histoire vitivinicole non seulement de cette région, mais de l'ensemble de la Communauté autonome.

La richesse générée par ce secteur a rejailli sur la configuration architecturale des noyaux d'habitat de la région, donnant lieu à une remarquable abondance monumentale, tant civile que religieuse : monastères, couvents, églises, chapelles, ponts, ainsi que l'innombrable quantité de manoirs et de maisons seigneuriales qui jalonnent ces terres en sont une preuve évidente.

Les habitants d'O Ribeiro, comme dans la majorité des paroisses ourensanes, ont manifesté une ferveur particulière envers les **dévotions mariales**, la figure de **Jésus-Christ** et les différents cycles de sa naissance, de son enfance et de sa Passion, ainsi que le vaste **sanctoral** dont le peuple espérait obtenir des faveurs tant temporelles que spirituelles.

Les croix de chemin, les « petos de ánimas », mais surtout les temples, concentrent une riche et variée iconographie religieuse. Dans les églises paroissiales et les nombreuses chapelles dispersées sur ce territoire, il n'est pas rare de trouver à l'extérieur des représentations de caractère religieux, notamment dans des niches de la façade principale, qui abritent généralement le patron de la paroisse. Les architectures romanes présentent également fréquemment une iconographie et une symbolique religieuses dans leurs modillons.

C'est à l'intérieur des édifices que se concentre la plus grande densité de représentations, réparties sur les retables, chœurs, orgues, brancards de procession, mobiliers de sacristie, associées à des tombeaux, baldaquins, fonts baptismaux, troncs à aumônes, peintures murales ou toiles, et même intégrées aux divers objets liturgiques, notamment les croix processionnelles.

As máis abondosas son as efixies de vulto, e a devoción que espertaban entre os fieis, era un garante da súa conservación, desfacéndose delas no último caso de necesidade, cando non soportaban máis restauracións, e polo tanto xa se facían indecentes, por non mover devoción. Así se soe expresar na documentación, co cal, os correspondentes visitadores das igrexas, ordenaban a súa retirada do culto, sendo substituídas por outras novas. A maneira de desfacerse das tallas vellas, era polo xeral emparedalas detrás dos retablos, enterralas ó pé dalgún altar, ou na terra sagrada dos cemiterios, de xeito que así, se acababan de sumir.

Virxe co Neno. Capela de Santa Mariña de Esposende. Ribadavia
Vierge à l'Enfant. Chapelle de Santa Mariña de Esposende. Ribadavia

ADVOCACIÓNS MARIANAS

Sendo a iconografía relixiosa un campo de estudio dunha gran amplitude, neste traballo optouse por abordar as representacións Marianas. Non hai parroquia na que non apareza representada a nai de Cristo, pois a devoción popular chega a considerala figura chave como intercesora entre Deus e os fieis, equiparando o seu poder salvífico ó do seu fillo.

As imaxes máis antigas, e tamén a tipoloxía que máis abunda, é a da representación da **Virxe**, tanto sedente como de pé, **acompañada do Neno**. Na parroquia de Santiago de Esposende[1] (Ribadavia), na capela de Santa Mariña, consérvase unha Virxe gótica ergueita, tallada en pedra, que resulta de especial transcendencia. Este pequeno templo

1. RAMÓN e FERNÁNDEZ OXEA, J.: "A Eirexa de Santa Mariña de Esposende", en González del Valle, Juan, *A Paisaxen galaica na obra literaria de Valle-Inclán*, 1933-1936, pp. 83-94.; "Santa María de Esposende", *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, VIII (1941-1942), pp. 163-175.

La majeure partie de cette iconographie utilise comme support des bois nobles, en particulier le noyer, mais la pierre, des métaux plus ou moins précieux, des tissus, ou encore des matériaux moins courants comme le jais ou l'ivoire sont également employés.

Les plus abondantes sont les statues en ronde-bosse, et la dévotion qu'elles suscitaient parmi les fidèles garantissait leur conservation ; Elles étaient écartées qu'en dernier recours, lorsqu'elles ne pouvaient plus être restaurées et devenaient indécentes, faute de susciter la dévotion. Ainsi s'exprime la documentation, ce qui conduisait les visiteurs ecclésiastiques à ordonner leur retrait du culte, remplacées par de nouvelles images. Les anciennes sculptures étaient généralement murées derrière les retables, enterrées au pied d'un autel ou dans la terre consacrée des cimetières, disparaissant ainsi progressivement.

VOCABLES MARIALS

L'iconographie religieuse constituant un champ d'étude très vaste, ce travail s'attache aux représentations mariales. Il n'existe aucune paroisse où la mère du Christ ne soit représentée, tant la dévotion populaire la considère comme une figure clé d'intercession entre Dieu et les fidèles, lui attribuant un pouvoir salvifique comparable à celui de son fils.

Les images les plus anciennes, et aussi les plus fréquentes, sont celles de la **Vierge**, assise ou debout,

románico[2] adicado á mártir Mariña, é de tamaño moi reducido, e no seu día, estaba formado por unha nave e un presbiterio, engadíndose posteriormente no lado septentrional unha sacristía paralela á ábside, e unha capela gótica á altura da nave. O arco oxival que rompeu a parede para abrir o paso a este espazo, é dunha gran beleza; como clave apréciase un Deus pai de pé, enmarcado nunha forneliña rematada en arco conopial rebaixado, coa man dereita en alto en actitude de bendicir, mentres que coa esquerda agarra da bola do mundo coroada por unha cruz. A rosca do arco, presenta tres rexistros ben diferenciados; o máis próximo ó intradorso, está composto por seis personaxes masculinos a cada lado da representación de Deus, tamén de pé, amoldándose á forma do arco, e que poderían corresponder ás imaxes dos apóstolos. A continuación un listel de bolas, e por último, cara o extradorso outro filete máis ancho con tramos decorados con elementos vexetais que combinan con segmentos onde se representa a orantes. Do lado esquerdo do Pai Eterno, falta un treito do filete. Ó traspasar o arco, atopamos un pequeno retablo barroco, cunha soa caixa, que acubilla a imaxe de vestir da Nosa Señora do Portal. Enmarcando o retablo, apreciamos dous orantes de pedra, tallados de lado, estas figuras, probablemente representacións dos comitentes da capela, parece que estaban adorando a imaxe da Virxe co Neno, que debeu ocupar a fornela que actualmente tapa o retablo, pois dita efixie, hoxe atópase no templo pero descontextualizada. Completaba o conxunto unha Anunciación; nun extremo da parede, aséntase sobre unha peana de pedra encaixada no muro, o Arcanxo Gabriel de pé coas ás pregadas, rostro serio, e cabeleira longa ondulada, como mensaxeiro, portador da noticia da Encarnación. Ataviado cunha túnica longa de ampulosas pregas que lle cubre os pés, e manto recollido cun broche no pescozo. Mantén o brazo dereito en alto, sinalando ó ceo, pois cumpre unha orde divina, mentres que coa man esquerda agarra con firmeza o cetro. Nas representacións pictóricas é máis común substituír o cetro por un lirio ou ramo deste tipo de flores, pois simbolizan a pureza da Virxe. A figura mariana desta Anunciación, tamén ergueita, rostro sereno, longa cabeleira ondulada, e aureola en forma de disco, leva a man esquerda ó ventre, mentres que a dereita agarra o libro aberto que se apoia no atril. Viste túnica e manto longos que lle cubren os pés, pero nesta ocasión con pregas máis suavizadas ca no caso da imaxe masculina. Pousa sobre unha peana de pedra, tamén embutida na parede, practicamente idéntica á do Arcanxo, cunha parte infe-

2. https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/ourense_Esposende.pdf

accompagnée de l'Enfant. Dans la paroisse de Santiago de Esposende[1] (Ribadavia), dans la chapelle de Santa Mariña, se conserve une Vierge gothique debout**,** sculptée dans la pierre, d'une importance particulière. Ce petit édifice roman[2], dédié à la martyre Mariña, est de dimensions réduites et se composait à l'origine d'une nef et d'un presbytère ; une sacristie parallèle à l'abside fut ensuite ajoutée au nord, ainsi qu'une chapelle gothique au niveau de la nef. L'arc ogival percé dans le mur pour ouvrir cet espace est d'une grande beauté : en clé de voûte apparaît un Dieu le Père debout, inscrit dans une petite niche surmontée d'un arc en accolade surbaissé, la main droite levée en geste de bénédiction, tandis que la gauche tient l'orbe surmonté d'une croix. L'archivolte présente trois registres distincts : le plus proche de l'intrados est composé de six figures masculines de chaque côté de Dieu, debout et adaptées à la courbure de l'arc, probablement les apôtres. Suit un listel de perles, puis un bandeau plus large vers l'extrados, orné de motifs végétaux alternant avec des segments représentant des orants. Une portion de ce bandeau manque à gauche du Père éternel.

En franchissant l'arc, on découvre un petit retable baroque à une seule niche, abritant l'image de dévotion de Notre-Dame du Portail. Deux figures orantes en pierre, sculptées de profil, encadrent le retable ; elles représentent probablement les commanditaires de la chapelle et semblent adorer une Vierge à l'Enfant qui devait occuper la niche aujourd'hui masquée par le retable, l'effigie étant désormais conservée dans l'église mais hors de son contexte. L'ensemble était complété par une Annonciation : à une extrémité du mur se dresse, sur un socle de pierre encastré, l'archange Gabriel debout, ailes repliées, visage grave et longue chevelure ondulée, messager de l'Incarnation. Il porte une longue tunique aux plis amples couvrant les pieds et un manteau fixé au cou par une broche. Le bras droit levé désigne le ciel, signe de sa mission divine, tandis que la main gauche tient fermement un sceptre. Dans la peinture, ce sceptre est souvent remplacé par un lys, symbole de pureté.

La figure mariale de cette Annonciation, également debout, au visage serein, à la longue chevelure ondulée et à l'auréole discoïde, pose la main gauche sur son ventre et tient de la droite un livre ouvert posé sur un lutrin. Elle porte une longue tunique et un manteau couvrant ses pieds, avec des plis plus adoucis que ceux de la figure masculine. Elle repose sur un socle de pierre encastré, semblable à celui

rior decorada a base de motivos vexetais e unha superior de perfil xeométrico. Neste caso, a escocia que divide a parte xeométrica, non presenta decoración de bolas, como se percibe na outra.

Non cabe dúbida que a imaxe principal desta pequena capela, era a Virxe co Neno que se veneraba no nicho da parte central da parede principal. Ergueita, de longos cabelos e con coroa de flores, presenta ollos amendoados, e unha cara inexpresiva, a pesares de tratar de transmitir o característico sorriso gótico, mesmo patrón có que se repite no caso do Neno, sentado sobre o brazo esquerdo, de cara ó espectador. A Virxe agarra con firmeza na man dereita o que semella unha flor. As roupaxes, aínda que cunhas pregas moi arcaicas, superaron esa rixidez tan marcada do románico.

O núcleo coñecido como *O Balcón do Ribeiro*, estamos a falar de Santa Baia de Banga (Carballiño)[3], conta cunha igrexa parroquial de gran interese artístico[4], tanto a nivel arquitectónico, como escultórico e pictórico[5], pero especialmente tamén pola súa ourivería e ornamentos litúrxicos. Dentro do templo, sobresae a capela gótica vinculada ós Ulloa, que se abre mediante un arco dunha solución moi semellante ó da capela de Esposende. Nunha das súas paredes encástrase unha imaxe de pé da Virxe co Neno, envolta na mandorla. A efixie, xunto coa améndoa mística, foron mutiladas da metade para abaixo, pois o espazo era preciso noutrora para incorporar outros elementos patrimoniais cultuais. A figura, quizais tamén por tratarse dun relevo, transmite aínda unha maior rixidez ca de Esposende.

Esa estética goticista, faise patente tamén na imaxe da Virxe co Neno que se conserva no templo parroquial de San Breixo de Berán (Leiro), aínda que nesta ocasión, trátase dunha talla sedente de madeira. María porta un vestido longo de cor alaranxada, axustado á cintura cun cinto negro, e enriba unha capa de cor azul escura cos bordes dourados. Porta na man dereita unha mazá, simbolizando á Virxe como a nova Eva, que redime á humanidade a través do seu fillo. O Neno xa non se senta no colo, senón que se sostén de pé sobre a perna esquerda da nai, agarrando con ambas mans un libro. O cabelo da Virxe cúbreo unha toca branca, e enriba porta unha

3. RAMÓN e FERNÁNDEZ OXEA, J.: "Santa Eulalia de Banga", *Cuadernos de Estudios Gallegos, III (1948), pp. 71-80.*

4. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *Santa Baia de Banga, Ourense, Deputación Provincial de Ourense, 2015.*

5. GARCÍA IGLESIAS, J. M.: *El Pintor de Banga, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1983.*

Virxe co Neno. Santa Baia de Banga. O Carballiño
Vierge à l'Enfant. Santa Baia de Banga. O Carballiño

de l'archange, orné de motifs végétaux dans sa partie inférieure et d'un profil géométrique dans la supérieure, sans décor de perles dans la moulure intermédiaire.

Il ne fait aucun doute que l'image principale de cette petite chapelle était la Vierge à l'Enfant vénérée dans la niche centrale du mur principal. Debout, aux longs cheveux et coiffée d'une couronne florale, elle présente des yeux en amande et un visage peu expressif, malgré la tentative d'esquisser le sourire caractéristique du gothique, également visible chez l'Enfant, assis sur le bras gauche, face au spectateur. La Vierge tient fermement dans la main droite ce qui semble être une fleur. Les vêtements, bien que marqués par des plis encore archaïques, dépassent déjà la rigidité du roman.

Le noyau connu sous le nom d'O Balcón do Ribeiro, à Santa Baia de Banga (O Carballiño)[3], possède une église paroissiale d'un grand intérêt artistique[4], tant sur le plan

Virxe co Neno. San Breixo de Berán. Leiro
Vierge à l'Enfant. San Breixo de Berán. Leiro

coroa de madeira. A talla é un bo exemplo desas iconografías intermedias entre aquelas máis antigas dominadas pola frontalidade, o hieratismo e a rixidez, e as que xa presentan unha maior liberdade, estendendo Xesús as mans e alzando o rostro cara a súa nai, tratando de mostrar afecto. Dáse un paso á fronte no sentido en que o Neno xa se representa de pé, non obstante ambos rostros aínda están dominados pola frontalidade e especialmente a inexpresividade. Unha imaxe practicamente idéntica a esta, haina na igrexa parroquial de Santa María de Pitelos (Verea).

O paulatino abandono das formas de representación goticistas, para ser adaptadas ós novos aires do Renacemento, abriu paso a unhas imaxes que trataban de mirarse no espello do clasicismo. Pouco a pouco, as efixies marianas irán recuperando as proporcións, en aras a un maior realismo e humanización, transmitindo equilibrio, serenidade, delicadeza e dozura. Así acontece coa imaxe Mariana da igrexa de Santiago de Ribadavia (Ribadavia), que agarra a seu fillo coa man esquerda. O Neno trata de alongar os brazos cara o rostro da súa nai, dando como resultado unha postura pouco natural. Con este xesto de tenrura e proximidade,

architectural que sculptural et pictural[5], ainsi que pour son orfèvrerie et ses ornements liturgiques. À l'intérieur, se distingue une chapelle gothique liée aux Ulloa, ouverte par un arc très semblable à celui d'Esposende. Sur l'un des murs est encastrée une image de la Vierge à l'Enfant debout, inscrite dans une mandorle. L'effigie, ainsi que l'amande mystique, ont été mutilées dans leur partie inférieure, l'espace ayant été réutilisé pour d'autres éléments cultuels. La figure, peut-être aussi parce qu'il s'agit d'un relief, apparaît encore plus rigide que celle d'Esposende.

Cette esthétique gothique se retrouve également dans l'image de la Vierge à l'Enfant conservée dans l'église paroissiale de San Breixo de Berán (Leiro), bien qu'il s'agisse ici d'une sculpture en bois assise. Marie porte une robe longue de couleur orangée, serrée à la taille par une ceinture noire, et un manteau bleu foncé aux bords dorés. Elle tient dans la main droite une pomme, symbole de la nouvelle Ève qui rachète l'humanité par son fils. L'Enfant ne repose plus sur ses genoux, mais se tient debout sur sa jambe gauche, tenant un livre des deux mains. Les cheveux de la Vierge sont couverts d'un voile blanc, surmonté d'une couronne en bois. Cette sculpture constitue un exemple caractéristique des iconographies intermédiaires entre les formes anciennes, dominées par la frontalité et la rigidité, et des représentations plus libres, où Jésus tend les bras et lève le regard vers sa mère dans un geste d'affection.

L'abandon progressif des formes gothiques au profit des idéaux de la Renaissance conduit à des images inspirées du classicisme. Peu à peu, les figures mariales retrouvent des proportions plus naturelles, gagnant en réalisme et en humanité, exprimant équilibre, sérénité, délicatesse et douceur. C'est le cas de l'image mariale de l'église de Santiago de Ribadavia (Ribadavia), où la Vierge tient son fils de la main gauche. L'Enfant tend les bras vers le visage de sa mère, dans une posture encore peu naturelle, mais qui traduit une volonté de proximité affective, rompant avec la rigidité médiévale.

Dans la recherche d'une plus grande maîtrise anatomique, les vêtements sont sculptés de manière toujours plus réaliste, laissant parfois deviner les formes du corps. À Santa María de Beade (Beade), deux images de la Vierge à l'Enfant, presque identiques, illustrent cette évolution : Marie y est couronnée, tandis que l'Enfant, représenté de profil, bénit de la main droite et tient l'orbe de la gauche.

afástase da rixidez medieval, tratando así de introducir lazos de afecto, conexión e proximidade emocional entre ambos. Non obstante, os rostros transmiten serenidade e emoción contida. Xesús represéntase espido, e María ataviada con vestido longo e manto, ademais dunha toca branca á cabeza que tapa parte la cabeleira longa e rizada. Perseguindo o dominio anatómico, tállanse unhas roupaxes cada vez máis auténticas, as cales non dubidarán en translucir as partes do corpo que se considera oportuno. En Santa María de Beade (Beade), hai dúas imaxes da Virxe co Neno practicamente idénticas, e cunha concepción moi semellante á que se acaba de describir, aínda que neste caso María aparece coroada, e seu Fillo presentando unha postura de perfil moito máis realista, bendice coa man dereita en alto, mentres que ca esquerda agarra o orbe.

Unha maior conexión entre Nai e Fillo apréciase no conxunto da parroquia de San Salvador da Arnoia (Arnoia), onde a figura feminina agarra coas dúas mans a unha criatura que presenta o corpo totalmente de perfil, estirándose en dirección á cara de María, e ladeando esta a cabeza tratando de confluír. Nesta ocasión, a posición de Xesús tamén resulta forzada, non dando conta da serenidade que transmite o corpo da Virxe.

Coa irrupción do barroco no panorama artístico escultórico, prodúcese un cambio significativo na estética. Un dos maiores logros será a plasmación dos sentimentos e emocións, que en moitos casos, alcanzan a esaxeración. Este intenso realismo e dramatismo emocional, terá como finalidade conmover os corazóns dos fieis, aproximando a divindade ós devotos mediante unha beleza sensorial e naturalista. A orde e a serenidade clásicas da escultura Renacentista, abren camiño a figuras que transmiten gran movemento, con roupaxes fluídas de pregas desmedidas. As esculturas de madeira, xeralmente con fina policromía e ricos estofados, tratan de avivar o realismo con engadidos doutros materiais; pelo natural, ollos de cristal, xoias, etc. Todo isto recobrará mais forza aínda nos séculos XIX e XX coa popularización das imaxes articuladas de vestir, chegando mesmo a mutilar moitas tallas históricas para tal fin.

Ademais da Virxe co Neno, a iconografía da **Inmaculada**, tamén é outra das recorridas, presentándose neste caso unha muller nova, vestida xeralmente con túnica branca ou rosácea, e manto azul. As imaxes máis antigas, representan a María de pé, pisando a media lúa, e coas mans dereitas en actitude de devoción. Así foi como concibiu cara mediados

Virxe co Neno. Santa María de Beade. Beade. O Carballiño

Vierge à l'Enfant. Santa María de Beade. Beade. O Carballiño

Une relation plus étroite entre la Mère et le Fils apparaît dans l'ensemble de la paroisse de San Salvador da Arnoia (Arnoia), où la figure féminine tient l'Enfant des deux mains, celui-ci étant représenté entièrement de profil, se tendant vers le visage de Marie, qui incline la tête vers lui. Toutefois, la posture de Jésus reste contrainte et ne correspond pas à la sérénité exprimée par la figure mariale.

Avec l'irruption du baroque dans le panorama sculptural, un changement esthétique profond s'opère. L'un de ses apports majeurs réside dans l'expression des sentiments

Inmaculada no ático. Retablo Pazos de Arenteiro. Boborás
Immaculée au registre supérieur. Retable de Pazos de Arenteiro. Boborás

do século XVI o chamado "Mestre de Sobrado", a día de hoxe identificado coa figura do entallador Jaques de Paris[6], a efixie do retablo da capela de Fr. Bartolomé Yañez, no templo de San Salvador de Pazos de Arenteiro (Boborás). A escultura do "Mestre de Sobrado", emparenta co traballo de Juan de Juni, pois deseña figuras de tendencia monumental, aínda que sometidas a un canon excesivamente curto. A Purísima de Pazos, que asenta sobre a cabeza dun querubín alado, presenta unha actitude serena, alzando levemente a cabeza e os ollos cara o ceo. Malia iso, o seu estilo, frecuentemente plasma episodios cargados dunha intensa emotividade, este expresionismo vencéllase co modo de traballar do taller de Juni, xunto a outras coincidencias plásticas como o tratamento das mans, dos espidos, o detallismo á hora de representar tendóns, músculos, veas, etc.

Segundo vai pasando o tempo, a concepción destas imaxes vai cambiando, incorporando ós pés outros elementos

6. BARRIOCANAL LÓPEZ, Y.: *La actividad escultórica en Ourense, del Renacimiento al Barroco,* CSIC, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, 2016, p. 174

et des émotions, souvent poussée jusqu'à l'exagération. Ce réalisme intense et ce dramatisme visent à émouvoir les fidèles, rapprochant le divin du croyant par une beauté sensible et naturaliste. L'ordre et la sérénité classiques de la Renaissance cèdent la place à des figures animées d'un grand dynamisme, aux draperies abondantes et mouvementées. Les sculptures en bois, finement polychromées et richement dorées, sont souvent enrichies d'éléments supplémentaires tels que cheveux naturels, yeux en verre ou bijoux. Cette tendance s'accentuera encore aux XIXe et XXe siècles avec la diffusion des images articulées destinées à être vêtues, allant jusqu'à mutiler certaines sculptures anciennes.

Outre la Vierge à l'Enfant, l'iconographie de **l'Immaculée** Conception est également très répandue, représentant une jeune femme vêtue le plus souvent d'une tunique blanche ou rosée et d'un manteau bleu.

Les images les plus anciennes représentent Marie debout, foulant le croissant de lune et les mains jointes en attitude de dévotion. C'est ainsi que, vers le milieu du XVIe siècle, le « Maître de Sobrado », aujourd'hui identifié avec le sculpteur Jacques de Paris[6], conçut l'effigie du retable de la chapelle de Fr. Bartolomé Yáñez, dans l'église de San Salvador de Pazos de Arenteiro (Boborás). La sculpture du « Maître de Sobrado » s'inscrit dans la lignée du travail de Juan de Juni, en ce qu'elle propose des figures à tendance monumentale, bien que soumises à un canon excessivement court. La Purísima de Pazos, reposant sur la tête d'un chérubin ailé, présente une attitude sereine, levant légèrement la tête et les yeux vers le ciel. Malgré cela, son style exprime fréquemment des épisodes chargés d'une intense émotion ; cet expressionnisme se rattache à la manière de travailler de l'atelier de Juni, ainsi qu'à d'autres affinités plastiques telles que le traitement des mains, des nus et le souci du détail dans la représentation des tendons, muscles, veines, etc.

Au fil du temps, la conception de ces images évolue, intégrant à leurs pieds d'autres éléments symboliques, tels que le globe terrestre ou un serpent qu'elle écrase, généralement la gueule ouverte tenant la pomme du péché originel. Dans les représentations picturales, elle peut être accompagnée d'un plus grand nombre d'attributs : la couronne d'étoiles, le soleil, la lune, une fontaine, un puits, l'étoile du matin, une échelle, etc.

simbólicos, tales como o globo terráqueo, ou unha serpe que pisa, xeralmente coa boca aberta sostendo a mazá do pecado orixinal. Nas representacións pictóricas, pode ir acompañada dun maior número de atributos; a coroa de estrelas, o sol, a lúa, unha fonte, un pozo, o luceiro da mañá, unha escaleira, etc.

Outro dos temas reiteradamente representados no Ribeiro nos templos adicados á Virxe, é o da **Asunción**. María ascende ós ceos enriba de nubes ou sobre a lúa, acompañada dun coro anxélico, frecuentemente portador de instrumentos musicais. Aparece coas mans en oración, ou ben cos brazos abertos, e viste coma no anterior caso túnica branca ou rosácea, e manto azul. En ocasións, este tipo de iconografía fúndese coa Coroación; así, o Espírito Santo, agarda na parte superior para colocar a coroa sobre a súa cabeza. Na pintura, non é infrecuente atopar o sepulcro aberto, cuberto de flores, especialmente rosas e lirios, e ás veces disponse ó redor o apostolado, como símbolo da realidade física da partida. Un bo exemplo é a efixie de San Salvador da Arnoia (Arnoia), onde se aprecia á Virxe apoiada sobre a media lúa e un querubín alado, sendo axudada por dúas parellas de anxos no seu camiño de ascensión. Porta túnica e manto, e dispón as mans dereitas en oración. Este tipo iconográfico, exposto no primeiro cuarto do século XVI no retablo maior da catedral de Ourense[7], será tomado como modelo reiteradamente, pervivindo *a posteriori* durante moito tempo, e deixando imaxinería de especial relevancia como a Asunción da igrexa de Santa María de Mugares (Toén), obra de Cornelio Guillermo de comezos do século XVII[8].

De maior sinxeleza, condicionadas polo material, ó ser talladas en pedra, son as imaxes da Asunción que se conservan no exterior de varias igrexas da comarca. A de Santa María de Salamonde (San Amaro), nunha fornela na fachada principal entre a porta de acceso e a fiestra da parte superior, representa á Virxe sobre nubes con cabezas de anxos. Loce cabeleira longa e ondulada, e un vestido cumprido anudado á cintura, os brazos abertos, sobre os que pousa o ampuloso manto, que aínda conserva testemuños da policromía orixinal.

O templo parroquial de Santa María de Macendo (Castrelo de Miño), foi contratado no último cuarto do século

7. VILA JATO, M. D.: *Escultura Manierista, Ourense, Caja de Ahorros de Orense, 1983, p. 79.*

8. BARRIOCANAL LÓPEZ, Y.: *La actividad escultórica en Ourense, del Renacimiento al Barroco,* CSIC, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, 2016, pp. 520-522.

Asunción. Santa María de Macendo. Castrelo de Miño
Assomption. Santa María de Macendo. Castrelo de Miño

Un autre thème fréquemment représenté dans les temples dédiés à la Vierge en O Ribeiro est celui de **l'Assomption**. Marie s'élève au ciel sur des nuées ou sur la lune, accompagnée d'un chœur angélique, souvent porteur d'instruments de musique. Elle apparaît les mains jointes en prière ou les bras ouverts, et est vêtue, comme dans le cas précédent, d'une tunique blanche ou rosée et d'un manteau bleu. Parfois, cette iconographie se confond avec celle du Couronnement : l'Esprit Saint attend alors dans la partie supérieure pour déposer la couronne sur sa tête. En peinture, il n'est pas rare de voir le tombeau ouvert, couvert de fleurs, notamment de roses et de lys, et parfois entouré des apôtres comme symbole de la réalité physique de la mort. Un bon exemple en est l'effigie de San Salvador da Arnoia (Arnoia), où l'on voit la Vierge appuyée sur le croissant de lune et un chérubin ailé, aidée par deux paires d'anges dans son ascension. Elle porte tunique et manteau, les mains jointes en prière. Ce type iconographique, présenté dans le premier quart du XVIe siècle sur le retable majeur de la cathédrale d'Ourense[7], sera repris à maintes reprises, se perpétuant longtemps

Asunción. Santa María de Castrelo de Miño. Castrelo de Miño
Assomption. Santa María de Castrelo de Miño. Castrelo de Miño

XVIII, ó canteiro pontevedrés Matías Gómez. Presenta corpo de pranta rectangular, presbiterio de maior altura, detrás do cal se alza a sancristía máis baixa. No lenzo oriental desta sancristía, ábrese unha fornela que acubilla a efixie de María *assumpta*, trátase dunha imaxe frontal, e de maior rixidez ca anterior. De pé, pisando nubes e tres cabezas de querubíns alados, porta un vestido longo amarrado á cintura, que só permite ver a punta dos pés. Coma no caso de Salamonde, os brazos abertos, serven para ter man do manto. Porta coroa real de pedra, apreciando abondosos vestixios de policromía tanto na fornela avieirada como nas roupas da imaxe.

Á igrexa de Santa María de Castrelo de Miño (Castrelo de Miño), accédese mediante unha portada barroca, rematada por un frontón curvo que se interrompe na parte central para a apertura dunha oquedade na que se refuxia a Asunción, nesta ocasión cun plantexamento ben diferente ós dous casos mencionados. Tratándose tamén dunha imaxe barroca, que asenta nunha masa compacta de nubes e cabezas de anxos, neste caso dispón as mans en oración.

par la suite et donnant lieu à des œuvres de grande importance comme l'Assomption de l'église de Santa María de Mugares (Toén), œuvre de Cornelio Guillermo du début du XVIIe siècle[8].

D'une plus grande simplicité, en raison du matériau puisqu'elles sont taillées dans la pierre, sont les images de l'Assomption conservées à l'extérieur de plusieurs églises de la comarque. Celle de Santa María de Salamonde (San Amaro), placée dans une niche de la façade principale entre la porte d'entrée et la fenêtre supérieure, représente la Vierge sur des nuées avec des têtes d'anges. Elle présente une longue chevelure ondulée et une robe longue nouée à la taille ; les bras ouverts soutiennent un ample manteau qui conserve encore des traces de sa polychromie d'origine.

L'église paroissiale de Santa María de Macendo (Castrelo de Miño) fut commandée dans le dernier quart du XVIIIe siècle au tailleur de pierre pontevedrés Matías Gómez. Elle présente un corps de plan rectangulaire, un presbytère plus élevé, derrière lequel s'élève la sacristie, de moindre hauteur. Sur le mur oriental de cette sacristie s'ouvre une niche abritant l'effigie de Marie Assumpta ; il s'agit d'une image frontale et plus rigide que la précédente. Debout, foulant des nuées et trois têtes de chérubins ailés, elle porte une longue robe serrée à la taille, qui ne laisse voir que la pointe des pieds. Comme à Salamonde, les bras ouverts servent à soutenir le manteau. Elle porte une couronne royale en pierre, et l'on observe d'abondants vestiges de polychromie tant dans la niche en coquille que dans les vêtements de la figure.

On accède à l'église de Santa María de Castrelo de Miño (Castrelo de Miño) par un portail baroque surmonté d'un fronton courbe interrompu en son centre pour ménager une ouverture où se loge l'Assomption, selon une conception bien différente des cas précédents. Il s'agit également d'une image baroque reposant sur une masse compacte de nuées et de têtes d'anges ; ici, la Vierge joint les mains en prière. Revêtue d'une robe longue aux plis marqués, elle couvre sa chevelure d'un long voile soutenu par deux anges en pied au niveau des jambes. Au-dessus de sa tête, deux autres anges en vol, disposés de profil mais au visage frontal, s'apprêtent à la couronner.

L'iconographie de **Notre-Dame du Rosaire**, patronne de l'Ordre des Prêcheurs (O.P.), est également abondante.

Ataviada con vestido longo de marcadas pregas, cubre a cabeleira cunha toca longa agarrada por dous anxos de corpo enteiro á altura das pernas. Sobre a cabeza, outros dous anxos voando, cos corpos dispostos de perfil e o rostro frontal, dispóñense á súa coroación.

Abondosa é tamén a iconografía da **Nosa Señora do Rosario**, patroa da Orde dos Predicadores (O.P.). A súa devoción remóntase a principios do século XIII cando se lle aparece a Santo Domingo de Guzmán, para facerlle entrega do rosario, instrumento para combater a herexía. As obras máis sinxelas representan á Virxe, xeralmente sobre un basamento de nubes e cabezas de anxos, sostendo cunha man o Neno, e coa outra o Rosario. Así é como deseña Castro Canseco a principios do século XVIII a magnífica imaxe do convento de Santo Domingo de Ribadavia (Ribadavia), que garda unha especial similitude coa que realiza pouco antes para o retablo do Rosario do convento de Santo Domingo na cidade de Ourense. Moitas veces, nos retablos que preside a Virxe do Rosario, aparece flanqueada polas imaxes de Santo Domingo e Santa Catalina de Siena, ás que se lle fai entrega dos rosarios; en Ribadavia, a Virxe entrégallo a Santo Domingo, mentres que o Neno alóngase cara Santa Catalina para facer o propio. Noutras ocasións, lábrase o grupo escultórico con todos os personaxes xuntos; tal e o caso da talla barroca conservada no templo de San Martiño de Cameixa (Boborás). Na parte central a Virxe coroada, que sostén na man dereita un rosario que lle entrega a Santa Catalina de Siena, e co brazo esquerdo, agarra ó Neno, que sostén na súa man dereita un orbe, e na esquerda outro rosario que nesta ocasión lle proporciona a Santo Domingo de Guzmán.

Ce travail a été poursuivi au fil des années par le musée, la numérisation en haute définition des plaques de verre donnant accès aux images sans avoir à les manipuler. Ces clichés sont accessibles à tous sur le portail internet du musée, qui poursuit sa mission de documentation des images. Les contributions des internautes sont bienvenues pour approfondir encore l'identification des lieux ou personnes représentées. Une partie du fonds Jacques de Thézac, constitué à son décès de 8000 plaques de verre, est également dispersée chez des particuliers ou des collectionneurs. Qu'il s'agisse de plaques de verre originales ou de tirages papier, leur connaissance permet également au musée de mieux documenter sa collection, au bénéfice de tous.

Matrimonio acomodado en Ploaré cara a 1890. FOTOGRAFÍA: JEAN-MARIE VILLARD. COLECCIÓN PARTICULAR
Mariage aisée à Ploaré vers 1890 ; PHOTO JEAN-MARIE VILLARD COLL. PART.

castellano

A INCANDESCENCIA BORDADA DOS TRAXES DE PLOARÉ

L'INCANDESCENCE BRODEE DES COSTUMES DE PLOARÉ

Jean-Pierre Gonidec

Museo departamental bretón. Responsable das coleccións textiles.
Conservador das coleccións

Musée départamental breton. Chargé des collections textiles.
Régisseur des collections

O museo do departamento bretón presenta regularmente as modas vestimentarias de Bretaña e do Finisterre. En 2026, o territorio agrícola arredor de Douarnenez ponse en valor. As incandescencias dos traxes de Ploaré descóbrense alí acompañadas de fotografías nas que os habitantes se presentan coas súas mellores galas.

Bretaña é célebre polos seus traxes tradicionais de formas e cores variadas. Doadamente recoñecibles, ocupan un lugar destacado para ilustrar a rexión, presentar os festivais de verán ou para promocionar produtos de consumo con resonancia local. O seu uso primario foi moi distinto: destinados a protexer os corpos humanos que os animan, os vestidos de Bretaña proxectaban a imaxe que desexaba ou debía mostrar quen os levaba. Este traxe, chamado ás veces a "tarxeta de identidade dos bretóns", ofrecía varios niveis de lectura, desde unha información xeral ata indicacións moi persoais. A posibilidade ou non de descifrar a información dependía dos coñecementos do «lector». Era posible afondar no coñecemento comparando os ínfimos detalles concibidos polos xastres e os bordadores. Estas últimas informacións, que só concernían aos membros do territorio, eran tamén as máis difíciles de ler. Todo iso establecíase e modificábase en función da evolución, dos individuos, das xeracións, dos acontecementos da vida e da estética. A cada moda, o seu gusto polo belo e polo axeitado. Polo tanto, dun territorio a outro, segundo a ornamentación vixente, pero

Le musée département breton présente régulièrement les modes vestimentaires de Bretagne et du Finistère. En 2026, le terroir agricole autour de Douarnenez est mis en valeur. Les incandescences des costumes de Ploaré s'y découvrent accompagnées de photographies où les habitants se présentent sous leurs plus beaux atours.

La Bretagne est célèbre pour ses costumes traditionnels aux formes et aux couleurs variées. Facilement reconnaissables, ils se trouvent en bonne place pour illustrer la région, présenter les festivals de l'été ou pour vanter des produits de consommation à consonance locale. Leur utilisation première fut tout autre : destinés à protéger les corps humains qui les animent, les vêtements de Bretagne projetaient l'image que souhaitait ou que devait montrer celle ou celui qui le revêtait. Ce costume, appelé parfois la "carte d'identité des bretons", offrait plusieurs niveaux de lecture, allant d'un renseignement général à des indications très personnelles. La possibilité ou non de décrypter les informations dépendait des connaissances du « lecteur ». Il était possible de pousser la connaissance en comparant les infimes détails conçus par les tailleurs et les brodeurs. Ces dernières informations ne concernant que les membres du terroir, elles étaient aussi les plus difficiles à lire. Tout cela se mettait en place et se modifiait en fonction de l'évolution, des individus, des générations, des événements de la vie et de l'esthétique. À chaque mode, son goût du beau et du convenable. Donc d'un terroir à l'autre,

tamén segundo a xeración, o desciframento da información era diferente. Esta multitude de informacións así reveladas tiña as súas vantaxes, pero tamén numerosos inconvenientes que a moda globalizada, máis anónima, borrará en parte.

No fondo da baía de Douarnenez, no departamento do Finisterre, os homes ocuparon desde hai moito tempo a costa, as colinas e o campo. Dúas comunidades formáronse, cada unha cun traxe próximo pero que marca a diferenza entre os agricultores e os mariñeiros pescadores. Se o final do século XIX e mediados do século XX coñecen importantes modificacións administrativas, as modas vestimentarias permanecerán fieis aos dous tipos de corporacións implicadas.

Situada sobre o seu outeiro, dominando o porto e a baía, a antiga comuna de Ploaré singularízase polos atavíos particulares da súa poboación ata mediados do século XX. Influídos polas modas veciñas e as épocas sucesivas, estes traxes forxaron unha identidade visual forte, a pesar da sobriedade dos tocados femininos. Trátase principalmente dunha poboación agrícola. Presente nas localidades circundantes, desde a comuna de Le Juc'h, ao leste, ata a de Beuzec-Cap-Sizun, ao oeste, este traxe particularízase en cada aldea, ofrecendo unha variedade inesperada para unha pequena poboación.

Pero a moda de Ploaré crea unha ponte entre os grandes territorios do suroeste do Finisterre. A moda de Ploaré, situada na encrucillada do país Glazik do que procede, do país Bigouden do que se inspira, e do Cap-Sizun onde se instala, intégrase na Cornualla marítima polo uso do seu tocado: a *penn-sardin*. Este tocado acompáñase dun elegante atavío campesiño; une o mundo dos campesiños e o dos mariñeiros, ilustrando a mestura de moitas familias. Esta fusión dá lugar a unha creación única, recoñecible especialmente polas cores incandescentes dos seus bordados. Máis que noutros lugares, os cortes e as estruturas ornamentais antigas perduran no tempo sen impedir as transformacións.

O TRAXE DAS MULLERES

Os habitantes do porto de Douarnenez son chamados os *penn-sardin* (cabeza de sardiña) desde o século XVIII, nome dado tamén ao tocado, levado nesta comuna así como nos antigos portos do sur de Cornualla:

selon l'ornementation en vigueur, mais également selon la génération, le déchiffrage des informations était différent. Cette foule de renseignements ainsi dévoilée avait ses avantages, mais aussi de nombreux inconvénients que la mode globalisée plus anonyme, gommera en partie.

Au fond de la baie de Douarnenez, dans le département du Finistère, les hommes ont depuis longtemps investis le rivage, les collines et les campagnes. Deux communautés se sont formées portant chacune un costume proche mais marquant la différence entre les agriculteurs et les marins pêcheurs. Si la fin du 19e et le milieu du 20e siècle voient des modifications administratives importantes, les modes vestimentaires resteront fidèles aux deux types de corporations concernées.

Posée sur sa colline, dominant le port et la baie, l'ancienne commune de Ploaré, se singularise par les habits particuliers de sa population jusqu'au milieu du 20e siècle. Influencés par les modes voisines et les époques successives, ces costumes ont forgé une identité visuelle forte, malgré la sagesse des coiffures féminines. Il s'agit principalement d'une population agricole. Présent dans les bourgs environnants, de la commune du Juc'h, à l'est à celle de Beuzec-Cap-sizun à l'ouest, ce costume se particularise dans chaque village, offrant une variété inattendue pour une petite population.

Mais la mode de Ploaré crée un pont entre les grands terroirs du sud-ouest finistérien. La mode de Ploaré située au carrefour du pays Glazik dont elle est issue, du pays Bigouden dont elle s'inspire, du Cap-Sizun où elle s'installe, s'intègre à la Cornouaille maritime par l'usage de sa coiffe : la penn-sardin. Cette coiffe s'accompagne d'une élégante tenue paysanne, elle unit le monde des paysans et celui des marins, illustrant la mixité de nombreuses familles. Cette fusion aboutit à une création unique, reconnaissable notamment aux couleurs incandescentes de ses broderies. Plus qu'ailleurs, les coupes et les structures ornementales anciennes perdurent dans le temps sans empêcher les transformations.

LE COSTUME DES FEMMES

Les habitants du port de Douarnenez sont appelés les penn-sardin (tête de sardine) depuis le 18e siècle, nom donné aussi à la coiffe, portée dans cette commune ainsi que dans les ports anciens du sud de la Cornouaille de

Traxe de voda bordado, moda de Ploaré cara a 1920. COLECCIÓN DO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN; FOTOGRAFÍA: PIERRE BERTHET
Costume de mariage brodé, mode de Ploaré vers 1920. COLL. MUSÉE DÉPARTEMENTAL BRETON ; PHOTO PIERRE BERTHET

Concarneau, a península de Crozon, Audierne, a illa Tudy ou Sainte-Marine. Pero é tamén o tocado das campesiñas de Ploaré, que acompañan o seu *penn-sardin* cun pequeno colo a xogo.

A comezos do século XX, o tocado *penn-sardin* é de tul ou de rede de algodón branco, cinguido por dous cordóns brancos que forman unha coroa. Dúas puntas elévanse e parecen flotar por enriba da caluga. Denomínanse os *chinkelloù*. Como adorno, dous fermosos alfinetes con cabeza nacarada colócanse a cada lado para manter os cordóns e os pregues. Debaixo, o cabelo recóllese ordenadamente en dúas ou tres cofias. O tocado é a peza que máis identifica a persoa que o leva. Por iso, é sensible ás evolucións. A comezos do século XX, os bordados son

Concarneau, de la presqu'île de Crozon, d'Audierne de l'île Tudy ou de Sainte Marine . Mais c'est donc aussi la coiffe des paysannes de Ploaré qui accompagnent leur penn-sardin d'un petit col assorti.

Au début du 20e siècle, la coiffe penn-sardin est en tulle ou en filet de coton blanc, ceint de deux lacets blanc formant une couronne. Deux pointes se relèvent et semblent flotter au dessus de la nuque. Elles sont dénommées les chinkelloù. . En guise d'ornement, deux belles épingles à tête nacrée sont fichées de chaque côté pour maintenir les lacets et les plis. En dessous, les cheveux sont sagement rangés dans deux ou trois bonnets. La coiffe est la pièce de vêtement qui identifie le plus la personne qui la porte. Aussi, est-elle sensible aux évolutions. Au début du 20e siècle, les

moi elaborados, presentando ás veces incrustacións de gasa. Este decorado afinarase nos períodos seguintes.

Mañchoù (corpete) bordado con motivos tradicionais de Ploaré, cara a 1910.
COLECCIÓN DO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN; FOTOGRAFÍA: PIERRE BERTHET
Mañchoù (corselet) brodé de motifs traditionnels de Ploaré vers 1910. COLL. MUSÉE DÉPARTEMENTAL BRETON ; PHOTO PIERRE BERTHET

No século XX, o traxe componse dun corpiño (*mañchoù*) que perdeu as súas mangas a finais do século anterior. Axustado á cintura, ábrese na parte superior sobre o peiteiro do chaleco con mangas (*jiletenn*). Cortadas en pano de la merina, estas pezas adórnanse cun decorado de veludo na parte inferior das mangas e sobre o peiteiro do chaleco, así como nos bordos do corpiño. Na parte traseira deste cósese un verdugado. Este pequeno almofadado de tea sostén a saia de pano de la merina negra. Este axuste lembra a época antiga na que a saia se cortaba nun impoñente pano de la completado por dúas pesadas enaguas do mesmo material que sobresaían da saia cun peso considerable. O pano e o veludo están tinguidos de negro, unha cor de moda que se volveu máis barata grazas aos progresos da industria. Substitúen aos pesados panos de la do século XIX, azuis máis ou menos escuros ou marróns, e vermellos para os ricos traxes de voda.

Para as grandes celebracións, as mulleres máis ricas levan bordados coloridos no canto do veludo negro, agás nas mangas onde o veludo se realza cun galón de contas de acibeche ou de encaixe dourado. Os bordados compóñense de estreitas filas que alternan principalmente dous motivos que presentan unha cadea e *chevróns* multicolores. As variantes son moi discretas, pero as filas aumentan e ensánchanse en cada xeración e acaban por cubrir case todo o busto. O ton incandescente contrasta entón cos traxes escuros das que non levan bordado. Na aldea de Le Juc'h, cara a 1910, o decorado está composto principalmente por encaixes metálicos de ouro e prata chamados galóns de España, porque orixinariamente se fabricaban na rexión de Valladolid. Este encaixe acompaña motivos de cartón, laranxas ou brancos decorados con contas e lantexoulas metálicas, chamados flores de Lyon. Contas de vidro ela-

broderies sont très élaborées, présentant parfois des incrustations de gaze. Ce décor s'affinera dans les périodes suivantes.

Au 20e siècle, le costume est composé d'un corselet (mañchoù) qui a perdu ses manches à la fin du siècle précédent. Ajustant la taille, il s'ouvre en partie haute sur le plastron du gilet à manches (jiletenn). Taillées dans un drap de laine de mérinos, ces pièces se parent d'un décor de velours au bas des manches et sur le plastron du gilet ainsi que sur les bords du corselet. À l'arrière de celui-ci est cousu un vertugadin. Ce petit boudin d'étoffe supporte la jupe en drap de mérinos noir. Cet ajustement rappelle l'époque ancienne où la jupe était taillée dans un imposant drap de laine complété par deux lourds jupons taillés dans les mêmes matériaux et dépassant de la jupe avec un poids important. Drap et velours sont teintés en noir, une couleur à la mode devenue moins chère grâce aux progrès de l'industrie. Ils remplacent les lourds draps de laine du 19e siècle, bleus plus ou moins sombres ou marrons, et rouges pour les riches tenues de mariées.

Pour les grandes célébrations, les femmes les plus riches portent des broderies colorées à la place du velours noir, sauf sur les manches où le velours est rehaussé d'un galon de perles de jais ou de dentelle dorée. Les broderies sont composées de rangées étroites alternant principalement deux motifs présentant une chaîne et des chevrons multicolores. Les variantes sont très discrètes mais les rangées augmentent et s'élargissent à chaque génération et finissent par couvrir presque tout le buste. La teinte incandescente tranche alors avec les costumes sombres de celles qui ne portent pas de broderie. Dans le village du Juc'h, vers 1910 le décor est principalement composé de dentelle métalliques or et argent appelés galons d'Espagne car originellement fabriqués dans la région de Valladolid. Cette dentelle accompagne des motifs cartonnés, oranges ou blancs décorés de perles et de sequins métalliques, appelés fleurs

Gran traxe de voda decorado con galóns de seda, galóns metálicos e bordados, moda de Ploaré cara a 1850-1860. COLECCIÓN DO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN; FOTOGRAFÍA: PIERRE BERTHET

Grand costume de mariage décoré de galons de soie , de galons métalliques et brodé, mode de Ploaré vers 1850-1860. COLL. MUSÉE DÉPARTEMENTAL BRETON ; PHOTO PIERRE BERTHET

boradas cobren o que queda de veludo visible nestes traxes suntuosos.

Nos anos 1920 e 1930 o traxe evoluciona e democratízase. A maioría das mozas cóbrense de veludo adornado cun decorado de abelorios asociado a galóns de chenilla de la multicolores, mesmo na saia. As mozas menos acomodadas poden permitirse polo menos cintas de veludo con contas colocadas sobre o seu atavío durante o día da voda, ou máis sinxelamente decorar o seu mandil de seda labrada. Despois da Segunda Guerra Mundial, as mozas que levaron pouco o traxe tradicional cásanse a maioría das veces con vestidos brancos urbanos. Pola contra, as súas nais seguirán levando o traxe ou simplemente o tocado coa moda urbana.

de Lyon. Des perles de verres élaborées couvrent ce qui reste de velours visible, sur ces costumes somptueux.

Dans les années 1920 et 1930 le costume évolue et se démocratise. La plupart des jeunes filles se couvrent de velours orné d'un décor de perlage associé à des galons de chenilles de laines multicolores, même sur la jupe. Les jeunes femmes les moins aisées, peuvent s'offrir au minimum des rubans de velours perlés posés sur leur leur tenue le temps de la journée du mariage, ou plus simplement décorer leur tablier en soie façonnée. Après la seconde guerre mondiale, les jeunes filles qui ont peu porté le costume traditionnel se marient le plus souvent avec les robes blanches citadines. Par contre leurs mères continueront à porter le costume ou simplement la coiffe avec la mode citadine.

O TRAXE DOS HOMES

A comezos do século XIX, para as grandes cerimonias, os homes acomodados podían levar ata tres chaquetas abertas sobre un chaleco de dous peiteiros. A primeira chaqueta ten mangas e é de pano de la branco; a segunda chaqueta é negra, sen mangas e con petos. Unha ampla chaqueta azul mariño cobre todo o conxunto. Os bordos dianteiros prolónganse na parte inferior en puntas chamadas *kornoù*. Un turbante de la vermella, ou para os máis acomodados un ancho cinto de coiro adornado cunha punta e unha gran trabilla dourada e calada, rodean o chaleco e as primeiras chaquetas. Bordados nas chaquetas e no chaleco iluminan os bordos. Un amplo bragou bras descende por debaixo dos xeonllos e un par de polainas adornadas cobren os zapatos de coiro abertos con fibelas metálicas cinceladas. Un gran sombreiro adornado con chenillas de seda de cores completa o atavío.

Ao longo do século XIX, o traxe bordado masculino simplifícase en dous modelos:

O primeiro componse de dúas chaquetas amplamente abertas sobre un chaleco de pano negro sen mangas con dúas filas de botóns prateados ou dourados. A chaqueta azul escura, cuxo dorso máis claro está adornado con pespuntes, colócase en último lugar, ten mangas e bordos adicionais ben visibles creando o efecto de dúas chaquetas. Debaixo atópase a chaqueta negra con petos. Este traxe desaparece a finais do século XIX. O segundo traxe, que se manterá ata os anos 1950, é aínda máis simple, pois componse da chaqueta negra colocada sobre un chaleco azul real con mangas. Aquí tamén un turbante de la vermella rodea o chaleco, ás veces substituído polo cinto de coiro con ornamentos metálicos ata mediados do século. O sombreiro que acompaña estes atavíos está adornado con tres cintas que caen pola parte posterior. Para as festas complétase con chenillas multicolores. A partir de 1870, o uso do pantalón ao estilo occidental desenvólvese. O último bragou bras desaparece na zona de Douarnenez a comezos dos anos 1940.

Nas cerimonias, o traxe das persoas máis acomodadas está decorado con numerosos bordados multicolores semellantes aos das mulleres. No chaleco azul real de dobre peiteiro chamado *jiletenn*, os bordados subliñan o escote e a parte inferior das mangas. Todo está ribeteado cun fino veludo negro. Unha fila de botóns de latón

LE COSTUME DES HOMMES

Au début du 19e siècle pour les grandes cérémonies, les hommes aisés peuvent porter jusqu'à trois vestes ouvertes sur un gilet au deux plastrons. La première vesteporte des manches et est en drap de laine blanc, la seconde veste est noire sans manche et possède des poches. Une ample veste bleu marine couvre le tout. Les bordures avant se prolongent en partie basse par des pointes appelées kornoù . Un turban de laine rouge, ou pour les plus aisés une large ceinture en cuir ornée d'une pointe et d'un grand passant doré et ajouré, entourent le gilet et les premières vestes. Des broderies des vestes et du gilet illuminent les bordures. Un large bragou bras descend sous les genoux et une paire de guêtres ornées vient recouvrir les chaussures en cuir ouvertes, portant des boucles métalliques ciselées. Un grand chapeau orné de chenilles de soie colorées complète la tenue.

Au cours du 19e siècle, le costume brodé des hommes se simplifie en deux modèles :

Le premier est composé de deux vestes largement ouvertes sur un gilet en drap noir sans manches présentant deux rangées de boutons argentés ou dorés. La veste bleue sombre dont le dos plus clair est garni de surpiqûres, se pose en dernier, porte des manches et des bordures supplémentaires bien visible créant l'effet de deux vestes. Située en dessous, se trouve la veste noire avec des poches. Ce costume disparaît à la fin du 19e siècle. Le second costume, qui se maintiendra jusqu'aux années 1950, est encore plus simple, puisqu'il est composé de la veste noire posée sur un gilet bleu-roi portant les manches. Ici aussi, un turban de laine rouge entoure le gilet, parfois remplacé par la ceinture en cuir aux ornements métalliques jusqu'au milieu du siècle. Le chapeau qui accompagne ces tenues est orné de trois rubans flottant à l'arrière. Pour les fêtes il se complète de chenilles multicolores. À partir de 1870, l'usage du pantalon à l'occidental se développe. Le tout dernier bragoù bras disparaît dans le secteur de Douarnenez au début des années 1940.

Lors des cérémonies, le costume des personnes les plus fortunées est décoré de nombreuses broderies multicolores semblables à celles des femmes. Sur le gilet bleu-roi à double plastron nommé jiletenn, les broderies soulignent l'encolure et les bas des manches. Le tout est gansé d'un fin velours noir. Un rang de boutons en laiton descend le

Gran traxe de voda bordado con motivos tradicionais de Ploaré, cara a 1870-1880.
COLECCIÓN PARTICULAR E DO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN; FOTOGRAFÍA: PIERRE BERTHET
Grand costume de mariage brodé de motifs traditionnels de Ploaré vers 1870-1880. COLL. PART. ET MUSÉE DÉPARTEMENTAL BRETON ; PHOTO PIERRE BERTHET

descende ao longo de cada peiteiro. O de abaixo recibe os ollais do peiteiro superior. Este chaleco axústase á cintura mediante o turbante de la vermella. A chaqueta sen mangas, chamada chupenn, é maioritariamente de cor negra e máis raramente azul. No centro das costas, na parte inferior, tres cortes de folgura en forma de cola de andoriña están rematados por tres fermosos bordados, dos que parten tres costuras ao longo da peza. A costura central chega ata o bordado da caluga mentres que as outras dúas bifúrcanse cara ao paso dos brazos. A cada lado do chupenn hai un peto cunha solapa bordada en forma de abrazadeira coroada por un rectángulo de bordado e leva tres botóns de latón xa decorativos. No lado dereito do chupenn atopamos, colocado ao bordo do bordado, unha fila vertical de botóns de latón plano superpostos. O decorado do lado esquerdo presenta, no mesmo lugar, falsos ollais bordados con chevróns multicolores. Cando cara a 1910 os botóns planos de latón son substituídos por botóns cincelados máis grosos realizados en pomponne, a fila de botóns é substituída por falsos ollais bordados. Se o estilo e os motivos evolucionan pouco, as filas aumentan e ensánchanse en cada xeración, incrementando a superficie bordada das pezas. Debaixo lévase unha camisa branca cuxo colo amidonado, chamado gornichen, é desmontable, suxeito á camisa mediante

long de chaque plastron. Celui du dessous reçoit les boutonnières du plastron placé au-dessus. Ce gilet est enserré à la taille par le turban de lainage rouge. La veste sans manche, nommée chupenn, est majoritairement de couleur noire et plus rarement bleue. Au milieu du dos, dans la partie basse, trois découpes d'aisance en forme de queues d'arondes sont arrêtées par trois belles broderies, d'où remontent trois coutures sur la hauteur du vêtement. La couture centrale rejoint la broderie de la nuque tandis que les deux autres bifurquent vers le passage des bras. Sur chaque côté du chupenn est placée une poche avec un rabat brodé en forme d'accolade surmonté d'un rectangle de broderie et porte trois boutons en laiton désormais décoratifs. Sur le côté droit du chupenn, nous retrouvons placé au bord de la broderie, un rang vertical de boutons en laiton plat qui se chevauche. Le décor du côté gauche, quant à lui, présente au même endroit les fausses boutonnières brodées de chevrons multicolores. Lorsque vers 1910, les boutons plats en laiton sont remplacés par des boutons ciselés plus épais réalisés en pomponne, la rangée des boutons est remplacée par des fausses boutonnières brodées. Si le style et les motifs évoluent peu, les rangées augmentent et s'élargissent à chaque génération, augmentant la surface brodée des habits. En dessous, se porte une chemise blanche dont le col empesé, appelé gornichen, est amovible, maintenu à

Chaleco do Cap Sizun segundo a moda do país bigouden, decorado con bordados da moda de Ploaré, cara a 1890. COLECCIÓN DO MUSEO DEPARTAMENTAL BRETÓN; FOTOGRAFÍA: PIERRE BERTHET
Gilet du cap Sizun à la Mode du pays bigouden, décoré de borderies de la mode de Ploaré. vers 1890. COLL. MUSÉE DÉPARTEMENTAL BRETON ; PHOTO PIERRE BERTHET

botóns. A parte superior do *jiletenn* cóbreo en parte. Os bordos dos peiteiros non seguen o mesmo redondeo do colo, senón que forman sempre un desfase. A ausencia de botóns no bordado obriga a pechar a parte superior dos peiteiros cun alfinete ou a deixala aberta.

O pantalón pode ser de cor azul escura, pero tamén a raias ou gris claro. Ás veces un galón negro adorna os lados exteriores. Pode ser branco no verán. En xeral axústase ás coxas e ensánchase na parte inferior.

O sombreiro evoluciona: leva unha soa cinta chamada seizenn, de dez centímetros de ancho, que pode alcanzar ata doce a finais dos anos 1920. Os extremos da cinta caen polas costas mentres que unha fibela, ás veces preciosa, a cingue á copa de feltro. Para a voda, o sombreiro pode cubrirse cun encaixe metálico dourado en galón de España ou con flores de Lyon. A cinta de veludo tamén pode estar adornada con contas en toda a súa lonxitude. En Le Juc'h, ás veces é a noiva quen lla ofrece ao seu esposo con motivos a xogo co seu propio traxe. Franxas de canutilo ou de contas rematan o decorado. En principio, o uso da cinta decorada resérvase para os traxes bordados. Porén, pode ser levada polos homes o día da súa voda con traxes máis sinxelos ou mesmo de loito.

la chemise par des boutons. Le haut du jiletenn le recouvre en partie. Les bords des plastrons ne suivent pas le même arrondi du cou, mais ils forment toujours un décalage. L'absence de bouton dans la broderie oblige à fermer le haut des plastrons avec une épingle, ou à le laisser ouvert.

Le pantalon peut être de couleur bleu sombre, mais également rayé ou gris clair. Parfois un galon noir orne les côtés extérieurs. Il peut être blanc l'été. En général il est ajusté sur les cuisses et évasé en partie basse.

Le chapeau évolue, il porte un seul ruban dénommé seizenn, large de dix centimètres, pouvant aller jusqu'à douze à la fin des années 1920. Les extrémités du ruban retombent dans le dos tandis qu'une boucle, parfois précieuse, l'enserre à la cuve en feutre. Pour le mariage le chapeau peut être recouvert par une dentelle métallique dorée en galon d'Espagne, ou de fleurs de Lyon . Le ruban de velours peut également être perlé sur toute sa longueur. Au Juc'h, c'est parfois la mariée qui l'offre a son époux avec des motifs assortis à son propre costume. Des franges en cannetille ou en perles terminent le décor. En principe, l'usage du ruban décoré est réservé pour les costumes brodés. Toutefois, il peut être porté par les hommes le jour de leur mariage avec des costumes plus simples ou même de deuil.

Os traxes ricamente bordados só se levan de maneira excepcional e unicamente por un pequeno número de privilexiados. Na vida cotiá, así como para a maioría dos noivos, o chaleco e a chaqueta son azuis como o turbante, e un galón de veludo negro forma o decorado. A anchura deste aumenta dunha xeración a outra e acaba, antes da guerra de 1914, por cubrir un terzo do busto, así como os antebrazos.

Para o período de loito, o conxunto do atavío é negro, incluído o turbante, que é longo e ancho. Porén, lévase cinguido e a miúdo pregado para afinado. A moda cambiou desde os bragou bras que descansaban sobre as cadeiras. No século XX a cintura é alta e o pantalón oculta a parte inferior do chaleco; o turbante colócase por enriba.

Evidentemente, no século XX como no XIX, homes e mulleres levan zapatos de coiro para as grandes cerimonias. A moda dos zapatos abertos adornados cunha fibela metálica e ás veces con pedraría deixa paso a botíns de moda. Se os zocos de madeira serven para o traballo, existen tamén zapatos coa parte superior de coiro e a sola de madeira para os domingos ordinarios.

Tanto se levan o traxe azul dos adultos como o vestido da primeira infancia chamado *ar zai*, os nenos e as nenas utilizan tamén zocos na vida cotiá, reservándose os *boutou laer* (zapatos de coiro) para os grandes días. Pero nos días de bo tempo, en canto poden, apúranse a ir descalzos, experimentando unha sensación de liberdade. Para as carreiras a pé organizadas durante as vodas, os mozos compiten en velocidade descalzos.

A diferenza de todas as demais modas *bretás*, os bordados de Ploaré mestúranse cos das súas veciñas. Así, atópanse ás veces no Cap-Sizun, asociados ao bordado *bigouden* sobre pezas do mesmo corte, e atópanse na comuna de Le Juc'h co bordado *glazik* da moda de Quimper, sobre pezas do mesmo corte. Mostran así a permeabilidade das culturas locais entre si.

A moda de Ploaré forxou unha identidade conservando motivos e técnicas antigas reinterpretadas en cada xeración, ata a desaparición do traxe tradicional en Bretaña. A rareza destas pezas fai dela unha moda admirada. A súa incandescencia bordada segue a ser procurada.

Les costumes richement brodés ne sont portés qu'exceptionnellement et seulement par un petit nombre de privilégiés. Dans le quotidien, ainsi que pour la majorité des mariés, le gilet et la veste sont bleus comme le turban, et un galon de velours noir forme le décor. La largeur de celui-ci augmente d'une génération à l'autre, et il finit avant la guerre de 1914 par recouvrir un tiers du buste, ainsi que les avant-bras.

Pour le temps de deuil, l'ensemble de la tenue est noir y compris le turban qui est long et large. Pourtant il est porté serré et souvent plissé pour s'affiner. La mode a changé depuis les bragoù bras qui reposaient sur les hanches. Au 20è siècle la taille est haute, et le pantalon masque le bas du gilet. le turban se place par dessus.

Bien évidemment au 20è siècle comme au 19è siècle, hommes et femmes portent des chaussures de cuir pour les grandes cérémonies. La mode des escarpins ouverts décorés d'une boucle en métal et parfois de strass laisse la place à des bottillons à la mode. Si les sabots de bois servent pour le travail, il existe des souliers avec le dessus en cuir et la semelle en bois pour les petits dimanches.

Qu'ils portent le costume bleu des adultes ou encore la robe de la petite enfance nommée ar zai, les garçons et les filles utilisent également les sabots au quotidien, les boutou laer (chaussures en cuir) étant réservés pour les grands jours. Mais aux beaux jours dès qu'ils le peuvent , ils s'empressent d'aller pieds nus,éprouvant un sentiment de liberté. Pour les courses à pied organisées pendant les noces, les jeunes gens rivalisent de vitesse pieds-nus.

À la différence de toutes les autres modes bretonnes, les broderies de Ploaré se mélangent avec leurs voisines. Ainsi, elles se retrouvent parfois dans le Cap-Sizun, associées à la broderie bigoudène sur des vêtements de même coupe et elle rencontre dans la commune du Juc'h, la broderie glazik de la mode de Quimper, sur des vêtements de même coupe. Elle montre ainsi la perméabilité des cultures locales entre-elles.

La mode de Ploaré s'est forgé une identité en conservant des motifs et des techniques anciennes revisitées à chaque génération, jusqu'à la disparition du costume traditionnel en Bretagne. La rareté de ces habits en fait une mode admirée. Son incandescence brodée est toujours recherchée.

Artistas na ponte de Pont-Aven.
Á esquerda, sostendo o seu cabalete, Arthur W. Dow; no centro, con sombreiro de canotier, Charles Laval e Paul Gauguin, con boina, suxeitándoo polo ombreiro; o quinto pola dereita, Adrian Stokes e, de pé, Ferdinand Loyen du Puigaudeau.
FOTOGRAFÍA ORIXINAL PROCEDENTE DO ÁLBUM DE PRENSA DE FERDINAND LOYEN DU PUIGAUDEAU, 1886
COLECCIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DO MUSÉE DE PONT-AVEN

Artistes sur le pont de Pont-Aven.
Vers la gauche, tenant son chevalet, Arthur W. Dow ; au centre, portant un canotier, Charles Laval et Paul Gauguin, avec un béret, le tenant par l'épaule ; le cinquième à droite, Adrian Stokes et debout, Ferdinand Loyen du Puigaudeau.
PHOTOGRAPHIE ORIGINALE PROVENANT DU LIVRE DE PRESSE DE FERDINAND LOYEN DU PUIGAUDEAU, 1886
COLLECTION DU CENTRE DE RESSOURCES DU MUSÉE DE PONT-AVEN

castellano

OS «AMERICANOS» EN PONT-AVEN

LES « AMERICAINS » A PONT-AVEN

Sophie Kervran

Conservadora xefa
Directora do Museo de Pont-Aven

Conservatrice en chef
Directrice du Musée de Pont-Aven

En 1863, a chegada do tren a Quimperlé cambia radicalmente a situación. Xa só se precisan dezaseis horas para realizar o traxecto de París a Bretaña! Pont-Aven, que daquela contaba con algúns milleiros de habitantes, convértese ao longo do século XIX na vila dos pintores: acolle artistas, especialmente estranxeiros, que acudiran a estudar a París en academias privadas de arte (Académie Julian, Académie Colarossi...), e que atopan refuxio durante o verán nesta vila acolledora en máis dun sentido. Resulta sempre fascinante imaxinar na costa do Finisterre unha comunidade artística cosmopolita na que, na década de 1880, se entrecruzan tradicións e linguas, onde os anglosaxóns (Estados Unidos, Gran Bretaña, Irlanda...) ocupan un lugar predominante ata o punto de que todos os artistas estranxeiros son alcumados polos habitantes de Pont-Aven, sen dúbida con certa ironía, «os Americanos». A chegada de Gauguin para a súa primeira estadía bretoa en 1886 cristaliza as paixóns. A disputa é intensa entre os «Académicos» e estes novos chegados, máis bohemios, aos que se lles chama os «Impresionistas». Ingleses e estadounidenses coinciden arredor da nova arte defendida por Gauguin. Julian Alden Weir escribe: «Fun ao outro lado do río o outro día para ver unha exposición de obras dunha nova escola que

1863, l'arrivée du train à Quimperlé change radicalement la donne. Il ne faut plus que seize heures pour accomplir le trajet qui mène de Paris à la Bretagne ! Pont-Aven qui compte alors quelques milliers d'habitants devient au cours du XIXe siècle la cité des peintres : elle accueille les artistes, notamment étrangers, venus étudier à Paris dans les écoles d'art privées (Académie Julian, Académie Colarossi…), qui trouvent refuge durant l'été dans ce village accueillant à plus d'un titre. Il est toujours fascinant d'imaginer sur la côte finistérienne une communauté artistique cosmopolite où se croisent, dans les années 1880, les traditions et les langues, où les Anglo-saxons (Etats-Unis, Grande-Bretagne, Irlande…) occupent une place prédominante au point que tous les artistes étrangers sont surnommés par les Pontavenistes, sans doute un peu ironiquement, « les Américains ». L'arrivée de Gauguin pour son premier séjour breton en 1886 cristallise les passions. La querelle est vive entre les « Académiques » et ces nouveaux arrivants, plus bohèmes, que l'on surnomme les « Impressionnistes ». Anglais et Américains s'accordent sur le nouvel art défendu par Gauguin. Julian Alden Weir écrit : « Je suis allé de l'autre côté de la rivière l'autre jour pour voir une exposition des œuvres d'une nouvelle école qui se fait appeler « impressionnistes ». Je n'ai jamais vu de

Thomas Hovenden
Dunmanway, 1840 –
Plymouth Meeting, 1895
Retrato de Julia Guillou
Óleo sobre lenzo, 1880
Alt.: 28,5 cm; ancho: 23,5 cm
ANTIGA COLECCIÓN DO HÔTEL JULIA,
ANEXO DE PORT-MANEC'H, NÉVEZ.
COLECCIÓN PARTICULAR, DEPOSITADA
NO MUSÉE DE PONT-AVEN.
INV. D 2017.1.1.

Thomas HOVENDEN
Dunmanway (Irlande),
1840 - Plymouth Meeting
(États-Unis), 1895
Portrait de Julia Guillou
Huile sur toile, 1880
H. 28,5 ; l. 23,5 cm
ANCIENNE COLLECTION HÔTEL JULIA,
ANNEXE DE PORT-MANEC'H, NÉVEZ
COLLECTION PARTICULIÈRE, DÉPÔT
AU MUSÉE DE PONT-AVEN
INV. D 2017.1.1

se fai chamar "impresionistas". Nunca na miña vida vin cousas tan horribles. [...] Non respectan nin o debuxo nin a forma, pero ofrecen unha impresión do que chaman a natureza. Era peor ca a Cámara dos horrores[1]».

Aínda que non todos os pintores anglófonos están representados nela, as coleccións do Museo de Pont-Aven permiten relatar os grandes trazos desta historia atípica.

En efecto, as paisaxes contrastadas de Pont-Aven (o Bois d'Amour, a capela de Trémalo, os caos graníticos, o porto, os muíños...) inspiran os artistas que, ademais, poden aloxarse na vila, a diferenza doutras rexións bretoas máis inhóspitas. Hospédanse no Hôtel des Voyageurs, rexentado por Julia Guillou a partir de 1873, así como no Hôtel

1. Dorothy Weir Young, *The Life and Letters of J. Alden Weir*, Nova York, Kennedy Graphics – Da Capo Press, 1971, p. 123, citado por Victoria Chiado Orblin, «Pont-Aven», *Impressionnisme.s* [en liña], publicado o 21 de xaneiro de 2025, consultado o 22 de outubro de 2025. URL: *Impressionnisme.s – Pont-Aven*.

ma vie des choses aussi horribles. […] Ils ne respectent ni le dessin ni la forme, mais vous donnent une impression de ce qu'ils appellent la nature. C'était pire que la Chambre des horreurs[1]. »

Bien que tous les peintres anglophones n'y soient pas représentés, les collections du Musée de Pont-Aven autorisent à raconter les grands traits de cette histoire atypique.

En effet, les paysages contrastés de Pont-Aven (le bois d'amour, la chapelle de Trémalo, les chaos granitiques, le port, les moulins…) inspirent les artistes qui, en outre, peuvent séjourner dans le village, contrairement à d'autres contrées bretonnes plus inhospitalières. Ils sont hébergés à l'hôtel des voyageurs dirigé par Julia Guillou à partir

1. Dorothy Weir Young, *The life and letters of J. Alden Weir*, New-York, Kennedt Graphics – Da Capto Press, 1971, p. 123, cité par Victoria Chiado Orblin, « Pont-Aven », *Impressionnisme.s* [en ligne], mis en ligne le 21 janvier 2025, consulté le 22 octobre 2025. URL: https://impressionnismes.fr/definition/pont-aven/

Mozo bretón e moza bretoa
Óleo sobre lenzo, 1892
Alt.: 100 cm; ancho: 73 cm
ADQUIRIDO COA PARTICIPACIÓN DO FONDO REXIONAL DE ADQUISICIÓN PARA OS MUSEOS (FRAM) – ESTADO/REXIÓN DA BRETAÑA, E CO APOIO DOS AMIGOS DO MUSEO DE PONT-AVEN.
INV. 2022.5.1.

Jeunes Breton et Bretonne
Huile sur toile, 1892
H. 100 ; l. 73 cm
ACHAT AVEC LA PARTICIPATION DU FONDS RÉGIONAL D'ACQUISITION POUR LES MUSÉES – FRAM – ÉTAT/RÉGION BRETAGNE ET LE SOUTIEN DES AMIS DU MUSÉE DE PONT-AVEN
INV. 2022.5.1

du Lion d'Or ou tamén na pensión Gloanec, dirixida por Marie-Jeanne Gloanec.

En 1868, a publicación de artigos sobre Pont-Aven por Earl Shinn no *Philadelphia Evening Bulletin*, así como a novela de Blanche Willis Howard, *Guenn, a Wave on the Breton Coast* en 1884, contribúen á difusión de Cornualles entre os pintores estadounidenses. A colonia artística medra, arredor especialmente do pintor Robert Wylie, falecido prematuramente en 1877, quen animara a Hovenden, Bridgman, Picknell e moitos outros a visitar Bretaña.

Os establecementos de bebidas multiplícanse, un comerciante de cores abre unha tenda en 1876, a información móstrase en lingua inglesa, celébrase a festa nacional do 4 de xullo, xógase ao béisbol, alúganse habitacións e obradoiros en casas particulares. Julia Guillou amplía a súa actividade creando un anexo ao seu hotel con comedor e obradoiros para artistas.

de 1873, également à l'hôtel du Lion d'or ou encore à la pension Gloanec tenue par Marie-Jeanne Gloanec.

En 1868, la parution d'articles sur Pont-Aven par Earl Shinn dans le *Philadelphia Evening Bulletin* ou encore le roman de Blanche Willis Howard, *Guenn, a Wave on the Breton Coast* en 1884, participent du rayonnement de la Cornouaille auprès des peintres américains. La colonie artistique s'agrandit, autour notamment du peintre Robert Wylie décédé prématurément en 1877, qui avait incité Hovenden, Bridgman, Picknell et bien d'autres à visiter la Bretagne.

Les débits de boissons se multiplient, un marchand de couleurs ouvre un magasin en 1876, les informations sont affichées en langue anglaise, on célèbre la fête nationale du 4 juillet, on joue au base-ball, on loue chambres et ateliers chez l'habitant. Julia Guillou accroît son activité en proposant dans une annexe, face à son hôtel, une salle à manger, un salon de lecture et des ateliers d'artistes.

Un cento de pintores residen de maneira puntual na vila bretoa na década de 1880.

A chegada de Gauguin (cinco estadías bretoas entre 1886 e 1894) non deixa de ter impacto nalgúns artistas, especialmente británicos, como Eric Forbes-Robertson (1865-1935), Roderic O'Conor (1860-1940), Guy Ferris Maynard (1856-1936) ou Robert Bevan (1865-1925). Estes súmanse á constelación de pintores que rodea a Gauguin e adoptan as súas ideas radicais e novidosas na pintura. O sintetismo nace en Pont-Aven en 1888 e promove unha pintura baseada na sensibilidade e na emoción do artista, o emprego de superficies planas de cores puras «dispostas nunha certa orde», a adopción das estampas xaponesas nunha composición vertical con abolición da perspectiva tradicional, e o uso do contorno escuro. Trátase de códigos plásticos e intelectuais que constitúen unha ruptura radical coa arte académica vixente naquela época entre os artistas estranxeiros.

O propio Gauguin escribe á súa esposa Mette doce días despois da súa chegada en 1886 a Pont-Aven: «Non hai case franceses, todos son estranxeiros. Un danés, dúas danesas, o irmán de Hagborg e moitos americanos. A miña pintura suscita moitas discusións e debo dicir que atopa unha acollida bastante favorable entre os americanos». Dúas visións diferentes que dan testemuño deste choque cultural, pero tamén da permeabilidade entre os grupos artísticos, que se inflúen, consciente ou inconscientemente, e forxan a historia dunha vila que se fixo célebre en todo o mundo.

Une centaine de peintres résident ponctuellement dans la cité bretonne dans les années 1880.

L'arrivée de Gauguin (cinq séjours bretons entre 1886 et 1894) n'est pas sans impact sur certains artistes, surtout britanniques, comme Eric Forbes-Robertson (1865-1935), Roderic O'Conor (1860-1940), Guy Ferris Maynard (1856-1936) ou encore Robert Bevan (1865-1925). Ces derniers se rallient à la constellation de peintres qui entoure Gauguin et adoptent ses idées radicales et novatrices en peinture. Le synthétisme naît à Pont-Aven en 1888 et promeut la peinture du ressenti et de l'émotion de l'artiste, l'emploi d'aplats de couleurs pures dans un « certain ordre assemblées », l'emprunt aux estampes japonaises d'une composition verticale avec abolition de la perspective traditionnelle, l'usage du cerne foncé. Ce sont autant de codes plastiques et intellectuels qui constituent une rupture radicale avec l'art académique en vigueur à cette époque parmi les artistes étrangers.

Gauguin lui-même écrit à sa femme Mette douze jours après son arrivée en 1886 à Pont-Aven : « Il n'y a presque pas de Français, tous étrangers. Un Danois, deux Danoises, le frère de Hagborg et beaucoup d'Américains. Ma peinture soulève beaucoup de discussions et je dois le dire trouve un accueil assez favorable chez les Américains ». Deux sons de cloche différents qui attestent ce choc de culture mais aussi cette perméabilité entre les groupes artistiques qui s'influencent, consciemment ou inconsciemment et forgent l'histoire d'un village devenu désormais célèbre dans le monde entier.



Burr H. Nicholls
Lockport, 1848 – Stamford, 1915
O latoeiro
Óleo sobre lenzo, cara a 1881-1882
Alt.: 123 cm; ancho: 113 cm
ANTIGA COLECCIÓN DO HÔTEL JULIA, PONT-AVEN.
ADQUIRIDO COA PARTICIPACIÓN DO FONDO REXIONAL DE ADQUISICIÓN PARA OS MUSEOS (FRAM) – ESTADO/REXIÓN DA BRETAÑA.
INV. 2016.5.1.

Burr H. NICHOLLS
Lockport (États-Unis), 1848 - Stamford (États-Unis), 1915
Le Rétameur
Huile sur toile, vers 1881-1882
H. 123 ; l. 113 cm
ANCIENNE COLLECTION HÔTEL JULIA, PONT-AVEN
ACHAT AVEC LA PARTICIPATION DU FONDS RÉGIONAL D'ACQUISITION POUR LES MUSÉES – FRAM – ÉTAT/RÉGION BRETAGNE
INV. 2016.5.1

Reproducción dun rexistro de 1715, copiado por P. Péron en 1979

Reproduction d'un registre de 1715, copiée par P. Perón en 1979

castellano

MORLAIX

Rose Faujour
Compostelle Bretagne. Comisión de Patrimonio e Historia
Compostelle Bretagne. Commission de Patrimoine et Histoire

1. Orixe e desenvolvemento marítimo

Morlaix, unha cidade nacida do mar. A influencia do mar, da vida marítima, no desenvolvemento da cidade. Morlaix é un porto no fondo dunha ría, a 24 km do mar. A cidade non existe nin se desenvolveu senón grazas a este porto, un dos máis importantes de Bretaña. Do século XV ao XVII permitiu o desenvolvemento da cidade e a súa riqueza grazas ao comercio e ao transporte moi importante das teas de liño que partían principalmente cara a Portugal e España, pasaban por Bilbao e chegaban a Cádiz. O liño vendíase en Morlaix despois de ter sido noutros lugares cultivado, transformado e logo tecido. Os barcos máis tarde transportaron tamén coiros, viño, area, sal, tabaco.

2. Patrimonio arquitectónico e comercial

As casas nos peiraos eran moi fermosas residencias de armadores-comerciantes. A casa Penanault (século XVI), coa súa torre cadrada de vixilancia e a súa ventá ao sur, permitía ter unha vista estratéxica sobre o tráfico cara ao centro da cidade, sobre os peiraos e sobre a chegada dos barcos. O comerciante máis coñecido era Nicolas de

1. Origine et développement maritime

Morlaix, une ville née de la mer. L'influence de la mer, de la vie maritime, dans le développement de la ville. Morlaix est un port au fond d'une ria, à 24 km de la mer. La ville n'existe et ne s'est développée que grâce à ce port, l'un des plus importants de Bretagne. Du 15è au 17è, il a permis le développement de la ville et sa richesse grâce au commerce et au transport très important des toiles de lin qui partaient principalement au Portugal et en Espagne, passaient par Bilbao, et arrivaient à Cádiz. Le lin était vendu à Morlaix après avoir été ailleurs cultivé, transformé puis tissé. Les bateaux plus tard ont aussi transporté des cuirs, du vin, du sable, du sel, du tabac.

2. Patrimoine architectural et commercial

Les maisons sur les quais étaient de très belles maisons d'armateurs-négociants. La maison Penanault (16è), avec sa tour carrée de guet et sa fenêtre au sud, permettait d'avoir une vue stratégique sur le trafic côté centre ville, sur les quais et sur l'arrivée des bateaux. Le marchand le plus connu était Nicolas de Coetanlem,

Coetanlem, alcumado o «Rei do mar». Realizaba moito comercio con España. Ademais das mercadorías, sobre todo teas de liño, transportaba tamén peregrinos que ían a Santiago de Compostela. Vestíaos con fermosas prendas de liño para facer publicidade das súas teas de grande calidade.

3. O porto contemporáneo

